

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DÍA 25 DE XANEIRO DO 2001.-----

SEÑORES ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Armando U. Blanco Martínez.

Concelleiros:

D. Antonio Castroagudín Valladares

D. Manuel R. Cajarville Campos

D. Urbano Ouro Calvelo

D. Manuel Mata Iglesias

D. Juan B. Aller Suárez

D. Mario Fandiño Pazos

D. Ramón Fernández Fernández

D. Manuel A. Filloy Villar

D. José Manuel Neira Picallo

D. F. Manuel Parajó Liñares

D. Manuel Tallón Mesías

D^a M^a Angélica Blanco Fernández

D. Miguel A. Hombre Eiras

D. Martiño Noriega Sánchez

D^a Ánxela Bugallo Rodríguez

D^a M^a Soedade Amieiro Rodríguez

Secretario:

D. Jesús Naveira Vázquez.

Na casa do concello de Teo, a vinte-cinco de xaneiro do dous mil un.-----

Sendo as vinte horas, e baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Armando U. Blanco Martínez, reuniuse en primeira convocatoria o pleno do concello, con asistencia dos dezasete membros que o compoñen e que se fixan na marxe, a fin de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.-----

Asiste o Secretario acetal. da Corporación, D. Jesús Naveira Vázquez.-----

Pola presidencia declárase sesión pública.-----

De seguido pásase a coñecemento e resolución dos asuntos incluídos na seguinte ----

ORDE DO DÍA:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTE-

RIOR. - O Sr. Presidente inquire se algún dos Sres. edís presentes desexa formular observacións ó borrador da acta da sesión que tivo lugar o día 29 de decembro pasado, que foi distribuído coa

convocatoria da actual.-----

O pleno do concello, por unanimidade dos dezasete membros asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda aproba-lo borrador tal como foi redactado, e que se registre no libro correspondente.-----

2.- MOCION DO BNG SOBRE O TERRORISMO .- O Sr. Noriega Sánchez dá lectura á “Moción do BNG sobre terrorismo”, que copiada literalmente di o que segue:”Nos últimos tempos, perante o recrudecemento da violencia terrorista, estase constatando con claridade que existe unha amplísima demanda social, tanto en Galicia como no Estado Español, a favor de que se abra un diálogo político entre tódolos partidos democráticos sen outra exclusión que a daquelas organizacións que se absteñen de condena-la violencia. Esta demanda social encontra reflexo na opinión do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego. O BNG considera que só desde o máis escrupuloso respecto ós dereitos humanos e, nomeadamente, o dereito á vida é posible e eticamente defendible calquera proxecto emancipador, calquera proxecto de organización da convivencia social. Tódolos movementos humanistas, pacifistas e fondamente democráticos partillan esta posición, a mesma que defenden a inmensa maioría dos cidadáns galegos que, nesta altura histórica, apostan pola vía do diálogo para resolver este gravísimo problema.=Por estas razóns, o Grupo Municipal do BNG, propónlle ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte=**ACORDO**= 1. Expresa-la súa firme condeza perante a

salvaxe escalada de atentados terroristas cometidos por ETA.=2. Manifesta-la súa solidariedade cos familiares e achegados das persoas vilmente asasinadas pola banda terrorista.=3. A mosala-compromiso irrenunciable coa defensa dos dereitos humanos e dos valores democráticos que deben sustenta-la convivencia de tódalas persoas nun Estado democrático e de dereito.=4. Facer un chamamento ás forzas políticas democráticas e a tódolos axentes sociais -todas aquelas organizacións que partillan a defensa dos dereitos humanos e combaten sen tregua o terrorismo- para que comparezan perante a sociedade desde a unidade de acción contra o terror e desde o pluralismo político amparado pola Constitución, sen ningún tipo de exclusión de ningunha formación que teña acreditado o seu firme rexeitamento de toda expresión de violencia.= 5.Impulsa-la mobilización cidadá nos actos de condena e repulsa perante os atentados.”.-----

A continuación, o Sr. Noriega dá lectura ós motivos para presentar esta moción, que copiados literalmente din o que segue:”**1 . 0 nacionalismo galego desde sempre é un movemento sociopolítico democrático, pacifista e humanista.** Pensamos que o respecto ós dereitos humanos, escomenzando polo dereito á vida, é o alicerce sobre o que se ten que fundamentar todo proxecto emancipador. Non é posible a construción dun país libre, o recoñecimento e o exercicio dos nosos dereitos colectivos como pobo, se non é desde o pleno recoñecimento e o respecto dos dereitos individuais das persoas. A Galicia á que servimos non é un ente abstracto, ten nas súas xentes o suxeito e o destinatario da nosa acción política. Por iso a nación que queremos construír politicamente é unha nación de cidadáns e cidadás. Só desde o consenso social, desde o apoio democrático ó noso proxecto político a súa verificación será posible.=2. O problema do terrorismo non é un problema endógeno da sociedade galega. En Galicia non existe terrorismo nen é un problema que se poida resolver desde instancias galegas. É a sociedade vasca, en primeira instancia, quen ten que arbitra-las medidas políticas e sociais que conduzan á solución do problema. Outra cousa é que, **como galegos o galegas teñamos que ser sensibles ás crueldades da violencia terrorista, prodúzase onde se produza,** e que sendo Galicia unha nación integrada no Estado español, os nacionalistas galegos asumamos a responsabilidade que nos corresponda para facer fronte a este problema de Estado.=3. Por iso, como nacionalistas, **somos os primeiros en condea-la brutalidade de ETA,** en esixirle que cese a súa carreira infernal e en demandar medidas decididas e eficaces para combater este fenómeno. **Mais como nacionalistas e demócratas que somos non podemos permitir o uso partidista do terrorismo para "demonizar" e deslaxitar outras opcións democráticas.**=4. O denominado "Acordo polas liberdades e o terrorismo" **subscrito polo PP o o PSOE foi elaborado e firmado unilateralmente por estas partidos, deixando á marxe ó resto dos partidos con representación parlamentaria nas Cortes do Estado.** Trátase dun acordo, que aínda que é apresentado como un "pacto de Estado", foi substanciado á marxe das instancias parlamentarias, depositarias da soberanía popular e expresión do pluralismo político e social existente no Estado español. Fixose, asimesmo, á marxe dos foros unitarios preexistentes para articular a resposta das forzas políticas democráticas contra o terrorismo, como a chamada "Mesa de Madrid" da que o BNG é integrante.=5. **O acordo parte do autorecoñecimento do PP e do PSOE como únicos actores da vida política española o da democracia parlamentaria,** considerándose estes partidos os únicos suxeitos políticos deste traballo común. Os demais partidos só son convocados, nun contrato de adhesión a compartir un texto cuns principios e unha visión política, da elaboración e seguimento do cal fican excluídos e relegados a un papel de simples acólitos. *"Trátase dun acordo que naceu coa vocación de ser un acordo bipartito e non multipartito, de incluír só ás forzas que poden gobernar"* manifestou publicamente o Sr. Arenas.=6. **0 BNG está por un acordo contra o terrorismo, respetoso co pluralismo democrático e a legalidade constitucional.** Para iso, son precisas a unidade e a participación de todos, deixando á marxe propostas partidistas de clara finalidade electoralista ou confusionistas. A única exclusión que cómpre é a daqueles que practican ou apoian a violencia.=7.- O BNG está por un acordo entre tódolos partidos democráticos para combater-lo terrorismo e non contra forzas políticas democráticas e contra o

Goberno de Euskadi. Non é de recibo que forzas políticas que non son actúantes en Euskádi fagamos de comparsas do PP cando é evidente que non se ten como obxectivo combater a ETA senón ó nacionalismo, como mesmo vén de recoñece-lo Sr. Mayor Oreja.=8.- Trátase de confundir á sociedade intentando que a posición do BNG apareza como supeditada á de forzas políticas alleas a Galicia. Mais, á marxe de posicións políticas partidistas, ¿é cabal pensar que é posible a unidade e a eficacia no combate ó terrorismo se non hai diálogo e colaboración entre os gobernos lexítimos de España e de Euskadi, se se exclúe do diálogo a forzas políticas que representan á metade das e dos cidadáns nas nacións periféricas do Estado?.=9.- É curioso que forzas políticas que ata ben pouco cogobernaban en Euskádi con partidos nacionalistas vascos (como o PSOE), que ata ben pouco tiñan subscrito pactos de legislatura no Estado con partidos nacionalistas vascos (como o PP), que ata ben pouco, e en virtude destes pactos, teñen votado no Parlamento español propostas que beneficiaban a Euskádi e perxudicaban a Galicia (cousa que non fixo o BNG nunca) acusen agora ó BNG de acólito só por considerar que é necesaria a interlocución cos partidos democráticos vascos para avanzar no combate do terrorismo.=10.-O BNG nunca traicionou a Galicia nin os seus ideais pacifistas e democráticos, nin os seus intereses como país. Son os que sempre a traicionaron, os que non teñen unha xestión presentable que ofrecer á sociedade galega á hora de render contas sobre as "mirages" do decenio Fraga ou as vantaxes do "gobierno amigo", os que necesitan ocultar os problemas da sociedade galega e desvirtuar e crispar o debate político para buscar a confusión e oculta-lo seu fracaso.= 11.- **O BNG está a traballar arreo en tódalas institucións políticas nas que ten presenza para logra-la unidade na loita contra o terrorismo** e está mantendo contactos con tódalas forzas políticas democráticas para acadar este fin. **A nosa primordial preocupación é conseguir un estado de opinión na sociedade galega de total rexeitamento da violencia terrorista e da defensa da democracia e da liberdade** sen pararnos en cuestións partidistas, mesmo a risco de padecermos ás veces erosión na nosa propia imaxe, incluída a derivada de incongruencias formais nalgunhas institucións.=12. Esperamos da responsabilidade do PP e do PSOE que non contribúan, coa súa prepotencia e partidismo excluínste, a facer menos democrático o funcionamento das institucións, a pechar vías de diálogo entre os partidos democráticos e moito menos a facer do terrorismo un arma para obter proveito político, electoral ou partidario. No acordo subscrito polo PP e PSOE afirmábase: "*manifestamos nuestra voluntad de eliminar del ámbito de la legítima confrontación política o electoral las políticas para acabar con el terrorismo*", "*de la violencia terrorista no se extraerá, en ningún caso, ventaja o rédito político alguno*". Xa vai sendo hora de que o cumpran."-----

O Sr. Alcalde di que xa se dixo todo, e que o PP e o PSOE firmaron un pacto nacional e que tamén había lugar para representantes da FEMP e incluso para o representante do BNG no Parlamento Europeo. Di que logo vai ler unha enmenda, por se se queren adherir.-----

O Sr. Noriega di que non van entablar debate, e que a moción que presentan é suficientemente asumible. Di que escribía fai uns días un cidadán vinculado con Euskadi un artigo no diario "El País", no cal facía un chamamento para buscar "espacios de convivencia" no problema de Euskadi. Decía que isto non era incompatible con defender lexítimamente a súa opción política. Manifesta que, o increíble disto é que a persoa que o solicitaba é un cidadán de Euskadi que fai pouco tempo sufriu un atentado terrorista, un tiro na boca, do que saiu miracrosamente ileso. Di que a xenerosidade dalgúns contrasta coa utilización partidista e electoral doutros do problema do terrorismo. Di que deben buscar aquilo que os une, o rexeitamento da violencia e o terrorismo, e non condearse por aquilo que lexítimamente os separa, as diversas opcións políticas e ideolóxicas dentro dun marco pacífico de convivencia. Di que en buscar aquilo que

os une, serán os primeiros en estar.-----

O Sr. Parajó di que o seu grupo tamén ten o acordo presentado polo PP e PSOE nacionais, pero di que teñen unha enmenda, e que a vai defender o Sr.

Tallón.-----

O Sr. Tallón dá lectura á enmenda, que copiada literalmente, di o que segue:” O concello de Teo ratifica o apoio da Comisión Executiva da FEMP ó acordo polas liberdades e contra o terrorismo suscrito inicialmente polo Partido Popular e o Partido Socialista Obreiro Español e suliña a importancia de favorece-lo diálogo e de alcanza-las condicións necesarias para a incorporación do resto das forzas políticas democráticas a dito acordo”.Di que lles gustaría que se una á do BNG, e manifesta que quere que quede claro que tódolos socialistas condenan o terrorismo.O Sr. Noriega di que se lles está pedindo que se adhiran ó pacto “PP-PSOE, que é o que vai defende-lo Sr. Alcalde a

continuación.-----

Sometida a votación, a moción acada tres votos a favor (do Sr. Noriega Sánchez e das Sras. Bugallo Rodríguez e Amieiro Rodríguez), catorce en contra(dos Sres. Blanco Martínez, Castroagudín Valladares, Cajaraville Campos, Ouro Calvelo, Mata Iglesias, Aller Suárez, Fandiño Pazos, Neira Picallo, Filloy Villar, Fernández Fernández, Parajó Liñares, Hombre Eiras, Tallón Mesías e da Sra. Blanco Fernández), polo que resulta rexeitada.-----

3.- MOCIÓN DO PSOE SOBRE TERRORISMO. - O Sr. Secretario informa de que a moción que iba presenta-lo grupo municipal socialista foi retirada.-----

4.- MOCIÓN DO PP SOBRE O TERRORISMO .- O Sr. Alcalde dá conta do acordo contra o terrorismo, firmado en Madrid por D. Javier Arenas Bocanegra , D. José Luis Rodríguez Zapatero e D. José M^a Aznar. A continuación dá conta da moción do grupo municipal do Partido Popular sobre o terrorismo, que copiada literalmente di o que segue:”Este concello, en conformidade co acordado pola FEMP determina da-lo seu apoio ó acordo polas liberdades e contra o terrorismo suscrito inicialmente polo Partido Popular e o Partido Socialista Obreiro Español, e suliña a importancia de favorece-lo diálogo e de acada-las condicións necesarias para a incorporación do resto das forzas políticas democráticas ó devandito acordo.”-----

O Sr. Noriega di que a argumentación é a mesma que para a moción que presentaron. di que non se van opoñer a esta moción, pero que tampouco a van suscribir, e que non entende por que se opuxeron á súa moción.-----

O Sr. Parajó di que está de acordo coa moción que se está presentando.-----

Sometida a votación, esta moción acada catorce votos a favor (dos Sres. Blanco Martínez, Castroagudín Valladares, Cajaraville Campos, Ouro Calvelo, Mata Iglesias, Aller Suárez, Fandiño Pazos, Neira Picallo, Filloy Villar, Fernández Fernández, Parajó Liñares, Hombre Eiras, Tallón Mesías e da Sra. Blanco Fernández), e tres abstencións (do Sr. Noriega Sánchez e das Sras. Bugallo Rodríguez e Amieiro Rodríguez), polo que resulta aprobada.-----

O Sr. Alcalde pregunta se hai algunha moción para presentar de urxencia , e o Sr. Noriega Sánchez di que eles teñen varias.-----

5.-MOCION DO BNG SOBRE A CANALIZACION DE GAS E TELECOMUNICACIONES NOS TILOS.- O Sr. Noriega dá lectura á moción do BNG sobre “A canalización de gas e telecomunicacións nos Tilos”, que copiada literalmente, di o que segue:”Con data de 14

de Xaneiro de 1994 a Consellería de Industria otorgou a Gas Galicia a concesión administrativa para a prestación do servizo público do. suministro de gas natural para usos domésticos, comerciais e industriais no Concello de Teo. Por resolución do 1 de Setembro de 1998, a Dirección Xeral de Industria aproba o proxecto de. autorización administrativa para a rede de distribución de gas no termo municipal de Teo (1.ª fase). Este proxecto contempla, entre outros lugares do Concello, o suministro dos Tilos na súa totalidade. = Gas Galicia solicita o 15 de Xaneiro do 2000, licencia de obra para realiza-la canalización de gas na parte alta da urbanización.= Incomprensiblemente, a Comisión de Goberno concédelle esa licencia o 24 de abril do 2000 sen asegura-la canalización do gas na totalidade da urbanización como sinalaba a concesión administrativa da Consellería de Industria.= Posteriormente, esta compañía aducindo criterios económicos, opta por non realiza-la canalización do resto da urbanización (a de vivendas uni familiares ante a "comprensión do grupo de goberno" que parece máis preocupado en defende-los intereses particulares que. os intereses dos vecinos.= Desde o B.N.G de Teo consideramos que é importante a canalización de gas na totalidade. da urbanización para evitar agravios comparati- vos entre a veciñanza dun mesmo lugar. Asimesmo e polos mesmos motivos tamén é importante que, ó igual que se fixo na zona recentemente canalizada, os veciños do resto da urbanización poidan desfrutar dos servizos de cable e canalización de liñas telefónicas (a licencia dos cales, para a parte alta da urbanización, foi concedida a R na Comisión de Goberno do 3 de Xullo do 2000).= Por estes motivos, o Grupo Municipal do B.N.G propón a adopción do seguinte acordo:= - Poñer desde o Concello esta situación en coñecemento da Consellería de Industria por si existira incumprimento da Empresa Gas Galicia na prestación deste servizo público na Urbanización dos Tilos. O prazo. para enviar este informe non excederá de 15 días despois da toma deste acordo.= - Paraliza-la actividade de Gas Galicia no Concello de Teo mentras esta Compañía non complete o servizo de canalización de gas no resto da urbanización.= - Inicia-las conversas coa compañía "R Cable y Telecomunicaciones Galicia S.A" para que unha vez solucionado o tema. do gas, canalice ó resto da urbanización o subministro de Telecomunica- cións. = - Manter informados desta xestión ós veciños dos Tilos mediante bandos ou comunica- cións por escrito cos colectivos veciñais máis significativos desta urbanización."-----

O Sr. Parajó di que esto se debateuno último pleno, cre que en profundidade, e manifesta que quere saber cales foron as xestións realizadas polo Sr. Alcalde. Este respóndelle que se fixeron xestións con Gas Galicia, que fixo o sondeo último. Di que se sigue en contacto coa empresa,para que rematen a canalización dabaixo, e que para el tódolos veciños son iguais. Di que Gas Galicia fixo un sondeo, e que están á espera da resposta. Manifesta que verían ben a moción se se cambiasen algunhas cousas.-----

O Sr. Parajó di que quere saber cales foron as xestións que se realizaron, para poder saber se votar a favor da urxencia ou non. O Sr. Alcalde dille que a Asociación de Veciños tamén está na negociación, e que se está a espera. O Sr. Parajó pregúntalle se se informou ós veciños, e o Sr. Alcalde di que se está á espera de noticias para informar. O Sr. Noriega dille que, entón, a situación é a mesma.-----

O pleno do concello, por unanimidade, acorda aproba-la urxencia, e incluír na orde do día esta moción.-----

O Sr. Noriega di que esta é unha moción que non faría falla presentar nun concello onde o grupo de goberno velara polos intereses dos veciños. Di que en Teo ocorre xustamente o contrario, e que ás veces dá a sensación de que as únicas razóns que admite e defende o grupo de goberno son as da iniciativa privada. Manifesta que o dano está feito neste caso, pola negligencia dun alcalde en certas negociacións, e que o único que nos queda é adoptar unha postura de forza. Di que o BNG é sensible ás demandas veciñais deste tipo, que as entenden e as

comparten, e que por eso presentan esta moción documentada, clara e sinxela.-----

O Sr. Alcalde dille ó Sr. Noriega que segue coa súa manía de sempre de criticar para cantante non tería prezo, e o Sr. Noriega, por alusións, di que o tema é serio, que se fala de canalización, e non de canción e que o Sr. Alcalde pode dici-lo que queira, por ser do PP, e eles, por ser do BNG, non. Dille ó Sr. Alcalde que tería que velar polos intereses dos veciños, que estivo presente nunha negociación con Gas Galicia, que tiña obriga de canalizar toda a urbanización, e que o Sr. alcalde non llo esixiu. Di que as licencias son un acto reglado e que non se pode negar unha licenza se está dentro da lei. Di que se o BNG acepta algúns cambios, poderían aceptala moción. O Sr. Noriega di que el non ten inconveniente en que presenten unha moción alternativa. Di que se non se adopta unha postura de forza, a parte dabaixo vai quedar sen canalización.-----

O Sr. Parajó di que hai que ter un orde, e que os señores do BNG están copiando o que dixo o Sr. Hombre no último pleno. O Sr. Hombre manifesta que todo o que presentaron na moción os membros do grupo municipal do BNG xa o presentara o PSdeG-PSOE no último pleno, e que incluso participara o Sr. Filloy. Di que levan moito tempo co tema, e pregunta que presións se pensan facer. O Sr. Alcalde di que haberá que face-las presións legais que se poida. O Sr. Hombre di que se quedou en facer un novo plantexamento e di que os veciños andan pendentes de que se lles faga. Di que houbo unha reunión con algúns veciños, e que houbo un pequeno acordo. Di que se quedou en que se iba presentar unha moción conxunta, e que a moción presentada non aporta nada novo, e di que lle parece un pouco oportunista. O Sr. Noriega pide a palabra por alusións e manifesta que como membros da corporación teñen a responsabilidade de traer iniciativas e que non quere pecar de oportunista. Di que recibiu unha carta de cen veciños solicitando que se fixera algo, e manifesta que non quere entrar en discusións de taberna co Sr. Parajó, que di que son cada vez máis o seu estilo. O Sr. Parajó pide a palabra por alusións e di que a carta lla botaron a todos no buzón. Di que el non fala na taberna como o Sr. Noriega na discoteca. O Sr. Filloy di que este é un tema serio, e que non deberían tirarse os trastos á cabeza. Di que ten documentación aquí, pero que non vale a pena mostrala. Manifesta que deberían unirse todos e leva-lo acordo plenario á Consellería de Industria, e obrigar a que se cumpla o acordo. Di que en novembro de 1.999 pediron a concesión para toda a urbanización, e que se os veciños quixesen poñer tanques de gas propano, non poderían porque hai unha concesión administrativa, e que eso é como un regalo. O Sr. Hombre di que hai que facer matizacións, que non se pode paraliza-la actividade, como xa dixo o Sr. Alcalde, aínda que teña que darlle a razón. Di que se debería deliberar con “R”, e cambia-los interlocutores porque estes non resolveron nada e di que ter informados ós veciños é o máis normal. Di que lle parece ben que se unan todos e se redacte un documento para a Consellería de Industria. O Sr. Filloy di que “R” está disposto a da-lo servizo, pero que espera a que “Gas Galicia” abra a canalización. O Sr. Alcalde di que coas rectificacións aceptan a moción, e o Sr. Noriega manifesta que non ten problema en que nun futuro se reúnan todos e se redacte un documento, pero que agora débese vota-la moción. O Sr. Hombre di que se está perdendo a oportunidade de estar todos unidos e di que apela a que se recapacite sobre a cuestión. O Sr. Filloy di por que non se fai unha moción e se recolle que se vai facer unha comisión, poñendo día e hora, e que o concello traia un avogado.-

Sometida a votación, a moción acada tres votos a favor (dos Sres. Noriega Sánchez, Bugallo Rodríguez e Amieiro Rodríguez), dez en contra (dos Sres. Blanco Martínez, Castroagudín Valladares, Cajaraville Campos, Ouro Calvelo, Mata Iglesias, Aller Suárez, Fandiño Pazos, Neira Picallo, Filloy Villar e Fernández Fernández), e catro abstencións (dos Sres. Parajó, Hombre, Tallón e da Sra. Blanco Fernández), polo que resulta rexeitada.-----

A Sra. Blanco Fernández pide explicación de voto e di que está a favor dos veciños, e que hai que face-la canalización, pero que como non se chega a un acordo, se vai abster.-----

6.-MOCION DO PP SOBRE A CANALIZACION DE GAS E TELECOMUNICACIONES NOS TILOS.- O pleno do concello, por unanimidade, acorda declarar de urxencia e incluír na orde do día a moción do PP sobre “A canalización de gas e telecomunicacións nos Tilos”, que copiada literalmente, di o que segue:”Con data de 14 de Xaneiro de 1994 a Consellería de Industria otorgou a Gas Galicia a concesión administrativa para a prestación do servizo público do. suministro de gas natural para usos domésticos, comerciais e industriais no Concello de Teo. Por resolución do 1 de Setembro de 1998, a Dirección Xeral de Industria aproba o proxecto de autorización administrativa para a rede de distribución de gas no termo municipal de Teo (1.ª fase). Este proxecto contempla, entre outros lugares do Concello, o suministro dos Tilos. = Gas Galicia solicita o 15 de Xaneiro do 2000, licencia de obra para realiza-la canalización de gas na parte alta da urbanización.= A Comisión de Goberno concede licencia o 24 de abril do 2000.= Desde o PP de Teo consideramos que é importante a canalización de gas na totalidade. da urbanización para evitar agravios comparativos entre a veciñanza dun mesmo lugar. Asimesmo e polos mesmos motivos tamén é importante que, ó igual que se fixo na zona recentemente canalizada, os veciños do resto da urbanización poidan desfrutar dos servizos de cable e canalización de liñas telefónicas (a licencia dos cales, para a parte alta da urbanización, foi concedida a R na Comisión de Goberno do 3 de Xullo do 2000).= Por estes motivos, o Grupo Municipal do PP propón a adopción do seguinte acordo:= 1.- Poñer desde o Concello esta situación en coñecemento da Consellería de Industria por si existira incumprimento da Empresa Gas Galicia na prestación deste servizo público na Urbanización dos Tilos. O prazo. para enviar este informe non excederá de 15 días despois da toma deste acordo.= 2.- Exerce-las presións legais ata onde sexa posible.= 3.-Inicia-las conversas coa compañía "R Cable y Telecomunicaciones Galicia S.A" para que unha vez solucionado o tema. do gas, canalice ó resto da urbanización o subministro de Telecomunicacións. = 4.-Manter informados desta xestión ós veciños dos Tilos mediante comunicacións por escrito ós colectivos veciñais máis significativos desta urbanización.”-----

O Sr. Filloy pregunta se a parte deste non sería posible reunirse. O Sr. Noriega di que eles non teñen problema. O Sr. Alcalde di que está o lado dos veciños, e que os Tilos non son dous, senón un só, e di que se a empresa o fai por fases, hai que aguantar. O Sr. Hombre pregunta por que non se fai o engadido dun escrito dos tres grupos representados no concello, e manifesta que o máis importante é a unidade. O Sr. Noriega di que o texto desta moción lle soa moito, e que se vai abster. Dille ó Sr. Alcalde que a próxima vez faga o traballo pola súa conta. O Sr. Alcalde respóndelle que sacou o que lle parecía mal. O Sr. Hombre di que o Sr. Alcalde non acepta que sexa un documento conxunto. O Sr. Noriega di que desde o BNG consideran a oferta ó diálogo.--

Sometida a votación, esta moción acada dez votos a favor (dos Sres. Blanco Martínez, Castroagudín Valladares, Cajaraville Campos, Ouro Calvelo, Mata Iglesias, Aller Suárez, Fandiño Pazos, Neira Picallo, Filloy Villar e Fernández Fernández), e sete abstencións (dos Sres. Noriega Sánchez, Parajó, Hombre, Tallón e das Sras. Bugallo Rodríguez, Amieiro Rodríguez e Blanco Fernández), polo que resulta aprobada.-----

- MOCIÓN DO BNG SOBRE O FUNCIONAMENTO DA POLICIA LOCAL DE TEO.-

O Sr. Noriega dá conta da moción do grupo municipal do BNG sobre “O funcionamento da policía local”, á que dá lectura. Manifesta que os argumentos desta moción están na próxima moción. Di que desde o BNG plantexaron traer un regulamento, pero que coidan que é importante crear unha comisión que intente presentar ó pleno un documento consensuado. Dille

ó Sr. Alcalde que a policía local non é o xoguete de ninguén, e di que pola súa importancia no presente e posiblemente no futuro, é importante marcar directrices e diseña-lo modelo de policía local que se quere. Di que non se demore máis esta necesidade.-----

Sometida a votación a urxencia desta moción, acádanse tres votos a favor (dos Sres. Noriega Sánchez, Bugallo Rodríguez e Amieiro Rodríguez), dez votos en contra (dos Sres. Blanco Martínez, Castroagudín Valladares, Cajaraville Campos, Ouro Calvelo, Mata Iglesias, Aller Suárez, Fandiño Pazos, Neira Picallo, Filloy Villar e Fernández Fernández), e catro abstencións (dos Sres. Parajó Liñares, Hombre Eiras, Tallón Rego e da Sra. Blanco Fernández), polo que non se acepta a urxencia e non se inclúe a moción na orde do día.-----

- MOCIÓN DO BNG SOBRE A COMPOSICIÓN DAS MESAS DE CONTRATACIÓN E COMISIÓNS XULGADORAS PARA CUBRIR POSTOS MUNICIPAIS NA PRESENTE LEXISLATURA.- O Sr. Noriega dá conta da moción do grupo municipal do BNG sobre “A composición das mesas de contratación e comisións xulgadoras para cubrir postos municipais na presente lexislatura”, á que dá lectura. Manifesta que aconteceu ultimamente, pero que non é a primeira vez que se boicotea a presenza do BNG nas mesas de contratación. Di que ó mellor é porque son conscientes de que no BNG non comparten o método dixital, e que presentan esta moción para asegurarse de que isto non volve a acontecer, presentan esta moción, onde solicitan a presenza dos grupos da oposición nas mesas de contratación. Di que saben que a transparencia non é o forte do grupo de goberno, e que esta é unha maneira de asegurala.-----

O Sr. Alcalde dille ó Sr. Noriega que sí vai ás mesas de contratación, e este respóndelle que está mal informado. O Sr. Secretario di que lles tocaba ir pero non foron. O Sr. Alcalde di que debeu ser un erro, e o Sr. Noriega di que sería un erro, pero que se dá a casualidade de que sexa en prazas conflictivas, como as de Servicios Sociais. O Sr. Alcalde dille que a el non lle parecen conflictivas. Di que sempre se busca unha persona cualificada, e que se quere a legalidade e a transparencia. Di que van seguir co mesmo criterio.-----

Sometida a votación a urxencia desta moción, acádanse tres votos a favor (dos Sres. Noriega Sánchez, Bugallo Rodríguez e Amieiro Rodríguez), seis votos en contra (dos Sres. Blanco Martínez, Castroagudín Valladares, Cajaraville Campos, Ouro Calvelo, Mata Iglesias, Aller Suárez), e oito abstencións (dos Sres. Parajó Liñares, Hombre Eiras, Tallón Rego, Fandiño Pazos, Neira Picallo, Filloy Villar e Fernández Fernández e da Sra. Blanco Fernández), polo que non se acepta a urxencia e non se inclúe a moción na orde do día.-----

7.-MOCIÓN DO BNG SOBRE A EXECUCIÓN DO ACORDO PLENARIO DO 26 DE MAIO DO 2000 POLO QUE SE ACORDOU A REALIZACIÓN DUNHA TRIPLE AUDITORÍA.-

A Sra. Bugallo Rodríguez dá lectura á moción do BNG sobre “A execución do acordo plenario do 26 de maio do 2.000 polo que se acordou a realización dunha triple auditoría”, que copiada literalmente, di o que segue:”Considerando:=Que na sesión plenaria celebrada o 26 de maio do 2000 se acordou por maioría que o Concello de Teo realizara:=a) Unha auditoría económica desde o ano 1996 (Enténdese que ata 1999)= b) Unha auditoría administrativa (Enténdese que para o mesmo período)=c) Unha auditoría urbanística (Enténdese que para o mesmo período)= Que desde a adopción dese acordo non semellan terse dado pasos conducentes á realización práctica deste mandato imperativo do Pleno := Que desde o grupo de goberno existe unha clara intención de vulnera-las decisións tomadas conforme á lei e regulamentos vixentes polos representantes dos veciños e veciñas de Teo.= O Grupo Municipal do BNG **PROPÓN** a adopción do seguinte acordo:= Que o Secretario do Concello convoque para a próxima semana (29 xaneiro- 2 febreiro) unha xunta da Comisión Especial de Contas que, no prazo de 15 días, debe elaborar o prego de condicións para a contratación do

triple servicio de auditoria aprobado no pleno do 26 de maio, referido ós anos 1996-1999.= As bases de contratación deben fixar un prazo máximo de realización de 6 meses para as auditorías reseñadas, que poderán ser contratadas por unha mesma empresa ou empresas distintas, pero sempre mediante contratos parciais. O custe máximo de realización das auditorías é de **9.000.000 ptas (3.000.000 ptas** por cada unha delas), que serán computadas orzamentariamente nos presupostos do ano 2001.= As bases de contratación fixarán, así mesmo, un prazo de 20 días para a presentación de ofertas, no que as empresas autorizadas e tecnicamente cualificadas deberán presentar no Rexistro do Concello unha proposta económica e de execución concreta dunha ou varias das auditorías acordadas.= Que unha vez aprobadas as bases de contratación, no prazo de tres días, o Secretario do Concello llas remita ó Colexio Oficial de Economistas e Auditores, co obxecto de que as difunda entre os seus asociados. Neste mesmo prazo, as bases de contratación serán publicadas nun xornal de ampla difusión de Galicia.= Que rematado o prazo de presentación de propostas, e dentro dos 10 días seguintes, a Comisión Especial de Contas, co asesoramento técnico que considere, seleccione segundo a mellor oferta económica (sempre que se ofrezan as garantías suficientes para a realización dun bo traballo) a empresa ou empresas encargadas, ás que tódolos membros da Corporación quedan comprometidos a facilitar o seu traballo.”-----

A Sra. Bugallo di que é innecesario explica-la urxencia, xa que se trata de poñer en marcha o acordo plenario do 26-05-00.-----

O Sr. Secretario di que se buscaron empresas que poideran face-las auditorías, e que se solicitou á Cámara de Comercio, que non contestou.-----

O Sr. Alcalde di que no ven a urxencia da moción, porque se están facendo os trámites. A Sra. Bugallo respóndelle que están cansados de que sempre se estén facendo ós trámites , e que nunca se acaben de facer. Di que por eso consideran a urxencia da moción.-----

Sometida a votación, o pleno do concello, por once votos a favor (dos Sres. Noriega Sánchez, Parajó Liñares, Hombre Erias, Tallón Mesías, Fandiño Pazos, Neira Picallo, Filloy Villar e Fernández Fernández, e das Sras. Bugallo Rodríguez, Amieiro Rodríguez e Blanco Fernández) e seis en contra(dos Sres. Blanco Martínez, Castroagudín Valladares, Cajaraville Campos, Ouro Calvelo, Mata Iglesias e Aller Suárez), acorda declarar de urxencia e incluír na orde do día esta moción.-----

A Sra. Blanco Fernández solicita explicación de voto e di que este tema é urxente, que senón o PSOE non o tería presentado no seu momento. Di que lle agradecen ó BNG o interés e que saben como facer efectivos os acordos plenarios, que se non se fai, eles saben como executalos, e non cunha moción. Di que consideran que é un tema que presentou o PSOE.-----

A Sra. Bugallo di que quedan claros os argumentos para a presentación desta moción, e que efectivamente fora un tema presentadono seu momento polo PSOE, pero que o acordo plenario fixo que todos o asumiran, e que dada a forma de dilata-lo levar adiante os acordos plenarios, chega o momento de marcar un prazo para que se faga. Di que se fala dunha auditoría que se remonta ó ano 1.996 e que estamos no 2.001, que non se necesita tanto tempo para facer estes trámites, e que quere que se concreten prazos e que non se dilaten as cousas.-----

A Sra. Blanco Fernández di que isto foi unha moción de urxencia, e que cre que debe se-lo PSOE o que leve esto adiante. Di que se están dando uns prazos que polo menos habería que debatir. Di que a moción do PSOE era xenérica e que cando considere que se deba executar, o farán, e manifesta que os Sres do BNG se queren apropiari do tema.-----

O Sr. Alcalde reitera que se están facendo os trámites e que non ve a urxencia.-----

A Sra. Bugallo di que non teñen problema en colle-la súa moción e poñerlle encima PSOE. Di que cren que é un tema importante , e que hai que levalo adiante, e non dilatalo máis, que xa pasou tempo abondo. A Sra. Blanco manifesta que hai máis acordos que non se cumpren, e a Sra. Bugallo dille que son os do BNG os únicos que sacan os acordos plenarios , e pregúntase por que. Pregunta por que hai que esperar a seis meses despois. A Sra. Blanco dille que non se preocupen, que eles saben como obrígalos. A Sra. Bugallo di que non llo conte, que llo demostre. O Sr. Parajó dille á Sr. Bugallo que lle gusta que os Sres. do BNG vaian aprendendo dos dos do PSOE.-----

Sometida a votación, esta moción acada dez votos en contra (dos Sres. Blanco Martínez, Castroagudín Valladares, Cajaraville Campos, Ouro Calvelo, Mata Iglesias, Aller Suárez e Parajo Liñares, Hombre Eiras, Tallón Mesías, e da Sra. Blanco Fernández), e sete a favor(dos Sres. Noriega Sánchez, Fandiño Pazos, Neira Picallo, Filloy Villar e Fernández Fernández, e das Sras. Bugallo Rodríguez e Amieiro Rodríguez), polo que resulta rexeitada.-----

8.- MOCIÓN SOBRE O PROCESO DE ACTUALIZACIÓN DO CATRASTO DE RÚSTICA QUE SE ESTA A DESENVOLVER NO CONCELLO DE TEO.-

O pleno do concello, por unanimidade, acorda declarar de urxencia, e incluír na orde do día a moción do BNG sobre “O proceso de actualización do catastro de rústica que se está a desenvolver no concello de Teo”, á que dá lectura a Sra. Bugallo Rodríguez, e que copiada literalmente di o que segue:”Considerando: =1. Que nestas últimas semanas tivo lugar, ou se está a desenvolver na actualidade, en varias parroquias do Concello de Teo o proceso de actualización de datos do Catastro de rústica.=2. Que este proceso de revisión de datos foi publicitado polo Concello, informando os veciños e veciñas da necesidade de acudir ós locais indicados.=3. Que o proceso está sendo un absoluto caos, entre outras polas seguintes consideracións:=- A relación de propiedades non se corresponde cos datos recollidos na anterior actualización, sen que teñan existido circunstancias que así o xustifiquen (Por exemplo, desaparecen fincas dos listados sen causa aparente).=- Que a sembradura da gran maioría das fincas non se corresponde nin coa realidade, nin cos datos da anterior actualización, nin co reseñado nos documentos de propiedade, producíndose en moitísimos casos alteracións superiores. o 50% (para máis ou para menos) que non teñen xustificación.= - Que para a maioría dos propietarios e, propietarias, moitos de avanzada idade, resulta. imposible localizar sobre os mapas as súas propiedades (se, no mellor dos casos, están realmente recollidas).=- Que o persoal da empresa é escaso e, a pesar da boa vontade que algúns poidan demostrar, non permite unha atención personalizada para. a resolución dos múltiples problemas que se xurden.= - Que no caso de que a sembradura non coincida (é dicir, na maioría das fincas consideradas), a alternativa que se ten dado ós veciños, nalgúns casos, é a de corrixir eses datos directamente no Catastro en Coruña e, noutros casos, ¡que se midan as fincas! (neste tempo e nun curto prazo).= 4. Que os veciños e veciñas deste Concello están manifestando un total desacordo co xeito en que se está a realiza-lo proceso polas graves deficiencias expostas, sen ter claro, ademais, cales son as consecuencias que pode acarrearlle unha mala actualización dos datos.= En consecuencia coas anteriores consideracións, o Grupo Municipal do BNG PROPÓN a adopción do seguinte acordo:= Que o Concello de Teo transmita á autoridade competente na materia e á empresa encargada., a necesidade reformular ou reabrir o proceso nas parroquias, garantizando:= Unha maior fiabilidade dos datos de partida= Unha atención personalizada e adecuada á realidade social dos veciños e veciñas= Uns medios adecuados que faciliten a consulta e a localización sobre os planos.= Unha clarificación dos pasos a seguir no caso de discrepancia. cos datos, promovendo que estes resulten rápidos e áxiles.= E que, en. todo caso, o Concello interveña para que o prazo de correccións que se vai abrir nas dependencias do propio Concello en

próximas semanas, sexa o suficientemente amplo para que permita a atención adecuada de tódolos propietarios.”-----

O Sr. Alcalde dille á Sra. Bugallo que é unha catastrofista terrible. Di que non teñen reclamacións, pero que sí saben que o están facendo mal. Manifesta que se é para ben dos veciños, lle parece ben esto, e moito máis.-----

O Sr. Parajó di que está de acordo con esto, sobre todo porque algúns deles o sufriron nas súas carnes.-----

O pleno do concello, por unanimidade, acorda aprobar esta moción.-----

9.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOBRE O PASO A NIVEL DE OSEBE.- O pleno do concello, por unanimidade, acorda declarar de urxencia e incluír na orde do día, a moción do PSdeG - PSOE sobre “O paso a nivel de Osebe”, á que da lectura o Sr. Hombre, e que copiada literalmente, di o que segue:”EXPOSICIÓN DE MOTIVOS = A pesar da clara actitude oscurantista que sistematicamente manifesta o grupo de goberno do PP, o grupo municipal socialista enterase que o concello de Teo deu a súa conformidade ó proxecto de desvío do paso a nivel de Osebe, presentado pola empresa INARSA ó redor do mes de setembro de 2.000. Asemade, no rexistro de entrada de documentos do concello, pódense ver diversos escritos de veciños reclamando do concello que se retome o vello proxecto presentado no ano 1.976.= Unha detida visión do plano da zona afectada deixa de manifesto que o antigo proxecto evitaba a zona urbana, o actual non só non a evita, senón que se bota máis enriba das casas existentes.= Polo antedito, o grupo municipal socialista presenta a seguinte moción para a súa aprobación polo pleno:= ACORDO DE RESOLUCIÓN= O pleno do concello de Teo en sesión ordinaria acorda solicitar do Ministerio de Fomento que non teña en conta o proxecto presentado pola empresa INARSA e retome o trazado de desvío do paso a nivel existente en Osebe, que foi presentado no ano 1.976, e que evitaba as casa existentes para pasar por fincas de labradío”.----- O Sr. Parajó di que é necesario suprimi-lo paso a nivel de osebe, e tamén o da Pedreira. Di que no da Pedreira houbo varios accidentes, e que no de osebe hai un retraso para os vehículos de 20 ou 25 minutos polo peche das barreiras. Di que con Renfe é difícil loitar. Manifesta que no ano 1.976 Renfe fixera un proxecto todo recto e só collía unha finca, e que agora hai outro proxecto, e se collen as fincas de cinco veciños, e lle cortan a metade das hortas. Manifesta que hai escritos dos veciños e que non sabe se está fóra de prazo, pero considera que se debe retoma-lo proxecto do ano 1.976 porque fai menos dano ca o do 2.000.-----

O Sr. Alcalde di que considera que non é urxente, pero que hai que facer unhas matizacións.-----

O Sr. Parajó di que el é daquela zona e que lle extrañou que ningún concelleiro lle chamara para pedi-la súa opinión.O Sr. Alcalde contéstalle ó Sr. Parajó que levou daquela o proxecto e a documentación, que llo deu o Sr. Secretario. Di que se chamou ó rexistro da propiedade e que se mandou unha carta ós veciños, que se sacou unbando, e se seguiron tódolos pasos. Di que o proxecto fíxose fai vintecatro anos, e que el non estaba no concello, e que non hai nada deso aquí.Manifesta que se fixo unha carta persoal a cada propietario, e que se lle fixo constar a todos. Di que se presentaron alegacións, e que cre que fóra de prazo, pero que se mandaron igualmente a Fomento. Di que non se lle pode decir a Fomento “que non teña en conta”, e que debera ser “ que se reconsidera”. Di que se despois de todo o que se fixo, o reconsideran xa está moi ben, e que van vir sobre o terreo para mirar unha posible subsanación.-----

O Sr. Hombre di que o tema do oscurantismo veu porque os dezasete concelleiros deben estar enterados dos trámites administrativos, e o Sr. Alcalde dille que tódolos propietarios están enterados, e pregúntalles se asumen os cambios, e respóndenlle que si.-----

O pleno do concello, por unanimidade, acorda aproba-la moción, unha vez introducidos os cambios propostos, e que copiada literalmente, queda redactada como segue:”EXPOSICIÓN DE MOTIVOS = O grupo municipal socialista enterase que o concello de Teo deu a súa conformidade ó proxecto de desvío do paso a nivel de Osebe, presentado pola empresa INARSA ó redor do mes de setembro de 2.000. Asemade, no rexistro de entrada de documentos do concello, pódense ver diversos escritos de veciños reclamando do concello que se retome o vello proxecto presentado no ano 1.976.= Unha detida visión do plano da zona afectada deixa de manifesto que o antigo proxecto evitaba a zona urbana, o actual non só non a evita, senón que se bota máis enriba das casas existentes.= Polo antedito, o grupo municipal socialista presenta a seguinte moción para a súa aprobación polo pleno:= ACORDO DE RESOLUCIÓN= O pleno do concello de Teo en sesión ordinaria acorda solicitar do Ministerio de Fomento que se reconsidera o proxecto presentado pola empresa INARSA e se teña en conta un proxecto, que foi presentado no ano 1.976, e que evitaba as casa existentes para pasar por fincas de labradío”.-----

10.- ROGOS E PREGUNTAS .- Toma en primeiro lugar a palabra o Sr. Noriega, e:

- 1) Manifesta que o grupo municipal do BNG quere solicitar, como membros da corporación, a lectura da sentenza da Póboa. O Sr. Alcalde dille que non hai notificación oficial ó concello, e que el non vai dar lectura á sentenza mentras non lla manden en forma.-----
- 2) Pregúntalle ó Sr. Alcalde se é consciente do que supón a xudicialización do urbanismo, e o Sr. Alcalde respóndelle que cre que si.-----
- 3) Pregúntalle se é consciente de que ignorar irregularidades urbanísticas no presente, e que animar a xente para que acuda á xustiza cando denuncia politicamente algo, no tema do urbanismo, supón que acaben pagando xustos por pecadores. O Sr. Alcalde respóndelle que non sabe, e que os Sres. do BNG tamén fixeron denuncias, e que el non anima a ninguén. O Sr. Noriega di que presentaron denuncias aquí, e que o que se lles dixo é que fosen ó xulgado.-----
- 4) Pregúntalle ó Sr. Alcalde se é consciente da súa responsabilidade nos problemas urbanísticos do concello, e este respóndelle que cree que si, que para eso está aquí.-----
- 5) Pregúntalle se sabe que estes problemas, que o Sr. Alcalde califica despectivamente de políticos, acaban afectando directamente a persoas , ben porque a súa calidade de vida diminúe terriblemente polo urbanismo que se oferta, ou ben porque as entencias xudiciais acaban poñendo en perigo un dos dereitos fundamentais , que é o dereito á vivenda. o Sr. Alcalde dille que non vai contestarlle mentras non teña a notificación da sentenza.-----
- 6) Pregúntalle como explicaría que unha sentenza que saiu a principios de novembro a coñezan pola prensa a finais de xaneiro. O Sr. Alcalde di que el non vai busca-las sentencias por Galicia adiante, mentras non llas mandan oficialmente.-----
- 7) Pregúntalle como explica que tódolos expedientes urbanísticos conflictivos desaparezan das dependencias municipais. O Sr. Alcalde respóndelle que o Sr. Secretario os mandou ó tribunal, e o Sr. Noriega dille que tén que haber unha copia, e que cada vez que se ven consultar, non están.-
- 8) Pregúntalle ó Sr. Alcalde que lle vai dicir ós veciños que mercaron unha vivenda pensando que todo estaba en regra, e o Sr. Alcalde dille que os veciños xa saben que está con eles, e que

cando lle notifiquen oficialmente a sentenza, falarán.-----

9) Pregúntalle como explican que o técnico informase positivamente sobre a concesión da licenza, e se non vai asumir responsabilidades ese técnico. O Sr. Alcalde respóndelle que o técnico informou favorablemente naquel momento, e que cada licenza independente, cumpría as normas. O Sr. Noriega di que entón o tribunal se equivocou, e o Sr. Alcalde respóndelle que acatan a sentenza e que son respetuosos coa xustiza.-----

10) Manifesta un rogo: di que non vai entrar a valora-la utilización que algúns fan da sentenza, porque o seu concepto do urbanismo xa llo demostraron cando había que tomar decisións políticas este último ano, pleno tras pleno. di que tampouco vai condicionar este rogo a unha solicitude de execución da sentenza. Manifesta que vai facelo, sinxelamente, porque coida que a situación é tódolos antecedentes son tan graves que necesitan unha resposta. Di que hai unha responsabilidade colectiva que tódolos implicados deben asumir , e que desde o BNG non confían na boa vontade do Sr. Alcalde, pero que sobre todo hai unha responsabilidade individual do Sr. Alcalde como máximo responsable do goberno. di que adopata unha postura infantil, e que se tivese un mínimo de vergoña, xa tería dimitido. Di que o BNG llo pide agora, por segunda vez.-----

11) Pregúntalle se coñece os topónimos do concello, e o Sr. Alcalde respóndelle que si. O Sr. Noriega pregúntalle que como é que un certame organizado polo concello apareza un mapa que é a risa de todos. O Sr. Alcalde di que foi un erro da imprenta, e que para aquí mandaron os programas empacuetados e que non se miraron. O Sr. Noriega di que na última ocasión se dixo que o concello só puxera o escudo, e preguntase cal vai se-la próxima revista na que apareza Teo.

12) Pregunta se se remitiron ás asociacións os regulamentos de subvencións e de participación veciñal, e o Sr. Secretario respóndelle que non, que aínda non se publicara o punto 6.2.1., e que saíu esta semana. Di que se lle mandará a todos. O Sr. Noriega pregunta cando se vai face-la convocatoria, e o Sr. Secretario dille que a ten que facer o pleno. o Sr. Noriega di que tiña que estar feita o ano pasado. Respóndenlle que se lles dixo a tódalas asociacións que saíría no boletín, e que se lles notificaría.-----

13) Pregúntalle ó Sr. Alcalde se na reunión co Sr. Presidente da Xunta lle trasmitiu as necesidades do concello. O Sr. alcalde respóndelle que non ten datos aquí, e que se quere llo enséñala por escrito, pero que, por exemplo, falaaron da depuradora desde os Verxeles a Pontevea, que xa está o proxecto feito e a finca comprada, e que pediron que se axilizasen os trámites, da traida de auga, das vivendas oficiais, do parque empresarial, que xa lle chamou “Xestur” para vir mirar, e dos catro carrís de Cacheiras. O Sr. Noriega dille se os pensa facer tirando os edificios, que non lle dan as contas, e que pensan que esa reunión foi un tirón de orellas. O Sr. Alcalde dille que a próxima vez o avisa a el.-----

Toma de seguido a palabra a Sra. Bugallo Rodríguez, e:-----

1) Manifesta que na Comisión de Goberno do 10 de novembro de 2.000, se pagaron 10.1360.000 pesetas por una “certificación de obra de aforro enerxético en varios lugares (anualidade 2.000), e quere preguntar en que consiste. O Sr. Alcalde respóndelle que é unha orde da consellería, unha subvención plurianual, e dille ó Sr. Secretario que o corrixa se se equivoca, que non quere mentir, que a consellería dá o 50% sobre vinte ou vinte e tantos millóns para arreglar bombillas de moitos anos, arreglar temas de caudal de luz a unha hora determinada, poñer novos alumbrados, que di que se van metendo, onde poden, con ese plan de

aforro enerxético, e que o concello tén que pagar o 50%, que se lle houbera pedido datos, llos houbera traído. A Sra. Bugallo pregunta cantos millóns hai que pagar e o Sr. Alcalde dille que se deron vinte millóns, serán dez, e o Sr. Secretario dille que non chega a eso. O Sr. Alcalde dille que se lle houbera pedido datos, llos houbera traído.-----

2) Manifesta que desde o BNG fixeron fai un tempo a petición de que se contratara para o concello un arquitecto superior, e están asombrados dos pagos realizados a D. Gilberto Rodríguez Rodríguez no ano 1.999. Di que en cinco meses, se lle pagaron trinta e oito millóns setecentas dezaoto mil pesetas. O Sr. Alcalde di que eso foi por certificacións de obra, e pagáronse ás empresas. a Sra. Bugallo di que si, e pregunta por que tódalas certificacións se fan a través de d. Gilberto Rodríguez. O Sr. Alcalde respóndelle que porque foi o que fixo os proxectos dos plans. A Sra. Bugallo pregunta se foi este señor o que fixo tódolos proxectos dos plans, e o Sr. Alcalde respóndelle que non sabe se todos. A Sra. Bugallo manifesta que é asombroso, xa que no ano 2.000, este señor ten certificacións de obra por valor de cincuenta millóns de pesetas. O Sr. Alcalde dille que ese é o valor que se lles paga polas obras ós constructores, e dille á Sra. Bugallo que non trate de confundir ó público. Esta manifesta que coñecen ó Sr. Rodríguez do “caso Mapoca”, e que é asombroso o nivel de movemento que tén neste concello. O Sr. Alcalde di que non andan cambiando de técnicos e arquitectos tódolos días, que tamén o fan así noutros concellos. A Sra. Bugallo dille que está mal informado, e o Sr. Alcalde di que non anda por outros concellos preguntando quen lles fai os proxectos. A Sra. Bugallo di que resulta chamativo que sexa sempre o mesmo nome en proxectos diferentes, e que lle dá a impresión de que o grupo de goberno pensa que este señor está contratado polo concello, o Sr. Alcalde dille que non é así, e a Sra. Bugallo respóndelle que sairía máis barato contratalo para o concello. Di que un señor que aparece implicado nun pelotazo, e que teña tódalas certificacións de obra en dous anos, que o Sr. Alcalde debería ter máis coidado, que xa dixeran que trataran de enganalo. O Sr. Alcalde di que el nunca dixo eso, que estes señores presentaran a oferta dunha finca, como tamén fixeron en moitas ocasións cantidade de veciños nosos, e que era para facer vivendas sociais. Di que uns días antes de que saise o tema, estes señores dixeran que non vendían a finca ó concello, e que eso foi o que dixo e o que mantén. A Sra. Bugallo di que este tema si se falou no pleno, que pode revisa-las actas, e dille ó Sr. Alcalde que se quere llo recorda, que estes señores compraron unha finca por dez millóns e pedían trinta e sete por ela, e que un dos donos era o Sr. Rodríguez. O Sr. Alcalde di que ese tema se retirou.-----

Toma agora a palabra a Sra. Amieiro Rodríguez, e.-----

1) Manifesta que no pleno do 30 de novembro de 2.000 se aprobou unha moción do BNG sobre mantemento do pavillón dos Tilos, e que algúns dos acordos eran o de contratar unha empresa de limpeza especializada para que no prazo dunha semana procedera á limpeza a fondo de toda a instalación, e que o grupo de goberno levara ó pleno ordinario do próximo mes, ou ó extraordinario se o houbera antes, unha proposta de bases de contratación laboral dun ou dunha conserxe, que con adicación permanente se encargase da limpeza diaria e do seu mantemento nas debidas condicións hixiénicas e de uso deportivo, e que no prazo de quince días se acomodara a caldeira do quentador de auga para que funcionase con bombonas de gas embasado, e que se poidera asegura-lo servizo de combustible mentras non chegase Gas Galicia. Pregunta se se cumpriron estes acordos. O Sr. Secretario di que non había dotación presupostaria, e o Sr. Alcalde manifesta que agora tan pronto como se leve adiante o presuposto deste ano, haberá que meter unha partida presupostaria para isto, tal e como se quedou naquel momento. A Sra. Amieiro di que se entraron vinteseis millóns da Deputación, e se está procedendo ó pintado da pista, como pode dicir que non hai cartos. O Sr. Alcalde dille que non é que non haxa cartos, que o que non hai é unha partida para isto. O Sr. noriega pregunta se para pintalo hai cartos, e o Sr. Alcalde di que para eso si, porque era unha necesidade dos que iban alí, e que a limpeza a realiza xente do concello. a Sra. Amieiro di que

esa limpeza non é abondo, que aínda se lle queixou fai quince días a presidenta da APA. O Sr. Alcalde di que xa faláron coa xente da APA, e a Sra. Amieiro di que o que se lles dixo é que non había presuposto. O Sr. Alcalde di que se fixo unha limpeza a fondo cando se inaugurou o polideportivo, e que o problema era da pintura, como pasou en Calo, e que se adxudicou a unha empresa o pintado para que non houbera máis problemas. di que se compraron tres máquinas, unha para cada pavillón, que esa partida se poñerá no presuposto, e que a limpeza a farán empregados municipais. a Sra. Amieiro di que é prioritaria a limpeza do pavillón, que hai que cumpri-los acordos , e que se hai cartos para outras cousas, tamén para pagar unha empresa de limpeza nun momento determinado.-----

2) Pregúntalle ó Sr. Alcalde se fixo xestións para facer un ximnasio no collexio dos Tilos. O Sr. Alcalde dille que foi á Coruña co director a ver ó Delegado provincial, e que querían aumentalo ou facer un novo. Di que estaban á espera de se vale a pena compra-los terreos para ampliar ou facer un novo. A Sra. Amieiro manifesta que eso xa llo dixo fai moito tempo.-----

3) Manifesta que na entrada principal dos Tilos hai unha reixa de alcantarillado que saltou. O Sr. Alcalde di que o Sr. Martínez ten orde de poñer unha nova de fundición, con tapa que non meta ruido, e que estarán esperando a que mellore o tempo para colocala.-----

Toma a continuación a palabra o Sr. Hombre , e :-----

1) Pregunta se xa están definidos os danos do temporal. O Sr Alcalde respóndelle que se mantou a Presidencia, ó Delegaado Provincial e ó Delegado do Goberno a valoración dos danos, que estaba nuns douscentos oitenta millóns de pesetas, e di que estaba sen estimar o último temporal. O Sr. Secretario di que esto se está facendo. O Sr. Hombre pregunta como se van repara-los danos, e o Sr. Alcalde respóndelle que as cousas máis urxentes se farán con cargo ó presuposto municipal, pero que non se pode facer outra cousa que botar unha pouca zahorra, e que se están encargando dúas empresas. Di que a Xunta destinou catro mil cincocentos millóns para danos.---

2) Manifesta que no pleno do 29 de setembro se aprobou unha moción do grupo socialista para graba-los plenos, e que non cre que a compra dunha grabadora sexa unha inversión millonaria, como a dos famosos sillóns, que xa oeu algún comentario, e que incluso o dixo o Sr. Alcalde nun pleno, sobre face-las actas máis resumidas. O Sr. Alcalde di que en ningún lugar se fan as actas tan extensas.-----

3) Pregunta se se executaron tódalas obras do Plan 2.000, POS e FCL, e cales van a cargo do concello. O Sr. Alcalde contéstalle que non tén datos aquí, e o Sr. Hombre pide que conste en acta que quere que se lle conteste, ben por escrito, ou no seguinte pleno.-----

4) Pregunta por que non se leva a concurso a praza de Secretario, e se se realizaron algunhas xestións de protesta polo feito de que non saise publicada na última convocatoria. O Sr. Alcalde di que lle chamaron da Consellería de Xustiza, decíndolle que van mandar un secretario, e que virá posiblemente en marzo, aínda que pasará antes por aquí para mira-los papeis.-----

5) Pregúntalle ó Sr. Alcalde quen manda no concello de Teo, se acaso é o Sr. Fraga. O Sr. Alcalde dille que en principio é el. O Sr. Hombre dille que se reúne co Sr. Fraga e ós tres días lles di que van ter secretario novo. Pregúntalle ó Sr. Alcalde se se lle olvidou comentar que xa tiña un, nomeado por el. O Sr. Alcalde respóndelle que efectivamente se lle olvidou mencionalo.-

6) Manifesta que o día 18 de xaneiro de 2.001 se recibiu no concello un escrito da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais concedendo sete millóns para a realización de obras neste concello. Pregunta se sería moito pedir que se habilitasen con parte destes cartos uns

locais para os grupos políticos que traballan no concello. O Sr. Alcalde respóndelle que están con eso. Di que primeiro haberá que buscar lugar para acomodar ó persoal que vai contemplado no novo presuposto, como auxiliares administrativos, un arquitecto, outro aparelador, e que haberá que terminalos, que a estrutura xa está feita e falta terminalos, que non van a ir para alí así.-----

7) Manifestalle ó Sr. Alcalde que é importante que se cada vez que vaia a declarar trae sete millóns de pesetas para o concello, vaia declarar cantas veces queira, e o Sr. Alcalde di se se lle chama ir a declarar unha entrevista co Presidente . O Sr. Hombre dille que se refire ó Sr. Valenzuela, que foi o que deu eses millóns, e que curiosamente o escrito tén rexistro de saída do mesmo día que o Sr. Alcalde foi declarar.-----

8) Pregúntalle ó Sr. Alcalde cando vai facilitarlle ós concelleiros dos distintos grupos a memoria de actividades de servicios sociais do ano 2.000, que lle consta que está no seu poder. O Sr. alcalde dille que non tivo tempo de mirala ben, e que a tén enriba da mesa. O Sr. Hombre dille que eles tamén queren mirala, para que non haxa oscurantismo.-----

9) Pregúntalle cando dará a coñece-lo resultado das fichas de avaliación anuais , a memoria financeira destes temas, a execución do gasto dos proxectos financeiros a través do plan concertado do ano 2.000, que me consta que está no seu poder. O Sr. Alcalde dille que tamén o tén enriba da mesa, que non tivo tempo de o mirar, e que non oculta nada. O Sr. Hombre dille se lles pode facilitar unha copia, e o Sr. Alcalde di que el ten o que lle pasan de servicios sociais, e que el ahí non ten que quitarlle nin poñerlle.-----

10) Pregúntalle ó Sr. Alcalde se coñece a Lei 4/1.993, que no seu artigo 77 se recoñece a obriga ós concellos de menos de vinte mil habitantes a invertir como mínimo o 6% do presuposto no desenvolvemento de programas de servicios sociais e tamén en equipamentos destes servicios, é dicir, que para o ano 2.000 di que o concello debeu invertir cincuenta e catro millóns de pesetas, e pregúntalle ó Sr. Alcalde como explica que o centro social esté pechado, e se se gastaron os cincuenta e catro millóns. O Sr. Alcalde dille que non ten datos, pero que o centro social está para inaugurarse, que só falta a calefacción e o ascensor.-----

11) Pregunta como está o tema do Sr. Fernández, e se se fixo a recusación por parte do instructor. O Sr. Alcalde respóndelle que non ten datos aquí, que se mandou á Xunta. O Sr. Hombre manifesta que este é o seguimento que se fai. O Sr. Alcalde dille que terán que contestar, pero que el non vai estar tódolos días enriba deles.-----

Toma agora a palabra o Sr. Parajó, e:-----

1) Manifesta que vai comezar con tres preguntas ó Sr. Alcalde. Pregúntalle se lle pediron algunha vez algún compañeiro ou el mesmo algún posto no equipo de goberno, ou na Comisión de Goberno. O Sr. Alcalde respóndelle que non. Pregúntalle ó Sr. alcalde se lles ofreceu esto algunha vez a eles. O Sr. alcalde responde que non. Pregúntalle ó Sr. Alcalde se houbo algunha negociación entre el e algún concelleiro socialista no tema dos chalets da Póboa, tanto política como doutra índole, e o Sr. Alcalde dille que é unha sentenza pública, e que nunha sentenza non pode haber negociación. o Sr. Parajó manifesta que se vai centrar no tema que xa mencionou o Sr. Noriega anteriormente, o dos chalets da Póboa. Di que comezou fai catro anos, e que o día 28-01, a Comisión de Goberno deu tres licencias, unha a D. Roberto Pérez Losada, para construción dunha vivenda unifamiliar na finca 29 do polígono 5 da Póboa, outra a D. Miguel Carlos Plaza Cancela, en representación de “Rococó SL”, para construción dunha vivenda unifamiliar na mesma finca, e outra a D. Roberto Pérez Losada, en representación de “Mapegui”, para outra vivenda unifamiliar na finca 29 do polígono 5 da Póboa. Di que o 24-02, se deron outras tres licencias, e que a comisión estaba formada por D.

Armando Blanco, D. José Manuel Neira, D. José Luis Mallo, D. Manuel Tallón, e D. Antonio Castroagudín, e con D. Jaime Bascoy como Secretario. Di que se deron licencias a D. Miguel Castro Fernández, para construción de vivenda unifamiliar na finca 29 da Póboa, a D. Amable Cotón Albor, para vivenda unifamiliar na finca 29 da Póboa, e a D. Alberto Costafreda, para outra vivenda na mesma finca, e que estaban na comisión, aparte dos xa mencionados, D. Mario Fandiño. Manifesta que o día 4-03, estando os mesmos menos o Sr. Fandiño, se deu licencia a D. Andrés Costafreda, para construción dunha vivenda unifamiliar, a D. Miguel Carlos Plaza Cancela, en representación de “Rococó SL”, e a D. Juan Costafreda, e que son en total nove chalets. Di que o 16-05, en sesión extraordinaria do pleno, un dos puntos é o “5.- Recurso contencioso - administrativo: designación de avogado”. O Sr. Parajó dá lectura a este punto, e pregunta por que ó nomear avogado o concello non se personou no primeiro nin no segundo contencioso. O Sr. Alcalde respóndelle que polas noticias que ten, o Secretario, polo que fora, non sabe se o presentou ou non, que era o que tiña que levar adiante o tema. Di que el firma os oficios cando llos pasan, pero que non está abaixo, que non está pendente de tódolos prazos de todo o que hai no concello, que xa hai máis de quince mil habitantes. O Sr. Parajó di que aquí se incumpleu un acordo plenario, e menciona o pleno do 27-06-97, no apartado de rogos e preguntas, no punto 31 da súa intervención, ó que dá lectura, e que se refería á paralización dunha obra na Póboa. O Sr. Alcalde dille que recorde que foi precisamente el, o Sr. Parajó, o que enviou o tema ó tribunal, e que o tribunal non lle concedeu a suspensión das licencias que solicitaba. O Sr. Parajó dille que non podía porque ó haber unha licencia concedida, se despois non saía favorable, había que indemnizar ó constructor. O Sr. Alcalde di que non poñen costas procesais ó concello, e o Sr. Parajó di que só se poñen ás partes. O Sr. alcalde di que quere que conste que son respetuosos coa xustiza, e que acatan a sentenza. O Sr. Parajó di que nas pasadas eleccións locais, nun “panfleto” do PSOE, como lle chamaba o Sr. Alcalde, poñían “Outras prácticas do equipo de goberno: tratos de favor”, e que poñían a foto dos chalets, que agora teñen problemas. O Sr. Alcalde di que se teñen problemas será porque o Sr. Parajó os denunciou, e este responde que el os denunciou antes de que os veciños compraran, e que o Sr. Alcalde permitiu que se comprara a parcela e se fixera a edificación. O Sr. Parajó pídelo ó Sr. Hombre que lea a primeira sentenza do 16 de novembro de 2.000, do tribunal do contencioso-administrativo, número 02000499/1997. O Sr. Hombre le esta sentenza.-----

O Sr. Parajó di que esta é a primeira das sentencias, e que hai unha segunda igual, e que haberá unha terceira que chegará estes días, e pregunta por que se deron estas licencias no seu momento de tres en tres, unhas a nome de particulares, e outras de sociedades, sendo os mesmos señores os membros das sociedades que os particulares. Pregunta se foi para ocultarllo ou por amiguismo. O Sr. Alcalde repite que acatan a sentenza, e que tomaron decisión de pedir informes técnicos e xurídicos, e que ata que non os teña non vai respostarlle á pregunta. Di que cando se presentaron os proxectos, viñan feitos por técnico superior e visados polo colexio de arquitectos, que daquela tiña moito que dicir no tema, e que se cumprían tódalas normas de construción dos núcleos referentes á parcela mínima, distancias e lindeiros, e que polo tanto, segundo os informes, cada licencia independente cumpría as normas. O Sr. Parajó pregúntalle por que non se deron todas xuntas, e o Sr. Alcalde dille que se deron cando as pediron, que el non pode decirlle ó señor cando pedilas. O Sr. Parajó manifesta que o Sr. Alcalde, naquel tempo, mandaba as actas das Comisións de Goberno cada dous meses pola maioría absoluta que tiña, e non cada quince días como marca a lei, e que por eso o descubriron. O Sr. Alcalde di que agora o Sr. Parajó quere se-lo defensor da patria, e este manifesta que ó mellor vai ter que selo, e que el pode executa-la sentenza cando queira. O Sr. alcalde di que eso pode facelo o Sr. Parajó ou calquera outra persoa, que é unha acción pública. O Sr. Parajó pregúntalle por que non a pide el, e o Sr. Alcalde respóndelle que el debe estar ó

lado dos veciños. O Sr. Parajó pregúntalle por que non lle deu a sentenza ós veciños, e o Sr. alcaalde di que porque a tivo hoxe á tarde. O Sr. Parajó pregúntalle que lle ten que dicir ós veciños do que vai facer , e o Sr. Alcaalde respóndelle que eso non ten que dicirlllo a el, que xa llo dirá ós veciños, que o fará cando teña os informes xurídicos e técnicos. O Sr. Parajó manifesta que os veciños presentaron un escrito, e o Sr. Alcalde di que xa o sabe, que estaba cando o presentaron e que lle parece perfecto, que están no seu dereito, que estraá con eles ata onde faga falla. O Sr. Parajó di que eles van dereitos a onde lles parece que hai unha ilegalidade, fronte ó alarmismo xerado por moitas declaracións dos concelleiros do BNG, dando a impresión de que todo o urbanismo de Teo é ilegal, declaracións que di qque están acarreado graves perxuízos económicos a tódolos promotores que constrúen neste concello dentro da lei. di que o PSOE optou por outro camiño, o da denuncia de casos concretos, e por ilegalidades manifestas, e ó mesmo tempo, di que apoiou e seguirá apoiando aqueles outros proxectos que entenden que cumpren coa lei, porque di que construír non só non é delito, senón que xera riqueza e prosperidade, sempre que se cumpla coa norma.-----

Manifesta que agora vai cos señores concelleiros críticos do PP, que di que foron a unha emisora de radio coa sentenza, que ten aquí a cinta. Dille ó Sr. Neira que a sospeita, como o morcego, non voa máis que na oscuridade. A Sra. Bugallo manifesta a súa protesta, e dille ó Sr. Alcalde que se non fai nada , eles van marchar.-----

Abandonan a sala os concelleiros do grupo municipal do BNG.-----

O Sr. Parajó di que solicitan a dimisión de toda a Comisión de Goberno desa época, e manifesta que o Sr. Hombre vai ler un escrito qu entrou hoxe no rexistro do concello. O Sr. Fandiño dille que casualmente estaba alí o Sr. Hombre. O Sr. Filloy pídelle ós concelleiros do BNG que entren, que ten interese en que todos escoiten ó Sr. Hombre.-----

Volven a entrar na sala os concelleiros do grupo municipal do BNG.-----

O Sr. Hombre pregúntalle ó Sr. Neira se coñece á avogada Viñas Agra, e o Sr. Neira dille que esa persoa non existe. O Sr. Hombre continúa dicindo que en documento firmado por ela, e en nome de empresas constructoras actuantes en Teo, se acusa ó Sr. Neira de coaccións, presións e ameazas de denuncias urbanísticas, que coa entrega do oportuno sobre desaparecerían. Di que esta é unha causa de decencia política que en tanto en canto non se resolva, pode levar ó Sr. Neira a presenta-la dimisión. Manifesta que as súas actuacións poden ser ou non do agrado dos señores críticos, e que se complace de que non o sexan, xa que algún malintencionado incluso se podería atrever a establecer comparacións entre o Sr. Neira e el. Dille que non dubide en presentar con documentos calquera cuestión ilegal na que el poidera estar implicado, e dille que se non ten problema que non siga por ese camiño, e que este documento é público, que se non existe esa señora, lle dá igual, pero que está ahí, e que algo sempre prevalece. O Sr. Filloy respóndelle que eso é o que el quere, e pregúntalle se non estára implicado neso.. O Sr. Hombre pídelle que non se alporice, que ninguén o fai cando ten a conciencia tranquila, e que quere recordarlle ós catro, un por un, que el non está implicado en nada, e que eles o queren meter sistematicamente en negociacións co PP para conseguir acordos.-----

O Sr. Parajó di que o que si lle pediría ó Sr. Neira e a tódolos membros da corporación , que el nonten ningún problema , que ten as súas propiedades rexistradas desde o principio da lexislatura na mesa do Sr. Secretario. Este di que están na caixa forte, e o Sr. Parajó di que mellor, que así están máis seguras, e que pón a todos que demostren se teñen as mesmas propiedades ca antes, que el si o pode demostrar, e que algún non pode, e que reto a quen sexa . Di que o PSdeG- PSOE pide a dimisión do Sr. Alcalde e de tódolos concelleiros que estaban na Comisión de Goberno nas datas antes citadas , porque esta sentenza prexudicou a veciños

de Teo, e que demostra a negligencia con que fan as cousas. O Sr. Alcalde dille que non é a primeira vez que pide a súa dimisión, e supón que non será a última. O Sr. Parajó di que piden tamén que o Sr. Neira se vaia antes de que o boten.-----

O Sr. Noriega pide a palabra por alusións e di que isto é un espectáculo lamentable, que o turno de preguntas e para preguntarlle ó Sr. alcalde, que está permitindo que se convirta nunha feira, e dille ó Sr. Parajó que busque no diccionario o significado de rogo e de pregunta, e que todos coñecen a súa actuación sobre as irregularidades que aquí se presentan, e que mire as consecuencias de ir ó xulgado.-----

A Sra. Bugallo dille ó Sr. Alcalde que el leva admitindo unha situación impresentable, que un grupo da oposición use o turno de rogos e preguntas para insultar ó resto dos grupos. Dille que el deixa que isto sexa un espectáculo dantesco e lamentable un pleno tras outro, xa que isto é para preguntarlle a el. dille ó Sr. Parajó que despois do que levan aguantado, non lles de leccións de urbanismo, que era o que lle quedaba ó BNG. Di que eles eran os únicos coherentes, que revise as actas O Sr. Parajó dille que lle ensine as sentencias. A Sra. Bugallo pregúntalle por que non sacou aa sentencia en novembro ou decembro, e que quizais foi porque agora hai unha negociación para recompoñe-lo PP e o Sr. Parajó queda fóra. O Sr. Hombre dille ó Sr. Alcalde que se é por botar panexíricos, el tamén sabe.-----

Pide por alusións a palabra o Sr. Fandiño, e manifesta que o Sr. Parajó pide as súas dimisións por votar favorablemente unhas licencias que no seu momento o Sr. Alcalde presentou á Comisión de Goberno para a súa aprobación, e que contaban coa bendición dos técnicos en canto á súa legalidade. Di que o Sr. Parajó chega tarde, porque a súa dimisión como teniente-alcalde, que era o cargo que lle permitía estar na comisión, se produciu fai 9 meses e 25 días, máis exactamente o 1 de abril do pasado ano, e di que a presentou precisamente por estar en desacordo con feitos como funcioaban algunhas cousas, porque di que pensou que se vulnerara a súa confianza nalgún deles, como o Sr. Alcalde. Di que o Sr. Parajó utiliza este tipo de maniobras, non en defensa dos intereses dos veciños, senón por puro egoísmo e por interese persoal, como se le definiu nun rotativo fai uns días. Dille que tardou un mes en facer pública a sentencia, e que dixo que por presións a acabou sacando, como dixo fai corenta e oito horas nunha rolda de prensa, e di que ten a cinta, polo que está absolutamente ben informado, e que ó mellor resulta que foi precisamente porque quería negociar sentarse na silla que el abandonou, e que ó mellor tamén lle deron nas narices, e que por eso sacou isto. Manifesta que esa actitude foi calificada como egoísta nun rotativo, pero que a el lle parece que debía ter outro calificativo máis adecuado, e que foi a un volume que ó Sr. Parajó lle resulta moi coñecido, o Diccionario da RAE, na súa vixésimo primeira edición, e di que buscou a palabra que define a súa actitude nesa sentencia, que define a ameaza pública que se fai contra alguén para actuar nese senso, e que a palabra que aparece é “chantaxe”, e que o que actúa así é un “chantaxista”. Di que aínda hai máis, que o Sr. Parajó utiliza a desgracia dos demais, o sufrimento alleo, o medo e as preocupacións desa xente coa que se reuniu onte, di que non para solucionar os seus problemas, ós que di que lles haberá que buscar unha solución. Manifesta que utiliza-las desgracias alleas en beneficio propio, é algo que cando menos hai que considerar como ruin e despreziable, e que de novo acudiu ó Diccionario da RAE para buscar unha palabra que definise a alguén ruin e despreziable, e que a palabra que atopou é “carroña”, e dille ó Sr. Parajó que é un carroñero.-----

Neste momento abandona a sala o concelleiro D. Manuel Tallón Mesías.-----

O Sr. Parajó pregúntalle ós Sres. do BNG se isto non é un panexírico, e a Sra. Bugallo, por alusións, respóndelle que o empezou el.-----

O Sr. Neira di que toma a palabra por alusións propias, e diríxese ó Sr. Parajó como Sr. Concelleiro do PSOE, ou mellor dito, Sr. Concelleiro suspendido de militancia do PSOE, e pregúntalle como pensa solucionarlle o problema ós afectados pola sentenza, e o Sr. Parajó respóndelle que el non ten que solucionalo, pero que ó mellor teñen que se-lo Sr. Neira e tamén o Sr. Fandiño , e di que o que el non busca é o que buscan eles. O sr. Neira di que na rolda de prensa o Sr. Parajó dixo que de non entregarlle o poder municipal, pediría a execución da sentenza, e pregúntalle se considera este comportamento adecuado a un representante do pobo, o Sr. Parajó dille que si, e que el ten que ataca-las ilegalidades. O Sr. Neira di que nesa rolda de prensa, o Sr. Parajó dixo que na Comisión de Goberno se daban licencias con informes desfavorables do técnico, e que se negaban outras con informes favorables, e di que lle pide que o demostre, se pode, porque senón se pode pensar que é un charlatán e un intoxicador, e que dificilmente se pode ter respecto por alguén así. Pregúnta se non é verdade que o Sr. Parajó presentou denuncias que logo se retiraron, di que non se sabe por que. O Sr. Parajó respóndelle que cre que está equivocado. O Sr. Neira dille que eso é o que esperaba oír, é dá lectura a un documento da sala do tribunal contencioso-administrativo, sobre o recurso contencioso- administrativo número 2, 6131 de 1.995, non que se di que tal recurso se retirou. O Sr. Parajó pregúntalle de que iba, e o Sr. Neira pregúntalle por que o retirou ou a cambio de que . O Sr Parajó di que o retirou porque tiña que pagar cincocentas mil pesetas do seu bolsillo. O Sr. Neira manifesta que hoxe chegou unha carta ó concello , e que o Sr. Secretario lla entregou, e di que se lle imputa chantaxe e extorsión a cambio de favores económicos. Di que o soubo ás dúas da tarde, e que é completamente falsa, que está firmada por unha persoa que non existe, que o DNI é dunha persoa diferente, e que nesa dirección non vive a persoa que firma a carta. Manifesta que a considera unha infamia e un infundio, con ánimo única e exclusivamente de desprestixialo. Manifesta que non sería descartable que o autor desta carta sexa a mesma persoa que fai aproximadamente dous meses causou destrozos na súa vivenda, e di que de tódolos xeitos a garda civil xa está realizando as oportunas aclaracións, pois di que puxo unha denuncia ás tres e media da tarde. Dille ó Sr. Parajó que non quixera pensar que el está detrás deste tema tan grave. Dille ó Sr. Hombre que o considera incapacitado para desempeñar dignamente o cargo de concelleiro, posto que di que o máis elemental análise deste escrito, demostra a burda manioobra en que se sustenta, e di que é un intento de desprestixio a quen dignamente está desempeñando o seu cargo, e dille que posto que el se fixo eco con tanta dilixencia deste infundio, o leva a sospeitar que é unha manioobra orquestada con fins rastreiros, di que máis dignos de matóns de barrio ignorantes, e carentes de ningún prexuizo ético. O Sr. Hombre, por alusións, di que o que parece que queda claro é que aquí se desprende que os malos da película son os que poñen a denuncia , que os que fan o mal se quedan de rositas. Dille ó Sr. Neira que mañán lle poñerán medallas. Pregúntase como pode falar de decencia política alguén imputado e xudicialmente sentenciado, enter cometido, cando menos, un erro. O Sr. Parajó manifesta que xa saberán no seu día quen ten a responsabilidade e quen non a ten, e dille ó Sr. Neira que por esa mesma decencia política que di que ten, que a demostre, e que senón se marche. O Sr. Filloy di que leu o escrito do que se fai eco o Sr. Hombre , e manifesta que hai que ser analfabeto ou pensar que o son os demais. O Sr. Hombre manifesta que el non o rexistrou.-----

Non habendo máis asuntos do que tratar, rematou a sesión sendo as vintedúas horas e corenta e cinco minutos, estendéndose a presente acta, que asina o Sr. Alcalde comigo, o Secretario acctal. que certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO ACCTAL.,

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE
TIVO LUGAR O DÍA 9 DE FEBREIRO DO 2001.-----**

SEÑORES ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Armando U. Blanco Martínez.

Concelleiros:

D. Antonio Castroagudín Valladares

D. Manuel R. Cajaraville Campos

D. Urbano Ouro Calvelo

D. Manuel Mata Iglesias

D. Juan B. Aller Suárez

D. Mario Fandiño Pazos

D. Ramón Fernández Fernández

D. Manuel A. Filloy Villar

D. José Manuel Neira Picallo

D. F. Manuel Parajó Liñares

D. Manuel Tallón Mesías

D^a M^a Angélica Blanco Fernández

D. Miguel A. Hombre Eiras

D. Martiño Noriega Sánchez

D^a Ánxela Bugallo Rodríguez

D^a M^a Soedade Amieiro Rodríguez

Secretario:

D. Jesús Naveira Vázquez

Na casa do concello de Teo, a nove de febreiro do dous mil un.-

Sendo as dez horas, e baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Armando U. Blanco Martínez, reuniuse en primeira convocatoria o pleno do concello, con asistencia dos dezasete membros que o compoñen e que se fixan na marxe, a fin de levar a cabo a sesión extraordinaria convocada para este día.

Asiste o Secretario acctal. da Corporación, D. Jesús Naveira Vázquez.

Pola presidencia declárase sesión pública.-----

De seguido pásase a coñecemento e resolución dos asuntos incluídos na seguinte -----

ORDE DO DÍA:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- O Sr. Presidente inquire se algún dos Sres. edís presentes desexa formular observacións ó borrador da acta última sesión, que foi distribuído coa convocatoria da actual.

O pleno do concello, por unanimidade dos dezasete membros asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda aproba-lo antedito

borrador tal como foi redactado, e que se rexistre no libro correspondente.-----

2.- ESTATUTOS DA MANCOMUNIDADE .- O Sr. Alcalde manifesta que este punto queda sobre a mesa, xa que di que faltan por matizar algunhas cousas cos outros alcaldes, e que xa se traerá de novo ó pleno.--

3.- ALEGACIONES DO PP Ó REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL.- O Sr. Alcalde manifesta que este punto queda tamén sobre a mesa, e que xa se traerá ó pleno.--

4.- MOCIÓN DO BNG SOBRE O FUNCIONAMENTO DA POLICIA.- O Sr. Noriega dá lectura á moción do BNG sobre “O funcionamento da policía local de Teo, que copiada literalmente, di o que segue:”Dende fai máis de dous anos, no Concello de Teo contamos cunha Policía Local propia. Durante todo este tempo resulta evidente que non se tomou ningún tipo de medida de carácter organizativo neste departamento. Asimesmo o descoñecemento dentro dos veciños sobre o servizo que pode prestar a Policía Local é elevado. Tampouco se coñece a figura dun responsable político no grupo de goberno que marque prioridades e directrices no funcionamento deste departamento.= As competencias que a Lei lle otorga á Policía Local son importantes. Dende o grupo municipal do B.N.G. somos conscientes da escaseza de persoal para prestar un servizo ininterrompido durante as 24 horas, pero isto non xustifica a infrautilización que se está a facer dun departamento que mantemos con cartos públicos.=Por estes motivos, o Grupo Municipal do B.N.G. propón a adopción do seguinte acordo:= 1.- Elaborar, no prazo dun mes, un bando da alcaldía no cal se informe das competencias, horarios e teléfonos de contacto da Policía Local de Teo.=2.- Convocar en 15 días unha Comisión Especial (constituída por representantes dos distintos grupos de maneira proporcional a súa representación na corporación) para redactar un Regulamento sobre a Policía Local que deberá ser ratificado polo Pleno do concello nun prazo límite de dous meses despois da adopción deste acordo.”-----

O Sr. Noriega di que presentan esta moción porque no pasado pleno non foi debatida ó ser rexeitada a urxencia da mesma. Manifesta que a presentan con ánimo constructivo para redactar entre tódalas forzas do concello, e de maneira consensuada, un regulamento para a policía local, e di que a maioría dos concellos que contan con este servizo xa o teñen. Manifesta que a policía local é un departamento ó que se lle debe prestar unha atención especial. Di que, primeiro, porque se está falando dun corpo de seguridade propio, con todo o que iso conleva, que segundo, porque é un departamento que seguramente nun futuro para prestar un servizo ininterrompido durante vinte e catro horas necesitará de máis persoas, e que, en terceiro lugar, teñen que decidir entre todos o modelo de policía local que queren. Manifesta que o regulamento é unha ferramenta fundamental para marcar directrices, contidos, prioridades, e que, en definitiva, para adapta-la policía local ás necesidades de Teo e dos veciños. Di que, actualmente, a falta de contidos, a desorganización e a infrautilización deste servizo é evidente, e que a policía local ten moitas competencias que todos descoñecen. Pide que se informe ós veciños sobre elas, que se marquen prioridades, e que redacten entre todos o regulamento.

O Sr. Alcalde manifesta que o xefe deste servizo, como o dos outros departamentos, e o Alcalde, e que hai unha lei que rixe todo isto, e que o grupo de goberno non está de acordo con esta moción. Pídelle ó Sr. Portavoz do grupo de goberno que dé lectura á resposta a esta moción, o que copiado literalmente, di o que segue: “ A Lei Orgánica 2/86 de Forzas e Corpos de seguridade do Estado dedica o seu Título V ás Policías Locais manifestando que son Institutos armados de natureza civil, con estrutura e organización xerarquizada, que se rixen por dita Lei, e polas disposicións dictadas ó efecto polas Comunidades Autónomas.= A Comunidade Autónoma de Galicia dictou a Lei 3/1992 de 23 de marzo, de coordinación das policía locais, que no seu artigo 5º, 1.a) establece que lle corresponde á Xunta “*determina-las normas marco ou os criterios xerais, ós que terán que axustarse os regulamentos das policía locais de Galicia.*”= Como dita norma marco non se dictou, resulta absolutamente imposible dicta-lo regulamento.= A Policía Local de Teo, como calquera outra da Comunidade Autónoma, ríxese polas citadas Leis así como polas de Réxime Local, e Función Pública, no referente ó réxime estatutario do seu persoal.=De outra parte, o escaso número de policía existentes fai inviable

unha asignación previa de servicios de carácter fixo, por ter que adaptarse ás necesidades máis perentorias en cada momento, sendo en todo momento o alcalde o xefe de personal.= Por tanto, e por todo o exposto, imos votar en contra desta moción”.

O Sr. Alcalde di que a policía local está facendo unha labor que hai que recoñecer, e que eles mesmos toman a decisión de ir a onde os chaman.-----

O Sr. Parajó di que un regulamento para a policía non estaría mal, que está de acordo en que hai escaseza de números, e que catro policíaas son poucos. Di que lle consta que existen outros concellos limítrofes que teñen policía e non teñen regulamento.-

O Sr. Noriega di que isto non vai en contra da policía local, que están facendo unha moi boa labor, e que é significativo que hoxe cando se debate esta moción non está a policía local. O Sr. Alcalde respóndelle que están facendo o seu traballo. O Sr. Noriega di saben que todo o que sirva para organiza-lo traballo municipal e dar un mellor servicio ós veciños non vai co Sr. Alcalde, e di que é porque o único hábitat ou entorno que coñece o Sr. Alcalde é o da desorganización e o da sumisión dos traballadores ás regras, canto máis escuras, mellor. Di que o Sr. Alcalde prefere seguir a xogar coa policía local, que queda moi ben, e non darlle unha verdadeira utilidade. Manifesta que o BNG, como forza responsable, se compromete, se esta iniciativa non sae adiante, a presentar un regulamento, porque coidan que é moi necesario, e que daquela, o grupo de goberno non estará autorizado a sentirse discriminado, porque non quixo participar na redacción. Di que isto non é unha crítica á policía local, que o están a facer moi ben.-

O Sr. Parajó manifesta que a policía local funciona ben, que os catro son moi bos, e que funcionan moi ben, pero que cre que algún traballo non é adecuado que o fagan, como o reparto da correspondencia ós concelleiros ou a vixiancia de obras, e que hai que contratar un vixiante de obras.

O Sr. Noriega di que para eso se necesita un regulamento, e dille ó Sr. Parajó que a policía local sí tén competencias en vixiancia de obras.-----

Sometida a votación, esta moción acada sete votos a favor (dos Sres. Noriega Sánchez, Parajó Liñares, Hombre Eiras, Tallón Mesías, e das Sras. Bugallo Rodríguez, Amieiro Rodríguez e Blanco Fernández), e dez en contra (dos Sres. Blanco Martínez, Castroagudín Valladares, Cajaraville Campos, Ouro Calvelo, Mata Iglesias, Aller Suárez, Fandiño Pazos, Neira Picallo, Filloy Villar e Fernández Fernández), polo que resulta rexeitada.

5.- MOCIÓN DO PP SOBRE O PLAN HIDROLÓXICO.- O Sr. Alcalde dá conta da moción do PP sobre o “Plan Hidrolóxico”, á que dá lectura o Sr. Secretario, e que copiada literalmente, di o que segue:”A auga é un elemento básico para o desenvolvemento das distintas rexións de España, polo que é necesario garantir en cada unha delas, tanto nas potencialmente excedentarias que non viran adecuadamente atendidas as súas posibilidades de desenvolvemento, como nas deficitarias que carecen estruturalmente deste recurso.= O Plan Hidrolóxico Nacional ha de se-la garantía para que tódolos cidadáns poidan desfrutar dun ben común: a auga. Asimesmo é, xunto cos plans hidrolóxicos de cunca, o instrumento de planificación global da auga que permitirá solucionar tódolos problemas para a súa xusta distribución en toda España, co criterio de solidariedade proclamado na Constitución.=No marco do Plan deben ser prioritarias as medidas de xestión da demanda, o saneamento e a depuración, a restauración hidrolóxico-forestal e a modernización de regadíos, co obxectivo de reutiliza-la maior cantidade de auga posible e tender ó aforro e á xestión máis eficiente do recurso.= España dispón de recursos hídricos renovables suficientes para atender-las demandas presentes e futuras do conxunto do territorio. Pero eses recursos non sempre existen onde e cando se necesitan. O Plan Hidrolóxico Nacional pretende resolver este problema cun plantexamento global que atende tanto ós

problemas das cuncas excedentarias como das deficitarias.= No caso das cuncas excedentarias débese dar prioridade ás obras de regulación para resolve-las súas necesidades de crecemento; e nas cuncas deficitarias, as solución das cales precisen a aportación de recursos hídricos desde outras cuncas, ten que prestarse especial atención ó control da súa demanda.= Os trasvases deben rexirse polo principio fundamental de que a auga obxecto de transferencia sexa rigurosamente excedentaria, e unicamente cando sexa a opción técnica, económica e medioambiental máis eficiente. En todo caso, deberase garantir que os seus impactos ambientais sexan mínimos e asumibles, así como que queden asegurados os caudais ecolóxicos necesarios.= Por todo o anteriormente exposto, o GRUPO POPULAR DO CONCELLO DE TEO en función do establecido no art. 97 en Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, eleva ó PLENO DA CORPORACIÓN para a súa aprobación polo mesmo a seguinte MOCION:= 1. O Concello de Teo insta ó Goberno de España a que no Proxecto de Plan Hidrolóxico Nacional, que se presente ás Cortes Xerais, se teñan en conta os seguintes obxectivos e criterios:= a)O Plan Hidrolóxico Nacional tén que garantir auga de calidade e en cantidade suficiente a tódolos cidadáns.= b)A xestión da auga debe basarse na aplicación de criterios de sostibilidade e respecto ó medio ambiente.=c)Deben realizarse as inversións necesarias para atende-las demandas pendentes en tódalas cuncas.= d)Autorizaranse os trasvases da auga necesaria para as cuncas deficitarias desde aquelas nas que existan excedentes demostrados, sempre que queden totalmente garantidas as demandas actuais e futuras das cuncas cedentes e se respeten os caudais ecolóxicos necesarios nos seus cauces.= 2.- Remitir copia deste acordo ó Presidente do Goberno, así como á Presidenta do Congreso e á Presidenta do Senado.”-----

O Sr. Alcalde manifesta que a nós este problema non nos afecta en principio, e que queren solidarizarse con ese lugares que teñen problemas, e que queren mostrarlle o seu apoio.-----

O Sr. Noriega cédelle a palabra á Sra. Bugallo, que manifesta que se acaba de presentar unha moción de apoio ó Plan Hidrolóxico, e que a primeira pregunta que quere facerlle ó Sr. Alcalde é que lle explique o Plan Hidrolóxico. o Sr. Alcalde respóndelle que ela sabe que tén cento trinta páxinas, e que cre que o dixo ben claro, e a moción é para solidarizarse coa xente que non tén auga. a Sra. Bugallo dille que está equivocado, e que dixo que o Plan Hidrolóxico non nos afecta , pero falouse de “Plans de regulación de cuncas excedentarias”. Pregunta en que consiste eso.O Sr. Alcalde dille que lea o punto d) da moción, e a Sra. Bugallo pregúntalle en que consisten eses “plans de regulación”. O Sr. Alcalde respóndelle que nós non temeos medios, e que eso o fará o goberno central, e que el non é técnico. A Sra. Bugallo di que o Sr. Alcalde está a pedi-lo apoio a un Plan determinado, e que o BNG non pode da-lo apoio se non tén información, e non saben en que consiste. O Sr. Alcalde dille que as cuncas ás que afecta agora son as do Douro, Teixo, Ebro, Alto Guadiana, Segura-Almería, Júcar,ás cuncas internas catalanas, e ó tramo Cherta-Tous, e que eso é o que teñen pensado.A Sra. Bugallo reitérase en que quere saber en que consiste, e que o grupo de goberno tén que ser capaz de dar información. O Sr. Alcalde dille que non lle vai contestar. A Sra. Bugallo manifesta que no punto b) da moción se fala de “criterios sostibles”, e pregunta en que consisten eses “criterios sostibles”.O Sr. Alcalde contéstalle que xa lle dixo antes que este é un plan do goberno central, e que non lle vai contestar. A Sra. Bugallo di que lles están pedindo que apoiem eses plan de sostemento, e que piden que llo expliquen. O Sr. Alcalde respóndelle que eso é un plan nacional, e a Sra. Bugallo dille que o grupo de goberno non sabe en que consiste, e que como pretenden que apoiem algo que non son capaces de explicarlles, nin os criterios que piden que se cumplan.-----

O Sr. Parajó manifesta que o que sí está claro é que esta moción do PP se lle volve en contra, que no ano 1.993 presentara o ministro Borrell un Plan Hidrolóxico, e que o PP votou en contra, e agora no ano 2.001, o do PP é moi bó, e que é o mesmo, cambiar auga dun lado para outro, de onde hai a onde non hai. Di que en Galicia o Plan Hidrolóxico non vale para nada, que o que faría falla sería un plan para arreglar estradas, e teléfonos, e que se necesitaría un plan para

evitar inundacións. Di que o seu grupo, por non haber o PP apoiado no seu momento aquel Plan cando o presentara o PSOE, vai votar en contra.--

A Sra. Bugallo di que o Grupo de Goberno presenta unha moción dun tema do que non teñen nin idea, e que é bastante penosa unha situación deste estilo, e que é un tema serio, que houbo moitos problemas, que é un tema serio, que está causando moitísimos problemas.-----

O Sr. Parajó di que non se deben traer mocións que a nós non nos repercuten, e que non saben o que significan, só para darlle o visto bó ó goberno central, por unha cousa que queren agora sacar adiante con calzador.-----

Sometida a votación, esta moción acada dez votos a favor (dos Sres. Blanco Martínez, Castroagudín Valladares, Cajaraville Campos, Ouro Calvelo, Mata Iglesias, Aller Suárez, Fandiño Pazos, Neira Picallo, Filloy Villar e Fernández Fernández), catro en contra (dos Sres. Parajó Liñares, Hombre Eiras, Tallón Mesías, e da Sra. Blanco Fernández), e tres abstencións (do Sr. Noriega Sánchez, e das Sras. Bugallo Rodríguez, Amieiro Rodríguez), polo que resulta aprobada.-

6.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO DO PARQUE DE BOMBEIROS.- O Sr. Alcalde manifesta que mandaron unhas modificacións ó convenio do parque de bombeiros, e que xa os teñen os diferentes grupos.--

O Sr. Noriega manifesta que o grupo municipal do BNG non tén inconveniente en apoiar as modificacións. Di que un parque de bombeiros mancomunado entre tódolos concellos da comarca é necesario, e que o gasto que supón a Teo tampouco é excesivo comparado con outros gastos, e que están de acordo, aínda que teman ó Sr. Alcalde, no principio da autonomía municipal, no momento de fixar as taxas.-----

O Sr. Parajó di que está de acordo con que este é un tema interesante, e que é beneficioso para Teo, que ata agora había que pagar catrocentas cincuenta mil pesetas, e que agora sairá máis barato.-

O pleno do concello, por unanimidade, acorda aproba-las modificacións do convenio do parque de bombeiros, que copiadas literalmente, din o que segue:” A primeira corrixe un erro material no último parágrafo da cláusula 4ª do Convenio Marco:” En vez de 6,46 millóns como incremento de gastos de funcionamento, a cantidade é de 6,7 millóns e a aportación dos Concellos é de 1,34 millóns, en lugar de 1,30 millóns.= O parágrafo queda redactado da forma seguinte:” Por tanto as expresadas entidades, excepto o concello de Santiago, aportarán anualmente ó concello de Santiago, en concepto de incremento de gastos de funcionamento correlativos ó incremento de plantilla a cantidade de 6,7 millóns de pesetas equivalente ó 33,33% dos gastos de funcionamento imputables á plantilla básica, correspondendo 2,68 millóns da expresada cantidade á Xunta de Galicia, outros 2,68 millóns á Deputación de A Coruña e 1,34 millóns ó conxunto dos concellos.=A expresada financiación, no caso de que o incremento de plantilla non se produza nun só exercicio aboarase proporcionalmente ó expresado incremento. “=A segunda é dar unha nova redacción ó segundo parágrafo da cláusula 5ª do Convenio Marco, na cláusula do cal se suprime a referencia a que lles sexa alicable ós concellos firmantes á Ordenanza municipal de Santiago.=O parágrafo queda redactado da seguinte forma:” Como consecuencia do presente convenio o concello de Santiago comprométese a prestar-lo servizo de bombeiros ós concellos de Ames, Boqueixón, Brión, Padrón, Rois, Teo, Val do Dubra, e Vedra, nas mesmas condicións que os veciños do propio Concello”.=A terceira corrección refírese ó Considerando 9º do Acordo de Funcionamento que queda modificado no 2º parágrafo como segue:” a cantidade a distribuír, en valores do ano 2.000, ascende a 15.825.455 pesetas, suma de participación en custos de persoal e de funcionamento correlativo.”= A cuarta

corrección efectúase no último parágrafo do Considerando 11º do mesmo Acordo de Funcionamento, suprimíndose a palabra “tasas” polas mesmas razóns apuntadas, que obedecen a que formalmente as ordenanzas de Santiago non son aplicables directamente ós veciños, sen prexuízo de que na propia Ordenanza de Santiago se recollan os principios que temos sinalados.= A redacción final deste parágrafo é a seguinte:” Conforme se establece na cláusula quinta do convenio Marco, o servizo comezará a prestarse a tódolos concellos unha vez que se reciba polo concello de Santiago o material da primeira fase.= Simultaneamente ó inicio do expediente de contratación pola Deputación Provincial do antedito material, aprobarase pola Corporación Municipal de Santiago, a modificación da ordenanza reguladora da prestación deste servizo, establecendo para os veciños dos concellos de Ames, Boqueixón, Brión, Padrón, Rois, Teo, Val do Dubra e Vedra as mesmas condicións e esixencias que para os veciños de Santiago de Compostela e con respecto ós inmobles municipais as mesmas condicións que para o propio concello de Santiago”.-----

7.-RECURSO PLAN ALBA .- O Sr. Alcalde dá conta do recurso sobre o “Plan Alba” interposto pola concelleira Dª Algélica Blanco Fernández, ó que dá lectura o Sr. Secretario, e que copiado literalmente, di o que segue: “ Dª Angélica Blanco Fernández, como concelleira do Grupo Municipal Socialista deste concello, comparece e como mellor proceda, EXPÓN:= PRIMEIRO.- Que tendo tido que presenta-la moción respecto ó PLAN ALBA por vía de urxencia en el pleno ordinario de 30/11/00, debido á inclusión de asunto algún por parte deste Concello pese a terlos presentado en tempo e forma.= SEGUNDO.- Esta concelleira quere facer constar que a urxencia desta votación aprobárase por unanimidade(o Sr. Alcalde abstívose de votar posto que é parte implicada) do pleno desta Corporación con data 25/08/00.= TERCEIRO.- No pleno ordinario de data 30/11/00 presentada de novo esta moción por vía de urxencia (por non incluíla na orde do día) ocorreu o seguinte: o Sr. Alcalde votou en contra da urxencia na primeira volta e, ó haber un empate, procedeuse á segunda votación na que quedou rexeitada a urxencia polo voto de calidade (en contra) do Sr. Alcalde.= CUARTO.- Esta concelleira entende que a urxencia desta moción, que non sufriu variación e previo estudio en comisión informativa, xa se tiña aprobado no pleno de 25/08/00 e que esa votación é válida posto que o Sr. Alcalde nese momento se abstivo de votar, ó contrario que no último pleno, no que ademáis, esta concelleira advertiu da ilegalidade da votación (advertencia que debería ter feito o Sr. Secretario, segundo consta no art.162 do TRRL),e quixo que constase en acta.= Por todo o anteriormente exposto, esta concelleira SOLICITA:= Que se teña por interposto o presente RECURSO contra o mencionado acuerdo plenario de 30/11/00 e se declare a nulidade ou anulabilidade do mesmo, amparada no o art. 76 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases del Réxime Local, como os artigos 21, 96 e 185 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e ó art. 20 da Lei de Procedemento Administrativo de 17 de xullo de 1958, letra e) do seu apartado 2. Asimesmo a doutrina reiterada polo Tribunal Supremo do que pode citarse, como mostra, a Sentencia de 6 de diciembre de 1985.”-----

O Sr. Alcalde di que pensan desestimar este recurso en base ás seguintes matizacións, ás que dá lectura o Sr. Secretario, e que copiadas literalmente, din o que segue:” PROPOSTA QUE SE ELEVA Ó PLENO EN RELACIÓN CO RECURSO DE REPOSICIÓN FORMULADO POLA CONCELLEIRA Dª. ANGÉLICA BLANCO FERNÁNDEZ, CONTRA ACORDO PLENARIO DE 30 DE NOVIEMBRE DE 2000 = Visto ó recurso de repoción formulado pola concelleira Dª Angélica Blanco Fernández, contra acordo plenario de 30 de novembro de 2000, polo que se rexeitou a urxencia para debatir unha moción presentada pola mesma, referente ó denominado “Plan Alba” e RESULTANDO,que a recurrente presentou dita moción no Pleno celebrado en data 25 de agosto de 2000 e previa votación da súa urxencia foi debatida en dita sesión acordándose “somete-la moción a estudio urxente da Corporación”.= RESULTANDO, que novamente na sesión plenaria celebrada o 30 de novembro de 2000, a concelleira recurrente presenta novamente a moción referente ó Plan Alba, e someténdose a votación a urxencia do

seu debate, foi rexeitada tras unha votación en primeira volta na que se produciu o empate, e rexeitada na segunda votación, polo voto de calidade do Alcalde.= RESULTANDO, que no seu escrito de recurso, a concelleira sostén que a urxencia acordada na sesión de 25 de agosto, era válida para a sesión de 30 de novembro, por tratarse do mesmo asunto.= VISTAS, a Lei 7/85 Reguladora de Bases de Réxime Local, Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, Lei 5/97 de Administración Local de Galicia, Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normas de xeral aplicación.= CONSIDERANDO, que o artigo 87 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais esixe nas sesións municipais a unidade de acto, o que significa que finalizada a sesión non pode continuarse noutra posterior o debate dun dos asuntos incluídos na orde do día, senón que será preciso volver a incluílo na orde do día da próxima sesión, ou ben vota-la súa urxencia para ser sometido ó Pleno.=

CONSIDERANDO, que virtude de dito principio de unidade de acto, non pode considerarse que a votación da urxencia da sesión celebrada o 25 de agosto, poida transferirse á celebrada o 30 de novembro, o que sen dúbida por parte da propia recorrente toda vez que nas segunda de ditas sesións, solicitou que se sometese a votación de urxencia.= CONSIDERANDO, que o voto da Alcaldía respecto a non considerar urxente o debate da moción, non implica ningún tipo de pronunciamento sobre o fondo da cuestión debatida, polo que non incurre en causa algunha de abstención.= Proponse ó Pleno a desestimación do recurso de reposición.”-----

A Sra. Blanco Fernández dá resposta ós argumentos expresados polo grupo de goberno, o que copiado literalmente, di o que segue:”Sr. Alcalde, en contestación ó Recurso presentado por esta concelleira teño que dicirle que o Art. 96 do ROF di claramente o seguinte: "*Nos supostos que, de conformidade co establecido no art. 76 da Lei 7/1985, algún membro da Corporación deba absterse de participar na deliberación e votación, deberá abandonalo salón mentras se discuta e vote o asunto, salvo cando se trate de debati-la súa actuación como corporativo, en que terá dereito a permanecer e defenderse*"= Asimesmo o Art. 63 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas establece que os actos administrativos serán anulables cando infrinxan o Ordenamento Xurídico, é dicir, o vicio anulable producirá toda infracción do Ordenamento Xurídico.= RESPECTO á inclusión na Orde do Día sobre o recurso sobre o Plan Alba., quero dicir a este pleno que conforme á Europea de Autonomía Local por Autonomía Local enténdese o dereito e a capacidade efectiva das colectividade locais de ordear e xestionar unha parte importante dos asuntos públicos no marco da lei baixo a súa propia responsabilidade e en beneficio dos seus habitantes (art. 3.1). É a lei a que delimita o ámbito das competencias locais.=A CE senta o principio de organización da Administración Pública dos municipios no art. 103.1 que nos deben de servir como asignación das competencias dos nosos veciños.= A LRBRL, seguindo o modelo tradicional, establece as competencias locais e no seu art.26 establece uns estándares ou nivel mínimo (servicios mínimos) de prestación de servizos públicos fundamentais en todo o territorio nacional (art. 158 CE e asigna nos concellos con poboación superior a 5.000 habitantes un parque público (praza), biblioteca pública, mercado, etc.=Se en Cacheiras, nestes momentos, se están construindo 1.500 pisos, a unha media de 4 persoas, son un total de 5.800 persoas e de ahí o deber desta concelleira de solicitar unha praza pública, que polo menos se inclúa no Plan Xeral que agora xa está en marcha, así como unha biblioteca pública sabendo que o que se está facendo é recordando a lei que asegura ós veciños estes servizos mínimos.”-----

O Sr. Alcalde manifesta que o grupo de goberno vai seguir na mesma postura.---

A Sra. Bugallo Rodríguez manifesta que se felicita porque esta é a primeira vez que se tratan recursos de reposición da legalidade, e di que espera que esto marque un precedente de como se debe traballar. Di que o grupo municipal do BNG está de acordo co recurso, e manifesta que a cuestión é que calquera persoa que estea implicada directamente ou a través de familiares directos, debe saír, e que xa se tén feito noutras ocasións.----

O Sr. Parajó di que este “Plan Alba” se presentou como moción de urxencia e que foi rexeitado polo voto de calidade, e que non se trouxo ó seguinte pleno, como se fixo con outros asuntos.-----

Sometido a votación, o recurso, por dez votos a favor (dos Sres. Blanco Martínez, Castroagudín Valladares, Cajaraville Campos, Ouro Calvelo, Mata Iglesias, Aller Suárez, Fandiño Pazos, Neira Picallo, Filloy Villar e Fernández Fernández), e sete en contra (dos Sres. Parajó Liñares, Hombre Eiras, Tallón Mesías, Noriega Sánchez, e das Sras. Blanco Fernández, Bugallo Rodríguez e Amieiro Rodríguez), resulta desestimado.---

8.- PLAN CONCERTADO .- O Sr. Alcalde manifesta que o grupo de goberno reuniuse e que están coa reestructuración dos servizos sociais, e que queren sacala folla onde pón “perxudicial dos servizos sociais”, que é a primeira folla, sen perxudicar para nada o plan. -----

O Sr. Secretario di que o tema foi a comisión, e que os distintos grupos quedaron en posicionarse no pleno.-----

O Sr. Hombre pide a palabra por unha cuestión de orde e pregunta se o organigrama queda tamén pendente. Respóndelle que si.----

O Sr. Noriega toma a palabra e di que espera que non se siga a liña dos últimos meses. O Sr. Alcalde preguntalle que pasou, e o Sr. Noriega di que o Sr. Alcalde saberá. Manifesta que coma sempre trae un tema de importancia que necesita da aprobación do pleno cando o prazo está a punto de rematar, e que pón así ós grupos da corporación na disxuntiva de apoiar o plan concertado ou perde-la posibilidade de optar ás subvencións de servizos sociais. Di que a eso se lle chama chantaxe e que non é a primeira vez que o fai. O Sr. Alcalde dille que os concelleiros do BNG din a todo que non , e que entón para que se rompa a cabeza. O Sr. Noriega pídelo que faga memoria histórica, e que foi o Sr. Alcalde o que de maneira sistemática dixo que non. Di que segundo o artigo 21.1, apartado f) da Lei 4193 , lle corresponde ós concellos a creación e regulación dos consellos locais de servizos sociais. Di que o artigo 42.1 desta lei define ó consello como un órgano de asesoramento e participación constituído por representantes das entidades locais, sindicatos, empresarios e colectivos veciñais. Manifesta que este consello debe constituírse e que debe selo que decida , co apoio técnico necesario, as necesidades en servizos sociais no momento de solicitar subvencións. Manifesta que para esta convocatoria é tarde xa , pero que o BNG se compromete a que o consello se constituía e marque directrices. Di que seguramente o grupo de goberno non terá un modelo de servizos sociais para o concello, aínda que di que teñen certas prioridades, como as excursións, que non llas toquen. O Sr. Alcalde preguntalle a onde queren ir eles. O Sr. Noriega di que os servizos sociais representan un concepto máis amplo, e di que queren que con ese consello, entre todos se marquen as directrices, e que é unha falta de respecto traer isto ó pleno cando vai acabar o prazo.---

O Sr. Parajó di que quere saber cantos cartos se deron o ano pasado para excursións. O Sr. Alcalde dille que non ten datos aquí, que os tén abaixo. O Sr. Parajó manifesta que cre que non deron nin un peso, e que o Sr. Alcalde di que saen gratis. Pregúntallo ó Sr. Secretario e este di que non o sabe. O Sr. Parajó cédelle a palabra neste punto ó Sr. Hombre. Este manifesta que un tema como o Plan Concertado debe ser traído con tempo suficiente, e que debe haber un consello regulador. Manifesta que lle gustaría facer algunhas puntualizacións. Refírese ó parágrafo segundo e pregunta canto ten pensado o grupo de goberno destinar nos orzamentos para os servizos sociais. O Sr. Alcalde respóndelle que normalmente é o 6% do presuposto o que hai que invertir nos servizos sociais, e di que se lle deu autonomía suficiente a servizos sociais para realizar algunhas inversións, e que normalmente nunca se chega ó 6%. O Sr. Hombre dille ó Sr. Alcalde que seguramente non descoñece que a Lei 4/93 obriga a que como mínimo hai que invertir-lo 6% do presuposto, e que para servizos especializados, como son as excursións lle

concederon trescentas cincuenta mil pesetas con cargo ó proxecto presentado no ano 2.000, e que sumando o que son os servizos sociais primarios, que son 18.939.288 pesetas, máis o total presentado en especializados, que son, coas axudas de convenios, uns corenta millóns que se pretenden invertir en servizos sociais este ano, e di que queda un remanente, que se o presuposto é prorrogado son cincuenta e catro millóns, e que se é novo son sesenta millóns, polo que queda un remanente duns vinte millóns, polo que manifesta que o Sr. Alcalde non ten excusa para que mañán mesmo dé a orde para facer que se empecen a instala-la calefacción e o

ascensor no centro social, e que lle di por que tén que empezar a funcionar, que é por que no proxecto que se presenta aquí, está referindo os programas á necesidade de que este centro esté funcionando. preguntalle se non sabe a data na que se vai inaugurar, e o Sr. Alcalde dille que non vai tardar. O Sr. Hombre preguntalle cando se poderá poñer en funcionamento o albergue, e o Sr. Alcalde respóndelle que cando a Xunta e o Xacobeo lle digan que o van inaugurar. Di que pensa que está practicamente rematado, segundo as noticias que tén. O Sr. Hombre continúa dicindo que dentro do capítulo de persoal piden un coordinador de programas, e que en todos estes folios o coordinador de programas só aparece na excursión a Portugal, para que asista co persoal e cos maiores, e di que este é o único sitio no que se nomea. Manifesta que lle gustaría que lle definisen cales van se-las funcións deste coordinador de programas. O Sr. Alcalde manifesta que, como xa dixo anteriormente, esta folla queda fóra, porque se vai facer unha reestructuración completa, tanto dunha cousa como da outra. O Sr. Hombre manifesta que lle choca que non se renove o contrato de colaboración coa Fundación Paideia, e o Sr. Alcalde respóndelle que cre que foron eles os que mandaron a dicir que non querían máis convenio, e di que non quere mentir. preguntallo ó Sr. Secretario e este di que efectivamente foron eles. O Sr. Hombre di que vai entrar agora no específico dos programas que se presentan, e manifesta que este servizo está destinado para os quince mil habitantes de Teo, e que só se regula que os atenda unha traballadora social tres días á semana, cumprindo coas funcións de orientación, xestión e tramitación de servizos. Di que para xestión e tramitación de recursos se lle asigna, cando non teña que facer visitas domiciliarias, un día á semana, e que o outro día que lle queda se destina a coordinación con outros programas que estean en marcha. Manifesta que isto claramente difire de como se viña facendo, e di que non ve que esta carga de traballo vaia repercutir nunha mellor xestión, senón acaso en todo o contrario. O Sr. Alcalde reitérase en que isto queda pendente. O Sr. Hombre di que estamos a mediados de febreiro, e que estamos falando de algo que tería que funcionar de xaneiro a decembro. Di que é curioso no programa de “Axuda no fogar”, no apartado de “Detección, Valoración e Diagnóstico”, como se reflexa o actuar no noso concello, con eso de “mando e decido”, sen oír nin atender indicacións. Di que as palabras “valorar en conxunto”, para o grupo de goberno, non se teñen en conta. Di que se unha traballadora social atende un caso concreto, e que se estima que se deben practicar actuacións especiais, perde o seguimento do caso, por quedar en mans do responsable do servizo, que pode decidir que se lle dé o caso a outra persoa, e que faga o “mando e decido”, e que se a unha persoa lle gusta ese tema, o colla, e di que pregunta se non se contempla a posibilidade de valorar en conxunto e non ter que cambia-lo interlocutor co veciño que demanda un servizo concreto. O Sr. Alcalde dille que todo eso está na planificación que se vai facer. O Sr. Hombre pide que se faga canto antes, e que cos obxectivos específicos, funcións, actividades, detección,, valoración e diagnóstico e prioridades de atención que tén este programa atopamos que o persoal que se asigna a este son as auxiliares da cooperativa de axuda a domicilio, e di que isto o considera ó seu entender como un erro, e dille ó Sr. Alcalde que decida se persoas alleas a aquelas ás que temos tanto que agradecer deben levar esto adiante. Di que no proxecto de “Apoyo á convivencia familiar”, no apartado de “Distribución do tempo”, destina vinteoito

horas por semana para a educadora familiar. Di que si se recoñecen uns sesenta casos atendidos durante un ano, o cal nos dá unha adicación por familia, posto que di que cada caso é unha familia de x número de persoas, de apenas vinte e catro horas ó ano, e que estas horas saen de multiplicar logo cincuenta semanas or vinte e oito horas, e dividilo entre o número de casos atendidos. Di que centrándose no programa, cos distintos apartados que téñen, e o dificultoso de resolver satisfactoriamente os mesmos, e di que para que se faga unha idea, nunha familia co pai drogadicto, a nai alcohólica, e os fillos desatendidos, se está adicando media hora escasa por familia. O Sr. Alcalde dille que cre que eso non é así, xa que non é igual a práctica que a teoría, e que se atende a toda a xente que o necesita. O Sr. Hombre manifesta que esto nos deixa ver que a planificación é, se non venenosa, si que é un reto para a profesional, e que non dubida que vaia a cumprilo, pero que o Sr. Alcalde lle está a poñer trabas, que non dubida da profesionalidade das persoas que atenden os servizos sociais, aínda que manifesta que con apenas media hora por familia e semana, vai ser difícil obter resultados. Di que á traballadora social se lle asignan dez horas, e que non esquezamos que xa téñen comprometidos martes, mércores e venres con atención ó público, e un día a visitas domiciliarias e xestión, e que con esas dez horas xa temos ocupado o día que se lle asigna á coordinación con outros programas, e que se lle meten dúas horas extraordinarias cada semana. En canto ó proxecto de “Reciclaxe de roupa”, di que cre que ese é un proxecto que se desenvolve fóra de horas de traballo, polo cal di que lle gustaría agradecer publicamente a tódalas persoas que o desenvolven altruistamente. O Sr. Alcalde di que está de acordo con ese agradecemento. O Sr. Hombre continúa dicindo que en canto ó proxecto de “Prevenção no ámbito familiar”, está o subproxecto de “Escola Municipal de Pais e Nais”, e di que neste subproxecto ve que falta dentro dos obxectivos específicos un apartado adicado ás novas ensinanzas, pois di que sen dúbida o coñecemento das posibilidades de realizar determinados estudos axuda na orientación que se pretende dar ós fillos. Di que se fala dos proxectos educativos de centro, e que nunca os veu no concello, e di que volve a incidir na creación do consello escolar municipal. O Sr. Secretario di que falta que contesten ás cartas que se mandaron fai tres meses, e que onte contestaron ás primeiras. O Sr. Hombre di que habería que marcar un prazo, e o Sr. Secretario di que el non vai ir polos colexios reclamándoo. Manifesta que se supeditan a maioría dos programas á inauguración do centro social. Reitera que non hai excusas, que queda un remanente de vinte millóns de pesetas. O Sr. Alcalde di que non se está excusando. O Sr. Hombre di que no programa de “Aloxamento Alternativo”, non ten nada que obxectar, a non ser que se siguen xerando máis horas extraordinarias para a traballadora social. Pregunta ó Sr. Alcalde como pretende que se nos conceda nada, se tódolos programas están supeditados ó centro social, e se non se piden as cousas e non hai onde levalas a cabo. O Sr. Alcalde di que si se fixeron as cousas. O Sr. Hombre di que se alegra pola súa afición que se solicite a compra dunha mesa de billar, e di que non dubida que os nosos maiores saberán desfrutar, pero que tamén, e polos tempos que corren, non estaría de máis elaborar un proxecto de informática básica que axude a comprender ós nosos maiores as novas tecnoloxías e INTERNET. O Sr. Alcalde dille que eso vaine orzamento previsto, pero que non só unha mesa de billar, que pón xogos de mesa, e que será o que se queira levar a cabo ou comprar. O Sr. Hombre di que no apartado de excursións cre que a consellería non nos vai dar nada, e manifesta da idoneidade de que se comtemplen neste Plan Concertado. Di que hai outros sotios dentro dos presupostos onde se poderían contemplar, e que posiblemente co apoio de tódolos presentes non habería ningún problema. manifesta que se pretenden tres excursións, unha a Sta. Tecla, outra a Portugal e outra a Andorra, as de Sta. Tecla e Portugal dun día de duración, e a Andorra de seis días. Manifesta que para Sta. Tecla e Portugal se preve levar a plantilla dos servizos sociais máis os voluntarios, o que fai un total de trece persoas, máis os servizos médicos imprescindibles. Di que é consciente de que son trescentas ou catrocentas persoas, e o Sr. Alcalde dille que para un día posiblemente máis. O Sr. Hombre di que o ve ben, que o ve normal, xa que se preve un número razoable de persoas para facerse responsable dunha posible emerxencia, pero que na de Andorra só vai un responsable do servizo e unha traballadora social con cen persoas maiores, e pídelo ó Sr. Alcalde que revise isto, xa que el, que é mestre, di que no

ensino se asigna un mestre por cada vinte nenos, e que se se pón unha persoa mal, non se lle vai dicir ás outras noventa e nove que se queden na habitación mentras atenten a este. O Sr. Alcalde dille que normalmente cando se fai unha excursión, hai unha guía da empresa á que se lle contrata, e que normalmente van dúas persoas con eles, e que no resto das excursións se estimará por parte do Alcalde a xente que os acompañe. Di que de tódolos xeitos a planificación se vai correxir, igual que a folla que xa lle comentou que se ía sacar. O Sr. Hombre dille ó Sr. Alcalde que cre que tén nomeado un concelleiro para servizos sociais, pero que tamén tén nomeada unha comisión de servizos sociais, que debería non só reunirse cando hai que traer unha cuestión ó pleno, senón que di que debería facer unha reunión mensual para o seguimento dos servizos sociais, e do que alí se realiza, e do que se pretende realizar, que se chegue a final do ano e se teña a programación do que se leva feito, e do que se cre necesario para o ano seguinte, e di que non se atopen con que dous días antes ou tres se atopen aquí cun Plan concertado que os obrigue a revisalo a fondo, e que este é un proxecto do grupo popular, que non coincide nas formas, aínda que di que hai moitos programas aproveitables, pero que o plantexamento de como pretenden desenrolalo non é o que se axeitaría o grupo socialista. Di que, de tódolos xeitos, a súa posición neste tema é absterse, e facer fincapé en que esto funcione dunha maneira máis coherente. O Sr. Alcalde dille que levan moitos anos levando isto adiante, pensa que sempre co mellor acerto posible, e que está no seu sentir o seguir facéndoo para os veciños, e que de feito son eles os que o disfrutan. O Sr. Hombre di que cun mínimo de vontade se pode facer moitísimo mellor.----

O Sr. Noriega di que son necesarios os consellos locais de servizos sociais, e que que se leven as cousas adiante non quita que se traian as cousas antes. Di que ó Sr. Alcalde só lle interesan os servizos sociais pola rentabilidade electoral, e que eso non é o fin dos servizos sociais. Manifesta que o grupo municipal do BNG se vai abster porque non poden apoiar unha cousa da que non teñen información suficiente. O Sr. Alcalde dille que ata agora se fixo adecuadamente, que se fixo o que se pudo, e que queren tratar de mellorar, que quedan no tinteiro as matizacións que se fixeron. O Sr. Noriega recórdalle que se citaron artigos da lei de servizos sociais.-----

O Sr. Parajó di que no tema de asuntos sociais hai que colle-lo touro polos cornos, e poñelo a funcionar como é debido. Di que hai que meterse nese departamento e tratar de solucionar-los problemas que hai, e manifesta que o departamento de servizos sociais é un dos máis importantes en calquera concello. Di que antes de trae-lo Plan Concertado hai que lelo, xa que di que o grupo de goberno non o leu, e que por eso agora teñen que andar quitándolle follas.-

O pleno do concello, por dez votos a favor (dos Sres. Blanco Martínez, Castroagudín Valladares, Cajaraville Campos, Ouro Calvelo, Mata Iglesias, Aller Suárez, Fandiño Pazos, Neira Picallo, Filloy Villar e Fernández Fernández), e sete abstencións, (dos Sres. Parajó Liñares, Hombre Eiras, Tallón Mesías, Noriega Sánchez, e das Sras. Blanco Fernández, Bugallo Rodríguez e Amieiro Rodríguez), acorda:-----

1º.- Aproba-la memoria de actividades de servizos sociais comunitarios ou de atención primaria deste concello para o ano 2.001, redactada polo técnico municipal de servizos sociais.-----

2º.-Aproba-la memoria de actividades de servizos sociais especializados deste concello para o ano 2.001, redactada tamén polo técnico municipal de servizos sociais.--

3º.- Solicita-las seguintes subvencións, para os conceptos que se citan:--

a) PARA OS SERVICIOS SOCIAIS COMUNITARIOS (DE ATENCIÓN PRIMARIA):

CONCEPTO	TOTAL	APORTACIÓN CONCELLO E OUTRAS ADMINISTRACIÓN	CONTÍA SOLICITADA
Mantemento do centro sociocultural	3.920.000 ptas	1.960.000 ptas	1.960.000 ptas
Persoal	18.029.894 ptas	4.507.474 ptas	13.522.420 ptas
Programa: Familia e convivencia			
Proxecto: Axuda no fogar	6.000.000 ptas	1.500.000 ptas	4.500.000 ptas
Proxecto: Apoio á convivencia familiar	380.000 ptas	190.000 ptas	190.000 ptas
Proxecto: Reciclaxe de roupa	725.000 ptas	362.500 ptas	362.500 ptas
Programa: Prevención e inserción social			
Proxecto: Axudas de emerxencia social	8.000.000 ptas	4.000.000 ptas	4.000.000 ptas
Proxecto: Prevención no ámbito familiar			
Subproxecto: Escola municipal de pais e nais	560.000 ptas	280.000 ptas	280.000 ptas
Proxecto: Prevención no ámbito educativo			
Subproxecto: “Aplicación de materiais didácticos”	230.000 ptas	115.000 ptas	115.000 ptas
Subproxecto: “Talleres de educación para a saúde”	185.000 ptas	92.500 ptas	92.500 ptas
Subproxecto: Concurso de pintura”Dia sen alcohol”	450.000 ptas	225.000 ptas	225.000 ptas.
Subproxecto: “Avós á escola”	400.000 ptas	200.000 ptas	200.000 ptas
Programa: “Aloxamento alternativo”	2.000.000 ptas	1.000.000 ptas	1.000.000 ptas
Programa : “Fomento da cooperación social”			
Proxecto: “Captación e formación do voluntariado”	900.000 ptas	450.000 ptas	450.000 ptas
Programa: “Investimento”	8.113.628 ptas	4.056.814 ptas	4.056.814 ptas
TOTAIS	49.893.522 PTAS	18.939.288 PTAS	30.954.234 PTAS

b) PARA OS SERVICIOS SOCIAIS ESPECIALIZADOS :

CONCEPTO	TOTAL	APORTACIÓN CONCELLO- OUTRAS APORTA - CIÓN E USUARIOS	CONTÍA SOLICITADA
Programa: “Accesibili- dade e supresión de barreiras”			CONVENIO
Programas Ocupacionais			
Ciclos de conferencias-coloquios	120.000 ptas	60.000 ptas	60.000 ptas
Obradoiros(cromotera- pia e exercicios de memoria, manualidades, debuxo e pintura, teatro e expresión corporal, coro)	1.440.000 ptas	720.000 ptas	720.000 ptas
Xogos de mesa	500.000 ptas	250.000 ptas	250.000 ptas
Ximnasia-Bailes de salón	580.000 ptas	290.000 ptas	290.000 ptas
Cursos de formación			
- Cursos de cociña	1.620.000 ptas	810.000 ptas	810.000 ptas
- Curso de formación xerontolóxica	500.000 ptas	250.000 ptas	250.000 ptas
- Curso “Aspectos socio-culturais de animación e dinamiza- ción vital”	520.000 ptas	260.000 ptas	260.000 ptas
- Cursos de arte floral	530.000 ptas	265.000 ptas	265.000 ptas
- Cursos de encuadernación	900.000 ptas	450.000 ptas	450.000 ptas
Excursión a Sta. Tecla	1.480.000 ptas	740.000 ptas	740.000 ptas
Excursión a Portugal	1.830.000 ptas	915.000 ptas	915.000 ptas
Excursión a Andorra	4.000.000 ptas	2.000.000 ptas	2.000.000 ptas
X Romaría da Xuntanza	3.280.000 ptas	1.640.000 ptas	1.640.000 ptas
IV Día da Nai	3.250.000 ptas	1.625.000 ptas	1.625.000 ptas
TOTAIS	20.550.000 PTAS	10.275.000 PTAS.	10.275.000 PTAS

4º.- Facultar ó Sr. Alcalde - Presidente do concello para continua-los demais trámites do expediente.--

O Sr. Tallón solicita explicación de voto e di que como socialista, cantos máis cartos invirta o concello en servicios sociais, terá sempre o seu apoio, e manifesta que quere facer unha matización. di que veu un día busca-lo Plan Concertado, e que se atopa con que lle dan dúas follas nada máis para estudialo, cando ve que outros compañeiros teñen un dossier moi elaborado e moi extenso. Pregunta se hai tratos de favor ou concelleiros de primeira ou segunda, ou se é que el é un ser despreziable nesta corporación. O Sr. Alcalde dille que se son do mesmo grupo, terano eles, que se pensa que o tén un compañeiro do Sr. Tallón, tamén o terá el. O Sr. Tallón respóndelle que non, e que todos deberían te-la mesma información. Pídelle que non faga concelleiros de primeira e de segunda, e que non faga aínda incluso outros que son seres despreziables. O Sr. Alcalde di que eses serán problemas internos dos membros do grupo do PSOE, e que el non ten a culpa dos males do grupo socialista. O Sr. Tallón di que el tén que decírllo ó seu Alcalde , que é o que manda aquí. O Sr. Alcalde reitéralle que o seu grupo o tén. O Sr. Parajó di que teñen un só, e a Sra. Bugallo di que o BNG non o tén. O Sr. Alcalde manifesta que o Sr. Secretario tería que haberllo dado.-

Non habendo máis asuntos de que tratar rematou a sesión sendo as once horas e cinco minutos, estendéndose a presente acta, que asina o Sr. Alcalde comigo, o Secretario acctal. que certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO ACCTAL.,

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DO
CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DÍA 19 DE FEBREIRO DO 2001.---**

SEÑORES ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Armando U. Blanco Martínez.

Concelleiros:

D. Antonio Castroagudín Valladares

D. Manuel R. Cajaraville Campos

D. Urbano Ouro Calvelo

D. Manuel Mata Iglesias

D. Juan B. Aller Suárez

D. Mario Fandiño Pazos

D. Ramón Fernández Fernández

D. Manuel A. Filloy Villar

D. José Manuel Neira Picallo

D. F. Manuel Parajó Liñares

D. Manuel Tallón Mesías

D^a M^a Angélica Blanco Fernández

D. Miguel A. Hombre Eiras

D. Martiño Noriega Sánchez

D^a M^a Soedade Amieiro Rodríguez

Secretario:

D. Jesús Naveira Vázquez.

Na casa do concello de Teo, a dezanove de febreiro do dous mil un.---

Sendo as trece horas e trinta minutos, e baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Armando U. Blanco Martínez, reuniuse en primeira convocatoria o pleno do concello, con asistencia de dezaseis dos dezasete membros que o compoñen e que se fixan na marxe, a fin de levar a cabo a sesión extraordinaria urxente convocada para este día.-----

Falta sen excusa-la súa asistencia a concelleira D^a Ánxela Bugallo Rodríguez.-----

Asiste o Secretario acctal. da Corporación, D. Jesús Naveira Vázquez.

Pola presidencia declárase sesión pública.-

De seguido pásase a coñecemento e resolución dos asuntos incluídos na seguinte -----

ORDE DO DÍA:

1.- DECLARACIÓN DE URXENCIA. - O Sr. Presidente somete á aprobación do pleno a declaración de urxencia do mesmo.-----

O Sr. Noriega manifesta que o grupo municipal do BNG se vai abster, porque o convenio foi suscrito o luns, e di que xa se falou en moitos concellos, e que non sabe por que

se lles convoca hoxe, cando vai remata-lo prazo.

O Sr. Parajó di que o colle de sorpresa o tema, e que se remata o prazo haberá que decláralo de urxencia, porque non se van perde-los cartos que poidan dar.----

O pleno do concello, por dez votos a favor (dos Sres. Blanco Martínez, Castroagudín Valladares, Cajaraville Campos, Ouro Calvelo, Mata Iglesias, Aller Suárez, Parajó Liñares,

Hombre Eiras, e Tallón Rego, e da Sra. Blanco Fernández), e seis abstencións(dos Sres. Fandiño Pazos, Neira Picallo, Filloy Villar, Fernández Fernández, e Noriega Sánchez, e da Sra. Amieiro Rodríguez), acorda aproba-la declaración de urxencia.-----

2.- SOLICITUDE DE ANTICIPO PARA DANOS CAUSADOS POLO

TEMPORAL .- O Sr. Alcalde dá conta do tema, e pídelle ó Sr. Secretario que dé lectura á segunda valo ración dos danos do temporal.---

O Sr. Secretario manifesta que hai unha primeira valoración do técnico municipal, por un valor aproximado de dous centos trinta e cinco millóns de pesetas, e unha segunda, cun valor aproximado de cinco millóns cincocentas mil pesetas, tamén realizada polo técnico municipal, e que copiada literalmente, di o que segue: “ Enrique Eijo Blanco, arquitecto técnico do concello de Teo, a petición do Sr. Alcalde, = INFORMA= Como continuación da avaliación dos danos do temporal, durante os últimos días ampliouse a contía dos mesmos, que nunha primeira valoración acadan un importe a sumar ós anteriores duns 5.500.000 pesetas, correspondentes fundamentalmente á continuación de danos sobre pavimentos de viais públicos, atascos novamente de canalizacións e sumidoiros, arrastres de pedras, e gravas sobre viais, caída de árbores, etc...” .-----

O Sr. Secretario manifesta que habería que aprobar esta segunda valoración para incluíla coa outra.----

O Sr. Noriega di que o grupo municipal do BNG se vai abster polos mesmos motivos que xa expresou antes.-----

O Sr. Parajó pide que se metan tódalas obras que sexan necesarias, para ver de conseguir máis diñeiro.

O pleno do concello, por nove votos a favor (dos Sres. Blanco Martínez, Castroagudín Valladares, Cajaraville Campos, Ouro Calvelo, Mata Iglesias, Aller Suárez, Parajó Liñares, Hombre Eiras, e da Sra. Blanco Fernández), e sete abstencións (dos Sres. Fandiño Pazos, Neira Picallo, Filloy Villar, Fernández Fernández, e Noriega Sánchez, e da Sra. Amieiro Rodríguez), acorda aprobar esta segunda valoración.-----

O Sr. Alcalde dá conta do convenio marco entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP, que copiado literalmente, di o que segue:” CONVENIO MARCO ENTREA XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA ESTABLECE-LAS BASES DUN SISTEMA DE ANTICIPOS A FAVOR DOS CONCELLOS AFECTADOS POLO TEMPORAL DE DECEMBRO 2000-XANEIRO 2001.= Dunha parte, D. José Antonio Orza Fernández, Conselleiro de Economía e Facenda.= Doutra parte, D. Manuel Cabezas Enríquez, Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias, en adiante FEGAMP, debidamente autorizado por acordo da Comisión Executiva do día 12 de xaneiro de 2000, conforme ó artigo 46.1 aptdo. F dos Estatutos.= EXPOÑEN= PRIMEIRO= Que con motivo dos temporais sufridos pola Comunidade Autónoma de Galicia duran- te os meses de decembro e xaneiro, constituíuse unha Comisión de Seguimento e Avaliación dos danos ocasionados baixo a coordinación da Delegación do Goberno en Galicia, para dar traslado á Administración do Estado dos correspondentes expedientes peritados ó obxecto de recaba-las oportunas axudas.= SEGUNDO.-= A citada Comisión cuantificou inicialmente os danos producidos en bens e servicios municipais nun importe de 16.612.473.362 pesetas, según o seguinte detalle provincial por municipios afectados.-----

PROVINCIA	Nº DE CONCELLOS
A CORUÑA	82
LUGO	38
OURENSE	57

PONTEVEDRA	61
TOTAL	238

TERCEIRO.-= A Xunta de Galicia e a FEGAMP, dado o alcance financeiro que orixinaron os danos ocasionados, que afectan ás capacidades presupostarias da maior parte dos concellos, acordan articular medidas especiais de apoio financeiro da Xunta de Galicia ós concellos que así o soliciten, con arreglo ás seguintes:= CLAUSULAS= PRIMEIRA= A Xunta de Galicia procede á apertura dunha liña de anticipos reintegrables, a tipo cero e por un importe global máximo de 3.000 millóns de pesetas.Os concellos que así o interesen, poderán acollerse a estes anticipos por un importe de ata o 20% da contía que se fixa na certificación da comisión de goberno e do pleno, que forma parte do expediente remitido á Administración do Estado.= No suposto de que a aplicación do 20% supere globalmente a contía de 3.000 millóns, repartirase esta proporcionalmente as contías dos danos dos concellos solicitantes.= SEGUNDA= Os concellos que se acollan ó anticipo sinalado anteriormente, deberán presenta-la solicitude unida da certificación á que fai referencia a cláusula PRIMEIRA e demáis documentación e acordos que se fixan nas cláusulas seguintes, nas dependencias da FEGAMP, sitas en Rúa Varsovia, nº 4C 6ª Planta 15703 Santiago de Compostela, antes do día 20 de febreiro de 2001.= A FEGAMP, unha vez recibida e comprobada a documentación de cada concello, remitiráa antes do 28 de febreiro á Consellería de Economía e Facenda para a súa posterior concesión e abono, que se instrumentará por medio de resolución individual ou conxunta no prazo de 15 días hábiles a partir da entrada .= TERCEIRA= Os anticipos concedidos reintegraranse con cargo ás axudas que lle sexan concedidas pola Administración do Estado, para o cal se precisará que entre a documentación que se presente conste certificación do acordo plenario polo que se autorice o cobro de ditas axudas a través da Xunta de Galicia.= No suposto de que a axuda concedida pola Administración do Estado sexa inferior á contía do anticipo concedido pola Xunta de Galicia ou non se recibise con anterioridade de ó 31 de decembro de 2.001 e ata a súa percepción, a Xunta de Galicia procederá a reducir mensualmente da PIE o importe total pendente de reintegro, en vintecatroavas partes iguais, ó inicio producirase con cargo á PIE de xaneiro de 2002, debéndose adoptalo correspondente acordo plenario a tal efecto, que deberá unirse á solicitude.= Para a instrumentación do indicado no parágrafo precedente, os concellos apertarán certificación do Secretario acreditativa de que a PIE non está ofrecida en garantía alomenos no importe da vintecatroava parte do anticipo. De non ser posible o establecemento desta afectación, a Xunta de Galicia estudiará posibles vías alternativas de garantía propostas por cada concello.=CUARTA= As operacións ó amparo do presente convenio teñen natureza de operación de tesourería e unicamente, no suposto de non se ter autorizado completamente a 31 de decembro de 2001, encontraranse suxeitas ó disposto no Capítulo VII do Título Primeiro da Lei 39/1998, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais.= QUINTA= Créase unha comisión de seguemento integrada por tres representantes da FEGAMP, e tres da Xunta de Galicia, que será a encargada do seguemento e primeira interpretación do presente convenio.=SEXTA= A vixencia do presente convenio exténdese desde o día da sinatura ata a total amortización dos anticipos concedidos, co límite máximo do 31 de decembro de 2003.=SÉTIMA. Solución de controversias=As controversias que poidan surxir respecto da interpretación ou defectos no presente convenio, serán resoltos pola Comisión de Seguemento previsto na cláusula QUINTA, por unanimidade dos seus membros. Correspondendo á xurisdicción contencioso-administrativa o coñecemento dos litixios que se poidan derivar.”-----

O Sr. Noriega di que cando se fixaron os daos do temporal, se fixo comisión informativa, e que logo a corporación votou unanimemente. Di que existe unha falta de información, e que esto responde como sempre a unha dinámica do chantaxe. Manifesta que

noutros concellos xa fixeron esto a semana pasada. Di que se fala dun crédito de 40 millóns de pesetas, e que se conta con que o Estado dé cartos, que senón hai que devolvelos todos. Di que este é un tema suficientemente serio como para que se lles dé información e poidan posicionarse. Di que o Sr. Alcalde non conta con eles para nada.-----

O Sr. Parajó di que tal e como están os concellos, tamén o noso é un desastre, e que hai que reparalo, e manifesta que se debería haber dado información. Di que como este diñeiro é necesario, é unha pena perdelo. Di que está de acordo con solicitalo, e manifesta que espera que o Estado, que xa falou dunha axuda, nos dé algo.-----

O Sr. Noriega pregunta en que se van empregar os cartos, e o Sr. Alcalde respóndelle que nos sitios máis urxentes, en aqueles lugares onde romperon as carreteras, onde hai danos máis grandes. Manifesta que se fará o que se poida. O Sr. Noriega dille ó Sr. Alcalde que puido informalos, e que se están a celebrar varios plenos cada mes, e que lles di que non puido convocar comisións. O Sr. Alcalde di que non sabe cando chegou o fax, e que se fixo así porque non se puido facer doutro xeito.-----

O Sr. Parajó pregunta en cando se valoraron os danos, e o Sr. Secretario di que na primeira valoración se falou de aproximadamente douscentos trinta e cinco millóns, e agora se engade esta segunda de cinco millóns e medio.

O Sr. Alcalde di que ata agora se tratou de reparar con zorra, e que se vai tratar de arregla-lo máis grave. O Sr. Parajó manifesta que a Deputación falara que iba adiantar cartos, e o Sr. Alcalde di que cre que serán uns cinco millóns a cada concello, pero que non falon nada máis.- O pleno do concello, por nove votos a favor (dos Sres. Blanco Martínez, Castroagudín Valladares, Cajaraville Campos, Ouro Calvelo, Mata Iglesias, Aller Suárez, Parajó Liñares, Hombre Eiras e da Sra. Blanco Fernández), seis abstencións (dos Sres. Noriega Sánchez, Tallón Mesías, Fandiño Pazos, Neira Picallo, Fernández Fernández, e da Sra. Amieiro Rodríguez), e un en contra (do Sr. Filloy Villar), acorda aprobar este punto.-----

O Sr. Filloy solicita explicación de voto e di que non hai prioridades, e que non se lles di en que se van gastar os cartos, e que se se van malgastar, e non fan nada, que el ten a obriga, por responsabilidade, de dicir que non.-----

O Sr. Noriega manifesta que quere deixar patente que a televisión local non acudiu a retransmitir este pleno, e debería telo feito.-----

Non habendo máis asuntos de que tratar rematou a sesión sendo as trece horas e corenta e cinco minutos, estendéndose a presente acta, que asina o Sr. Alcalde comigo, o Secretario acctal. que certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO ACCTAL.,

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO
LUGAR O DÍA 22 DE FEBREIRO DO 2001.**-----

SEÑORES ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Armando U. Blanco Martínez.

Concelleiros:

D. Antonio Castroagudín Valladares

D. Manuel R. Cajaraville Campos

D. Urbano Ouro Calvelo

D. Manuel Mata Iglesias

D. Juan B. Aller Suárez

D. Mario Fandiño Pazos

D. Ramón Fernández Fernández

D. Manuel A. Filloy Villar

D. F. Manuel Parajó Liñares

D. Manuel Tallón Mesías

D^a M^a Angélica Blanco Fernández

D. Miguel A. Hombre Eiras

D. Martiño Noriega Sánchez

D^a Ánxela Bugallo Rodríguez

D^a M^a Soedade Amieiro Rodríguez

Secretario:

D. Jesús Naveira Vázquez.

Na casa do concello de Teo, a vintedous de febreiro de dous mil un.-

Sendo as vinte horas, e baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Armando U. Blanco Martínez, reuniuse en primeira convocatoria o pleno do concello, con asistencia de dezaseis dos dezasete membros que o compoñen e que se fixan na marxe, a fin de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Escusou a súa asistencia o concelleiro D. José Manuel Neira Picallo.---

Asiste o Secretario acctal. da Corporación, D. Jesús Naveira Vázquez.-

Pola presidencia declárase sesión pública, pasándose de seguido a coñecemento e resolución dos asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- O Sr. Presidente inquire se algún dos Sres. edís presentes desexa formular observacións ó borrador da acta da sesión que tivo lugar o día 9

de febreiro pasado, que foi distribuído coa convocatoria da actual.

O pleno do concello, por unanimidade dos dezaseis membros asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda aprobalo tal como foi redactado, e que se rexistre no libro correspondente.

2.- MOCIÓN DO B.N.G. SOBRE A COMPOSICIÓN DAS MESSAS DE CONTRATACIÓN E COMISIÓNS XULGADORAS.- O Sr. Noriega dá lectura á moción do BNG sobre “A composición das mesas de contratación e comisións xulgadoras”, que copiada literalmente, di o que segue: ”MOCION SOBRE A COMPOSICIÓN DAS MESSAS DE CONTRATACIÓN E COMISIÓNS XULGADORAS PARA CUBRIR POSTOS MUNICIPAIS NA PRESENTE LEXISLATURA=Considerando= Que segundo o artigo 64, apartado g, da Lei de Administración local de Galicia,(Lei 5/1997 do 22 de xullo) corresponde ó Pleno do Concello contratar obras, servicios e abastecementos no caso de que a súa contía exceda da que lle está permitida ó Alcalde ou á comisión de Goberno.=Que segundo o mesmo artigo, apartado k, o Pleno do concello ten a exclusiva atribución para aproba-las bases das probas para a selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo. = Que o sistema adoptado na actualidade non posibilita que tódolos grupos políticos sexan garantes da transparencia e xustiza que deben guiar estes procesos.= O Grupo Municipal do BNG PROPÓN a adopción do seguinte acordo: Que con independencia das consideracións concretas referidas ó necesario asesoramento técnico que o pleno do concelloadopte en cada caso.=A composición de representatividade política de cada unha das mesas de contratación de servicios e obras nas que o concello figure

como contratante(que non sexan de competencia exclusiva do Alcalde ou da Comisión de Goberno), así como a composición das comisións encargadas de valora-los procesos selectivos para cubrir postos de persoal contratado polo concello en calquera das súas variantes, esté formada por:=- O Alcalde ou persoa en quen delegue=- 2 representantes do grupo de goberno=- 1 representante de cada un dos grupos políticos da oposición.”-----

O Sr. Noriega manifesta que presentan esta moción porque no anterior pleno non se aprobou a vía de urxencia desta iniciativa, e que non se debatiu. Di que os argumentos seguen sendo os mesmos, e que se resumen en un, a transparencia nas contratacións. Manifesta que non debería pasar nada porque mas mesas de contratación houbera un membro de cada partido da oposición. Di que non debería pasar nada salvo que o grupo de goberno teña medo a que se coñeza o seu mecanismo dixital de contratación.

O Sr. Parajó manifesta que está de acordo co tema da transparencia, e que pensa que a debe haber nas contratacións, e di que o grupo municipal do Partido Popular debe ter tres máis o Alcalde ou persoa en quen delegue,do PSdeG-PSOE debería ter dous representantes, e un o BNG, que entón apoiarian a moción.

O Sr. Alcalde di que transparencia sempre a houbo, pero que non ten inconvinte en asumir-la moción, nin os cambios propostos polo Sr. Parajó.

O Sr. Noriega tamén manifesta que está de acordo cos cambios propostos.-

O pleno do concello, por unanimidade dos dezaseis asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda aprobar esta moción.

3.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A RENOVACIÓN DUNHA

TRABALLADORA .- O Sr. Noriega manifesta que en nome do BNG anuncia que van retirar este punto da orde do día, non sen antes face-la seguinte valoración: di que se alegran moitísimo de que esta situación se teña solucionado porque di que é de xustiza. Di que a non renovación de contrato desta traballadora non tiña xustificación laboral posible. Dille ó Sr. Alcalde que os motivos para a súa rectificación nin el mesmo os cre. Di que os verdadeiros, como que esta iniciativa posiblemente fora a ser aprobada, que a traballadora tivera tódalas de gañar no seu recurso en Maxistratura, e que a algún membro do equipo de goberno lle pesara demasiado a mala conciencia, tampouco lles importan. Manifesta que o importante é que esta traballadora sigue no seu posto de traballo porque di que é de xustiza. Di que tamén lles gustaría aproveitar esta ocasión para pregarlle ó Sr. Alcalde que nunca máis, que non se pode andar pola vida co único lema de “comigo ou contra min”. Dille que a maneira que tén o Sr. Alcalde de actuar e chama abuso de poder, e que os veciños non o votaron para eso. Manifesta que os malos días que pasou a traballadora ninguén llos quita.Di que desde o BNG están fartos da falta de ética e do comportamento do Sr. Alcalde. Di que menos mal que esta vez foi un “caciquismo interruptus”.

O Sr. Alcalde manifesta que con data 22 de xaneiro de 2.000, se convoca unha praza de auxiliar administrativo de duración determinada cun prazo máximo dun ano.Di que realizadas as probas selectvas resultou seleccionada Dª Margarita Portela Bareiro, firmando o contrato o día 22 de febreiro de 2.000, e que con data 5 de febreiro recíbese no concello a notificación de fin de contrato da traballadora Margarita Portela Barreiro, nas mesmas condicións que sempre se recibiron dos outros traballadores ós que lle finalizou o contrato.Di que con data 6 de febreiro se lle notifica á traballadora o fin do contrato. Manifesta que a alcaldía entendeu no seu momento, que se fixaron unhas bases para un contrato dun ano e que este tiña rematado, e que era correcta a

notificación do fin do mesmo. Manifesta que ante as alegacións presentadas polos distintos grupos, a Alcaldía decidiu consulta-lo tema xuridicamente, e que para poder informar xuridicamente a cuestión se lles requeriu o contrato de traballo que se tiña firmado no seu momento. Manifesta que a copia do citado contrato se recibiu no concello ás 18:52 horas do día 20 de febreiro . Di que o día 21, dándolle traslado ó asesor xurídico do concello, este informou que o contrato está vinculado ó Plan Concertado asinado por este concello no ano 1.995 e que o correcto é anula-la notificación de fin de contrato respetando as condicións do xa firmado no ano 2.000. Manifesta que neste momento se lle notificou á traballadora o anulamento do fin de contrato que s elle notificara, deixándoa nas mesmas condicións reflexadas no contrato suscrito inicialmente. Dille ós Sres. da oposición que aquí teñen os papeis, e que se a el lle pasan un fin de contrato, que el o firma, que despois lle piden o contrato, e que se ve que está vinculado ó Plan Concertado, polo que se lle notifica o erro á traballadora. O Sr. Noriega di que fixo a explicación de porque retiraron a moción, e que non agardaba que o Sr. Alcalde contestase. Dille ó Sr. Alcalde que el mesmo non se cre unha palabra do que está dicindo, despois de todo o que se viviu nestes días. O Sr. Alcalde dille que os concelleiros do BNG nunca miraron os contratos de ninguén. O Sr. Noriega dille que o luns tiveron unha comisión informativa na que o grupo de goberno xustificou a medida, cando a esta se lle renovaba automaticamente. Di que había un informe xurídico xustificando a continuación e que agora desapareceu. O Sr. Parajó di que xa falon todo o Sr. Alcalde e o Sr. Noriega, e que se retira a moción, el tamén quere dicir algo. Di que, en primeiro lugar, non se pode medi-lo que pase no departamento de Servicos Sociais con represalias para os traballadores. O Sr. Alcalde di que eso non vén o caso, e o Sr. Parajó di que correxido esto, quere dicir que o PSdeG-PSOE tivo un papel importante, e que o vai expoñe-lo Sr. Hombre. Este toma a palabra e di que os Servicos Sociais empezaron a funcionar no ano 90, aínda que foi realmente no ano 91, xa que non había cartos. Di que no ano 91 dan setecentas mil pesetas para tódolos conceptos, e que no ano 92 se renova a solicitude e a subvención do Plan Concertado, que ascende a un total de corenta e oito millóns de pesetas aproximadamente, destacando catro millóns seiscentas mil pesetas no capítulo de persoal. Di que no ano 93 se solicitou o Plan sobre vinteseite mil oitocentas pesetas, e no cadro de persoal vólvese a repetir con catro millóns seiscentas mil pesetas. Di que no ano 94 se pediron vintecinco millóns, e o capítulo de persoal ascendeu a seis millóns e medio de pesetas, momento no que s e contempla o incremento de persoal deste departamento. Di que o pleno do concello, en sesión celebrada o 31 de agosto aproba o convenio de colaboración porque ata ese momento se estaba rexindo pola Lei de Servicos Sociais. Di que curiosamente nun pleno celebrado o 29 de decembro de 1.995, se presentou unha cousa que lle chocou. Di que se aprobou por unanimidade a prórroga do contrato de auxiliar do departamento , acordo que di que reflicte que a plaza está subvencionada no 75% pola Consellería de Familia e no 25% restante polo concello. Di que non se entendía moi ben por que s elevara ó pleno esta cuestión, pero que cando foi mira-los contratos da traballadora, se detectou claramente que ata o asinado o 22 de febreiro de 2.000, non se recolle a cláusula adicional que liga o posto de traballo co Plan Concertado, cláusula que di que xa debería ter estado incluída no contrato inicial da traballadora, posto que dependía do Plan Concertado. Manifesta que consecuencia de todo eso, é que, no ano 97, cando se celebrou a oposición, non se debería ter celebrado, porque non había ningún motivo nin ningunha causa de rescisión de contrato, xa que non remataran as funcións polas que esta traballadora fora contratada. Di que tamén quería sulñar, para que todos o saiban, que o resto do persoal deste departamento se atopa na mesma situación, polo que di que non é necesario que cada tres anos se anden facendo oposicións para estes temas.

O Sr. Parajó di que quere que conste que tamén é certo que o contrato o mandou pedir o PSdeG-PSOE.

4.- MOCIÓN DO BNG SOBRE GAS GALICIA .- O Sr. Alcalde manifesta que se vai produci-la comparecencia dunha persoa neste punto, segundo se aprobou no Regulamento de Participación Veciñal, e que tódolos portavoces estiveron de acordo en autoriza-la comparecencia.-----

Neste momento toma a palabra D. Ángel Rey Martínez, en nome dos veciños dos Tilos, e di que quere, en primeiro lugar, agradecer que se lle permita realizar esta intervención, e tamén que se aprobase o Regulamento de Participación Veciñal, que permite actos coma este. Di que vén para denunciar un erro que cometeu fai dezasete anos outra corporación, que contravindo o que era o Plan Parcial dos Tilos autorizou, entón que se dixo que con carácter provisorio, a instalación das redes telefónicas mediante cableado aéreo, cando o Plan Parcial obrigaba a que foran subterráneas. Di que pasaron dezasete anos, e que a realidade veu a demostrar que aquela provisionalidade é definitiva. Di que hoxe están a vivir un novo erro, esta vez cometida por esta corporación, e que o erro é dividir unha comunidade urbana, un núcleo único, en cidadáns economicamente rentables, e cidadáns economicamente non rentables. Manifesta que se está a falar de considerar que “Gas Galicia”, que é unha empresa de intereses mercantiles, impoña os seus criterios a unha administración que debe ter como finalidade a defensa dos intereses dos seus administrados. Di que se fixo unha importante deixación desa obriga, e que están a paga-las primeiras consecuencias, que son bastante lamentables. Di que hoxe se presenta unha moción que pretende acabar con este erro, e que se pode solucionar, ou que se pode continuar no erro, pero que entón pasará a ser un agrabio, e que se estará agrabiando non só ós veciños dos Tilos, senón a tódolos do concello, porque se lles estará dicindo non á voz da verdadeira necesidade que plantexan os veciños e que hoxe o que se trae non é a proposta dun grupo político, senón dos cidadáns ós que a corporación administra e tén que defender. Di que hoxe a situación se lles antolla difícil. Manifesta que teñen unha carta de “Gas Galicia” para cando necesiten o servizo, e di que uns non poden privar a outros do acceso a ese servizo. Di que esa é a solución lamentable que deron desde o concello. Di que hoxe se presenta a moción dun grupo que uns aceptan e outros desprezan, pero que nos Tilos respetan todos pola súa preocupación polos problemas dalí. Manifesta que a Consellería de Industria deu licencia para Os Tilos, e non para a zana economicamente rentable dos Tilos. Dille á corporación que o que poden facer é apoiar-la moción de cen familias e catrocentas persoas, que queren un servizo que teñen os seus veciños de vinte metros máis arriba, e que non teñen. Di que se optou por criterios de rentabilidade, e que din que é un erro porque queren ser xenerosos con esta corporación, como esta o é con eles ó permitirlle esta intervención, pero di que queren ser igualmente esixentes. Di que dixo antes que se a corporación non adopata unha posición unánime, unha posición positiva, os veciños dos Tilos se sentirán agrabiados, e que en eles se estaría perpetuando no erro, xa que di que hoxe sería a súa voz a que non escoitarían, e que pasaría a ser un agrabio. Reitera que non lles pide que apoiem a moción dun grupo, senón que apoiem ós cidadáns, que entenden que ter unha infraestrutura como é a do gas nas casas é importante, porque é importante para algunhas das familias, e que ter un servizo que se define como do século XXI, que é a rede de fibra óptica é unha necesidade hoxe, e que non é un capricho, e que desde logo é incomprendible que se poida deixar unha zona dunha mesma peza única, dun Plan Urbanístico único, aprobado no concello, sinxelamente atendendo a criterios de rentabilidade. Di que é necesario que este concello asuma a obriga de correxir aquel

erro histórico que outra corporación asumiu fai dezasete anos, que foi deixar uns postes telefónicos, que están aínda hoxe teñen o carácter provisorio, cando a propia lei, o propio Plan Parcial aprobado polo concello obrigaba a que foran subterráneos. Di que non quere extenderse máis, e que agradece que se lle permitise esta intervención, e que quere agradecer por adiantado que apoien esta moción, porque di que estarán apoiando a moción de cen familias, e que dalgunha maneira están apoiando a tódalas familias do concello a que presenten as súas iniciativas..----

O Sr. Noriega di que esta moción a vai defender a Sra. Bugallo. Esta toma a palabra e le a moción do BNG sobre “ A actitude a tomar polo concello de Teo coa empresa “Gas Galicia” pola súa actuación no servizo de gas na urbanización dos Tilos”, que copiada literalmente, di o que segue:”MOCIÓN SOBRE A ACTITUDE A TOMAR POLO CONCELLO DE TEO COA EMPRESA "GAS GALICIA" POLA SÚA ACTUACIÓN NO SERVIZO DE GAS NA URBANIZACIÓN DOS TILOS= Independentemente dos traballos que estamos a desenrolar tódalas forzas políticas na recente comisión creada (redacción dunha carta a Consellería de Industria e realización dunha enquisa entre os veciños da parte baixa da urbanización), desde o grupo municipal do BNG estamos convencidos de que a empresa non modificará a súa actuación, e seguirá marxinando do servizo a unha boa parte da urbanización, mentras non se adopten medidas que afecten ós seus intereses económicos.= Por isto, o Grupo Municipal do BNG PROPÓN a adopción do seguinte acordo:= Que se conceda un prazo de 30 días á empresa GAS GALICIA para que inicie as obras de canalización e servizo de gas á parte baixa da urbanización dos Tilos.= Que no caso de que esta demanda non sexa atendida pola empresa, o Pleno do Concello de Teo considera que existe unha actuación de mala fé da empresa, xa que aínda que a licenza concedida polo Concello (con excesiva boa fe) foi para unha primeira fase, a concesión administrativa era para toda a urbanización.= Que neste suposto, e en resposta á actuación premeditada da empresa con claro prexuízo para unha parte dos veciños de Teo, o Pleno do Concello acorda que a Alcaldía debe denegar-la licenza de obra para calquer outro proxecto de distribución de gas que a empresa plantexe no futuro no termo municipal de Teo, en tanto non se corrixa a situación creada.= Que este acordo non impide nin altera ningún outro acordo que, en Pleno ou en Comisión, teñan tomado por unanimidade o conxunto de forzas políticas que conforman a Corporación de Teo.= Que no prazo de tres días se dé comunicación deste acordo plenario á empresa GAS GALICIA para que quede informada das posibles consecuencias do seu proceder.”-----

A Sra. Bugallo di que, en primeiro lugar, quere recordar novamente que a licenza da Consellería foi para todo Os Tilos, e que segundo o Sr. Alcalde esta licenza se deu para unha primeira fase, por asegurar a empresa que faría a segunda fase, e en terceiro lugar, que o que se está aquí plantexando non son as denegacións, senón as conxelacións de licencias ata garanti-la segunda fase. Di que hai un claro incumplimento por parte da empresa, que é un caso de mala fé, e que consideran que para a concesión de licencias, a comisión de goberno tería dereito a non conceder novas licencias se a empresa non solicita esa segunda fase, e que non é negar licencias porque sí, senón de condicionar a concesión de novas licencias a que a empresa cumpla antes e solicite a licenza para a segunda fase da urbanización dos Tilos----- O Sr. Alcalde di que o grupo de goberno nunca dixo de parti-los Tilos, e que se lles deu a licenza parcial porque así o pediron e así presentaron os proxectos, que a licenza é legal, e que sempre se estivo ó lado da asociación de veciños nas negociacións con Gas Galicia, Telefónica e “R”, que houbo varias reunións aquí, e que estiveron presentes o presidente da asociación de veciños, algún concelleiro, e el mesmo. Di que sempre se tratou o gas e “R” para abaixo. Manifesta que despois deso se fixeron escritos para Industria e “Gas Galicia”, e que logo se formou a comisión con tódolos grupos, catro do PP, dous do PSOE e un do BNG. Di que se fixo unha reunión para facer unha

encosta, por medio da asociación de veciños, e di que en eso se está agora. Di que chamou a tódolos sitios en presenza dalgún concelleiro, e di que lle mandaron un dossier con información e con tódalas encuestas desde Gas Galicia, e que despois lle mandaron unha carta persoal do Director de Gas Galicia, á que dá lectura, e que copiada literalmente, di o que segue:” Estimado Sr. Alcalde:=Insistir, en línea co dossier que lle remitimos sobre as actuacións de Gas Galicia respecto a este asunto, no noso interese por facilita-lo suministro de gas natural ás vivendas unifamiliares da Urbanización Os Tilos, sempre que se constate a predisposición dos propietarios a contar con gas natural, situación que ata o momento e a pesares das encostas enviadas a ditos propietarios, no se ten podido certificar.= Sen embargo, de acordo coa Lexislación actual (Decreto 2913/1973 art. 39) ó que dalguna maneira parece referirse a moción aludida, poderían determinarse desde a Administración as aportacións dos propietarios ó proxecto da correspondente rede e acometidas de gas natural co obxectivo de conseguila súa viabilidade.=Consideramos que esta situación no debe potencia-la negativa a conceder outras licencias desde o Concello de Teo a Gas Galicia para facilita-lo suministro de gas natural a persoas ou entidades que nos demanden de forma fehaciente a enerxía que distribuimos.”

O Sr. Alcalde cédelle a palabra ó portavoz do grupo popular, que dá lectura á postura do grupo de goberno sobre o asunto, e que copiada literalmente, di o que segue:”A actual Lei do Gas, de 15 de maio de 1987, reserva a favor do Estado e no seu caso das Comunidades Autónomas, o servizo público do gas, rompendo a longa tradición histórica que daba tal atribución ós concellos.=A actuación Municipal, en principio, queda constringida á concesión das licencias correspondentes ás súas instalacións de almacenaxe e distribución, en tanto que a concesión para a prestación do servizo, corresponde á Xunta de Galicia, quen por Orde de 14 de xaneiro de 1994 a otorgou a GAS GALICIA SDG S.A.= Procede por tanto examina-la concesión administrativa para determinar se a non instalación da rede de suministro nunha zona da urbanización supón o incumplimento das cláusulas concesionais.=Examinada-las condicións da concesión, nada se expresa respecto a exclusión de zonas dentro do ámbito do concello, polo que, ó tratarse dun servizo público, non parece que exista razón legal algunha para excluír do suministro a lugares determinados.= Certo que ó tratarse da implantación dun novo servizo, a rede terá que realizarse por fases, e que lóxicamente estas terán que atender prioritariamente ós núcleos de maior poboación sen que quede ó arbitrio do concesionario o dotar ou non de suministro a unha zona.= En canto ó outorgamento de novas licencias, estas terán que outorgarse, xa que se trata de actos regrados, isto é, que haberá que concedelas sempre que se axusten ó ordenamento xurídico, sen que se poidan denegar en base a outros razoamentos.=Como é a Xunta de Galicia a que outorgou a concesión, é á propia Xunta á que corresponde determina-lo seu cumprimento, e, consecuentemente, considérase que se lle debe plantexa-lo problema a fin de que adopte a resolución que en dereito proceda.= A non concesión de novas licencias ou a paralización das actualmente concedidas, unicamente causaría perxucios ós propios veciños de Teo.”-----

O Sr. Alcalde dá lectura a un informe xurídico, que, copiado literalmente, di o que segue:”Polo Alcalde do concello de Teo solicítase dictáme respecto a se se pode denegar unha licenza de obras, o proxecto da cal cumpla a normativa urbanística, con fundamento na discrecionalidade da administración, é dicir, por causas alleas ó propio contido da licenza.=Lexislación consultada:=• Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de

Réxime Local.=• Lei 5/97 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.=• Lei 1/97 de 24 de marzo do Solo de Galicia.=• Regulamento de Servicios das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.=• Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, aprobado por R.D. 2568/1986 de 28 de novembro.= Dictame= As licencias urbanísticas esixidas para realiza-los actos de edificación e uso do solo que enumera o artigo 168 da Lei do Solo de Galicia, configúranse na xurisprudencia como actos administrativos que se limitan a verificar se concorren as condicións previstas no ordenamento urbanístico. Presuponse, por tanto, a existencia dun dereito, se ben o seu exercicio axústase a esta verificación previa do cumprimento dos requisitos esixidos para o seu válido exercicio.=Esta Doctrina reiterase na máis recente xurisprudencia do Tribunal Supremo, da que entre outras podemos cita-la de 7 de outubro de 1988:="...a licenza é un acto administrativo que non confire dereitos, senón que se limita a outorgar autorización para realizar un acto permitido, con vistas a controlar se se cumpren ou non as condicións requiridas por normas urbanísticas preexistentes, disposicións ás que os concellos haberán de axustase o dobre senso de ter que denega- las licencias de obras que se opoñan a tales disposicións e ter que concede-las que ás mesmas se acomoden, non tratándose pois dun poder discrecional da autoridade municipal senón reglado e así cando se demostra que non existe o fundamento en que basou o concello a súa negativa do permiso, tén o interesado dereito a que o mesmo se conceda, é dicir, a Administración non é libre para decidir se otorga ou non unha licenza, senón que debe aterse á normativa urbanística propia da súa competencia, e sen que sexa lícito modifica-lo contido das licencias en previsión de futuras disposicións legais ou regulamentarias, debendo outorgarse ou denegarse as licencias".= No mesmo senso as de 25 de xullo, 25 de setembro, 29 de setembro e 26 de decembro 1989, 4 e 30 de xaneiro e 17 de abril de 1990, e 20 decembro 1991.=Como sinala o Profesor García de Enterría, atopámonos ante unha potestade reglada no exercicio da cal as facultades da Administración redúcense á constatación do suposto de feito legalmente definido de maneira completa e a aplicar en presenza do mesmo o que a propia Lei determinou agotadoramente, que non deixa lugar a resquicio a xuízo subxectivo algún, salvo á constatación ou verificación do suposto mesmo para contrastarlo co tipo legal. A decisión en que consista o exercicio da potestade é obligatoria en presenza de dito suposto e o seu contido non pode ser configurado libremente pola Administración, senón que debe limitarse ó que a propia Lei tén previsto sobre ese contido de modo preciso e completo. Opera aquí a Administración dunha maneira que podería chamarse automática.=Por tanto a Administración municipal non pode denegar unha licenza urbanística, se o proxecto se axusta ás determinacións do ordenamento aplicable, e se solicita conforme ó procedemento establecido.”

O Sr. Alcalde di que o grupo de goberno fai e segue facendo tódolos trámites para que Gas Galicia leve o gas ós chalets. Di que non se poden negar licencias, e que están cunhas negociacións, alteradas por unha moción. Manifesta que os distintos grupos poden actuar nesa comisión como crean convinte. Di que están sempre de man coa asociación de veciños e cos veciños, e que non sabe por que esa comisión non segue as directrices que se fixaran. Di que nas reunións que se mantiveron estivo presente o Sr. Filloy, e que fixo as chamadas pertinentes, polo que non lle parece normal aceptar unha moción que non é legal, que se entraría en prevaricación. Manifesta que o grupo de goberno está para o que faga falla, para o que a comisión decida.-----

O Sr. Parajó di que , en primeiro lugar, está dacordo en que os veciños dos chalets poidan ter gas e “R”, e que non poden aceptar unha moción que tén algo que non é legal. Di que en outro pleno se falou de facer unha comisión, e que se fixo, que se comezou a traballar e que o seu grupo se vai abster para que a comisión poida face-lo seu traballo como é debido.-----

O Sr. Filloy di que a comisión se formou e traballou, e que tén xa parte do resultado, que faltan algunhas casas por contestar. Manifesta que se quedou en pedir un informe xurídico, e que o informe lido non di nada, porque fala dos actos para a concesión dunha licenza. Di que se necesita outra cousa, que se lles diga como nos podemos defender dunha empresa que tén un servizo en réxime de monopolio. Di que se é legal ou non, non lle saca o sono, e que quere que lle digan que medio legal teñen os veciños para defenderse dun monopolio que por razóns económicas lles dá ou lles quita un servizo, e que a administración local está para algo máis que para poñer-lo hombreiro para que os veciños choren, e dicirlles que se está con eles. Di que se lles debe dicir que poden facer para defenderse. O Sr. Alcalde reitérase en que houbo xuntanzas, nas que estivo o Sr. Filloy. O Sr. Filloy di que se conseguiu moito, que unha parte da urbanización esté solucionada, e di que el vai poñer empeño en que se solucione a outra parte, e di que espera a mesma colaboración por parte de todos. O Sr. Alcalde dille que el tamén espera o mesmo. O Sr. Filloy di que isto é para os veciños, e que todos teñen que poñer-lo hombreiro, e facer todo o que poidan, e máis, para que se solucione.-----

O Sr. Parajó di que tén que tomar cartas no asunto a Xunta de Galicia, e o Sr. Filloy dille que sí, pero que tamén a corporación, a través da Xunta e dos tribunais de xustiza, que hai que face-lo que sexa para solucionar-lo monopolio. A Sra. Bugallo di que o BNG aclarou que o tema da mesa para reunirse e falar non tiña por que se-la única solución, e que mantiveron a moción. Manifesta que non descartan outras medidas, e que están lexitimados para defender esta moción. Dille ó Sr. Alcalde que lle parece ben que chame e escriba todo o día, porque a responsabilidade é súa e do seu grupo de goberno, que concederon a licenza partida para unha urbanización, e que se está a discriminar a uns veciños fronte a outros. A Consellería de Industria deu unha concesión única, e dille ó Sr. Alcalde que lles corresponde buscar solucións, e que non o están facendo. Di que o grupo municipal do BNG está canso dos informes xurídicos, e que xa dixo na comisión de urbanismo que se se solicitou un informe xurídico debía ser coñecido con antelación por tódolos grupos. Di que están cansos de informes que parece que veñen a defende-los intereses da empresa. Di que o Sr. Alcalde solicitou información xurídica para ver como non aprobar esta moción. Di que se hai un incumplimento, hai unha vía para non dar unha concesión posterior. Dille ó Sr. Alcalde que se quere defender ós veciños, que o faga, que é o seu erro, xa que concedeu a licenza parcial, e que en vez de solucionar-los problemas, busca argumentos xurídicos para rexeitar esta moción. Pregúntalle como pode dicir que está ó lado dos veciños, cando se teñen firmas dos veciños, e di que a solución que se lle pide non a pode aceptar, e que non tén outra. Pregúntalle por que non solicitou un informe xurídico cando deu a licenza partida, e que o fixo despois para defender á empresa, e manifesta que o Sr. Alcalde os tén anonadados coa súa defensa dos veciños. Dille que se non amaña esto, logo serán outras empresas.-----

O Sr. Alcalde dille á Sra. Bugallo que ela sempre fala do que lle vai ben, e que na súa moción fala de que “a Alcaldía debe denegar-la licenza de obra para calquera outro proxecto de distribución de gas que a empresa plantexe no futuro no termo municipal de Teo, en tanto non se corrixa a situación creada”. Di que el non é quen para non dar unha licenza, que é un acto reglado, e non un capricho do grupo de goberno. A Sra. Bugallo dille que sí, se hai incumplimento. O Sr. Alcalde dille que se para unha urbanización, calquera empresa pide a licenza fraccionada, e está dentro da lei, hai que darlla.---

O Sr. Parajó manifesta que está totalmente de acordo con que os veciños poidan te-lo gas, e que se deben poñer tódolos medios posibles para solucionar-lo tema, e pídelles a todos que acepten a comisión.----

O Sr. Filloy di que pensa que a comisión debe seguir funcionando, e di que se alguén traballa pode sacar cousas positivas, e que xa fixeron cousas. Di que a concesión é para toda a urbanización, e manifesta que quere insistir na posibilidade que hai de que a Xunta e os tribunais presionen a “Gas Galicia”, e que non pensen que poden xogar coa corporación. Di que a encosta a contestaron masivamente, e que non o fixeron antes porque a anterior encosta estaba mal feita, con bastante mala fé, para que os veciños non contestasen, e sacarse de diante a responsabilidade de ter que dar ese servizo. Manifesta que el pediu un informe comparativo de enerxías a un enxeñeiro amigo seu, e preguntase por que non o fixo “Gas Galicia”. Di quen é “Gas Galicia” para mandar unha lista de empresas ós veciños, e que con tal de que sexa un instalador autorizado, vale calquera. Di que é a obriga da corporación informar ós veciños dos seus dereitos e que non sexan enganados. O Sr. Alcalde di que para eso se formou esta comisión.-----

Sometida a votación, esta moción acada tres votos a favor (do Sr. Noriega Sánchez, e das Sras. Bugallo Rodríguez e Amieiro Rodríguez), seis en contra (dos Sres. Blanco Martínez, Castroagudín Valladares, Cajaraville Campos, Ouro Calvelo, Mata Iglesias e Aller Suárez), e sete abstencións(dos Sres. Fandiño Pazos, Filloy Villar, Fernández Fernández, Parajó Liñares, Hombre Eiras, Tallón Mesías e Da Sra. Blanco Fernández), polo que resulta rexeitada.---

A Sra. Blanco Fernández solicita explicación de voto, e manifesta que se vai abster porque se está falando de temas xerais e di que hai outros moitos puntos que non se tratan , como o contrato de concesión que se fixo con esta empresa, se se revisou realmente, se hai formas de rescindilo, se hai un prazo máximo no que eles terían que construír ou que canalizar, e que hai cousas que legalmente, llogo se se vai a un xuízo, son difíciles de demontar. di que entón hai que ver se hai unha cláusula que estipula que se hai un retraso, se pode rescindi-lo contrato. Di que estes son puntos moi importantes que habería que ver, e que por eso se vai abster.-----

O Sr. Tallón tamén solicita explicación de voto e di que en primeiro lugar quere agradecer ó veciño dos Tilos a súa intervención, que comparte os seus motivos, e que as cousas que mal nacen., mal acaban. Di que se está a tempo de corrixilo. Di que é partidario das presións ata onde sexan posible legalmente, pero que non está en disposición de dicir que si ou que non, porque xurídicamente tén dúbidas, polo que se vai abster.-----

O Sr. Fandiño solicita explicación de voto e manifesta que está globalmente de acordo coa moción, e que a empresa deu unha nota máis de mala fé pola carta persoal enviada ó Sr. Alcalde. Di que se fala nela dunha posible a portación dos veciños, e dunha posible viabilidade con esa aportación. di que eso quere dicir dous cousas, que ou ben non se fixo o estudio de viabilidade da parte baixa dos Tilos, e que cando se fixo ese estudio se veu que non era rentable, e se decidiu non facer nada, ou ben que hai máis mala fé e que se fixo o estudio, se veu que non era rentable, se calou a boca, e se pediu a licenza para toda a urbanización. di que de tódolos xeitos, o último parágrafo da moción lle suscita dúbidas xurídicas, de legalidade, e que en absoluto foron despxeadas polos informes aportados, senón todo o contrario, e que polo tanto, se vai abster.-----

O Sr. Filloy pide explicación de voto, e di que se vai abster porque este informe non lle pareceu nada claro e que lle gustaría que a comisión pedise un novo informe.----

O Sr. Alcalde pregunta se hai algunha moción de urxencia, e o Sr. Noriega dille que si.-----

5.-MOCIÓN DO BNG SOBRE OS CARTEIS INFORMATIVOS DE OBRAS .- O pleno do concello, por dez votos a favor (dos Sres. Noriega Sánchez, Parajó Liñares, Hombre

Eiras, Tallón Mesías, Fandiño Pazos, Filloy Villar e Fernández Fernández, e das Sras. Bugallo Rodríguez, Amieiro Rodríguez e Blanco Fernández) e seis en contra(dos Sres. Blanco Martínez, Castroagudín Valladares, Cajaraville Campos, Ouro Calvelo, Mata Iglesias e Aller Suárez), acordou declarar de urxencia e incluír na orde do día a moción do grupo municipal do BNG sobre “Os carteis informativos nas obras”, á que dá lectura o Sr. Noriega, e que copiada literalmente, di o que segue:” Considerando=1. Que dado que o artigo 17.3 do Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia establece que: =Será requisito indispensable en tódalas obras dispor, ó pé da obra, de copia autorizada da licenzia municipal, e nas maiores a colocación do cartel indicador no que se faga consta-lo nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destina-la construción, a data de expedición da licenzia, o prazo de execución das obras, o número das plantas autorizadas e o número de expediente.= 2. Que dado que esta petición se ten plantexado polo Grupo Municipal do BNG no pleno municipal celebrado o día 28 de xaneiro do 2000, así como en plenos posteriores.= 3. Que dado que o Alcalde manifestou neste Pleno, en contestación á citada petición, que "a funcionaria que fai as licenzias de obras xa está indicando nas notificacións que os promotores teñen a obriga de coloca-lo cartel e que tamén se lles vai notificar ós promotores que tiñan obras comezadas antes de tomar esta medida".=4. Que un ano despois a case totalidade das obras, incluídas as máis recentes, carecen do preceptivo cartel informativo, sen que a Alcaldía teña tomado ningunha medida que evite este incumprimento manifesto do Regulamento da Lei, de obrigado cumprimento en tódolos concellos,= O Grupo Municipal do BNG PROPÓN a adopción do seguinte acordo:=1. O concello informará a tódolos promotores ós que se lle otorga licenzia de obra, que o incumprimento do artigo 17.3 do regulamento de disciplina urbanística será penado cunha multa de 50.000 ptas por cada unha das vivendas da construción.=2. No prazo dun mes, o Concello remitirá unha carta a tódolos promotores ós que se lle ten concedida licenzia de obra e aínda non teñen solicitado licenzia de primeira ocupación. Nesta carta, informaráselles que, se no prazo de quince días dende a recepción da carta, non adaptan as súas obras para cumprir o artigo 17.3 do regulamento de disciplina urbanística, serán penados cunha multa de 50.000 pesetas por cada unha das vivendas da construción.= 3. A partir do momento da aprobación desta moción, a Policía Municipal actuará con carácter informativo, durante un prazo de dous meses, informando ós posibles promotores infractores. A partir dese momento, levantarán actas de infracción para que a Alcaldía proceda a impoñe-la correspondente sanción.”-

O Sr. Noriega manifesta que están cansos das promesas do Sr. Alcalde sobre o cumprimento da legalidade en Teo en materia urbanística, e que presentan esta moción para esixi-la colocación dos carteis informativos nas obras que se están a realizar e nas que se realizarán. Di que propoñen tamén a imposición dunha multa administrativa a aquelas construcións que non cumpran con este requisito. Di que o concello ten competencias para este tipo de medidas e a adopción deste acordo implica un compromiso co cumprimento da legalidade urbanística máis alá das boas palabras.-----

O Sr. Alcalde pregúntalle ó Sr. Secretario se isto xa se está facendo, e este respóndelle que si. O Sr. Noriega di que hai que poñer multas administrativas, e o Sr. Alcalde dille que non sabe se a sanción é legal, que habería que facer unha ordenanza.. O Sr. Noriega dille que se pode facer a consulta ó Sr. Secretario ou pedir

un informe xurídico. O Sr. Secretario di que sí se poden impoñer sancións administrativas.-----

O Sr. Parajó manifesta que o tema dos carteis xa se leva repetido durante moitos anos, e que é necesario que as obras teñan eses carteis. O Sr. Alcalde dille que xa se pón nas licencias de obras, e o Sr. Parajó dille que si, pero que non se fai. O Sr. Alcalde responde que non foi mirar, e o Sr. Parajó di que ó mellor debería pagalos o concello.

O Sr. Noriega dille ó Sr. Alcalde que lle gustaría que mirase as súas iniciativas co mesmo coidado con que mira as do BNG, e o Sr. Alcalde respóndelle que o Sr. Noriega non inventou a pólvora, e que moitas iniciativas que propón o BNG xa se están facendo, e que tódalas mocións se sacan adiante con votos de compañeiros do grupo popular.--

O Sr. Filloy solicita a palabra por unha cuestión de orde, e di que se está a entrar nunha discusión bizantina, que esto está regulado na Lei do Solo, e que se poden poñer sancións, e que quen vote en contra desto vai contra o sentido común.--

O Sr. Alcalde di que isto xa se está facendo, menos o da sanción, e que non quixeran chegar a ter que impoñelo ós veciños, e o Sr. Filloy reitéralle que está regulado. O Sr. Alcalde respóndelle que as licencias levan esa coletíña. O Sr. Filloy dille ó Sr. Alcalde que non se lamenta de que membros do seu grupo apoiem isto, xa que é de sentido común. O Sr. Alcalde manifesta que apoie a moción que queira, como todas ata agora, que total non pasa nada.-

O Sr. Parajó di que se é de sentido común hai que apoialo.-----

O Sr. Noriega di que se se pasaron da contía establecida para a sanción, que poden reduci-lo.-----

O Sr. Secretario di que habrá que establecer unha ordenanza.----

O Sr. Fandiño solicita a palabra e manifesta que se está poñendo a coletíña do cartel nas licencias, pero que sen embargo non hai constancia de que se solicite a licenza de primeira ocupación. O Sr. Alcalde dille que na Comisión de Goberno se deron dúas licencias de primeira ocupación, que cre que foron as que se solicitaron ata o momento. O Sr. Fandiño pregúntalle se se lle comunicou ás empresas de electricidade, de abastecemento de augas etc. O Sr. Alcalde respóndelle que sabe que nalgunha obra que está moi perto, o técnico municipal requeri-u para que se puxeran farolas e se urbanizase o frente, e que se imaxina que iría verificalo sobre o terreo. Di que o técnico municipal é o que tén que da-lo visto bo para que unha licenza sexa concedida. O Sr. Fandiño pregunta por que se discute se no que non se está dacordo é na cantidade da sanción. O Sr. Alcalde reitérase en que xa se está facendo, e que polo tanto non van apoiar-la moción.-----

O Sr. Parajó di que quere preguntar, referente ás licencias de primeira ocupación, se se están dando cos donos dentro ou fóra, e que vai haber que facer unha licenza de desocupación.--

O Sr. Tallón dille ó Sr. Alcalde que fixo unha afirmación na que tén dúbida. Pregúntalle que quixo dicir con “ que apoie a moción que queira que total non pasa nada”. O Sr. Alcalde di que é unha expresión súa, e o Sr. Tallón dille ó Sr. Alcalde que, se non pensou o que dixo, que retira a súa pregunta.--

Sometida a votación, a moción acada dez votos a favor (dos Sres. Noriega Sánchez, Parajó Liñares, Hombre Eiras, Tallón Mesías, Fandiño Pazos, Filloy Villar e Fernández Fernández, e das Sras. Bugallo Rodríguez, Amieiro Rodríguez e Blanco Fernández) e seis en contra (dos Sres. Blanco Martínez, Castroagudín Valladares, Cajaraville Campos, Ouro Calvelo, Mata Iglesias e Aller Suárez), polo que resulta aprobada.-----

6.-MOCIÓN DO BNG SOBRE A EXECUCIÓN DO ACORDO PLENARIO DO 26 DE MAIO DO 2000 POLO QUE SE ACORDOU A REALIZACIÓN DUNHA TRIPLE

AUDITORÍA.- O pleno do concello, por dez votos a favor (dos Sres. Noriega Sánchez, Parajó Liñares, Hombre Eiras, Tallón Mesías, Fandiño Pazos, Filloy Villar e Fernández Fernández, e das

Sras. Bugallo Rodríguez, Amieiro Rodríguez e Blanco Fernández) e seis en contra(dos Sres. Blanco Martínez, Castroagudín Valladares, Cajaraville Campos, Ouro Calvelo, Mata Iglesias e Aller Suárez), acordou declarar de urxencia e incluír na orde do día a moción do grupo municipal do BNG sobre “A execución do acordo plenario do 26 de maio do 2.000 polo que se acordou a realización dunha triple auditoría”, á que dá lectura a Sra. Bugallo Rodríguez, e que copiada literalmente, di o que segue:”Considerando:=Que na sesión plenaria celebrada o 26 de maio do 2000 se acordou por maioría que o Concello de Teo realizara:=a) Unha auditoría económica desde o ano 1996 (Enténdese que ata 1999)= b) Unha auditoría administrativa (Enténdese que para o mesmo período)=c) Unha auditoría urbanística (Enténdese que para o mesmo período)= Que desde a adopción dese acordo non semellan terse dado pasos conducentes á realización práctica deste mandato imperativo do Pleno := Que desde o grupo de goberno existe unha clara intención de vulnerar as decisións tomadas conforme á lei e regulamentos vixentes polos representantes dos veciños e veciñas de Teo.= O Grupo Municipal do BNG **PROPÓN** a adopción do seguinte acordo:= Que o Secretario do Concello convoque para a próxima semana (26 febreiro- 2 marzo) unha xunta da Comisión Especial de Contas que, no prazo de 15 días, debe elaborar o prego de condicións para a contratación do triple servizo de auditoría aprobado no pleno do 26 de maio, referido ós anos 1996-1999.= As bases de contratación deben fixar un prazo máximo de realización de 6 meses para as auditorías reseñadas, que poderán ser contratadas por unha mesma empresa ou empresas distintas, pero sempre mediante contratos parciais. O custe máximo de realización das auditorías é de **9.000.000 ptas (3.000.000 ptas** por cada unha delas), que serán computadas orzamentariamente nos presupostos do ano 2001.= As bases de contratación fixarán, así mesmo, un prazo de 20 días para a presentación de ofertas, no que as empresas autorizadas e tecnicamente cualificadas deberán presentar no Rexistro do Concello unha proposta económica e de execución concreta dunha ou varias das auditorías acordadas.= Que unha vez aprobadas as bases de contratación, no prazo de tres días, o Secretario do Concello llas remita ó Colexio Oficial de Economistas e Auditores, co obxecto de que as difunda entre os seus asociados. Neste mesmo prazo, as bases de contratación serán publicadas nun xornal de ampla difusión de Galicia.= Que rematado o prazo de presentación de propostas, e dentro dos 10 días seguintes, a Comisión Especial de Contas, co asesoramento técnico que considere, seleccione segundo a mellor oferta económica (sempre que se ofrezan as garantías suficientes para a realización dun bo traballo) a empresa ou empresas encargadas, ás que tódolos membros da Corporación quedan comprometidos a facilitar o seu traballo.”-----

A Sra. Bugallo di que xa vai outro mes máis, que se segue sen executar este acordo, e que non hai outras mocións para pedi-la execución despois de tantos meses. O Sr. Alcalde dille que despois de tantos meses lle di o mesmo.-----

O Sr. Secretario di que se oficializou a varios lugares e que non se tivo contestación desde aquela data. A Sra. Bugallo dille que é un exercicio de eficacia increíble, que o grupo municipal do BNG lles dá todo feito nesta moción, que só teñen que aprobala e aplicala. Dille ó Sr. Alcalde que deixe de ser irrespetuoso co pleno, e que se non o fai que incurre en ilegalidade.---

O Sr. Tallón solicita a palabra por unha cuestión de orde, e di que el xa dixera que se están pedindo auditores á Virxe do Corpiño. Dille ó Sr. Secretario que hai unha cousa que se chama Colexio Oficial de Auditores e Censores Xurados de Contas, que tén a sede na Coruña, e que é o organismo que fai auditorías. di que pedirlos á Cámara

de Comercio é como ir á Virxe da Barca ou ó Raxó. Reitera que o colexio Oficial de Auditores é quen fai auditorias, e que vén o teléfono na guía. Di que o feito de que non conteste ninguén pode plantexa-la dúbida de que non se fixo como se debía. O Sr. secretario di que se conservan as cartas mandadas. Di que solicitou un informe para ver a quen dirixirse, e que en base a ese informe se pediu, e que se non contestaron non é cousa súa. o Sr. Tallón dille que fiscalizar é unha cousa, e auditar é outra, e que o que se aprobou no seu momento foi unha auditoría, e que eso o teñen que facer os censores e xurados de contas, igual que as escrituras de propiedade as fan os notarios. Di que eses señores son os fedatarios públicos para eso, e que se deben dirixir a eles.--

A Sra. Blanco Fernández pregunta se a moción é a mesma, xa que aquí se piden outras cousas, como un presuposto, e que eso haberá que acordalo. A Sra. Bugallo dille que non hai ningún problema. A Sra. Blanco dille que a moción é un acordo xenérico, e que agora hai máis puntos. Manifesta que se debería ir a comisión para discutir esto. A Sra. Bugallo dille que a Comisión Especial de Contas vai elebora-lo prego, que é o primeiro punto da súa moción, e di que esto é para que dunha vez por todas se contrate unha empresa para as auditorías, e que se fala dunhas cantidades máximas ou mínimas, pero que poden transaccionar e deixalas no aire. Di que o pleno é o que decide a cantidade, e que o BNG só propón unha, pero que non van discutir polas cantidades, que é absurdo. A Sra. Blanco dille que non é absurdo. A Sra. Bugallo dille que o BNG está aberto a que se varie na Comisión Especial de Contas. A Sra. Blanco di que habería que estudar ese punto e outros, que a moción está mal plantexada. A Sra. Bugallo dille á Sra. Blanco que entón por que non presentou unha moción, e esta respóndelle que pode facelo mañán. A Sra. Bugallo dille que xa fai un mes que se levou novamente a pleno, e pregunta se interesa a triple auditoría, e dille á Sra. Blanco que se teñen algún problema coa moción, que presenten unha.-

Sometida a votación, a moción acada cinco votos a favor (dos Sres. Noriega Sánchez, Tallón Mesías e Filloy Villar, e das Sras. Bugallo Rodríguez e Amieiro Rodríguez), nove en contra (dos Sres. Blanco Martínez, Castroagudín Valladares, Cajaraville Campos, Ouro Calvelo, Mata Iglesias, Aller Suárez, Parajó Liñares, Hombre Eiras e da Sra. Blanco Fernández), e dúas abstencións(dos Sres. Fandiño Pazos e Fernández Fernández), polo que resulta rexeitada.-----

O Sr. Filloy Villar solicita explicación de voto e di que os acordos plenarios hai que cumprilos, polo que vai votar afirmativamente.

7.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOBRE ACTUACIÓN URXENTES NA PARROQUIA DE CACHEIRAS .----

Neste momento abandona a sala a Sra. Bugallo Rodríguez.-----

O pleno do concello, por unanimidade dos quince asistentes, acorda declarar de urxencia e incluír na orde do día a moción do PSdeG-PSOE sobre “Actuación urxentes na parroquia de Cacheiras”, á que dá lectura o Sr. Parajó, e que copiada literalmente, di o que segue:” O Grupo Municipal Socialista (PsdeG- PSOE) no concello de Teo a través do seu portavoz e concelleiro F. Manuel Parajó Liñares e ó abeiro do disposto no Regulamento Orgánico vixente, presenta, por trámite de urxencia, ante ó Pleno da Corporación esta MOCIÓN, en base ós motivos e consideracións seguintes:= Exposición de motivos da MOCIÓN sobre “Actuacións urxentes na Parroquia de Cacheiras”= Unha boa parte das edificacións que se levantan ó longo da estrada principal que vai desde a Ramallosa ata Santiago de Compostela, atópanse en fase de urbanización de beirarrúas, detectándose que non se están a utiliza-los mesmos materiais de acabados e asimesmo non se garda uniformidade nas alturas das beirarrúas respecto do asfalto.=

Asimesmo realizouse unha plantación de camelias que en tramos moi longos impiden o feito de que dúas persoas poidan circular ó par.= Os días de moita choiva detéctanse graves inundacións no tramo que vai desde a farmacia ata un pouco máis alá do restaurante "Pórtico" , o que produce o levantamento das tapas dos sumidoiros, quedando claro que circulan pola mesma canalización augas fecais con pluviais.=Por todo o exposto propoñemos a toma dos seguintes Acordos:=1º.- Comprobar polo servizo municipal competente que os constructores cumpren coas normas de urbanización de exteriores, no referente ás beirarrúas.= No caso de non contemplarse nas normas os referidos acabados, elaborar unha norma polo departamento de urbanismo que contemple os aspectos de materiais e alturas destas.= 2º.- Que as Camelias plantadas ó longo das beirarrúas que impidan o paso de alomenos dúas persoas (en paralelo)se trasladen ó asfalto, deixando libre o paso ós peóns.= 3º.-Realiza-las inspeccións oportunas polo departamento correspondente ó fin de elaborar un informe de estado dos sumidoiros en dita zona. De dita inspección elaborárase un informe para o seu posterior traslado ós portavoces dos grupos municipais. No caso de detectárense anomalías na execución dos sumidoiros, esixir da empresa responsable a súa urxente reparación.”-----

O Sr. Parajó manifesta que as beirarrúas están unhas máis altas que as outras, e algunhas son máis cortas, polo que suben os coches a elas. Di que as baldosas son de diferente color.-----

O Sr. Alcalde manifesta que hai unhas normas urbanísticas, e que non cre que se poidan poñe-las camelias no asfalto.-----

O Sr. Parajó di que as tapas se levantan, e que o outro día caeu unha señora xunto ó restaurante “Pórtico” por culpa deso, e que non rompeu unha perna de miragre O Sr. Alcalde respóndelle que se lle pideu un informe a “Aquagest”, para ver por que se levanta a tapa, e que o que lle dixeron foi que hai que facer outra canalización, porque esta a fixeron mal. Di que hai unhas normas, e que o técnico tén que vixialas.O Sr. Parajó di que despois de que estén rematadas as obras, igual tén que solucionalo o concello. o Sr. Alcalde dille que pode ver que esto está feito, que pode comprobalo con “Aquagest”, que foi a quen se lle pediu que solucionara o problema.-----

Neste momento regresa á sala a Sra. Bugallo Rodríguez.-----

O Sr. Noriega di que non teñen problema en aceptar unha iniciativa lóxica e razoable, e que non queren que pase como no Milladoiro, co acceso de minusválidos a través das beirarrúas.-----

O Sr. Alcalde di que o seu grupo tampouco tén problema en acepta-la moción, pero que tén dúbidas co tema das camelias.---

O Sr. Filloy manifesta que el non veu as beirarrúas, pero que é importante que se separen as augas pluviais das fecais, que logo a depuradora non vai funcionar, e que vai haber unha sobrecarga na rede e que as beirarrúas deberían ser do mesmo material, xa que as empresas se van e logo o concello debe buscar materiais en douscentos mil sitios para facer reparacións. Di que é importante uniformiza-lo material.-----

O pleno do concello, por unanimidade dos asistentes, acordou aprobar esta moción.-----

8.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOBRE OS DANOS CAUSADOS POLOS

TEMPORAIS .- O pleno do concello, por dez votos a favor (dos Sres. Noriega Sánchez, Parajó Liñares, Hombre Eiras, Tallón Mesías, Fandiño Pazos, Filloy Villar e Fernández Fernández, e das Sras. Bugallo Rodríguez, Amieiro Rodríguez e Blanco Fernández) e seis en contra(dos Sres. Blanco Martínez, Castroagudín Valladares, Cajaraville Campos, Ouro Calvelo, Mata Iglesias e Aller Suárez), acordou declarar de urxencia e incluír na orde do día a moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE sobre “Os danos causados polos temporais”, á que dá lectura o Sr. Parajó, e que copiada literalmente, di o que segue:”O Grupo Municipal Socialista (PsdeG- PSOE) no concello de Teo, a través do seu portavoz e concelleiro F. Manuel Parajó Liñares, e ó abeiro do disposto no Regulamento Orgánico vixente, presenta, por trámite de urxencia, ante ó Pleno da Corporación esta MOCIÓN, en base ós motivos e consideracións seguintes:”Exposición de motivos da MOCIÓN sobre “Danos causados polos temporais”= No Pleno ordinario celebrado o día 25-01-01 interesámonos, entre outras cuestións, por como se van repara-los danos causados polo temporal e de que xeito, ó cal se nos respostou que o máis urxente iría con cargo ós presupostos e que pouco máis se podería facer sen o apoio da Xunta.= O pasado luns aprobamos a solicitude dun crédito de 40 millóns sen intereses, para acomete-las reparacións máis urxentes, pero sen especificar cales.=Diante desto, o grupo municipal socialista propón a adopción do seguinte Acordo:= - Convocar no prazo máximo de 10 días á comisión de urbanismo e obras, co fin de elaborar unha programación de actuación sobre os danos causados polos temporais. Nesta programación contemplaranse tanto os prazos de execución, prioridades e o seu financiamento.= Unha vez. elaborada a programación, presentarase ó pleno ordinario do día 29 de marzo de 2001 para o seu referendo e xeral coñecemento dos veciños de Teo.”-

O Sr. Alcalde manifesta que o grupo de goberno non vai apoia-la moción, porque esto xa se está facendo.O Sr. Parajó dille que queren saber cales son as prioridades. O Sr. Alcalde respóndelle que esa misión foi sempre do grupo de goberno, e que se farán os arreglos con cargo ó presuposto municipal, pero esperando esa axuda. Di que foron mira-la situación, el, o técnico e un arquitecto, que foron facer un percorrido polo concello. O Sr. Parajó dille que pasou case un mes, no que se puido arreglar cousas. O Sr. Alcalde dille que as empresas non se responsabilizaban de botar asfalto nos baches cheos de auga. O Sr. Parajó di que o que pide é que se miren as prioridades e que a comisión de urbanismo evalúe esas prioridades. O Sr. Alcalde reitéralle que eso sempre o fixo o grupo de goberno, e que xa se está facendo, que xa se está traballando niso.-----

O Sr. Noriega di que no último pleno lle preguntou ó Sr. Alcalde en que iba gasta-los corenta millóns, e que non se lle quixo ou non se lle puido respostar naquel momento. O Sr. Alcalde dille que hai unha relación de danos que se mandou á xunta e a tódolos sitios.O Sr. Noriega di que o crédito é de corenta millóns, e que os danos están estimados en máis de douscentos millóns. Di que independentemente diso, non tén problema ningún en que a comisión de urbanismo marque as prioridades. Dille ó Sr. Alcalde que lle gusta moito mandar, e que non debería ter problema en aceptar esto, e que o grupo de goberno debería plantexarse se tén a lexitimación para esta decisión. na situación na que se está vivindo-----

O Sr. Hombre dille ó Sr. Alcalde que tén que mira-la moción desde un punto de vista positivo. Di que hai danos, e que se hai que acomete-los presupostariamente, se van quedar moi limitados para outras cousas. Di que eles, como oposición, asumen que os veciños digan por que non se chegou a un sitio ou a outro, e que o que lle piden é poder dicirlle ós veciños a data en que se van face-las cousas O Sr. Alcalde dille que tén pensado facelo o grupo de goberno, que para eso os eleixiron os veciños, a pesares de que a oposición gañe tódalas mocións co apoio dos concelleiros do grupo popular. O Sr. Parajó dille que se trata de consensuar coousas, e que consensuando as cousas se chega a acordos importantes. Di que as maiorías lle quitan a un a razón.-----

O Sr. Filloy di que o luns pasado votou en contra, e que foi o único, porque non había unha valoración, e non o deixaron falar. Di que se pediu un préstamo de corenta millóns. O Sr. Alcalde di que quere deixar constancia de que é un anticipo que dá a Xunta, un préstamo sen intereses. O Sr. Filloy di que é consciente diso, e que quería pedir, xa que o outro día non o deixaron falar, é que debía haber unha valoración das obras antes de acometalas, e da súa prioridade. O Sr. Alcalde dille que xa o hai, pero que non tén por que ensinarllo, que o Sr. Filloy para unhas cousas é do grupo de goberno, e para outras non, como votar sempre en contra. O Sr. Filloy dille que se hai prioridades quere saber cales. O Sr. Alcalde dille que onde está máis mal, onde as carreteras estiveron cortadas, e que xa se está arreglando, que o están facendo hoxe e onte. O Sr. Filloy di que esto lle recorta ó conto de “Indo para non sei onde, hai un non sei que santo, rezándolle un non sei que, ganas un non sei canto”-----

O Sr. Parajó manifesta que resulta que agora que pasaron as inundacións se están limpado as cunetas, e pregunta, para que , se se fai para o verán. Di que habería que limpalas no verán.-----

O pleno do concello, por dez votos a favor (dos Sres. Noriega Sánchez, Parajó Liñares, Hombre Eiras, Tallón Mesías, Fandiño Pazos, Filloy Villar e Fernández Fernández, e das Sras. Bugallo Rodríguez, Amieiro Rodríguez e Blanco Fernández) e seis en contra (dos Sres. Blanco Martínez, Castroagudín Valladares, Cajaraville Campos, Ouro Calvelo, Mata Iglesias e Aller Suárez), acordou aproba-la moción.-----

9.- ROGOS E PREGUNTAS .-----

Toma en primeiro lugar a palabra o Sr. Noriega , e:----

1) Di que o pasado 31 de xaneiro, se presentaron máis de cincocentas firmas de veciños de Calo, polo malestar polo servizo que a empresa “Autobuses de Calo” dá a parroquia, e solicitando que se comence o diálogo. Di que na sesión plenaria do 29 de setembro de 2000, se aprobou unha moción do PSdeG-PSOE, na que o BNG propuxo unha enmenda de engado do BNG, que foi aceptada, que dicía:”Asimesmo, esta comisión negociará coa empresa “Autobuses de Calo” unha mellora do servizo que presta nesta parroquia, e especialmente naqueles lugares que sofren unha discriminación na periodicidade de paso dos autobuses”. Pregúntalle ó Sr. Alcalde a que espera para cumpli-lo acordo plenario e facer esa comisión.O Sr. Alcalde pregúntalle ó Sr. Secretario se se convocou a comisión, e este respóndelle que non. O Sr. Alcalde dille ó Sr. Noriega que a oposición trae demasiadas cousas, e que os traballadores non dan feito para sacalas. O Sr. Noriega pídelles que asuma a súa responsabilidade, xa que é o Alcalde. O Sr. Alcalde dille que o Sr. Secretario non tería tempo. O Sr. Secretario di que coa cantidade de comisión que traen todos, os traballadores deberían trae-la cama para o concello. O Sr. Noriega respóndelle que non faga de pararraios do Sr. Alcalde, e que este debe asumi-las súas responsabilidades. Pregúntalle ó Sr. Alcalde se fixo algunha xestión, e este respóndelle que as fixo daquela, pero non despois.---

2) Di que no ano 2000 se concederon as subvencións , e que ata agora non se pagaron a algunhas asociacións. Di que a situación é grave, e que hai asociacións que pediron créditos persoais para pagar ós profesores. di que existe unha mala planificación, e que non se aproba o presuposto desde non se sabe cando.Dille ó Sr. Alcalde que non lle pode dicir que teñen que esperar a que se convoquen as subvencións, que son as do ano 2000, que non se pagaron na súa totalidade.O Sr. Alcalde dille que os concelleiros do BNG sacaron un regulamento e que ata agora se

daban as subvencións sen ningún problema. O Sr. Noriega dille que se está falando de cartos que se concederon no ano 2000, cando non había este regulamento, e que debería haber unha partida especial para pagar estes atrasos, que non diga que a culpa é do regulamento do BNG. A Sra. Bugallo di que as subvencións do ano 2000 xa as deu e que hai asociacións ás que non se lle pagou. O Sr. Fernández di que son anticipos, e que hai asociacións que non cobraron nada. O Sr. Secretario reafirma que no ano 2000 só se deron anticipos. O Sr. Alcalde di que non había cartos. O Sr. Noriega di que os cartos do 2000 tén que dalos. A Sra. Bugallo solicita a palabra por unha cuestión de orde, e di que a esto se lle chama xestión, que cando se fai a concesión de algo que non se tén, eso é mala xestión, e dille ó Sr. Alcalde que se non tén cartos para que llos prometeu. O Sr. Alcalde di que se se aproba o presuposto, se meterá unha partida para isto. A Sra. Bugallo dille que non houbo presupostos, e que eso é responsabilidade do grupo de goberno. O Sr. Alcalde di que xa tería pagado se non tivera entrado en vigor o regulamento.-----

3) Di que vai falar de novos acordos incumplidos, como a moción sobre a biblioteca municipal, e que xa sabe que o Sr. Alcalde vai preguntarlle ó Sr. Secretario se se fixo. O Sr. Alcalde di que el non está en tódolos lugares do concello, que non é Deus, e que hai un persoal, que se non o fixo, será porque non tivo tempo. O Sr. Noriega di que entón é que falta persoal. O Sr. Alcalde dille que sí, e que xa vai contemplado no novo presuposto.--

4) Pregunta que pasou coa moción na que se solicitaba da consellería de Ensino a implantación dos novos ciclos formativos. O Sr. Alcalde dille que non ten datos agora. O Sr. Secretario di que as mocións se notifican sempre.-----

5) Pregunta como está o tema do novo Secretario. O Sr. Alcalde di que a Consellería e a Dirección Xeral de Administración Pública enviaron a unha señora para vir de Secretaria, pero que ó mes esta dixo que lle saíra unha praza na provincia de Pontevedra, perto da súa casa, e que dixo que xa notificaba ela a renuncia.--

6) Pregúntalle se é consciente de que a maioría da corporación está nunha situación de desamparo, xa que os acordos que se toman non se cumpren porque non hai vontade por parte do Sr. Alcalde, e que a corporación debería tomar algún tipo de medidas.---

7) Pregunta como está o tema da liña de alta tensión de Lampai. O Sr. Alcalde respóndelle que lle pode dicirlle o mesmo que lle dixo no anterior pleno. Di que mandou o sentir dos veciños e que non tén máis noticias. O Sr. Noriega dille que haberá que facer un seguimento. O Sr. Alcalde di que para pedi-la licenza terán que manda-lo proxecto, e que se non vén correxido, volverán protestar.--

8) Di que hai un escrito do 31-01-01 firmado por uns corenta veciños de Solláns sobre a empresa “Maderas Amazonas”, no que se queixan pola situación ambiental que a empresa provoca, e pide que se informe do que se fixo ó respecto. O Sr. Alcalde di que non ten datos neste momento, e que se esa denuncia vén, terá que levar unhas pautas.

O Sr. Secretario di que é unha licenza do ano oitenta e poucos. Di que se fixo un expediente de actividades molestas, e que naquel momento as medidas correctoras eran correctas. Di que se buscou unha saída e que se lles dixo lle tiñan que vir uns técnicos de Medio Ambiente mira-la situación, e que digan se as medidas correctoras son as correctas ou non, e que logo se poderá requerir á empresa para que adopte as oportunas medidas. Di que o tén a funcionaria que leva os temas urbanísticos enriba da mesa xa para sair. O Sr. Noriega di que lles parece correcto, e que sabe que os veciños faloron co Sr. Alcalde por causa da báscula da empresa, que foi alí a policía local, e que o Sr. Alcalde lles preguntou se pararan a báscula, e que esto tén que facelo o concello, e non os veciños.-----

9) Di que lles preocupa que cando se modificou o regulamento orgánico, da periodicidades dos plenos de dous meses a un mes, se lles dixo que eso era un despilfarro. Di que agora non só hai un pleno ordinario ó mes, no que o Sr. Alcalde boicotea os temas, e que logo os

convoca a plenos extraordinarios. preguntalle se é consciente do despilfarro que supoñen tres ou catro plenos ó mes. O Sr. Alcalde respóndelle que se traen os temas cando se consideran importantes.-----

Toma a continuación a palabra a Sra. Bugallo, e:-----

1) Pide que o Sr. Alcalde lle diga a data concreta de convocatoria das subvencións, xa que di que xa tiña que sair en decembro. O Sr. Alcalde respóndelle que tén que programala, con cargo ó presuposto prorrogado do 2000 ou ó do ano 2001. A Sra. Bugallo dille que el tén a responsabilidade como Alcalde, e que non lle está pedindo que llo diga a ela, senón ás asociacións que o van preguntar.

2) Pregunta se chegou o requerimento da Xunta sobre o edificio que promove “Mahía” e constrúe “Framiñán” na curva da C-541. O Sr. Alcalde dille que non tén datos aquí. A Sra. Bugallo di que hai unha denuncia presentada polo BNG en novembro do 2.000, e que necesitan saber como vai ese requerimento.

3) Pregunta que pasos se deron para recupera-los expedientes que non están. O Sr. Secretario di que os expedientes están, que só faltaron dous días. A Sra. Bugallo dille que ela o intentou unha vez, e despois outra quince días despois, e seguía sen estar. Di que se trouxo este tema a un pleno ordinario. O Sr. Secretario dille que en calquera caso, nunca estiveron desaparecidos. a Sra. Bugallo dille ó Sr. Alcalde que este é un tema suficientemente importante para que esté informado de se saen ou non os expedientes.-----

Toma agora a palabra a Sra. Amieiro Rodríguez, e:----

1) Di que esta é unha pregunta en nome da Asociación de Pais de Alumnos do CEIP dos Tilos. Di que se fixo unha petición do polideportivo para a práctica do futbito de luns a venres, de 17:00 a 19:00 h, e que se lles contestou cun escrito de data 23 de novembro pero con data de saída de 22 de xaneiro de 2.001, e que entretanto o 30 de novembro se aprobou unha moción sobre o uso e mantemento do pabillón polideportivo dos Tilos. Di que á Asociación de pais se lle di que de luns a venres poden usalo de 17:00 a 18:00 h., e o resto dos días de 17:00 a 19:00h. como pediran. Na moción de novembro dicíase que a prioridade a tiñan os nenos do colexio dos Tilos, e di que esa hora está ocupada por adultos para ximnasia de mantemento, e que estas persoas teñen unha priorización diferente. di que lle gustaría que lle contestase por que eso é así. O Sr. Alcalde di que isto o leva o Departamento de Deportes. Manifesta que cando viñeron aquí, se lles dixo que os señores maiores tamén teñen dereito . A Sra. Amieiro di que si, pero que hai que facer unhas priorizacións, que hai moitas horas no día.

2) Di que presentou un escrito con data 1 de febreiro de 2001, falando de certas deficiencias nos Tilos, entre elas as farolas. Di que por parte da empresa, se deu máis ou menos luz ás farolas, e que se deixaron os cables aéreos, e que non só non se eliminaron, senón que se deixaron máais cables, e que hai algunhas farolas abertas. O Sr. Alcalde dille que sería polo temporal, e a Sra. Amieiro respóndelle que é o persoal o que as abre para amañalas. O Sr. Alcalde di que se lles dirá , que veñen tódolos días recolle-los avisos.---

Toma a continuación a palabra o Sr. Hombre, e:-----

1) Di que oiron dicir ó Sr. Alcalde na radio que xa estaban moi avanzados os presupostos para este ano. Di que con tanta polémica que se montou polo tema laboral, preguntalle se sabe que un paso previo é que se convoque a mesa xeral de negociación, que el xa explicou nun escrito de data 21-02-01, os pasos previos que hai

que dar en materia laboral, e quen ten en material laboral a capacidade para negocia-los postos de traballo que se van crear. Di que lle parece moi raro que en fase de elaboración dos presupostos, que un paso tan importante, e obrigado por lei, non se esté dando. O Sr. Alcalde di que haberá que presentar un esbozo, e que logo se xuntará a mesa.--

2) Di que no último pleno ordinario lle pediu que se lle contestara a unha serie de preguntas ben por escrito ou senón no pleno de hoxe. O Sr. Alcalde dille que tén que perdoar, que se lles pasou. O Sr. Hombre di que van ter que facer unha recolección de preguntas sen contestar, e que no último pleno do ano non van poder face-la tradicional comida, xa que pasarán todo o día con estas preguntas. Di que as preguntas eran, por exemplo, se se executaron xa tódalas obras correspondentes ó plan 2000 de infraestructuras, se se executaron as obras correspondentes ó Pos 2000, se se executaron tódalas obras correspondente ó fondo de cooperación local do ano 2000, que que obras se realizaron no noso concello con cargo directo ós presupostos durante o ano 2000, se se invertiron os case 10 millóns concedidos para o cemiterio municipal, se se teñen xa construídos os nichos necesarios para posibles emerxencias. Di que os veciños de Teo teñen dereito a un cemiterio municipal, xa que hai moitos veciños que non teñen un patronato.-----

3) No pleno do 26 de maio de 2000 aprobouse por este pleno unha moción do grupo socialista, na que se pedía a construción dun foso hidráulico para contentores de basura en frente ó edificio “Las Palomas”. Pregunta se xa temos o presupuesto do que custa e como e cando se vai executa-lo acordo plenario. Di que todos temos ollos para ve-los contentores tirados, e que a Consellería de Medio Ambiente da subvencións para actuar en Medio Ambiente. Di que se pide calidade de vida, e que este é outro acordo non cumprido. Pídelle que non olvide contemplalo nos novos presupostos.-----

4) Di que en decembro do pasado ano se aprobou o Plan de Desenvolvemento Comarcal e a colaboración referente ó parque de bombeiros. Di que o el 29 de decembro, con rexistros de saída números 1.737 e 173 8 saíron para o seu destino os acordos sobre estes temas. Di que as mocións aprobadas por este pleno e presentadas polo grupo socialista correspondentes a todo o ano 2000, aínda durmen nalgún caixón. Pregúntalle ó Sr. Alcalde por que se é tan diligente con unhas e se tarda tanto con outras. o sr. Alcalde di que se sacan as cousas en canto se pode, que os funcionarios están desbordados de traballo.-----

Toma a palabra o Sr. Parajó, e:-

1) Manifesta que as asociacións non teñen a culpa de que non chegaran os cartos para as subvencións no ano 99, e que houbo que metelas no ano 2.000. Di que nese ano tampouco chegaron, e que había que metelas no 2.001. Di que agora non hai presuposto, e que hai que convoca-la mesa. Di que se no ano 99 se fixeran as cousas ben, agora estes señores non estarían asfixiados. Manifesta que hai que buscar unha solución. O Sr. Alcalde dille que se convocará a comisión.-----

2) Manifesta que é ilóxico que no ano 99 aparecían cento oitenta e cinco millóns nas contas, e que non sabe como é que non hai cartos para as subvencións. O Sr. Alcalde respóndelle que non tén datos a ese respecto, que non sabe como está a partida.-----

3) Di que falou antes de “Aquagest”, e que lle gustaría saber cando estará a terceira fase da auga. O Sr. Alcalde di que está pedida á xunta, que foi unha das cousas que lle pediu ó Presidente cando se entrevistaron, e que se está agardando unha resposta.-----

4) Di que antes se falou do problema dunha empresa, e que haberá máis, por non ter un polígono industrial. O Sr. Alcalde di que foi outra das cousas que lle falou ó Presidente, e que xa vai vir “Xestur” mirar. o Sr. Parajó pregúntalle a onde, e o Sr. Alcalde dille que hai sitios para esto. O Sr. Parajó di que levan catro ou cinco anos, e o Sr. Alcalde di que son fincas de

particulares, que non quixeron desenrolalo. O Sr. Parajó di que así pasa que esta empresa compra unha nave no polígono do Milladoiro.-----

5) Pregunta como está o tema da pista que se iba asfaltar xunto a “Sacipieles”. O Sr. Alcalde dille que está o presuposto feito, pero que non había partida, pero que agora se vai meter con outras obras.-

6) Pregúntalle ó Sr. Secretario se se comunicou a Renfe e a Fomento o tema do paso a nivel de Osebe. Este respóndelle que si.-----

7) Di que xa se comentou o perigo do muro da Casalonga, que se quedou en arreglar, e que segue igual. O Sr. Castroagudín dille que foi o técnico e que dixo que non había perigo, pero que o dono o vai arreglar. O Sr. Alcalde di que hai que insistir na xestión.--

Toma finalmente a palabra o Sr. Filloy Villar, e:-----

1) Di que houbo que pintar o polideportivo dos Tilos, e pregunta canto custou. O Sr. Alcalde dille que non tén datos neste momento, pero que o pode mirar abaixo. O Sr. Filloy pregúntalle con cargo a que se fixo, e o Sr. Alcalde dille que ó presuposto municipal, que o polvo se pegaba na pintura, e que non era a adecuada para alí. O Sr. Filloy di que está dacordo con que se fixera, pero que este polideportivo o fixo unha empresa, e que hai unhas persoas que terían que controlar esas obras. di que quen inspeccionou esa obra non o fixo adecuadamente, e que se lles debería pedir responsabilidades.---

Non habendo máis asuntos de que tratar rematou a sesión sendo as vintedúas horas e trinta minutos, estendéndose a presente acta, que asina o Sr. Alcalde comigo, o Secretario acctal. que certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO ACCTAL.,

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO
QUE TIVO LUGAR O DÍA 19 DE MARZO DE 2001.-----

SEÑORES ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Armando U. Blanco Martínez.

Concelleiros:

D. Antonio Castroagudín Valladares

D. Mario Fandiño Pazos

D. Manuel R. Cajaraville Campos

D. Manuel A. Filloy Villar

D. Ramón Fernández Fernández

D. Urbano Ouro Calvelo

D. Manuel Mata Iglesias

D. Juan B. Aller Suárez

D. F. Manuel Parajó Liñares

D. Manuel Tallón Mesías

D^a M^a Angélica Blanco Fernández

D. Miguel A. Hombre Eiras

D. Martiño Noriega Sánchez

D^a Ánxela Bugallo Rodríguez

D^a M^a Soedade Amieiro Rodríguez

Secretario:

D. Jesús Naveira Vázquez.

Na casa do concello de Teo, a dezanove de marzo de dous mil un.-

Sendo as dez horas, e baixo a presidencia do Sr.

Alcalde, D. Armando U. Blanco Martínez,

reuniuse en primeira convocatoria o pleno do

concello, con asistencia de dezaseis dos seus

membros, sendo o número legal o de dezasete, a

fin de levar a cabo a sesión extraordinaria

convocada para este día.-

Escusou a súa asistencia o concelleiro D. José

Manuel Neira Picallo.---

Asiste o Secretario acctal. da Corporación, D.

Jesús Naveira Vázquez.-

Pola presidencia declárase sesión pública,

pasándose de seguido a coñecemento e

resolución dos asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

1.- ACTAS DAS SESIÓNS

ANTE- RIORES.- O Sr. Presidente inquire se

algún dos Sres. edís presentes desexa formular

observacións ós borradores das actas das sesións

que tiveron lugar os días 19 e 22 de febreiro pasado, que foron distribuídos coa convocatoria da actual.--

O pleno do concello, por unanimidade dos dezaseis membros asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda aproba-lo borrador da acta da sesión de 19-02-01 tal como foi redac- tado, e que se rexistre no libro correspondente.- En canto á acta da sesión de

22-02-01, o Sr. Noriega manifesta que o folio 5-vtº debeu quedar dobrado ó entrar na

fotocopiadora, posto que unha parte del, en sentido vertical, non ten sentido; o resto dos

membros da corporación corroboran que os borradores que recibiron eles teñen o mesmo

problema.-----

O Sr. Filloy Villar manifesta que no título do borrador desta acta

hai un erro de transcri- ción, posto que figura o ano 2000 en lugar do 2001 como data da sesión.

O pleno do concello, por unanimidade dos dezaseis membros asistentes, sendo o

número legal o de dezasete, acorda aproba-lo borrador da acta da sesión plenaria de 22-02-01,

unha vez realizada a corrección proposta polo Sr. Filloy e que se rexistre no libro

correspondente, debendo remitirse a tódolos membros da corporación nova fotocopia do folio

5-vtº dese borrador.-

2.- EXPEDIENTES DE ACTIVIDADES MOLESTAS .-----

a) Examinado o expediente promovido por REPSOL BUTANO, S.A. en virtude de instancia nº 2.466 de data 20-12-2000 solicitando licenza municipal para a instalación, apertura e funcionamento de dous tanques soterrados de G.L.P. de 19070 litros, actividade comprendida

no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado por Decreto 2414/1961, de 30 de novembro.-----

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite por Decreto da Alcaldía de data 20-12-2000.----

RESULTANDO: Que se cumpriron os trámites de información pública e notificación persoal ós veciños inmediatos e se incorporaron os informes do Xefe Local de Sanidade e dos técnicos congruentes coa natureza da actividade.-----

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garanti-la tranquilidade, salubridade e seguridade cidadás e a súa adecuación ó medio ambiente.-----

CONSIDERANDO: Que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona nas Normas de ordenación complementarias e subsidiarias do planeamento do concello, que non está en contradición co disposto en acordos e ordenanzas municipais sobre a materia, que se respectan as distancias previstas e que non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.---

CONSIDERANDO que na zona, ou nas súas proximidades, non concorren outras actividades análogas xeradoras de efectos aditivos.---

Vistos o Decreto 2414/61, de 30 de novembro, e demais disposicións concordantes de aplicación.----

A Corporación municipal, por unanimidade dos dezaseis membros asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda:-----

1º.- Informar FAVORABLEMENTE a concesión de licenza municipal instada por REPSOL BUTANO S.A. para a instalación de dous tanques soterrados de 19.070 litros de G.L.P. para 201 vivendas (5 bloques) no lugar de Montouto (residencial “Braña dos Alfereces”), parroquia de Cacheiras deste concello, porque no expediente se cumpriron tódalas prescricións legais.

2º.- Dar traslado do expediente completo á Comisión Provincial de Medio Ambiente, para os efectos previstos no 33 do referido Regulamento.-----

b) Examinado o expediente promovido por D. MANUEL BLANCO CUNS en representación de “Val de Osebe Promociones, S.L.” en virtude de instancia nº 2.483 de data 22-12-2000 solicitando licenza municipal para a instalación, apertura e funcionamento dun depósito aéreo de 4.000 litros de G.L.P., actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado por Decreto 2414/1961, de 30 de novembro.--

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite por Decreto da Alcaldía de data 22-12-2000.----

RESULTANDO: Que se cumpriron os trámites de información pública e notificación persoal ós veciños inmediatos e se incorporaron os informes do Xefe Local de Sanidade e dos técnicos congruentes coa natureza da actividade.-----

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garanti-la tranquilidade, salubridade e seguridade cidadás e a súa adecuación ó medio ambiente.-----

CONSIDERANDO: Que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona nas Normas de ordenación complementarias e subsidiarias do planeamento do concello, que non está en contradición co disposto en acordos e ordenanzas

municipais sobre a materia, que se respectan as distancias previstas e que non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.---

CONSIDERANDO que na zona, ou nas súas proximidades, non concorren outras actividades análogas xeradoras de efectos aditivos.---

Vistos o Decreto 2414/61, de 30 de novembro, e demais disposicións concordantes de aplicación.----

A Corporación municipal, por unanimidade dos dezaseis membros asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda:-----

1º.- Informar FAVORABLEMENTE a concesión de licenza municipal instada por D. MANUEL BLANCO CUNS en representación de “Val de Osebe Promociones, S.L.” para a instalación dun depósito aéreo de 4.000 litros de G.L.P. para servizo de seis vivendas no lugar de Ameneiro, parroquia de Calo deste concello, porque no expediente se cumpriron tódalas prescricións legais.----

2º.- Dar traslado do expediente completo á Comisión Provincial de Medio Ambiente, para os efectos previstos no 33 do referido Regulamento.-----

c) Examinado o expediente promovido por PETROGAL ESPAÑA, S.A. en virtude de instancia nº 1.630 de data 29-08-2000 solicitando licenza municipal para a instalación, apertura e funcionamento de dous depósitos aéreos de 4.880 litros de G.L.P., actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado por Decreto 2414/1961, de 30 de novembro.-----

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite por Decreto da Alcaldía de data 29-08-2000.----

RESULTANDO: Que se cumpriron os trámites de información pública e notificación persoal ós veciños inmediatos e se incorporaron os informes do Xefe Local de Sanidade e dos técnicos congruentes coa natureza da actividade.-----

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garanti-la tranquilidade, salubridade e seguridade cidadás e a súa adecuación ó medio ambiente.-----

CONSIDERANDO: Que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona nas Normas de ordenación complementarias e subsidiarias do planeamento do concello, que non está en contradición co disposto en acordos e ordenanzas municipais sobre a materia, que se respectan as distancias previstas e que non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.---

CONSIDERANDO que na zona, ou nas súas proximidades, non concorren outras actividades análogas xeradoras de efectos aditivos.---

Vistos o Decreto 2414/61, de 30 de novembro, e demais disposicións concordantes de aplicación.----

A Corporación municipal, por unanimidade dos dezaseis membros asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda:-----

1º.- Informar FAVORABLEMENTE a concesión de licenza municipal instada por “Petrogal España, S.A. para a instalación de dous depósitos aéreos de 4.880 litros de G.L.P. para servizo de 37 vivendas e seis locais no lugar de Cacheiras (edificio “As Torres”), parroquia de Cacheiras deste concello, porque no expediente se cumpriron tódalas prescricións legais.

2º.- Dar traslado do expediente completo á Comisión Provincial de Medio Ambiente, para os efectos previstos no 33 do referido Regulamento.-----

d) Examinado o expediente promovido por D. Ernesto López Barreiro en virtude de instancia nº 1.970 de data 19-10-2000 solicitando licenza municipal para a instalación, apertura e funcionamento dun depósito aéreo de 4.000 litros de G.L.P., actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado por Decreto 2414/1961, de 30 de novembro.-----

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite por Decreto da Alcaldía de data 19-10-2000.----

RESULTANDO: Que se cumpriron os trámites de información pública e notificación persoal ós veciños inmediatos e se incorporaron os informes do Xefe Local de Sanidade e dos técnicos congruentes coa natureza da actividade.-----

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garanti-la tranquilidade, salubridade e seguridade cidadás e a súa adecuación ó medio ambiente.-----

CONSIDERANDO: Que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona nas Normas de ordenación complementarias e subsidiarias do planeamento do concello, que non está en contradición co disposto en acordos e ordenanzas municipais sobre a materia, que se respectan as distancias previstas e que non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.---

CONSIDERANDO que na zona, ou nas súas proximidades, non concorren outras actividades análogas xeradoras de efectos aditivos.---

Vistos o Decreto 2414/61, de 30 de novembro, e demais disposicións concordantes de aplicación.----

A Corporación municipal, por unanimidade dos dezaseis membros asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda:-----

1º.- Informar FAVORABLEMENTE a concesión de licenza municipal instada por D. Ernesto López Barreiro para a instalación dun depósito aéreo de 4.000 litros de G.L.P. no lugar de Monte, nº 8, parroquia de Cacheiras deste concello, porque no expediente se cumpriron tódalas prescricións legais.-----

2º.- Dar traslado do expediente completo á Comisión Provincial de Medio Ambiente, para os efectos previstos no 33 do referido Regulamento.-----

e) Examinado o expediente promovido por REPSOL BUTANO, S.A. en virtude de instancia nº 1.938 de data 16-10-2000 solicitando licenza municipal para a instalación, apertura e funcionamento dun depósito aéreo de 10.000 litros de G.L.P., actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado por Decreto 2414/1961, de 30 de novembro.-----

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite por Decreto da Alcaldía de data 16-10-2000.----

RESULTANDO: Que se cumpriron os trámites de información pública e notificación persoal ós veciños inmediatos e se incorporaron os informes do Xefe Local de Sanidade e dos técnicos congruentes coa natureza da actividade.-----

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garanti-la tranquilidade, salubridade e seguridade cidadás e a súa adecuación ó medio ambiente.-----

CONSIDERANDO: Que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona nas Normas de ordenación complementarias e subsidiarias do

planeamento do concello, que non está en contradición co disposto en acordos e ordenanzas municipais sobre a materia, que se respectan as distancias previstas e que non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.---

CONSIDERANDO que na zona, ou nas súas proximidades, non concorren outras actividades análogas xeradoras de efectos aditivos.---

Vistos o Decreto 2414/61, de 30 de novembro, e demais disposicións concordantes de aplicación.----

A Corporación municipal, por unanimidade dos dezaseis membros asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda:-----

1º.- Informar FAVORABLEMENTE a concesión de licencia municipal instada por REPSOL BUTANO, S.A. para a instalación dun depósito aéreo de 10.000 litros de G.L.P. Para servizo de 36 + 1 vivendas no lugar de Agro da Gaiteira-Cacheiras (residencial “Bellavista”), parroquia de Cacheiras deste concello, porque no expediente se cumpriron tódalas prescricións legais.

2º.- Dar traslado do expediente completo á Comisión Provincial de Medio Ambiente, para os efectos previstos no 33 do referido Regulamento.-----

f) Examinado o expediente promovido por REPSOL BUTANO, S.A. en virtude de instancia nº 2.380 de data 07-12-2000 solicitando licencia municipal para a instalación, apertura e funcionamento dun almacenamento de gas propano, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado por Decreto 2414/1961, de 30 de novembro.-----

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite por Decreto da Alcaldía de data 07-12-2000.----

RESULTANDO: Que se cumpriron os trámites de información pública e notificación persoal ós veciños inmediatos e se incorporaron os informes do Xefe Local de Sanidade e dos técnicos congruentes coa natureza da actividade.-----

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garanti-la tranquilidade, salubridade e seguridade cidadás e a súa adecuación ó medio ambiente.-----

CONSIDERANDO: Que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona nas Normas de ordenación complementarias e subsidiarias do planeamento do concello, que non está en contradición co disposto en acordos e ordenanzas municipais sobre a materia, que se respectan as distancias previstas e que non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.---

CONSIDERANDO que na zona, ou nas súas proximidades, non concorren outras actividades análogas xeradoras de efectos aditivos.---

Vistos o Decreto 2414/61, de 30 de novembro, e demais disposicións concordantes de aplicación.----

A Corporación municipal, por unanimidade dos dezaseis membros asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda:-----

1º.- Informar FAVORABLEMENTE a concesión de licencia municipal instada por REPSOL BUTANO, S.A. para a instalación dun almacenamento de gas propano para servizo de oito vivendas no lugar de Torre, parroquia de Cacheiras deste concello, porque no expediente se cumpriron tódalas prescricións legais.--

2º.- Dar traslado do expediente completo á Comisión Provincial de Medio Ambiente, para os efectos previstos no 33 do referido Regulamento.-----

g) Examinado o expediente promovido por “Sarauto Automóviles, S.L.” en virtude de instancia nº 1.805 de data 25-09-2000 solicitando licenza municipal para a instalación, apertura e funcionamento dun expositor de venda de vehículos, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado por Decreto 2414/1961, de 30 de novembro.-----

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite por Decreto da Alcaldía de data 25-09-2000.----

RESULTANDO: Que se cumpriron os trámites de información pública e notificación persoal ós veciños inmediatos e se incorporaron os informes do Xefe Local de Sanidade e dos técnicos congruentes coa natureza da actividade.-----

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garanti-la tranquilidade, salubridade e seguridade cidadás e a súa adecuación ó medio ambiente.-----

CONSIDERANDO: Que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona nas Normas de ordenación complementarias e subsidiarias do planeamento do concello, que non está en contradición co disposto en acordos e ordenanzas municipais sobre a materia, que se respectan as distancias previstas e que non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.---

CONSIDERANDO que na zona, ou nas súas proximidades, non concorren outras actividades análogas xeradoras de efectos aditivos.---

Vistos o Decreto 2414/61, de 30 de novembro, e demais disposicións concordantes de aplicación.----

A Corporación municipal, por unanimidade dos dezaseis membros asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda:-----

1º.- Informar FAVORABLEMENTE a concesión de licenza municipal instada por “Sarauto Automóviles, S.L.” para a instalación dun expositor de venda de vehículos no lugar de Casalonga, parroquia de Calo deste concello, porque no expediente se cumpriron tódalas prescricións legais.----

2º.- Dar traslado do expediente completo á Comisión Provincial de Medio Ambiente, para os efectos previstos no 33 do referido Regulamento.-----

h) Examinado o expediente promovido por D. JOSÉ MARÍA GÓMEZ TORRES en virtude de instancia nº 1.926 de data 13-10-2000 solicitando licenza municipal para a instalación, apertura e funcionamento de legalización de actividade de adega e planta embotelladora de viños, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado por Decreto 2414/1961, de 30 de novembro.-----

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite por Decreto da Alcaldía de data 13-10-2000.----

RESULTANDO: Que se cumpriron os trámites de información pública e notificación persoal ós veciños inmediatos e se incorporaron os informes do Xefe Local de Sanidade e dos técnicos congruentes coa natureza da actividade.-----

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garanti-la tranquilidade, salubridade e seguridade cidadás e a súa adecuación ó medio ambiente.-----

CONSIDERANDO: Que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona nas Normas de ordenación complementarias e subsidiarias do planeamento do concello, que non está en contradicción co disposto en acordos e ordenanzas municipais sobre a materia, que se respectan as distancias previstas e que non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.---

CONSIDERANDO que na zona, ou nas súas proximidades, non concorren outras actividades análogas xeradoras de efectos aditivos.---

Vistos o Decreto 2414/61, de 30 de novembro, e demais disposicións concordantes de aplicación.----

A Corporación municipal, por unanimidade dos dezaseis membros asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda:-----

1º.- Informar FAVORABLEMENTE a concesión de licenza municipal instada por D. José María Gómez Torres para a instalación de legalización de adega e planta embotelladora de viños no lugar de Piro, parroquia de Oza deste concello, porque no expediente se cumpriron tódalas prescricións legais.-----

2º.- Dar traslado do expediente completo á Comisión Provincial de Medio Ambiente, para os efectos previstos no 33 do referido Regulamento.-----

i) Examinado o expediente promovido por “Promociones Iglesias Mera, S.L.” en virtude de instancia nº 2.410 de data 12-12-2000 solicitando licenza municipal para a instalación, apertura e funcionamento dun motel de dúas estrelas, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado por Decreto 2414/1961, de 30 de novembro.-----

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite por Decreto da Alcaldía de data 12-12-2000.----

RESULTANDO: Que se cumpriron os trámites de información pública e notificación persoal ós veciños inmediatos e se incorporaron os informes do Xefe Local de Sanidade e dos técnicos congruentes coa natureza da actividade.-----

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garanti-la tranquilidade, salubridade e seguridade cidadás e a súa adecuación ó medio ambiente.-----

CONSIDERANDO: Que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona nas Normas de ordenación complementarias e subsidiarias do planeamento do concello, que non está en contradicción co disposto en acordos e ordenanzas municipais sobre a materia, que se respectan as distancias previstas e que non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.---

CONSIDERANDO que na zona, ou nas súas proximidades, non concorren outras actividades análogas xeradoras de efectos aditivos.---

Vistos o Decreto 2414/61, de 30 de novembro, e demais disposicións concordantes de aplicación.----

A Corporación municipal, por unanimidade dos dezaseis membros asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda:-----

1º.- Informar FAVORABLEMENTE a concesión de licenza municipal instada por “Promociones Iglesias Mera, S.L.” para a instalación dun motel de dúas estrelas no lugar de Luou, parroquia de Luou deste concello, porque no expediente se cumpriron tódalas prescricións legais.

2º.- Dar traslado do expediente completo á Comisión Provincial de Medio Ambiente, para os efectos previstos no 33 do referido Regulamento.-----

l) Examinado o expediente promovido por “Montesiago, S.L.” en virtude de instancia nº 675 de data 13-04-2000 solicitando licenza municipal para a instalación, apertura e funcionamento dunha residencia para a terceira idade en Montouto-Cacheiras (residencial “Braña dos Alférecos”), actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado por Decreto 2414/1961, de 30 de novembro, a Sra. Bugallo Rodríguez pregunta se a finca onde se pretende instalar este xeriátrico non é unha grande para a que hai un estudio de detalle e onde se van construír tamén edificios de vivendas, e o Sr. Secretario respóndelle que si, pero que o expediente de actividades clasificadas se refire soamente á re- sidencia.-----

O Sr. Parajó Liñares pregunta se o xeriátrico está contemplado no primeiro proxecto, e o Sr. Secretario respóndelle que non o sabe; o Sr. Parajó Liñares manifesta que cre que nin nese nin no estudio de detalle se fala para nada desta residencia da terceira idade; que non ten nada en contra de que se faga, pero que se o estudio de detalle non a contempla haberá que modificalo antes de facer nada relativo ó xeriátrico. A Sra. Bugallo Rodríguez manifesta que por aí ía a súa pregunta; que cómpre deixar sobre a mesa este expediente mentres non se saiba se esta instalación está contemplada no estudio de detalle. O Sr. Secretario solicita un receso de cinco minutos a fin de consultar este extremo co técnico municipal, receso que lle é concedido.

Tras este, o Sr. Secretario manifesta que no estudio de detalle non é obrigatorio especificar que se vai construír, xa que nel só se ordean volumes, rasantes e cotas, e que as normas subsidiarias do concello contemplan como permitido en solo URTA o uso sanitario-asistencial.-----

O Sr. Filloy Villar pregunta se este xeriátrico está incluído dentro do volume de construción que figura no estudio de detalle ou se é unha edificación a maiores, e o Sr. Secretario respóndelle que é un dos edificios contemplados no estudio de detalle.--

A Sra. Bugallo Rodríguez manifesta que non dubida de que o uso sanitario-asistencial estea permitido, pero que o edificio destinado a iso debe estar reflexado como tal no estudio de detalle, polo que cómpre modificar este; o Sr. Alcalde respóndelle que pensa que os técnicos non mandarían o expediente ó pleno se houberese ese problema, o Sr. Noriega Sánchez opina que tam- pouco pasa nada por deixar este expediente sobre a mesa para un próximo pleno, a fin de que se aclare esta dúbida, e o Sr. Filloy Villar pensa que se o edificio xa está contemplado no estudio de detalle hai que modificar neste o uso da edificación, e se non está contemplado haberá que busca- -la maneira de adapta-la superficie edificable que figura no estudio de detalle.----

O pleno do concello, por unanimidade dos dezaseis membros asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda deixar este asunto sobre a mesa para estudio.

3.- ESTUDIOS DE DETALLE .-----

a) O Sr. Alcalde dá conta do estudio de detalle e proxecto de compensación tramitados a instancia de “M.C. MAPOCA Y OTROS, S.C.”, redactados pola arquitecta Dª Mercedes Rosón Varela, comprensivos da finca nº 30 de Ramallosa-Lucí, de 1857,57 m² de superficie neta, clasificados como solo URTA nas Normas de ordenación complementarias e subsidiarias do planeamento do concello.-----

O expediente permaneceu exposto ó público durante o prazo de un mes, segundo anuncios insertos en "La Voz de Galicia" de 16-01-2001 e no D.O.G. nº 9, de 12-01-2001, sen que se presentase ningunha reclamación na súa contra.

A Sra. Bugallo Rodríguez manifesta que este estudio de detalle, como varios que pasan por este pleno, presentan un problema coa zona de cesión; este concretamente pretende cederlle ó concello un anaco de terreo de 145,94 m², que corresponde a unha franxa pegada á estrada e que xa se di na memoria que será dedicado a prazas de aparcamento e zona axardinada; ou sexa, que llo dan ó concello para que lles pague a construción do aparcamento e do seu xardín. Di tamén que lle sorprende ver unha zona de 718,50 m² que se di "será utilizada noutra actuación", e non comprende como se pode facer outra actuación nesa finca, ou se se tratará doutra cesión; preguntase se alguén sabe a que se refiren, e o Sr. Alcalde respóndelle que non, pero que se imaxina que será que lles sobra un cacho que poderán anexionalo a outra finca das mesmas características. A Sra. Bugallo pregunta se hai coñecemento de que será esa outra actuación, e o Sr. Secretario respóndelle que non. A Sra. Bugallo Rodríguez manifesta que quere que quede constancia disto, porque o proxecto de compensación é impresentable, xa que, aparte de que dan pouco terreo, que ademais pretenden que sexa para beneficio da propia urbanización, xa estipulan eles que as cesións lucrativas serán feitas en metálico en vez de en terreos, e pretenden pagar a 4.750 pts/m² o mesmo terreo que lle ofertaron ó concello en case 20.000 pts/m² (oferta que defendeu o equipo de goberno), e por riba cobrarlle ó concello, por urbanizalo cacho cedido, 516.325 pts, co que a cesión lucrativa queda reducida a 6.324 pts. O Sr. Alcalde pregúntalle quen defendeu iso que di a Sra. Bugallo, e esta respóndelle que a comisión de goberno e os membros do PP da comisión que informou o expediente de compra desa finca; remítese ós membros do PP presentes para que digan se as súas palabras son ou non certas e, dado que ningún responde, o Sr. Secretario manifesta que buscará as actas correspondentes e lle dirá o que pasou. O Sr. Alcalde manifesta que non ten ningún sentido referirse ó expediente de compra desa finca polo concello, xa que a empresa retirou a oferta, e a Sra. Bugallo respóndelle que esa é a famosa finca do "pelotazo" e que todo o mundo sabe quen está detrás de Mapoca; o Sr. Alcalde dille que o prezo do metro cadrado en cada zona, para efectos de cesións, está fixado nas normas subsidiarias, polo que hai que aceptalo, e a Sra. Bugallo respóndelle que o prezo debe se-lo mesmo para a compra que para a venda; o Sr. Alcalde dille que o concello tivo a oportunidade de facerse con esa finca, e que debe de vale-los cartos que se pedían; proba disto é que agora van edificar nela.-

A Sra. Bugallo Rodríguez pregunta por que hai un convenio segundo o cal o custo da urbanización e repercutido ó concello, e di que non o comprende, posto que é normal que o concello o pague cando é para tódolos veciños, pero neste caso, e noutros moitos como este, preténdese que o concello lle pague ó promotor o custo dos traballos de urbanización dun terreo que é para o seu uso e o seu beneficio.-

O Sr. Parajó Liñares manifesta que analizou o estudio de detalle e pensa que as cesións non son correctas, xa que deben ser para beneficio de tódolos veciños e non soamente para os da urbanización; di que en Cacheiras xa están esixindo que se lles arranxe a praza, e que neste estudio de detalle parece que van ceder tamén un cacho de terra para facer un vial que unicamente vai favorecer a esa urbanización e mais á finca do lado.-----

O Sr. Filloy Villar manifesta que por lei as prazas de aparcamento son obrigatorias, unha por cada vivenda; polo tanto, que non veñan facéndolle ó concello o favor de darlle terreos para aparcamentos. Di tamén que ten razón a Sra. Bugallo en canto á compra da finca, que se tería levado a cabo se non fose polos votos en contra da oposición e dos catro concelleiros do PP que non están de acordo coa actuación do Alcalde, e opina que a avaliación do terreo debe se-lo mesmo para vendelo que para mercalo.

Sometida a votación a aprobación deste estudio de detalle e proxecto de compensación, obtén seis votos a favor (dos Sres. Blanco Martínez, Castroagudín Valladares, Cajaraville Campos, Ouro Calvelo, Mata Iglesias e Aller Suárez) e dez en contra (dos Sres. Noriega Sánchez, Parajó Liñares, Tallón Mesías, Hombre Eiras, Fandiño Pazos, Fernández Fernández e Filloy Villar e das Sras. Bugallo Rodríguez, Amieiro Rodríguez e Blanco Fernández), sendo o número legal o de dezasete e de asistentes o de dezaseis, polo que non resulta aprobado.-

b) O Sr. Alcalde dá conta do estudio de detalle e proxecto de compensación tramitados a instancia de "CONSTRUCCIONES IGLESAN, S.L.", redactados polos arquitectos "Novio + Taboada", comprensivos da finca nº 507 de Pontevea-Reis, de 2.283 m² de superficie neta, clasificados como solo URTA nas Normas de ordenación complementarias e subsidiarias do planeamento do concello.-----

O expediente permaneceu exposto ó público durante o prazo de un mes, segundo anuncios insertos en "La Voz de Galicia" de 16-01-2001 e no D.O.G. nº 9, de 12-01-2001, sen que se presentase ningunha reclamación na súa contra.

A Sra. Bugallo Rodríguez mostra o plano das construcións que se pretende levar a cabo nesa finca e manifesta que se se aprobase este estudio de detalle se estaría permitindo unha duplicidade de edificación, xa que a finca ten 62 m. de fronte, co que a normativa lles permite construír un edificio de 42 x 15 m. ou ben dous edificios pareados ata ese mesmo volume, pero o que pretenden construír son tres edificios, formando un U... deixando como zona de cesión ó concello o terreo que queda no medio, para que se lles faga un xardín, co que rebaixa en 500.000 pts. a cesión lucrativa ó concello; e pretenden xustificar todo isto con que deste xeito se ve mellor o río (?) e con que se descontrae a estrada, o que non ve que se consiga con esta construción. O Sr. Alcalde respóndelle que, segundo o informe dos técnicos, o expediente cumpre as normas urbanísticas vixentes na actualidade.---

O Sr. Parajó Liñares maniféstase en desacordo co terreo de cesión, posto que non repercute en ben dos veciños; o Sr. Alcalde pregúntalle se os que van vivir aí non son tamén veciños, e o Sr. Parajó respóndelle que de momento non, que o serán cando estean habitando esas vivendas, e que de momento o único beneficiado é o promotor; que se cedesen un local, este poderíase aproveitar para que o usase a A.VV. O Sr. Alcalde respóndelle que o concello xa posúe algún local cedido así, e o Sr. Parajó dille que cre que só hai un, en Montouto.-

A Sra. Bugallo manifesta que os estudos de detalle están pensados para permitir unha mellor ordenación do terreo, pero que se lles están dando outros sentidos; que de todos modos os veciños non quedarán sen zona verde, xa que o promotor terá que poñela a custo seu se quere vendelas vivendas, e que aprobando isto se hipotecan as futuras doutacións da zona; pregúntase por que o equipo de goberno está sempre disposto a aprobar estas cousas vergoñentas. O Sr. Alcalde respóndelle que tódolos estudos de detalle aprobados cumprían a normativa, e se se aproban é para que medre o concello, non para impedir que veñan novos veciños, que é o que fai o BNG; que cando se aprobe o novo plan xeral se esixirá que tódalas construcións se adapten a el, pero que non quere que Teo non medre; a Sra. Bugallo dille que o BNG tamén quere que medre o concello, pero que medre de modo racional e con ordenación, co que se evitaría que haxa que construír viais novos para eludilos embudes que provocou a política urbanística do Sr. Alcalde.-

O Sr. Parajó manifesta que esa política urbanística provocou que unha gran cantidade de xente se sinta prexudicada pola construción dos novos viais, e isto pasa por non programar antes de aprobar; o Sr. Alcalde respóndelle que iso foi cousa da CPTOPV, e o Sr. Noriega Sánchez dille que á Consellería non lle quedou outro remedio que tratar de arranxalos problemas que provocou a política urbanística do Alcalde. O Sr. Parajó opina que non se pode

permitir que a uns se lle consinta todo e a outros se lles bote un expediente para atrás porque lle faltan 300 m., e o Sr. Fandiño manifesta que non se lle pode bota-la culpa ós técnicos, porque estes están pagos por quen están pagos, e se un é empregado dunha empresa ten que informar de modo favorable ó seu xefe; pensa que o que hai que pretender é que a xente que vén vivir a Teo poida vivir con dignidade, e hoxe hai xente que acaba de mercar unha vivenda e que xa está intentando vendela sen que haxa quen lla compre. O Sr. Alcalde di que o Sr. Fandiño e os seus compañeiros falan así e non apoian os estudos de detalle porque están resentidos, e o Sr. Filloy respóndelle que non se pode considerar resentidas a unhas persoas que lle descubren un “pelotazo” de 27 millóns de pesetas e impiden que se leve a cabo, porque o que en realidade fixeron foi evitar que lle xurdira un problema; o Sr. Alcalde dille que foi a propia empresa quen retirou a oferta, e o Sr. Filloy respóndelle que o fixo porque viu que se lle descubría o “petate”, e que el e os seus compañeiros tamén queren que Teo medre, pero que se constrúa o que se pode construír e non auspiciando o caos.--

Sometida a votación a aprobación deste estudio de detalle e proxecto de compensación, obtén seis votos a favor (dos Sres. Blanco Martínez, Castroagudín Valladares, Cajaraville Campos, Ouro Calvelo, Mata Iglesias e Aller Suárez) e dez en contra (dos Sres. Noriega Sánchez, Parajó Liñares, Tallón Mesías, Hombre Eiras, Fandiño Pazos, Fernández Fernández e Filloy Villar e das Sras. Bugallo Rodríguez, Amieiro Rodríguez e Blanco Fernández), sendo o número legal o de dezasete e de asistentes o de dezaseis, polo que non resulta aprobado.-

c) O Sr. Alcalde dá conta do estudio de detalle e proxecto de compensación tramitados a instancia de “LAR DE TEO, S.C. VIVIENDAS”, redactados polos arquitectos D. César de Jesús Otero Grille, D. Eladio Castro López e D. Javier López Cabana, comprensivos dunha finca situada en Ramallosa-Lucí, de 3.266 m² de superficie neta, clasificados como solo URTA nas Normas de ordenación complementarias e subsidiarias do planeamento do concello.-----

O expediente permaneceu exposto ó público durante o prazo de un mes, segundo anuncios insertos en "La Voz de Galicia" de 16-01-2001 e no D.O.G. nº 9, de 12-01-2001, sen que se presentase ningunha reclamación na súa contra.

A Sra. Bugallo Rodríguez manifesta que, remitíndose á memoria do estudio de detalle, pretende cederse ó concello un anaco de 587 m² que serán dedicados a aparcamentos e xardín; ou sexa, que novamente se pretende que o concello lles faga o xardín e os aparcamentos para eles. Di que segue sen comprender por que a cesión se está facendo sempre en cartos, cando todo o mundo sabe que para o concello é máis conveniente e máis rendible que se faga en terreos, e o Sr. Alcalde respóndelle que as normas contemplan que se poida facer en cartos a cesión lucrativa. A Sra. Bugallo dille que si, pero que é o pleno quen ten que decidir se quere cartos ou terra, e que neste caso pretenden darlle ó concello 1.926.940 pts. e cobrar 1.473.919 pts. pola urbanización do terreo público, co que as arcas municipais só ingresarían 453.021 pts. Pensa que este é un tema mesmo xudiciable, e que o Sr. Alcalde debe agradecer que llo expoñan así e non noutros foros máis duros. Pide tamén que, por favor, non se urbanicen os terreos que ceden os promotores, que é mellor que queden a campo, porque ó concello lle sae carísimo acondicionalos. O Sr. Alcalde respóndelle que así está contemplado nas normas, e a Sra. Bugallo dille que precisamente os estudos de detalle son excepcións ás normas, e que é o pleno quen debe decidir sobre eles.-----

O Sr. Parajó Liñares manifesta que ó final da última lexislatura se aprobou un convenio urbanístico para unha finca e despois se autorizou unha segregación desta; o Sr. Alcalde pregúntalle por que non se podía facer, e o Sr. Parajó respóndelle que porque se fixo a segregación antes de desenvolver-lo convenio. O Sr. Alcalde respóndelle que todo o mundo ten a posibilidade de facer unha segregación en calquera finca, sempre que sexa divisible, e o Sr.

Parajó di que a Comisión de Goberno está tomando acordos que lle parecen ilegais, e pregunta por que non se traen eses asuntos ó pleno; o Sr. Alcalde respóndelle que porque a Comisión de Goberno ten potestade para resolvelos.-----

Sometida a votación a aprobación deste estudio de detalle e proxecto de compensación, obtén seis votos a favor (dos Sres. Blanco Martínez, Castroagudín Valladares, Cajaraville Campos, Ouro Calvelo, Mata Iglesias e Aller Suárez) e dez en contra (dos Sres. Noriega Sánchez, Parajó Liñares, Tallón Mesías, Hombre Eiras, Fandiño Pazos, Fernández Fernández e Filloy Villar e das Sras. Bugallo Rodríguez, Amieiro Rodríguez e Blanco Fernández), sendo o número legal o de dezasete e de asistentes o de dezaseis, polo que non resulta aprobado.-

4.- INFORME ALCALDÍA DANOS TEMPORAL.- O Sr. Alcalde manifesta que, en uso da potestade que lle está conferida polo artigo 21.1.m) da Lei de bases de réxime local, foi mandando arranxar algúns dos danos máis graves que se produciron en instalacións públicas (sobre todo en camiños) por mor dos últimos temporais, e que agora, tamén en cumprimento da lei, lle dá conta ó pleno; di que os desperfectos se foron arranxando como foron vindo e véndose, e que estes arranxos foron case todos de estradas, como as de Coira, Penelas, Oza... por un im- porte aproximado de 18 millóns de pesetas, botándose primeiro zahorra e despois asfalto, cando se puido, para que os veciños puidesen pasar polas estradas (aínda que nalgún caso se levantou o asfalto coa auga que caeu despois); que se fixeron fotos e informes de todo, que foron remitidos á Subdelegación do Goberno, á Xunta e a outros organismos para solicitar subvencións para os arranxos, que ascenden a douscentos e pico millóns de pesetas; que se solicitou da Xunta un anticipo sen xuros de 40 millóns de pesetas, reintegrable no momento en que se ingrese a sub- vención do goberno central e, se esta non chegou para entón, comezarse a pagar no ano 2002, a razón de millón e medio ou dous millóns mensuais. Manifesta que hai unha relación das obras que se fixeron e das que faltan por facer (pista de Paraxó, estrada de Noenles a San Xulián -na que hai que facer un muro que custa sobre 20 millóns de pesetas, polo que se vai intentar levan- talo de pedra, como o de Vilariño, a ver se sae un pouco máis barato-, pista da Burga, onde habe- rá que facer un malecón ou algo semellante, xa que o río socavou os cimentos...). Di tamén que tódolos concelleiros teñen unha relación dos danos causados polos temporais nas instalacións do concello.-----

O Sr. Fandiño pregunta se hai un erro de transcripción ou se agora, por mor dos temporais, o río Umia chega a Teo, e o Sr. Secretario respóndelle que é un erro, que debe dicir río Ulla.-----

O Sr. Noriega Sánchez manifesta que o artigo da LBRL citado polo Sr. Alcalde di que este debe “dar conta inmediata ó pleno” de tódalas actuacións que levou a cabo neste asunto, e non o fixo; de feito, non se pode dicir que sexa inmediato cando tardou tres meses; o Sr. Alcalde respóndelle que o fixo cando puido. O Sr. Noriega manifesta que se solicitou un crédito condi- cionado a consensua-los arranxos en acordo plenario, e que el saiba o pleno non consensuou nada; di que o Sr. Alcalde segue na política de inhibirse dos acordos plenarios e actuar pola súa conta, e pensa que o Sr. Alcalde debeu convoca-la comisión de obras para que estudiase o asunto e despois consensualo no pleno. O Sr. Alcalde respóndelle que tivo que facelo como o fixo por- que os do BNG son os do “non” e os do “xa”, que nunca acordan facer nada positivo; que se hai vías cortadas é urxente arranxalas, e el mandounas arranxar coa potestade que lle confire a lei.----

A Sra. Bugallo Rodríguez pídelo ó Sr. Alcalde que se autocensure, que el é quen ten que mante-la disciplina no pleno e non dá moi bo exemplo dedicándose a insultar á oposición.-----

O Sr. Noriega di que non está no seu ánimo dicir “non” nin “xa”, pero que o Sr. Alcalde debeu dar conta inmediata ó pleno e non o fixo, e que tampouco se consensuaron os arranxos para solicita-lo crédito.

O Sr. Parajó Liñares manifesta que o outro día se acordou que deberá ser unha comisión quen decida para que obras van i-los cartos, e que o Sr. Alcalde non ten facultades para decidir iso, ten que se-lo pleno, polo que ten que reunirse xa a comisión e decidir. Manifesta que o outro día o Secretario dixo que as obras están sobrevaloradas (o Sr. Secretario responde que en ningún momento dixo tal cousa), e o Sr. Parajó di que os cartos que se gastan non se corresponden coas obras que se están facendo e co estado en que están as vías públicas municipais; pregunta onde se meten os cartos, porque para estas non van; di que non sabe onde se vai ir parar se para arranxa- -la pista de Coira (onde viven catro veciños) hai que facelo en catro fases; pide que se reúna xa a comisión e se repartan os cartos. O Sr. Alcalde dille que non o amenace co xulgado, que total xa o está levando a el cada quince días, a última un día destes (que aínda que non soubo nada polo fiscal, viuno no periódico), que se debe á xustiza e respéctaa; o Sr. Parajó respóndelle que enten- de que está falando do asunto da leira dos Verxeles, e que non lle quedou máis remedio que leva- lo ó xulgado despois de preguntar quince veces onde estaba o expediente e responderlle sempre con evasivas (“... no avogado...” “... no xulgado...”) sen aclarar nunca nada nin ensinar papeis. O Sr. Noriega dille ó Sr. Alcalde que debería darlle vergonza inhibirse (el, que debe se-lo defensor dos intereses do concello) e que teña que se-la oposición quen intente que se tomen as medidas necesarias para defende-los bens do concello; o Sr. Alcalde respóndelle que ten a conciencia moi tranquila, e o Sr. Noriega dille que máis ben parece que a ten narcotizada.-----

O Sr. Hombre Eiras manifesta que el foi o promotor da moción, e que non quere que simplemente o informen dos arranxos, senón saber e intervir nas datas e nos custos da realización das obras; o Sr. Alcalde respóndelle que o Sr. Secretario ten relación das obras que se fixeron e do seu custo.--

O Sr. Parajó pide que se leve a cabo unha votación sobre este asunto, e o Sr. Alcalde respóndelle que non hai nada que votar, posto que este punto da orde do día é “informe da Alcal- día”, o que xa deu. O Sr. Parajó Liñares dille ó Sr. Alcalde que non toque para nada o anticipo dos 40 millóns, porque como os toque vai ve-lo que pasa.-----

O Sr. Filloy manifesta que no seu momento se opuxo a que se pediran eses cartos porque non hai ningunha programación para investilos, e non telos sería a mellor maneira de evitar que se malgasten e despois haxa que devolvelos.----

O Sr. Alcalde dá por rematado este punto da orde do día.

5.- CONTRATACIÓN PLAN XERAL.- Dada conta do expediente que se tramita para contratación dos traballos de redacción do plan xeral urbanístico deste concello, e vista a proposta da mesa de contratación, o Sr. Noriega Sánchez manifesta a súa satisfacción pola elección dos membros que a compoñen e felicita a estes pola sabia decisión que tomaron.----

O Sr. Parajó Liñares cre que foi unha mesa democrática e espera que o contratista que escolleron saiba realizar ben o traballo; pide que, segundo se falou na reunión da mesa de contratación, se faga unha comisión de seguimento do plan xeral, para que este vaia o máis consensuado posible, e o Sr. Alcalde respóndelle que xa se verá máis adiante se cómpre crear esa comisión; o Sr. Parajó Liñares manifesta que iso foi unha proposta da mesa, e pide que se vote, e o Sr. Secretario respóndelle que na acta da reunión da mesa non figura recollido ese asunto; o Sr. Alcalde di que, daquela, só se votará a contratación dos traballos.-----

O pleno do concello, por unanimidade dos dezaseis membros asistentes, sendo o número legal o de dezasete, á vista da proposta emitida pola mesa de contratación, acorda

contratarlle a “Oficina de Planeamiento, S.A.” os traballos de redacción do novo plan xeral de urbanismo deste concello no prezo total de trinta e nove millóns novecentas catro mil pesetas.-----

6.- EUROTAXI.- Seguidamente dáse conta do expediente que se tramita para adxudicación dunha praza de eurotaxi creada para este concello.-

O Sr. Secretario dá conta de que se presentaron tres solicitudes, unha delas fóra de prazo e outra que non cumpría tódolos requisitos esixidos, polo que a comisión formada para o efecto lle propón ó pleno que se lle adxudique a praza a D. Lino Guillermo Pampín Cao.-----

O Sr. Noriega manifesta que votará a favor da proposta da comisión avaliadora, e que espera que outra vez non tarde tanto en resolverse o expediente.

O Sr. Parajó Liñares maniféstase tamén a favor da proposta da comisión, e pregunta como está o expediente de adxudicación das demais prazas de taxi; o Sr. Secretario respóndelle que aínda non se recibiu a contestación da Xunta.---

O pleno do concello, por unanimidade dos dezaseis membros asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acordou adxudicarlle a praza de eurotaxi deste concello a D. Lino Guillermo Pampín Cao.--

Non habendo máis asuntos de que tratar rematou a sesión sendo as once horas e dez minutos, estendéndose a presente acta, que asina o Sr. Alcalde comigo, o Secretario acctal. que certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO ACCTAL.,

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO
LUGAR O DÍA 29 DE MARZO DE 2001.--**

SEÑORES ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Armando U. Blanco Martínez.

Concelleiros:

D. Antonio Castroagudín Valladares

D. Manuel R. Cajaraville Campos

D. Urbano Ouro Calvelo

D. Manuel Mata Iglesias

D. Juan B. Aller Suárez

D. Mario Fandiño Pazos

D. Manuel A. Filloy Villar

D. Ramón Fernández Fernández

D. F. Manuel Parajó Liñares

D. Manuel Tallón Mesías

D. Miguel A. Hombre Eiras

D. Martiño Noriega Sánchez

D^a Ánxela Bugallo Rodríguez

D^a M^a Soedade Amieiro Rodríguez

Secretario:

D. Jesús Naveira Vázquez.

Na casa do concello de Teo, a vintenove de marzo de dous mil un.----

Sendo as vinte horas, e baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Armando U. Blanco Martínez, reuniuse en primeira convocatoria o pleno do concello, con asistencia de quince dos seus membros, sendo o número legal o de dezasete, a fin de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.---

Escusaron a súa asistencia os concelleiros D. José Manuel Neira Picallo e D^a Angélica Blanco Fernández.-----

Asiste o Secretario acctal. da Corporación, D. Jesús Naveira Vázquez.----

Pola presidencia declárase sesión pública, e antes de entrar na orde do día o Sr. Alcalde dá conta de que non se decretou ningunha paralización de obra desde o último pleno ordinario.-----

De seguido pásase a coñecemento e resolución dos asuntos incluídos na seguinte -----

ORDE DO DÍA:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- O Sr. Presidente inquire se algún dos Sres. edís presentes desexa formular observacións ó borrador da acta da última sesión, que foi distribuído coa convocatoria da actual.---

O Sr. Filloy Villar manifesta que no punto 2, apartado 1), onde di "...o Sr. Filloy Villar pensa que se o edificio xa está contemplado no estudio de detalle hai que modificar neste o uso do solo no referente a esa edificación..." debe dicir "... o Sr. Filloy Villar pensa que se o edificio

xa está contemplado no estudio de detalle hai que modificar neste o uso da edificación..." e onde di "... o Sr. Filloy respóndelle que non se pode considerar resentidas a unhas persoas que lle descubren un "pelotazo" de 37 millóns de pesetas..." debe dicir "... o Sr. Filloy respóndelle que non se pode considerar resentidas a unhas persoas que lle descubren un "pelotazo" de 27 millóns de pesetas..."-.

O pleno do concello, por unanimidade dos quince membros asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda aproba-lo antedito borrador, unha vez efectuadas as correccións propostas, e que se rexistre no libro correspondente.-----

2.- MOCIÓN DO PSOE CONMEMORATIVA DO 70 ANIVERSARIO DO DEREITO Ó VOTO PARA AS MULLERES EN ESPAÑA.- Seguidamente dáse conta da moción presentada en data 18-03-2001 polo concelleiro Sr. Tallón Mesías, que copiada literalmente di o que segue:-----

"Neste ano conmemórase o 70 aniversario da conquista do dereito ó voto para as mulleres no noso país, que foi aprobado polas Cortes da República española o 1 de outubro do ano 1931.= Destacadas mulleres de diferentes opcións políticas e ideolóxicas loitaron para conquistar este dereito, e con iso fixérono pola democracia e o avance da liberdade e a igualdade.= a Constitución da República española, aprobada en 1931, estableceu que tódolos españoles, sen distinción de sexo, teñen os mesmos dereitos electorais, concedéndolle o dereito ó voto, así como a ser elixidos deputados e deputadas, ós homes e mulleres maiores de 23 anos.= Ademais esta Constitución favoreceu con diversas medidas a igualdade de dereito para ambos sexos e que podía disolverse. Os pais teñen cos fillos nados fóra do matrimonio as mesmas obrigas e dereitos que cos nados nel. Tódolos españoles podían acceder ós mesmos empregos e cargos públicos, estaba regulado o seguro de enfermidade, accidente, paro forzoso, velez, invalidez e morte, así como o traballo das mulleres e os mozos e, especialmente, a maternidade.= As mulleres comezaron a formar parte da vida política con dereitos recoñecidos e empezaron a participar en postos de toma de decisións, e encontráramos tamén nas Cortes como deputadas. Desafortunadamente a dictadura puxo fin a estes dereitos durante 40 anos e non foron novamente conquistados ata a volta da democracia no noso país.= Recoñecer esta herdanza histórica democrática significa recordar tamén que moitas mulleres traballaron por unha vida mellor para todos e todas. Recordalas cada día significa comprometernos co que elas defenderon, a igualdade de oportunidades de homes e mulleres na vida social e política e o seu dereito a opinar, a estar e a participar. Tamén significa educar ós nosos fillos e fillas nesa igualdade, recordándolles que a historia está chea de mulleres que no seu día loitaron por dereitos que hoxe forman parte da nosa vida.= Polo tanto, a presente corporación municipal, reunida no día de hoxe, acorda: Poñer nome a unha rúa ou praza do noso concello recordando ós que loitaron polo dereito ó voto das mulleres e polo desenvolvemento do noso sistema democrático, e en concreto a Clara Campoamor, unha muller comprometida con esta causa toda a súa vida." (Acompaña á moción un resume da vida de Clara Campoamor Rodríguez).

O Sr. Tallón Mesías defende a moción dicindo que pretende honra-la memoria de Clara Campoamor, avogada e escritora, elixida en 1931 deputada pola provincia de Madrid e delegada do Goberno da República na Sociedade de Nacións, exiliada a causa da guerra civil e finada en Suíza en 1973, destacando o seu papel en defensa dos dereitos da muller, na redacción e aprobación da lei de divorcio, nos debates sobre a inscrición e dereitos como lexítimos dos fillos e fillas habidos fóra do matrimonio, e sobre todo na redacción do art. 34 da Constitución, no que se definía o sufraxio universal.-----

O Sr. Alcalde manifesta que non ten inconveniente en darlle o nome de Clara Campoamor a unha rúa dalgunha nova urbanización do concello, e que, se o pleno o acorda, buscará unha para tal fin, e o Sr. Noriega Sánchez manifesta que o seu grupo tamén apoiará a moción.-

O pleno do concello, por unanimidade dos quince membros asistentes, acorda aproba-la moción transcrita e darlle a unha rúa deste concello o nome "Rúa de Clara Campoamor".

O Sr. Noriega Sánchez solicita se declare de urxencia e se inclúa na orde do día o seguinte asunto:-----

3.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A APLICACIÓN URXENTE DO REGULAMENTO DE AXUDAS E SUBVENCIONS MUNICIPAIS A ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA O ANO 2001 E SOBRE O PAGO DE ATRASOS DO ANO 2000 .- O Sr. Noriega Sánchez dá lectura á moción de data 28-03-01 que, copiada literalmente, di o que segue:-----

"Considerando:= 1. Que no pleno municipal do pasado 26 de outubro se aprobou un 'Re- regulamento para a concesión de axudas e subvencións municipais a entidades sen ánimo de lucro' (B.O.P. do 12-12-00) que, na súa disposición derradeira di textualmente: *A asignación de subvencións e axudas municipais que se concedan no ano 2001 deberán a terse xa ó estrictamente regulamentado neste texto.*= 2. Que a pesar de que no Regulamento se especifica que a convocatoria debería ser realizada en decembro do ano pasado (co obxecto de que as asociacións puidesen facer unha previsión de ingresos e actividades, así como optar a conseguir algún adianto se fose necesario), a Alcaldía aínda non fixo pública a convocatoria, causando unha serie de prexuízos na dispoñibilidade económica das asociacións que teñen que continuar coas súas actividades sen saber con que subvención van contar e, por suposto, sen ningún ingreso.= 3. Que, por outra banda, algunhas asociacións que desenvolven unha grande actividade viven, neste momento, unha situación precaria debida á falta do pago da totalidade das subvencións municipais que agardaban no ano 2000 (tomando como referencia as recibidas en 1999).= 4. Que a situación comeza a ter gravidade para a maioría das asociacións e, para algunhas, chega xa a ser crítica (debendo aínda agardar a que se completen os prazos da convocatoria unha vez convocada publicamente a mesma).= O grupo municipal do BNG propón a adopción dos seguintes acordos:= 1. Que en cumprimento deste acordo plenario e do regulamento para a concesión de axudas e subvencións municipais a entidades sen ánimo de lucro, a Comisión de Goberno do concello de Teo, na súa próxima reunión, acorde formalmente a convocatoria das axudas e subvencións para o ano 2001, remitindo, no prazo dunha semana, esta convocatoria ó B.O.P. (aténdose ó disposto no artigo 4 do regulamento e na súa disposición derradeira).= 2. Solicitar do Alcalde que, co obxecto de paliar de inmediato a precaria situación dalgunhas das asociacións con maior actividade no concello (debida á falta do pago da totalidade das subvencións municipais que agardaban no ano 2000) lles conceda, con carácter extraordinario e a conta dos 3 millóns de libre disposición a que se refire o art. 6.2.1 do regulamento, unha subvención que lles permita iguala-las axudas recibidas en 1999 (ou, se os 3 millóns non chegan, facer un prorrateo desa cantidade entre as asociacións afectadas) para palia-las necesidades urxentes."-----

O Sr. Hombre Eiras manifesta que el tamén tiña, para presentar por vía de urxencia, unha moción sobre o tema das subvencións, pero que estará de acordo coa do BNG se se lle engade o seguinte parágrafo: "3. O pleno do concello, de acordo co establecido no art. 6.1 do regulamento de subvencións, constitúe a comisión de subvencións e axudas municipais, que estará formada polo/s concelleiro/s que cada grupo designe, baixo a presidencia do Sr. Alcalde ou concelleiro no que delegue, e que se reunirá no prazo máximo de quince días, tendo como primeiro traballo estudar todas aquelas axudas que, correspondendo ó exercicio do ano 2000, non foron atendidas, creando dificultades económicas ás sociedades peticionarias. A comisión presentará no próximo pleno ordinario unha proposta de resolución para as ditas axudas, e a comisión de goberno terá a obriga de facilitarlle á comisión de subvencións relación detallada de tódalas solicitudes que non foron atendidas no ano 2000." O Sr. Noriega Sánchez móstrase de acordo en incorporar este parágrafo á moción.-----

O Sr. Alcalde manifesta que o seu grupo está en contra da moción, e polo tanto en contra de declárala urxente e de incluíla na orde do día, porque a comisión de goberno, na sesión de 21-03-01, acordou abri-lo prazo de solicitude de subvencións do ano 2000, (dá lectura ó acordo) e di que agora ten que segui-lo procedemento legal que iniciou este; o Sr. Noriega Sánchez respóndelle que se alegra de que o Sr. Alcalde tomase esa iniciativa, pero que segue mantendo a moción porque contén outros puntos.---

O pleno do concello, por nove votos a favor (dos Sres. Noriega Sánchez, Parajó Liñares, Hombre Eiras, Tallón Mesías, Fandiño Pazos, Filloy Villar e Fernández Fernández e das Sras. Bugallo Rodríguez e Amieiro Rodríguez) e seis en contra (dos Sres. Blanco Martínez, Castroagudín Valladares, Cajaraville Campos, Ouro Calvelo, Mata Iglesias e Aller Suárez), sendo o número legal o de dezasete e de asistentes o de quince, acorda declarar de urxencia e incluír na orde do día este asunto.-----

A Sra. Bugallo Rodríguez manifesta que cos 3 millóns de que dispón o Alcalde se poden efectuar pagos inmediatos, o que non se pode facer co resto de cartos que hai para subvencións, xa que a convocatoria ten prazos regulados, presenta-la documentación tamén leva tempo e despois aínda hai que estudiala e decidir que cartos se dan a cada asociación, polo que utiliza-la partida de libre disposición do Alcalde para paga-los atrasos ás asociacións é a única maneira de resolverlles rapidamente o problema, e ademais hai que ter en conta que eses cartos son para cuestións de urxencia, e este caso é precisamente unha cuestión de urxencia. O Sr. Alcalde respóndelle que non está de acordo en investir nisto os cartos de libre disposición, xa que son para situacións de emerxencia e non pode quedar sen eles e que despois xurda algún problema dunha traída de augas, dunha asociación de veciños, etc. e non poida remedialos; manifesta que o presuposto do 2000 está prorrogado, polo que hai cartos suficientes na partida de subvencións e, se toda a corporación está de acordo, se poden pagar dela os atrasos e aumenta-lo importe da partida no presuposto do 2001 para que haxa cartos tamén para as subvencións deste ano. A Sra. Bugallo dille que iso non se pode facer, posto que tódolos cartos desa partida están suxeitos ó regulamento de subvencións (salvo os 3 millóns de que dispón o Alcalde) e que estes son para temas de urxencia en cuestións de asociacións culturais, non doutra cousa; que o Sr. Alcalde tiña que ter claro tamén o ano pasado que non podía conceder máis cartos dos que tiña. O Sr. Parajó Liñares manifesta que o importante agora é pagarlle ás asociacións, e pregunta cal sería o tempo mínimo que tardarían estas en cobrar; a Sra. Bugallo respóndelle que pagándolle cos cartos de libre disposición do Alcalde poderían cobrar de inmediato, pero que doutra maneira tardaríase de 2 a 3 meses en poder pagarlles; o Sr. Alcalde di que, pagándolle da partida de subvencións, poderían cobrar xa mesmo un anticipo, e o Sr. Noriega Sánchez respóndelle que non se pode dar ningún anticipo sen que teñan previamente presentada a documentación e asignada unha cantidade, e que soa-mente o prazo de presentación de solicitudes xa dura un mes, aparte do tempo necesario para publicacións no B.O.P., reunións da comisión de subvencións, estudo das solicitudes, etc.; que a única solución inmediata é pagarlles cos cartos de libre disposición do Alcalde. O Sr. Parajó pregunta se, caso de pagar cos cartos de libre disposición, se poderían pasar á partida normal unha vez aprobados os novos presupostos e volver a asignarlle eses cartos ó Sr. Alcalde para libre disposición, e o Sr. Secretario respóndelle que non; o Sr. Alcalde manifesta que non pode quedar sen eses cartos, porque poden xurdir durante o ano situacións urxentes que faga falta remediar; que se queren paga-las subvencións con cargo á partida correspondente do presuposto prorrogado el estará de acordo, pero que non utilizará os 3 millóns de que dispón para pagarlle ás asociacións as subvencións do 2000.-----

O Sr. Hombre Eiras pregunta se hai posibilidade de abrir unha partida presupostaria especial para paga-las subvencións pendentes do ano pasado, e a Sra. Bugallo respóndelle que non; o Sr. Hombre manifesta que nese caso as asociacións quedarán sen poder recibir a totalidade das subvencións que se lles conceda no 2001, porque volverán a faltar cartos, e o Sr. Alcalde respóndelle que poderán cobrar todo, porque se aumentará a consignación da partida, e o Sr. Hombre manifesta que cómpre constituír urxentemente a comisión e saca-la convocatoria canto antes mellor.-----

O Sr. Alcalde di que non sabe ata que punto o pleno pode dispoñer dos cartos que lle co- rresponde xestionar ó presidente da corporación, e a Sra. Bugallo respóndelle que non pretende que o pleno dispoña deses cartos, que só está solicitándolle ó Alcalde que, xa que son para cuestións urxentes, os invista en pagarlle ás asociacións, que é tan urxente que mesmo chegaron a ter que pedir créditos persoais para poder pagarlle ós profesores das actividades. O Sr. Alcalde di que eses cartos tampouco serían suficientes, que ó mellor tocarían a 200.000 pts. para cada asociación, e o Sr. Noriega respóndelle que non é así, posto que non se lle debe a todas, senón só a algunhas, que ademais o Sr. Alcalde sabe perfectamente cales son; este responde que non o sabe. A Sra. Bugallo pide que conste que o Sr. Alcalde meteu ás asociacións nese pufo e agora non quere sacalas del, e este respóndelle que se ve algún caso urxente decidirá el, pero non porque o obriguen; o Sr. Noriega manifesta que ninguén pretende dicirlle a quen lle debe da-los cartos, que só lle piden que estudie os casos, e que hai testemuños de asociacións que o están pasando realmente mal economicamente. Segue dicindo o Sr. Noriega que a cultura, o deporte e as reivindicacións veciñais no concello de Teo lle deben moito ó tecido asociativo, que non se entendería a formación de rapazas e rapaces en diversas actividades (deporte, música, baile...) non se entendería sen o esforzo de persoas que dun xeito desinteresado dedican o seu tempo libre a traballar nas asociacións para que todo isto poida saír adiante; que a finais do ano pasado a corporación aprobou o regulamento de subvencións a fin de establecer unha maior transparencia nos mecanismos de concesión de axudas buscando unha maior xustiza, así como esixirlle ás aso- ciacións xustificación dos cartos concedidos, por tratarse de cartos públicos, pero que tres meses despois non se realizou a convocatoria para que as asociacións poidan optar ás axudas do ano 2001, xa que ante as reiteradas solicitudes que vén facendo o grupo municipal do BNG para que se comece o proceso dunha vez o Sr. Alcalde responde cos seus consabidos latiguillos: "estamos niso..." "xa se fará...", respostas que demostran unha falta de respecto absoluto ós colectivos veciñais que contan cos cartos das axudas para poder cubri-los gastos dalgunha das súas actividades deste ano; que o grupo municipal do BNG non entende esta tardanza, posto que o Sr. Alcalde ten a maioría na comisión de subvencións, e pregunta a que se está agardando ou se non hai cartos nas arcas municipais. Segue dicindo que a situación se agrava se temos en conta a débeda que o concello ten con diversos colectivos respecto ás axudas do ano 2000, que non foron pagadas na súa totalidade, o que propiciou que unha serie de asociacións importantísimas neste concello (tales como a "Rosalía de Castro" ou a S.R. de Calo), que contaban con eses cartos, estean na actualidade nunha situación difícil na que mesmo tiveron que botar man de créditos persoais para poder cumprir cos profesores e persoal diverso; que a moción do BNG pretende subsanar esta situación propiciada polo Sr. Alcalde e polo seu grupo de goberno, solicitando a convocatoria xa e propoñendo que para paga-las débedas do ano 2000, polo menos en parte, empregue, pola urxencia da situación, os cartos que aquel ten asignados na partida de subvencións como de libre disposición, e que ascenden a 3 millóns de pesetas. Remata dicindo que ninguén entendería que o Sr. Alcalde se opuxese a esta moción.----

O Sr. Alcalde manifesta que ten liberdade para dispoñer libremente deses 3 millóns de pesetas e que mirará o que ten que facer con eles, e o Sr. Noriega respóndelle que a situación é o suficientemente urxente como para que os utilice; pregunta por que o Sr. Alcalde tardou tanto en saca-la convocatoria das subvencións, sabendo os problemas que estaban pasando as asociacións; este respóndelle que houbo prazos que cumprir, como a exposición pública do regulamento, que durou un mes, e o Sr. Noriega respóndelle que se busque outra excusa, xa que o regulamento foi aprobado en outubro de 2000, non se publicou ata decembro dese mesmo ano, o prazo de exposición rematou en xaneiro e xa estamos practicamente en abril.-----

O Sr. Hombre Eiras di que non entende que ó día de hoxe non haxa datos dos cartos que se deben de subvencións e a cantas asociacións afectan; o Sr. Alcalde respóndelle que non ten eses datos aquí e o Sr. Hombre dille que non os ten nin aquí nin nas oficinas nin os atopará mirando tódolos arquivos, posto que non existen; o Sr. Secretario manifesta que se sabe cantas asociacións hai, canto se lle deu a cada unha e o importe das subvencións de 1999 para cada asociación; só haberá que asignarlle a cada unha un importe para o 2000 e resta-lo anticipo que se deu. O Sr. Hombre Eiras pide que, en cumprimento do art. 6.1 do regulamento de subvencións, se constitúa a comisión e se poña a traballar no prazo de quince días, e propón que se esta encontra algún caso acuciante llo pase ó Sr. Alcalde para que este decida se utiliza ou non parte dos cartos de libre disposición en remedialo; o Sr. Alcalde móstrase de acordo en que se constitúa a comisión de subvencións no antedito prazo, debendo cada grupo político comunicar cal/es dos seus membros formará/n parte dela.-----

O Sr. Noriega insiste en que non lle esixe ó Sr. Alcalde que gaste os cartos de libre disposición en pagarlle ás asociacións, senón que lle solicita que o faga, e manifesta que non se coñecen as débedas do ano 2000 porque non se publicou en ningunha comisión de goberno, pero que as asociacións si saben cantos cartos teñen concedidos; opina que o Sr. Alcalde debe cumprir cos veciños, e pensa que é indigno do cargo que oustenta, que ve inimigos por todas partes cando o único que ten son veciños descontentos e que as súas actitudes e a falta de respecto que demostra lle van pasar factura. O Sr. Alcalde pregúntalle se soubo que houbera algún problema antes do ano 2000, e a Sra. Bugallo manifesta que espera que a fin de ano se vexa que o Sr. Alcalde utilizou os 3 millóns en pagar cousas máis urxentes ca esta. O Sr. Hombre manifesta que, cando a comisión de subvencións se poña a traballar e teña datos na man, espera poder convencer ó Sr. Alcalde para que utilice parte deses cartos en aliviar-los casos urxentes, e o Sr. Filloy di que ningún pode obrigar ó Sr. Alcalde a gastar eses cartos nunha cousa ou noutra, que se lle pide que remedie os casos máis urxentes, e cre que nin faría falta votar.--

Sometida a votación a moción presentada polo grupo municipal do BNG co punto engadido a petición do Sr. Hombre Eiras, obtén nove votos a favor (dos Sres. Noriega Sánchez, Parajó Liñares, Hombre Eiras, Tallón Mesías, Fandiño Pazos, Filloy Villar e Fernández Fernández e das Sras. Bugallo Rodríguez e Amieiro Rodríguez) e seis en contra (dos Sres. Blanco Martínez, Castroagudín Valladares, Cajaraville Campos, Ouro Calvelo, Mata Iglesias e Aller Suárez), polo que resulta aprobada.-----

Seguidamente, o Sr. Noriega Sánchez solicita se declare de urxencia e se inclúa na orde do día o seguinte asunto:-----

4.- MOCIÓN DO BNG SOBRE AS MEDIDAS COMPENSATORIAS DOS DANOS CAUSADOS POLOS TEMPORAIS .- A Sra. Bugallo Rodríguez dá lectura á moción do BNG presentada no rexistro de entrada do concello en data 23 dos actuais (nº 577), que copiada literalmente di o que segue:-

"Nos últimos meses do ano 2000 e nos primeiros que levamos deste ano, Galicia sufríu condicións meteorolóxicas adversas, excepcionalmente graves, caracterizadas por intensas chuvias e fortes ventos, que provocaron, por efecto acumulativo, cuantiosos danos en bens públicos e privados.= É competencia do goberno do Estado habilitar medidas e recursos para facerlle fronte a situacións de infortunio público, como é a provocada no noso país polas circunstancias que vimos de mencionar.= Mais, transcorrido tempo de abondo desde o comezo dos temporais, aínda hoxe están sen concreta-las axudas que veñan compensar, por parte do goberno central, os danos sufridos no noso concello, nunha verdadeira actitude de insolidariedade e omisión ante esta situación.= A única medida concreta da que se dispón na actualidade é a habilitación dun fondo reintegrable por parte da Xunta de Galicia para adiantarlle ós concellos o 20% do custo dos danos sufridos polas entidades locais. No día de hoxe, o noso concello non ten a certidume de contar con recursos específicos destinados polo goberno central para poder reintegrarlle á administración autonómica esta cantidade adiantada.= Ante esta situación, sométese ó pleno da cor-

poración municipal a adopción do seguinte acordo:= 1. Trasladarlle ó goberno central a preocupación desta corporación pola ausencia de medidas concretas destinadas a arranxar os danos causados polos temporais.= 2. Solicitar do mesmo goberno central a urxente promulgación do Decreto-Lei que habilite medidas compensatorias da grave situación provocada polos temporais nos bens e infraestructuras tanto públicos como privados."--

O Sr. Alcalde manifesta que a raíz dos temporais o pleno declarou o concello "zona catástrofe", e a partir de aí fíxose unha tasación dos danos e mandouse ó Subdelegado do Goberno, á Xunta, a Estructuras Agrarias e cre que tamén a algún organismo máis, polo que pensa que o concello fixo todo o que puido; que esa documentación está toda en Madrid, e que a Xunta lle concedeu ó concello un anticipo por unha cantidade aproximada de 47 millóns de pesetas como axuda para paliar os danos que haberá que reintegrar sen xuros en dous anos a partir do 2002 ou cando veñan os cartos que dea o goberno central, se chegan antes da data na que hai que comezar a devolvelos; a continuación le unha resposta á moción, que se transcribe seguidamente:-----

"Con relación ós danos xurdidos en Galicia como consecuencia dos fortes temporais, débense ter presentes os seguintes aspectos:= 1) A actuación de tódalas administracións públicas, e especialmente da Xunta de Galicia, resultou eficaz en tres planos de actuación complementaria:= -No procedemento seguido pola Xunta de Galicia na avaliación de danos, tanto en bens públicos como privados.= -Na adopción de medidas propias, tal como recoñece a propia moción no parágrafo 5º.= -Nas relacións mantidas coa administración central do Estado para a aprobación polo Consello de ministros dun conxunto de medidas destinadas ó arranxo de danos.= 2) Con relación a este decreto, que se plasmará nun decreto-lei, a Xunta mantivo ante a administración central do Estado que debería conter:= -A habilitación dun crédito extraordinario a fondo perdido, dentro dos presupostos xerais do Estado, destinado ós concellos para que arranxen os danos producidos en bens públicos polos temporais.= -A adopción de medidas fiscais e crediticias destinadas ó arranxo de danos en bens privados e á compensación de perdas económicas causadas en determinados sectores productivos.= Pois ben, todo isto resultou eficaz, en tanto que o decreto-lei xa foi aprobado ou é inminente a súa aprobación.= Por todo isto, a moción carece de sentido, xa que o acordo que se propón é extemporáneo, solicitando a súa retirada da orde do día.= De non acceder á súa retirada, non poderá ser votada a favor."-----

A Sra. Bugallo Rodríguez pídelle ó Sr. Alcalde que aclare se o decreto-lei foi aprobado ou se a súa aprobación é inminente, e este respóndelle que non está seguro, que por iso o dixo así, pero que se non foi aprobado vaino ser axiña. A Sra. Bugallo manifesta que non entende como o Sr. Alcalde pide que se retire da orde do día un asunto que el mesmo non incluíu na orde do día, co que obrigou ó grupo municipal do BNG a metelo por vía de urxencia, e di que o concello actuou marabillosamente neste tema, facendo todo o que tiña que facer, polo que non lle pide nada a el, só que solicite desde aquí á administración central que faga tamén o que cómpre facer; manifesta que neste momento o concello ten unha débeda coa Xunta de corenta e pico millóns de pesetas, que imos ver como se vai amañalo Sr. Alcalde para pagala, tendo en conta o ben que xestiona os cartos dos presupostos municipais; que é consciente que o grupo municipal do BNG é moitas veces o "Pepito Grillo" da corporación, a conciencia dunha comisión de goberno que debería cuestionarse moitas veces a súa actuación, e repite que no tema dos danos causa dos polos temporais o concello actuou ben, pero que falta o eslabón final, que é a promulgación do decreto-lei e a compensación económica; opina que a moción non carece de sentido en tanto a administración central non dea eses dous pasos.-----

O pleno do concello, por nove votos a favor (dos Sres. Noriega Sánchez, Parajó Liñares, Hombre Eiras, Tallón Mesías, Fandiño Pazos, Filloy Villar e Fernández Fernández e das Sras. Bugallo Rodríguez e Amieiro Rodríguez) e seis en contra (dos Sres. Blanco Martínez,

Castroagudín Valladares, Cajaraville Campos, Ouro Calvelo, Mata Iglesias e Aller Suárez), sendo o número legal o de dezasete e de asistentes o de quince, acorda declarar de urxencia e incluír na orde do día o seguinte asunto.-----

A Sra. Bugallo Rodríguez opina que a moción non necesita máis defensa, e o Sr. Alcalde manifesta que non ten nada máis que dicir, que xa dixo bastante, e que o seu grupo votará en contra da moción.-----

Sr. Hombre Eiras manifesta que lle dá o mesmo que o decreto-lei estea aprobado ou a punto de aprobarse, que a realidade é que o goberno central defende contra vento e marea o déficit cero e que o Sr. Aznar non gastará máis do que ten presupostado; di que os cartos do anticipo da Xunta deben ser utilizados en atende-las obras máis urxentes e que a comisión de goberno debe darlle á comisión informativa un informe detallado dos arranxos que se levaron a cabo e do custo destes.

Sometida a votación, a moción obtén oito votos a favor (dos Sres. Noriega Sánchez, Parajó Liñares, Tallón Mesías, Hombre Eiras, Fandiño Pazos e Fernández Fernández e das Sras. Bugallo Rodríguez e Amieiro Rodríguez), seis en contra (dos Sres. Blanco Martínez, Castroagudín Valladares, Cajaraville Campos, Ouro Calvelo, Mata Iglesias e Aller Suárez) e unha abstención (do Sr. Filloy Villar), polo que resulta aprobada.-----

O pleno do concello, por unanimidade dos quince membros asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda declarar de urxencia e incluír na orde do día o seguinte asunto:-----

5.- MOCIÓN DOS SRES. PARAJÓ LIÑARES E HOMBRE EIRAS PARA ASFALTADO DE DÚAS PISTAS NOS LUGARES DE CARBALLAL E FOLGUEIRAS-CALO .- O

Sr. Hombre Eiras procede a dar lectura á moción desta data que, copiada literalmente, di:-----

"A primeira pista corresponde ó lugar de Carballal-Calo, e para mellor identificación é a que se atopa ó lado da antiga fábrica de Sacypieles.= Esta pista nunca foi asfaltada e atópase nestes momentos, como non pode ser doutra maneira, en terra; por ela se serven veciños do noso concello que deben trasladarse tódolos días ás súas vivendas, as cales foron construídas ó amparo da lexislación vixente, con tódolos seus permisos en regra, pero os seus dereitos ós servicios máis elementais, cal é o asfaltado da pista que vai ata as súas casas, leva anos sen ser atendido.= A segunda pista corresponde ó lugar de Folgueiras-Calo, e cos mesmos argumentos da anterior, queda sen asfaltar un vial de aproximadamente cincuenta metros.= MOCIÓN:= O pleno do concello acorda executar ditos asfaltados, solicitando un mínimo de tres presupostos.= Que no prazo dun mes deberán estar adxudicadas as obras e como máximo ós tres meses da adxudicación terán que estar rematadas as mesmas.= Ditas obras deberán ser contempladas nos presupostos correspondentes ó exercicio 2001."--

O Sr. Alcalde manifesta que alomenos unha desas pistas, a de Carballal, xa estaba incluída na relación de obras a realizar que ten o equipo de goberno, pero que non se pode asfaltar mentres continúe chovendo, e o Sr. Noriega Sánchez manifesta que lle fai gracia que sempre se di "... estamos niso..." "... está no presuposto..." , e que o seu grupo recolleu esas reivindicacións en dous rogos en sesións pasadas, polo que apoiará a moción.---

Sometida a votación, a moción obtén os votos a favor dos quince asistentes, polo que resulta aprobada por unanimidade.-----

O pleno do concello, por unanimidade dos quince membros asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda declarar de urxencia e incluír na orde do día o seguinte asunto:-----

6.- MOCIÓN DOS SRES. PARAJÓ LIÑARES E HOMBRE EIRAS PARA A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN ESPECIAL DE SEGUIMIENTO DA ELABORACIÓN DO PLAN XERAL URBANÍSTICO DE TEO.- O Sr. Parajó Liñares dá lectura á moción desta data que, copiada literalmente, di o que segue:-----

"Ó abeiro do acordado na xuntanza para apertura de plicas e adxudicación a unha empresa que elaborase o plan xeral de Teo, e mesmo con concelleiros que non estiveron presentes na dita apertura, estimouse conveniente a creación dunha comisión especial.= MOCIÓN:= O pleno do concello acorda formar unha comisión especial que garanta a representación recollida no artigo catorce do regulamento, encargándose de velar polo correcto desenvolvemento dos traballos de elaboración do plan xeral de Teo.= Dita comisión manterá a súa primeira xuntanza antes do día 10 de abril de 2001, e nela se establecerán os criterios de traballo e se comezará a toma de acordos para presentarllelos á empresa adxudicataria, a cal deberá obrigatoriamente render contas do seu traballo á dita comisión, e esta posteriormente ó pleno do concello."--

O Sr. Alcalde manifesta que non sabe por que se presenta esta moción, posto que xa se falara de facela comisión de seguimento do plan xeral, e o Sr. Parajó Liñares respóndelle que precisamente no momento da contratación da redacción do plan xeral se tratou de que o pleno acordase a creación desta comisión, pero o Sr. Alcalde non quixo, aducindo que o punto da orde do día era só a contratación dos traballos, o que non lle deixou á oposición outro camiño que levarlo como moción ó pleno.---

A Sra. Bugallo Rodríguez maniféstase de acordo coa moción, e di que aconsellaría que estivese formada polas persoas que integraron a mesa de contratación do plan xeral, posto que xa coñecen o tema; o Sr. Alcalde respóndelle que a designación dos membros da comisión é cousa de cada grupo político.-

O Sr. Secretario manifesta que antes da constitución da comisión cada grupo político debe facilitarlle o nome do membro ou membros do seu equipo que formarán parte dela.--

Sometida a votación, a moción obtén os votos a favor dos quince asistentes, polo que resulta aprobada por unanimidade, acordándose que os grupos políticos integrantes da corporación entreguen na secretaría do concello, antes do día 6 de abril próximo, relación do/s membro/s que na súa representación formarán parte da comisión de seguimento.-----

7.- ROGOS E PREGUNTAS .- Toma en primeiro lugar a palabra o Sr. Noriega, e:-----

1) Pregunta por que o Sr. Alcalde non responde ós escritos que lle mandan as asociacións de veciños; di que lle botará unha vez máis a culpa ós funcionarios, pero que ten que responderlle ó pleno esas mesmas cuestións; manifesta que os veciños de Vilar de Calo lle fixeron varias preguntas (como se vai regular o aparcamento nas beirarrúas, por que estas non teñen a mesma largura nin o mesmo nivel ó longo do seu trazado, cando se rehabilitará o muíño, cando se retirarán os postes da estrada...) O Sr. Alcalde respóndelle que as beirarrúas se rematarán cando haxa obreiros e presuposto (o Sr. Noriega dille que máis parecen un viaducto, posto que levan tres anos facéndose e aínda non se remataron); en canto ó muíño, o Sr. Secretario di que cre que estaba incluído no plan de rehabilitación da arquitectura popular, e o Sr. Alcalde manifesta que cre que dese plan só veu aprobado un hórreo dunha señora de Calo, obras na igrexa de Oza, o arranxo da capela de Santa Marta de Teo, que é privada, e outro hórreo máis; que a semana pasada estivo na Deputación co Sr. Secretario do concello e parece ser que neste mes ou no próximo van sacar bastantes obras, pero non sabe se ese muíño está entre elas; que lle deron unha relación, pero que non a ten aquí; o Sr. Noriega respóndelle que o Sr. Alcalde dixo que ese muíño se ía rehabilitar cando Teo tivese a escola de canteiros, e non se fixo, e que os veciños están preocupados tamén porque ninguén lles dá explicacións acerca dos rumores que oíron da construción dun vial Vilar de Calo-Outeiro de Vilar-rotonda Milladoiro norte. O Sr. Alcalde respóndelle, en canto a este tema, que estiveron estudiando ese asunto o alcalde de Ames e técnicos do MOPT, e despois diso fixeron eles mesmos un borrador de trazado onde metían outra estrada desde a rotonda de abaixo, por detrás de Carballal, ata arriba,

pero que non sabe nada máis; o Sr. Noriega dille se non puido darlles ós veciños que as solicitaron todas esas explicacións que está dando aquí agora. O Sr. Parajó Liñares manifesta que no Milladoiro están construíndo un ramal que vai dar á zona onde comeza Teo, e mesmo xa teñen expropiadas as fincas e cortadas as árbores; que hai que ter ollo, porque dá a impresión de que van querer enlazar con Teo aí.-----

Segue dicindo o Sr. Noriega que os veciños de Carballal presentaron un escrito no que se queixan de que sofren carencias dalgúns servicios municipais (abastecemento de augas e alcantarrillado) e deficiencias noutros (contedores de lixo, alumado público, limpeza de cunetas, etc.). O Sr. Alcalde respóndelle que cando poida xa lle contestará ós veciños.---

2) Manifesta que hai protestas de veciños porque a pista de concentración parcelaria de Feros ós Verxeles, á beira da cal hai vivendas, está sen asfaltar; di que os veciños remitiron varios escritos ó concello, pero que non se tomou ningunha medida. O Sr. Alcalde respóndelle que o concello non pode asfaltar esa pista, posto que é de concentración de monte e aínda non foi recibida, e o Sr. Noriega dille que non a asfalte se non pode facelo, pero que a acondicione un pouco, porque está realmente intransitable. O Sr. Alcalde cre que esa pista leva ó muíño de Feros, o Sr. Noriega dille que dá acceso a casas e o Sr. Alcalde respóndelle que terá que arranxala o servicio de concentración parcelaria e que xa chamou ó enxeñeiro de C.P. para falar diso; o Sr. Noriega manifesta que o Sr. Alcalde segue a política de "os que protestan, os últimos" e pasa de darlles unha resposta, e este repítelle que esa pista é de concentración de monte, e mentres o servicio de concentración parcelaria non entregue as vías ó concello non se poden arranxar, só pedirlle a C.P. que as arranxe, e que falará de novo co enxeñeiro.----

3) Pregunta se hai un plan específico para arranxo das pistas do concello, e se nel está incluída a estrada Milladoiro-Pontevea, que está en moi mal estado; o Sr. Alcalde respóndelle que esa vía e moitas outras se arranxarán cando veña o bo tempo, xa que se se fai agora o asfalto se levanta; o Sr. Noriega manifesta que esa estrada necesita máis que un bacheo, e pregunta se o arranxo dos coches que sufriron averías por culpa do estado das pistas os arranxa o concello. O Sr. Alcalde dille que tódolos danos das pistas contan con informe e fotos.-----

4) Pregunta se se lle pediu á Consellería de Medio Ambiente que fixese o estudio de impacto ambiental e a medición da contaminación acústica de "Maderas Amazonas", e o Sr. Secretario dille que cre que si, pero que terá que preguntarllo á funcionaria que leva o tema; o Sr. Noriega pide que se faga, se non se fixo xa.-----

5) Manifesta que a subvención para o ADL foi denegada por ser contratado o traballador en xaneiro en vez de en decembro; pregunta se agora o custo deste traballador recae agora ó 100% no concello e pide unha explicación de por que esa contratación foi mal tramitada. O Sr. Secretario respóndelle que había unha ADL contratada inicialmente por un ano, á que se lle prorrogou o contrato e, tras isto, saíu unha orde da Consellería segundo a cal o título que posuía esa persoa non valía para o posto de ADL, polo que houbo que despedila e contratar outra persoa; ese foi o motivo de que a contratación se realizase en xaneiro, e o erro foi que se lle debeu de face-lo contrato ata fin do ano, e non por un ano, pero iso non se sabía naquel momento; que se falou coa Consellería, e prometeron verbalmente que aboarían a subvención deste ano con carácter retroactivo.

6) Manifesta que 500 veciños de Calo asinaron e remitiron ó concello un escrito solicitando que se leven a cabo conversas con "Autobuses de Calo" para ver de mellora-lo servicio de transporte público nesa parroquia; que o Sr. Alcalde debeu crear unha comisión para isto ou ben levar el mesmo a cabo as xestións, pero que el saiba non fixo nin unha cousa nin outra, nin tampouco lle respondeu nada ós veciños. O Sr. Alcalde respóndelle que non sabe como está agora ese tema, que non ten datos aquí, e o Sr. Noriega dille que esa resposta é unha falta de respecto ós veciños que asinaron o escrito.-----

Toma a continuación a palabra a Sra. Bugallo Rodríguez, e:-----

1) Manifesta que se enteirou polo B.O.P. da aprobación inicial dos plans especiais de mellora dos núcleos rurais de Cobas e Insua, que deberon custar unha morea de cartos; di que se non

hai cartos para necesidades urxentes, non deberían gastarse nisto, e pregunta por que se fan estes plans agora, cando se está redactando o novo plan de urbanismo; o Sr. Alcalde respóndelle que desde hai tempo está esgotado o número de licencias de obras que se poden conceder en núcleos como Insua, Cobas, a Póboa, Igrexa-Calo, Ribeira-Cacheiras e outros, o que fai que xente que ten unha leira e quere facer unha casa para si ou para un fillo non poida facela; entón, a lei contempla a posibilidade de desenvolver nesas zonas os plans especiais de mellora de núcleos rurais, que aumentan nun tanto por cento as edificacións posibles na zona; que non se podían conceder licencias nin para vivendas unifamiliares, e que a aprobación inicial destes plans se acordou agora, pero que xa levan tempo redactados, desde antes de que houberse ningunha subvención para o plan xeral de urbanismo; que en principio saíron Insua e Cobas, e despois se sacarán tamén os de Igrexa-Calo e Póboa e Ribeira-Cacheiras; que a tramitación a seguir, trala aprobación inicial, é a exposición pública e a aprobación definitiva polo pleno. A Sra. Bugallo pregunta canto custou a redacción deses plans, e o Sr. Alcalde respóndelle que non ten datos aquí; a Sra. Bugallo manifesta que, como se esgotou o número de licencias, o Sr. Alcalde pretende abrir novas zonas para urbanizar, e parécelle sospeitoso que non llo comunicase ó resto da corporación; o Sr. Alcalde respóndelle que, posto que hai un período de exposición pública, a corporación está a tempo de aportar ideas e tamén de denegalos, como denegaron o outro día cento e pico de vivendas. A Sra. Bugallo manifesta que lle parece sospeitoso tamén que o Sr. Alcalde nunca teña datos das cousas que se lle preguntan e que lle interesan ós veciños e saiba exactamente o número de vivendas que se lle denegan a unha promotora; o Sr. Alcalde respóndelle que o custo dos presupostos de proxectos de investimento neste concello foi en 1997 de 1.606.505.991 pts., en 1998 subiu ata 3.183.177.971 pts.; en 1999 seguiu subindo ata os 4.202.255.057 pts., e no ano 2000 baixou a 3.246.479.523 pts., e que os ingresos por taxas en licencias de obras foron en 1997 de 35.551.948 pts.; en 1998, coa modificación da ordenanza fiscal, pasou a 93.081.610 pts.; en 1999 subiu ata 151.424.004 pts. e no ano 2000 baixou a 82.031.818 pts.; culpa ó BNG desas baixadas, por critica-lo urbanismo, posto que con iso conseguiu que os constructores marchen para outros concellos. A Sra. Bugallo manifesta que ve ó Sr. Alcalde moi preocupado polos cartos que xera o urbanismo, e así o demostra o feito de que teña datos tan concretos, pero cre que se se preocupase de verdade tería feito antes a ordenanza de primeira ocupación de vivendas (que a estivo retrasando) e se preocuparía tamén de conseguir bos terreos de aproveitamento urbanístico para que medrase o patrimonio do concello, en vez de aceptar cachos que non valen para nada; di que ó Alcalde só lle preocupa que diminúa o nivel de urbanismo en Teo e os cartos que teñen que aportar os promotores, e non que por culpa súa o concello perda cartos en patrimonio. O Sr. Alcalde respóndelle que o BNG está conseguindo que os veciños non poidan vender as súas leiras para urbanizar e que os promotores marchen para fóra, e a Sra. Bugallo dille que o BNG pule para que os veciños teñan casas que non estean pegadas á estrada e que poidan ter xardíns e prazas públicas, e fai constar que están ademais avalados polos mellores técnicos e polo Colexio de Arquitectos, e que, en cambio, o Sr. Alcalde non fai nada por conseguir bos terreos. Este dille que os informes técnicos din que os expedientes están correctos, a Sra. Bugallo quere que conste que o Sr. Alcalde non respostou case nada a ningunha cousa que se lle preguntou, pero que salta cando se lle toca o urbanismo e o Sr. Alcalde dille que só quere o mellor para os veciños, e que se pensan que non está cumprindo a legalidade que o leven ó xulgado; a Sra. Bugallo respóndelle que o que lle pide é que defenda o aumento de patrimonio do concello, e pídelle que, postos a dar números, diga canto se perdeu en terreos. O Sr. Alcalde dille que xa veremos que fai a Sra. Bugallo cando non haxa quen constrúa en Teo.---

2) Manifesta que xa sabe que obra nas oficinas municipais o proxecto da liña de alta tensión que pasa por Lampai, e solicita que se lle mostre; o Sr. Alcalde respóndelle que non pode

facelo agora, posto que está na oficina técnica e o aparelador tena pechada con chave; que cando chegaron os planos xuntou ós veciños (fai 6 ou 7 días) e deulles unha copia para que o mirasen e aportasen as correccións que estimasen convenientes; que os veciños así o fixeron, e se mandou esa documentación a FENOSA e máis á empresa. A Sra. Bugallo manifesta que leva moito tempo reivindicando o ver ese proxecto e que o Sr. Alcalde se comprometeu a pasarllo ós concelleiros tan pronto o tivese, pero que ninguén a chamou para dicirlle que xa estaba no concello e que podía pasar a velo; o Sr. Alcalde respóndelle que pode pasar mañá a velo, e a Sra. Bugallo pide conste en acta que o Sr. Alcalde está incumprindo as solicitudes dos concelleiros.-

3) Pregunta pola situación do secretario do concello, manifestando que hai unha moción aprobada polo pleno sobre este tema; o Sr. Secretario respóndelle que o concurso sae no mes de marzo e a praza de secretario deste concello está incluída nel. O Sr. Alcalde manifesta que foi falar deste tema co Secretario Xeral de Administración Local, e este mandou unha señora que veu ve-lo concello e dixo que se facía cargo da secretaría, e ós quince días dixo que lle saíra outra praza máis preto do seu domicilio (vive en Pontevedra), que renunciaba a vir a Teo e que xa se encargaba ela de avisarlle ó Secretario Xeral; que non sabe máis deste tema. A Sra. Bugallo manifesta que, se esa señora non se fixo cargo da praza, terían que mandar outro secretario, e pregunta por que non hai un substituto, e o Sr. Alcalde respóndelle que non o hai porque non o mandaron, e dille que vaia ela á Xunta e pide que manden urxentemente un secretario. A Sra. Bugallo pregunta cando se fixo a petición do substituto, o Sr. Secretario respóndelle que non se fixo por escrito e o Sr. Alcalde dille que se fixo a petición legal de secretario e tamén se solicitou a primeira, pero non o substituto. A Sra. Bugallo pide que se solicite urxentemente un substituto, para dar cumprimento á moción aprobada, e o Sr. Alcalde respóndelle que así se fará.----

Toma seguidamente a palabra a Sra. Amieiro Rodríguez, e:-----

1) Pregunta que xestións se fixeron sobre o tema do ximnasio do colexio dos Tilos, manifestando que os veciños pediron reiteradamente que se buscara unha solución e mesmo houbo mobilizacións da APA, e o Sr. Alcalde respóndelle que o concello pode pedir que se faga o ximnasio, pero que a decisión é da Delegación e da Consellería de Educación, e esta dubidaba entre ampliarlo colexio ou facer un novo, agora parece que se decantan pola segunda opción e pídenlle ó concello unha leira de arredor de 8000 m² con este fin, pero o concello non dispón dunha finca tan grande nesa zona (a de San Sadurniño non chega) e estase falando con Estructuras Agrarias a ver que poden dar con cargo a concentración parcelaria; xa se chegou a un medio acordo para que dean uns 12 ou 15000 m² detrás de Cofaga para instalacións deportivas (campo de fútbol, etc.) e queríase conseguir que desen aí os outros 8000 tamén, pero non é fácil; querían meter de novo en concentración unha leira do concello que está en Monte-Cacheiras, pero é mala terra e daban pouca superficie a cambio, e ademais supoñería deixar ós veciños daquela zona sen un terreo que lles pode vir ben para calquera instalación que necesiten no futuro, polo que se considera preferible merca-los terreos que fagan falta. A Sra. Amieiro manifesta que isto é un proxecto a longo prazo quenon soluciona o problema do ximnasio, que necesita solución xa, e o Sr. Alcalde dille que non sabe como está o do ximnasio, porque quedaron de notificarllo e aínda non o fixeron; que agora está tratando de resolverlo tema dos 8000 m² que se necesitan, e que non pode facer nada máis. A Sra. Amieiro pregunta se no terreo que dan detrás de Cofaga van i-lo campo de fútbol e o de tiro, e o Sr. Alcalde respóndelle que está niso, e que está mantendo conversas co enxeñeiro de concentración para que ese tem vaia para adiante.-

2) Manifesta que o ano pasado se bacheou a rúa do Ameneiro, nos Tilos, pero que agora, coas choivas, está saíndo para arriba todo o areón; o Sr. Alcalde respóndelle que eses baches xa se volveron a tapar, e a Sra. Amieiro dille que se taparon "daquela maneira", que en decembro comezaban a destaparse de novo, que o arranxo se está disolvendo e en pouco tempo haberá sacavóns; pide que se arranxen en serio ou non se arranxen. O Sr. Alcalde respóndelle que coas choivas que están caendo non se pode asfaltar en serio, porque o asfalto non pega, que só se pode tapar para evitar que os vehículos teñan problemas ó pasar.-----

3) Manifesta que no parque dos Tilos faltan varias reixas de sumidoiros de auga nos paseos empedrados; o Sr. Alcalde respóndelle que o ignoraba, agradécelle a información e di que toma nota e que mandará repoñelas canto antes.

Toma agora a palabra o Sr. Hombre Eiras, e:---

1) Pregunta que empresa está facendo as obras de ampliación da casa do concello, e o Sr. Alcalde respóndelle que varias, pero que a última que está traballando é "Construcciones Oñial". O Sr. Hombre pregunta se as empresas que traballan para o concello están exentas de levar un control de seguridade, e o Sr. Alcalde respóndelle que non. O Sr. Hombre manifesta que caeu un cacho do teito, que non matou ó ADL porque caeu de noite, e o Sr. Alcalde respóndelle que a empresa tirou ese anaco de teito para botar unha placa; o Sr. Hombre dille que non lle cabe na cabeza que non se faga unha planificación da obra; que os veciños teñen que entrar a un sitio onde ninguén recolle un plástico do chan, onde ninguén limpa nada, etc.; que se debía cambiar de sitio ó ADL ata que o seu local estea arraxado. Opina que a situación é perigosa, e pensa que o van lamentar máis tarde.-----

2) Pregunta quen fai a limpeza do roupeiro e da biblioteca municipais, e o Sr. Alcalde respóndelle que a fai a mesma señora que limpa o concello; o Sr. Hombre dille que non os limpa ninguén, pois o outro día estivo alí e o local está bochornoso desde que se fixeron nel os cursos de manualidades. O Sr. Secretario respóndelle que non hai un contrato de limpeza periódica deses locais, que a señora vai limpar cando a mandan, o Sr. Hombre manifesta que lle parece de vergonza que unhas persoas que van traballar voluntariamente teñan que facelo nun local tan suxo, e pide que se mande limpar urxentemente; o Sr. Alcalde respóndelle que así se fará.-----

3) Pregunta se se recibiu a documentación solicitada á Consellería sobre a comisión de seguimento dos servizos sociais, e o Sr. Secretario respóndelle que non, que se pediu fai máis dun mes. O Sr. Hombre pide que se retome a comisión.-----

4) En canto ó ximnasio do colexio dos Tilos, manifesta que o Delegado dixo que se estaban seguindoos trámites para face-la obra, e que agora se atopa con que só hai un medio escrito pedindo a cesión de 8000 m2 de terreo e di que, na zona dos Tilos, o señor que lle vendeu ó concello unha leira (cre para campo de fútbol ou polideportivo) ten outra de máis desa superficie; o Sr. Alcalde respóndelle que cre que a Consellería non quere face-lo novo colexio nos Tilos, senón entre esa urbanización e a Ramallosa, a fin de dar cabida a tódolos nenos desa zona.

Toma a continuación a palabra o Sr. Tallón, e:-

1) Manifesta que nunha anterior sesión ordinaria do pleno se dixo que non había cartos para a limpeza do polideportivo, segundo se ve no pleno de hoxe tampouco hai cartos para axudas a asociacións culturais e deportivas... pero si os hai para gastar máis dun millón de pesetas en chourizos e polbo. O Sr. Secretario respóndelle que as facturas ás que alude o Sr. Tallón corresponden ás festas da Cacheira, da Carne ó caldeiro e do Polbo, para as que o concello solicitou subvención da Xunta, e ó concello lle corresponde aproba-las facturas correspondentes a ese gasto. O Sr. Parajó Liñares manifesta que a acta da comisión de goberno di "Pago de facturas", e o Sr. Secretario respóndelle que a acta o que di é "Contas e facturas" e fala da aprobación destas, en ningún momento do seu pago.---

2) Manifesta que un dos puntos de maior interese turístico do concello é a ponte do Xirimbao, e pregunta se xa se rematou o seu arranxo e se está aberta ó paso; o Sr. Alcalde respóndelle que está con ese tema a Consellería de Medio Ambiente.-

3) Pregunta sobre as obras de mellora das estradas da Deputación, e o Sr. Alcalde respóndelle que estivo co Presidente dese organismo a semana pasada e está intentando a ver se mete nun plan especial a obra das beirarrúas da estrada de Catro Camiños ós Verxeles, posto que Vías e Obras só fai arranxos; que hai problemas co desvío da estrada de Cornide, porque na parte de abaixo se atoparon con tres leiras clasificadas como zona urbana, e non sabe se as expropiarán, as mercarán ou que solución lle darán a isto.-----

4) Pregunta se a Consellería comunicou a concesión dalgunha axuda para as obras da pista de Loureiro a Trasellas, e o Sr. Alcalde respóndelle que o proxecto xa está mandado e que falará co Delegado da Consellería, xa que se non a concede haberá que pedila por outro lado. Pregunta tamén se se vai face-la obra da pista de Sestelo, e o Sr. Alcalde respóndelle que si, que se fará este ano con cargo ós fondos do concello e que xa se lle pediron os terreos ós veciños.-----

5) Pregunta cando chegou ó concello o proxecto dos novos viais que se van facer en Teo, e o Sr. Secretario respóndelle que chegaron por correo certificado con acuse de recibo o mesmo día que se mandou o anuncio ó periódico. O Sr. Tallón manifesta que ten coñecemento de que un veciño estivo no concello e se lle deu información, e o Sr. Alcalde respóndelle que ese veciño debeu obte-la información por outro conducto, xa que a el tamén lle deron unha copia antes de que chegase o proxecto ó concello.-----

6) Pregunta polos presupostos do 2001, e o Sr. Alcalde respóndelle que xa case están para traer ó pleno.--

7) Pregunta que xestións se fixeron para a realización das auditorías acordadas polo pleno, o Sr. Secretario respóndelle que non se fixo ningunha desde o último pleno ordinario e o Sr. Tallón móstrase partidario de crear unha comisión para este tema.-----

A continuación toma a palabra o Sr. Parajó Liñares, e:---

1) Manifesta que, polo que sabe da reunión dos veciños de Lampai, estes non están de acordo co trazado da liña de alta tensión, e hai queixas porque pasa preto das vivendas; o Sr. Alcalde respóndelle que na parte de arriba, na zona da Silva, pasa a uns 100 metros dunha vivenda, e estábase a ver se se cambiaba, pero que era o primeiro trazado o que pasaba moi cerca das casas. O Sr. Parajó Liñares pregunta de onde vén esa liña e a onde vai, e o Sr. Alcalde respóndelle que o proxecto pon "Santiago-Xesteiras", que vén da zona de Brión e vai a Rúa de Francos. O Sr. Parajó opina que é importante saber por que vén por Teo, coñecer onde comeza e a onde vai dar, porque ó mellor estana pasando por Teo para sacala doutro lado; o Sr. Castroagudín respóndelle que o próximo martes asistirá a unha reunión sobre este tema e que preguntará iso; o Sr. Parajó pide que digan de onde vén, a onde vai e para que é, porque ó mellor vai dar ó embalse de Caldas e fana pasar por Teo para que non vaia por outro concello.-----

2) Pregunta se xa comezaron os traballos de redacción do novo plan xeral, e o Sr. Secretario respóndelle que o luns vaille mandar ó contratista unha copia do acordo plenario e dicirlle que veña o martes para asina-lo contrato.-----

3) Pregunta se o campo de fútbol dos Tilos vai ir para Montouto, e o Sr. Alcalde respóndelle que pediu terreos no alto de Cobas e o enxeñeiro de C.P. lle dixo que era imposible, e que tamén é imposible onda a igrexa dos Tilos, polo que, para o beneficio de toda a zona, o mellor é levalo para detrás de Cofaga, onde según parece C.P. ten pensado deixar de 12 a 15000 m², o que daría tamén para poñer outras instalacións deportivas municipais para tódolos que as queira usar, e que de non ser así deixarían toda a superficie en pequenas fincas; o Sr. Parajó pregunta se aínda hai os 6000 m² que se mercaron, e o Sr. Alcalde respóndelle que si, pero que son todo leiriñas pequenas.-----

4) Pregunta se sabe os problemas que hai coa gardería dos Tilos, e o Sr. Alcalde respóndelle que parece ser que hai que aumenta-lo horario de atención ós nenos, que a Conselleira dixo que era mellor ter un horario de 8 da mañá a 8 da tarde, e que quizais haxa que cambia-las condicións económicas do contrato; que quedou en que a señora que leva a gardería faga un estudio para pasalo ó pleno co visto e prace da Consellería e do Secretario Xeral Sr. Batán, e que, polo que sabe, o informe está practicamente feito. O Sr. Parajó manifesta que estivo nunha reunión na

que se estudiou este tema, e resulta que na gardería do concello hai uns 25 nenos, dos que catro pagan 15.000 pts/mes e o resto 7.500 pts/mes, polo que o déficit que xera a gardería vén sendo dunhas 750.000 pts. mensuais; que pensa que a xestión da cooperativa que leva a gardería non é correcta, que a inmensa maioría dos nenos da zona van á gardería privada dos Tilos e dáse a casualidade de que esta está xestionada polo home da señora que leva a gardería pública. O Sr. Alcalde respóndelle que o servicio de gardería foi adxudicado polo pleno, e que haberá que mirar se a xente que fai o servicio vale ou non vale, se o leva ben ou non. O Sr. Parajó pide que se tomen medidas e, se é necesario, mesmo que se peche a gardería.-----

Toma a palabra seguidamente o Sr. Filloy Villar, e:-----

1) Manifesta que no pleno de 22-02-2000 preguntou o custo do pintado do polideportivo dos Tilos, e nese momento o Sr. Alcalde lle dixo que non tiña datos, e que na acta da comisión de goberno de 01-03-2001 viu aprobada unha factura de "Construcciones Rarís" por ese traballo que ascende a 1.122.938 pts.; manifesta que non pasou un ano desde que se recibiu o polideportivo e que o concello pagou unha parte da súa construción, e pregunta se non se lle debería pedir responsabilidades ó constructor, ó técnico director da obra e á persoa que certificou o fin de obra. O Sr. Alcalde respóndelle que o constructor pintou o polideportivo cunha pintura que é legal, pero que co tempo fai pó, polo que xurdiron moitos problemas de alerxias e, para evitalos, houbo que volver a pinta-lo polideportivo con outro tipo de pintura, como pasou co pavillón de Calo e como seguramente haberá que facer tamén co da Ramallosa. O Sr. Filloy dille que lle parece moi ben que se repinten se a pintura primitiva causa problemas, pero pensa que algunhas garantías terán que dar as persoas responsables dese problema; o Sr. Alcalde respóndelle que as responsabilidades tería que pedilas a Consellería, o Sr. Filloy dille que tamén o pode face-lo concello, xa que pagou parte da obra, e o Sr. Alcalde respóndelle que foi a Consellería quen recibiu a obra e, polo tanto, a ela lle compete pedir responsabilidades.--

2) Manifesta que na acta da sesión da comisión de goberno de 10-11-2000 viu aprobado o pago da primeira fase das obras da gardería de Calo, e agora o B.O.P. publica a apertura do procedemento para a contratación da 2ª e a 3ª fase desa obra, pero o que lle chama a atención é que o B.O.P. é de data 26-03-2001 e o prazo de presentación de plicas remata o 27-03-2001; pregunta como se pode dar un prazo de soamente un día para iso; o Sr. Alcalde respóndelle que non cre que sexa legal dar un prazo tan corto, e o Sr. Secretario dille que se trata dun erro, e que cre que está publicada a corrección dese erro.--

Finalmente toma a palabra o Sr. Fandiño Pazos, e manifesta que a pontella existente na estrada das Laxes ós Catro Camiños está afundida; que non sabe se isto supón risco, pero que a xente ten medo de pasar por ela; o Sr. Alcalde respóndelle que se vai arranxar inmediatamente, que xa hai presupostos presentados para esta obra.-----

Non habendo máis asuntos de que tratar rematou a sesión sendo as vintedúas horas e vinte minutos, estendéndose a presente acta, que asina o Sr. Alcalde comigo, o Secretario acctal. que certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO ACCTAL.,

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE
TIVO LUGAR O DÍA 11 DE ABRIL DO 2001.**-----

SEÑORES ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Armando U. Blanco Martínez.

Concelleiros:

D. Antonio Castroagudín Valladares

D. Manuel R. Cajaraville Campos

D. Urbano Ouro Calvelo

D. Manuel Mata Iglesias

D. Juan B. Aller Suárez

D. Mario Fandiño Pazos

D. Ramón Fernández Fernández

D. Manuel A. Filloy Villar

D. José Manuel Neira Picallo

D. F. Manuel Parajó Liñares

D. Manuel Tallón Mesías

D. Miguel A. Hombre Eiras

D. Martiño Noriega Sánchez

D^a Ánxela Bugallo Rodríguez

D^a M^a Soedade Amieiro Rodríguez

Secretario:

D. Jesús Naveira Vázquez.

Na casa do concello de Teo, a once de abril do dous mil un.----

Sendo as dez horas, e baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Armando U. Blanco Martínez, reuniuse en primeira convocatoria o pleno do concello, con asistencia de dezaseis dos dezasete membros que o compoñen e que se fixan na marxe, a fin de levar a cabo a sesión extraordinaria convocada para este día.-----

Escusou a súa asistencia a concelleira D^a Angélica Blanco Fernández.

Asiste o Secretario acctal. da Corporación, D. Jesús Naveira Vázquez.-

Pola presidencia declárase sesión pública e o Sr. Alcalde, antes de entrar na orde do día, informa da solicitude feita polo concelleiro D. Miguel Hombre Eiras para a creación e ingreso no grupo mixto.-----

De seguido pásase a coñecemento e resolución dos asuntos incluídos na seguinte -----

ORDE DO DÍA:

1.-INFORME DO CORREDOR

ALTERNATIVO C-541 E CONEXIÓN TRANSVERSAL N-550 A N-525.-----

A Sra. Bugallo pide a palabra por unha cuestión de orde, e di que cando se solicitou este pleno extraordinario, iban tres puntos na orde do día, un primeiro de información da Alcaldía, na que se ofrezca ó Pleno toda a información existente no concello sobre o corredor alternativo á C-541 e á conexión transversal entre a N- 550 e a N- 525, un segundo sobre a viabilidade, necesidade e idoneidade do proxecto e un terceiro de presentación e votación de propostas de resolución sobre o tema. Di que o artigo 78.2 do ROF di, literalmente" Son sesións extraordinarias aquelas que convoque o Alcalde ou Presidente con tal carácter, por iniciativa propia ou a solicitude da cuarta parte, ó menos, do número legal de membros da Corporación. Tal solicitude terá que facerse por escrito no que se razone o asunto ou asuntos que a motiven, asinado persoalmente por tódolos que a suscriben. A relación de asuntos incluídos no escrito non enerva a facultade do Alcalde ou Presidente para determina-los puntos da Orde do día, se ben a exclusión deste dalgún dos asuntos propostos deberá ser motivada.". O Sr. Secretario dille que se solicitaron, efectivamente, tres puntos, e que o un e o dous se englobaron en un, que é o da orde do día, e que para o terceiro, como para a presentación de propostas o concello ten aínda un mes máis, que se vai traer ó pleno máis adiante. A Sra. Bugallo di que a orde do día proposta se debería manter.-----

O Sr. Alcalde di que houbo unha solicitude para falar ó pleno, segundo o Regulamento de Participación Veciñal, feita pola Asociación de Veciños San Simón de Ons de Cacheiras, e que falará D^a Carme Hermida, en representación dos veciños afectados. Dille á Sra. Hermida que ten cinco minutos para dirixirse ó Pleno.--

A Sra. Hermida toma a palabra e di que aínda que o tema do Pleno é a construción da variante C-541 e a súa conexión coa rede de alta velocidade de Santiago, a súa intervención se vai referir exclusivamente á conexión da N- 550 coa variante citada, concretamente á vía transversal

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DÍA 26 DE ABRIL DE 2001.

SEÑORES ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Armando U. Blanco Martínez.

Concelleiros:

D. Antonio Castroagudín Valladares

D. Manuel R. Cajaraville Campos

D. Urbano Ouro Calvelo

D. Manuel Mata Iglesias

D. Juan B. Aller Suárez

D. José Manuel Neira Picallo

D. Mario Fandiño Pazos

D. Manuel A. Filloy Villar

D. Ramón Fernández Fernández

D. F. Manuel Parajó Liñares

D. Manuel Tallón Mesías

D. Martiño Noriega Sánchez

D^a Ánxela Bugallo Rodríguez

D^a M^a Soedade Amieiro Rodríguez

D. Miguel A. Hombre Eiras

Secretario:

D. Jesús Naveira Vázquez.

Na casa do concello de Teo, a vinteseis de marzo de dous mil un.--

Sendo as vinte horas, e baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Armando U. Blanco Martínez, reuniuse en primeira convocatoria o pleno do concello, con asistencia de dezaseis dos dezasete membros que o compoñen e que se fixan na marxe, a fin de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.-

Escusou a súa asistencia a concelleira D^a Angélica Blanco Fernández.-----

Asiste o Secretario acctal. da Corporación, D. Jesús Naveira Vázquez.-

Pola presidencia declárase sesión pública, e antes de entrar na orde do día o Sr. Alcalde dá conta das paralizacións ordeadas desde o último pleno ordinario, que foron as seguintes:

- O 10-04-01, paralización da construción dun muro, adementamento de fachada e acceso a D. Manuel Mateo Rodríguez, en Galanas-Calo, por carecer de licencia.-----

- O 18-04-01, paralización da construción dun galpón a D. Benedicto Quintela Carnota en Póboa- Cacheiras, por carecer de licencia e non

garda-los retranqueos.-

O Sr. Alcalde dá conta do escrito presentado o pasado 30 de marzo polo concelleiro D. Miguel Hombre Eiras, manifestando a súa renuncia a seguir pertencendo ó grupo municipal socialista, polo cal, e segundo o disposto no artigo 39.2 do Regulamento Orgánico, o Sr. Hombre pasa a formar parte do grupo mixto.----

O Sr. Alcalde dá conta do escrito presentado no rexistro municipal polo concelleiro Sr. Tallón Mesías, con nº 929 e data 26-04-01, que copiado literalmente, di o que segue:” Manuel Tallón Mesías, na calidade de voceiro , por medio da presente informa ó Sr. Alcalde de Teo para que dé conta no pleno a celebrar o 26 de abril do 2.001 que as distintas comisións informativas do PSdeG-PSOE quedan a partires da seguinte maneira:----

COMISIONS	TITULAR	SUPLENTE
Urbanismo, obras e servicios	Manuel Tallón Mesías	Angélica Blanco Fdez.
Educación e Cultura	Manuel Tallón Mesías	Angélica Blanco Fdez.
Xuventude e Deportes	Manuel Tallón Mesías	Angélica Blanco Fdez.
Asuntos sociais e sanidade	Angélica Blanco Fdez.	Manuel Tallón Mesías
Agricultura e medio ambiente	Angélica Blanco Fdez.	Manuel Tallón Mesías
Rexime interno e persoal	Angélica Blanco Fdez.	Manuel Tallón Mesías

Facenda
Especial de contas

Angélica Blanco Fdez.
Manuel Tallón Mesías

Manuel Tallón Mesías
Angélica Blanco Fdez

Asimesmo nomease voceiro suplente á compañeira Angelica Blanco Fernández . Tamén pasa a ser representante do PSdeG-PSOE nas distintas comisións formadas ata a data de hoxe para temas puntuais o concelleiro Manuel Tallón Mesías.”-----

O Sr. Alcalde dá conta da resposta ó Sr. Tallón Mesías, que copiada literalmente, di o que segue:”En relación co seu escrito presentado en data de hoxe, rexistrado de entrada co número 929, polo que comunica na súa calidade de portavoz do PSdeG-PSOE-AGRUPACIÓN DE TEO de conta ó Pleno a celebrar nesta data, o nome dos representantes de dito Grupo nas diferentes Comisións Informativas, así como a designación de D^a Angélica Blanco Femández como portavoz suplente, comunícolle o seguinte:=**PRIMEIRO**.- Que o Grupo Socialista deste concello, formado naquel entón por catro concelleiros, constituíuse e designou portavoz, dentro dos cinco días hábiles seguintes á constitución da corporación, conforme ó previsto no artigo 24 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.=**SEGUNDO**.- Que dado que o Grupo segue formado por tres concelleiros, e que en dito escrito só figura a súa firma, non é posible atribuírle a condición de portavoz, xa que é o concelleiro Sr. Parajo o que aparece designado como tal.=**TERCEIRO**.- Que en modo algún esta Alcal- día pode inmiscuirse no funcionamento interno dos Grupos Políticos Municipais, e toda vez que o escrito de constitución suscrito por tódolos integrantes, designa outro portavoz e outra distribu- ción de representantes nas Comisións, non pode atenderse a súa comunicación, solicitándose con esta data o pertinente informe xurídico en relación cos puntos do seu citado escrito.-----

De seguido pásase a coñecemento e resolución dos asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

1.- ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES .- O Sr. Presidente inquire se algún dos Sres. edís presentes desexa formular observacións ós borradores das actas das sesións que tiveron lugar os días 29 de marzo e 11 de abril pasados, que foron distribuídos coa convocatoria da actual.

O Sr. Secretario di que na acta da sesión do día 29-03-01, no apartado de “Rogos e preguntas”, na pregunta terceira da intervención do Sr. Hombre, onde di” o Sr. Secretario respóndelle que si, que se recibiu fai máis dun mes”, debería dicir, “ o Sr. Secretario respóndelle que non, que se pediu fai máis dun mes”.-----

O pleno do concello, por unanimidade dos dezaseis membros asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda aproba-lo borrador da acta do día 11-04-01, así como o do día 29-03-01, unha vez realizada a corrección proposta, e que se rexistren no libro correspondente.---

O Sr. Alcalde pregunta se hai algunha moción de urxencia.-----

2.- MOCIÓN DO CONCELLEIRO SR. HOMBRE EIRAS SOBRE A PETICIÓN DUN INFORME XURÍDICO REFERIDO Á REALIZACIÓN DUNHA TRIPLE AUDITORIA NO CONCELLO.

- O pleno do concello, por unanimidade dos dezaseis asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda aproba-la urxencia e incluír na orde do día a moción presentada polo Sr. Hombre Eiras, á que dá lectura, e que copiada literalmente, di o que segue:"Miguel A. Hombre Eiras, en calidade de concelleiro do grupo mixto diante do pleno presenta a seguinte MOCIÓN de urxencia, sobre auditorías ó concello, para o seu debate e aprobación se procede.=Exposición de feitos:= No pleno ordinario do concello celebrado ó día 26 de mayo de 2000, acordouse por maioría e sempre que fora legal, a realización de tres auditorías, económica, administrativa, e urbanística.=A económica avalada porque naquel momento non se aprobaran as contas do ano 98, se ben o que se pretendía era poder acadar uns presupostos axeitados á realidade do concello, e que desgraciadamente ó día de hoxe seguimos a estar sen presupostos actualizados.= A administrativa, fundada no feito claro e evidente da falta de persoal para poder dar un servizo axeitado ó seculo en que vivimos. É claro que o concello ten realizada unha previsión de aumento de plantilla, para este ano, en diversos departamentos, pero en tanto en canto non se aproben os presupostos, seguimos a falar de precariedade nos distintos servizos do concello, con resultado de acumularse o traballo sen ter persoal suficiente para sacalo adiante.=A urbanística, motivada a que por aquel entón non parábamos de saír na prensa como consecuencia das actuacións nese campo e sen dúbida, tamén pola falta de persoal no departamento de urbanismo que ó día de hoxe tampouco se resolveu .=Desde entón, non se deixaron de oír preguntas sobre este tema e mesmo se presentaron mocións, encamiñadas á súa execución.=A resposta máis clara abundaba na ilegalidade de que ningunha empresa privada pode auditar un concello e que só o consello de contas é o órgano encargado de vixiar polas contas públicas, todo isto sen soporte legal.=Ante isto e con ánimo de que se resolva este tema presento a seguinte MOCIÓN:= O pleno do concello acorda solicitar un informe xurídico, presentado en papel oficial e con firma da persoa ou persoas co emitan, referido as auditorías e que se convoque previamente a comisión especial de contas para que se concreten os aspectos legais máis importantes sobre os que debe incidir o informe, unha vez elaborado darase conta ó pleno para acadar unha resolución."----

O Sr. Hombre di que o que se pretende é que se teña un informe xurídico no que se saiba realmente se unha empresa privada pode facer unha auditoría a un concello, e se esta ten validez legal, ou se ten que se-lo Consello de Contas, que hai que ver se unha empresa privada pode vir mira-lo arquivo municipal. O Sr. Alcalde di que ó equipo de goberno lle parece ben pedir ese informe, e o Sr. Secretario di que o concello está permanentemente auditado, as contas polo Consello de Contas, e que as actas se envían á Delegación do Goberno e á Delegación de Xustiza.-----

O Sr. Noriega cédelle a palabra neste punto á Sra. Bugallo, que manifesta que reiteradamente se solicitou que se cumprira a resolución. Di que non é o concello o que debería pedir un informe xurídico, que debería se-lo grupo de goberno, para dicir por que non estaban cumprindo o acordo. Manifesta que hai empresas privadas que auditan concellos, universidades, etc., que esta discusión é absurda, e di que se vai frear de novo a realización das auditorías. Di que se debería ter levado adiante o acordo plenario, e que senón xa deberían ter presentado unha argumentación xurídica. Manifesta que o grupo municipal do BNG non está en contra de que se pida un informe xurídico, pero que a resolución está tomada , e que aquí non se presentou nada que dixese que non se poden face-las auditorías.Di que tódolos concellos e institucións públicas están solicitando auditorías a empresas privadas. Manifesta que se se pide un informe, que se faga de xeito obxectivo, que ten dúbidas da validez doutros informes que se presentaron aquí. Di que, en primeiro lugar, lle pediría ó Sr. Hombre que eliminase o punto de volver a plantexarse por

parte deste pleno a resolución , porque esa resolución está tomada, e que, en segundo lugar, que se solicite unha argumentación xurídica, e que se pode preguntar a calquera avogado ou a calquera

secretario doutro concello, que estea acostumado a traballar con temas de auditoría, e que se lle pode preguntar se se pode solicitar como concello unha auditoría a unha empresa privada.-----

O Sr. Hombre manifesta que o feito de que se convoque esta comisión, e que a que lle pareceu máis importante fora a especial de contas, é porque, como dixo na exposición, a administrativa, por exemplo, ó mellor se ten máis claro como facela, porque iba encamiñada a solventar-la falta de persoal, e que se debata se os postos que se teñen pensado crear segundo acordos plenarios, son suficientes ou non, e que coa urbanística pasa igual. Di que cando se presentou a moción, era para acabar con todo o atranco que había, acabar co cúmulo de dicir que todo eran irregularidades. Di que tiña que haber unha comisión na que definiran que auditoría era necesaria, e o que hai que levar adiante, di que a económica evidentemente, e que posiblemente cos acordos plenarios se pode chegar á conclusión de que a administrativa e a urbanística non son necesarias. Di que debe haber acordo, nun debate de máis de cinco minutos. Manifesta que se se encargan esas auditorías, se poden gastar nove ou dez millóns, e que se logo se acaba no Consello de Contas de Galicia, sería tirar con eses cartos. Di que hai que ver que aspectos hai que auditar. Di que o deben falar no lugar onde corresponde.-----

O Sr. Parajó di que está dacordo coa auditoría e coa moción.-----

A Sra. Bugallo di que a argumentación lle provocou máis problemas que a propia moción, e que facer unha comisión para ver se son necesarias algunhas desas auditorías non lle parece de recibo, porque no seu momento votaron que eran necesarias as tres auditorías, e di que son o mesmo pleno que as votou e as aprobou. Di que non quere reflexionar agora sobre a eliminación de ningunha, que están votadas, e que o que hai que facer é executa-lo acordo. Manifesta que se fan eso van incumpli-lo acordo plenario, que non se está executando, e que eso si é ilegal.-----

O Sr. Filloy di que se se toma a decisión de pedir un informe e anular o acordo que xa teñen tomado, que pensa que ahí si se pode estar patinando. Di que agora ben, se se pide o informe para ver como se fan as auditorías, que eso é outra cousa, pero que o acordo de face-las auditorías xa está tomado.-

O Sr. Fandiño pregúntalle ó Sr. Hombre se á redacción desta moción chegou el só ou necesitou asesoramento. O Sr. Hombre pregunta que cando se fala dunha auditoría administrativa, de que se está falando, que que é o que se necesita auditar, que eso é o que el pretende con esta moción, e que o texto está ben claro. Manifesta que ninguén dirixe as súas palabras, que o quere deixar ben claro desde hoxe, que ninguén dirixe as súas actuacións, e que o que quere é que se fagan estas auditorías, pero sabendo o que queren facer. Di que se debe entrar no fondo da cuestión, e que senón eles mesmos, como concelleiros, quedarán ó amparo de que se faga a auditoría como a quen o solicite lle interese. O Sr. Fandiño dille que chegou á conclusión polas súas palabras de que foi el o que fixo esta moción, e pídelle que no futuro non lles faga perde-lo tempo a todos, porque di que se non teñen capacidade de chegar aquí e adoptar acordos plenarios que en todo caso poderán ser modificados, rectificados ou ratificados por informes xurídicos, que se non teñen a capacidade de facer algo que logo teñan que revisar ó cabo duns meses, que se poden ir todos para a casa . O Sr. Hombre dille que os acordos plenarios están ahí

e que non se cumpren, e o Sr. Fandiño respóndelle que eso non é culpa do resto do pleno. O Sr. Hombre dille que entón, polo menos, deixe que no foro onde deben expresa-las súas queixas o fagan, porque se só é eso o que lles queda, que polo menos terán que falar. O Sr. Fandiño dille que lle pida a quen debe a execución dos acordos plenarios, e que non lles veña plantexar outra vez que fagan unha profunda reflexión a ver se as cousas que deciden se axustan á norma xurídica ou non. O Sr. Hombre di que non é unha profunda reflexión, que simplemente é matiza-las cousas. A Sra. Bugallo manifesta que o BNG quere propoñer unha transaccional, que recolla un pouco o espírito do que parece que lle preocupa ó ponente, e que tamén recolla o que preocupa ó resto daqueles que aceptaron naquel momento a elaboración das tres auditorías. Di que a transaccional que propoñen é que se solicite a información de se é legal solicita-la elaboración de auditorías por parte de empresas privadas a un concello. Di que se pode así tirar para adiante coa execución do acordo plenario, e que no momento en que se estea executando, como é necesario crear concursos para convoca-la propia elaboración das auditorías, se deberá reunir a Comisión Especial de Contas, e que aparte dos puntos que poida aporta-la propia Comisión Especial de Contas, os técnicos terán cousas que dicir sobre que temas tratar en cada unha das tres auditorías propostas. O Sr. Alcalde di que entón se quedaría en pedir un informe xurídico para ver se é legal levar adiante as auditorías. A Sra. Bugallo di que é evidente que o informe xurídico se debe solicitar a unha asesoría que sexa obxectiva. O Sr. Alcalde di que sempre os informes que se piden están avalados por un criterio, e a Sra. Bugallo respóndelle que xa coñecen o criterio, e que se isto se realiza co mesmo criterio co que se veñen facendo os informes xurídicos, que o entreguen coa suficiente antelación para que o revisen outros avogados con outro criterio. O Sr. Alcalde dille que se pedirá ó equipo de sempre, ou que senón o grupo de goberno non apoiará a moción. Dille que non quererán pedir cada día a un avogado ou a un equipo de avogados diferentes, e que se lle pedirá ós asesores que hai neste momento no concello. O Sr. Neira di que viron moitos informes, e que aínda esta semana, diante do Sr. Secretario, viron un informe que non tiña encabezamento e que tiña un maragato por firma, e que non se sabe quen o fixo. Di que lle piden que se identifique. O Sr. Alcalde di que pensa que cada informe que chega aquí ven avalado pola súa firma e o seu encabezamento, e que pode ser que mandaran ese por fax. O Sr. Neira dille que era orixinal. O Sr. Fandiño solicita a palabra por unha cuestión de orde, e di que do que se está falando aquí é máis ben dun dictame sobre unha resolución, e que calquera dictame encabézase identificándose a persoa que o emite, identificando á persoa que llo solicita e a documentación aportada. O Sr. Tallón tamén pide a palabra por unha cuestión de orde e di que vería ben e que sería prudente que se pedira un informe ó consello de Contas. O Sr. Alcalde dille que o Consello de Contas xa audita ó concello. O Sr. Tallón di que tamén se debe pronunciar. O Sr. Alcalde di que van pedir un informe ós asesores municipais.---

O pleno do concello, por unanimidade dos dezaseis asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda aproba-la moción do xeito que se transcribe a continuación:”O pleno do concello acorda solicitar un dictame xurídico, presentado en papel oficial e con firma da persoa ou persoas co emitan, referido as auditorías, no que se informe da posibilidade ou non da súa elaboración por parte de empresas privadas a petición da propia institución, neste caso o concello.”.-----

O Sr. Hombre presenta unha moción para que unha comisión especial elabore unha alegación para presentar ante a Xunta de Galicia, respecto ó corredor alternativo á C-541 e á transversal á N-525, que é retirada.-----

3.-MOCIÓN DO BNG SOBRE A NECESIDADE DUN XIMNASIO CUBERTO NO CEIP 'OS TILOS ':-

Neste momento sae da sala a Sra. Bugallo.-----

O pleno do concello, por unanimidade dos quince asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda aproba-la urxencia e incluír na orde do día esta moción, á que dá lectura o Sr. Noriega, e que copiada literalmente, di o que segue:”Considerando:=1. Que o Real Decreto 1004/1991 sinala no artigo 20 do Título III que un dos requisitos mínimos dun centro de Educación Primaria e o de "un espacio cuberto para Educación Física e Psicomotricidade que terá unha superficie de 200 metros cadrados".= 2. Que o C.E.I.P "Os Tilos é o único centro de todo o Concello de Teo que non dispón da instalación indicada.=3. Que como pode deducirse, as materias de Educación Física e Psicomotricidade se imparten en condicións deficitarias.= 4. Que en reiteradas ocasións a A.P.A Cobas, o Consello Escolar e o Claustro de Profesores do C.E.I.P. teñen solicitado a construción desta instalación sen que ata o momento se acadara resposta positiva por parte da administración educativa.= O Grupo Municipal do B.N.G PROPÓN a adopción do seguinte acordo:=1. Notificar nun prazo de 15 días ó Delegado Provincial da Consellería de Educación o apoio desta corporación á solicitude presentada pola A.P.A. , o Claustro de profesores e o Consello Escolar do C.E.I.P. de "Os Tilos " para que a administración dote ó colexio do tantas veces solicitado ximnasio cuberto. Resulta importante sinalar na notificación que esta infraestrutura é imprescindible para o desenrolo das actividades curriculares de Ed. Física e Psicomotricidade, que non poden facerse ou se fan en precario nunhas dependencias pouco axeitadas”.

O Sr. Noriega manifesta que esta é unha vella e xusta reivindicación, e que desde o ano 1.995 o Sr. Alcalde ven recibindo comunicacións da comunidade educativa do CEIP dos Tilos, onde di que se lle sinala a inexistencia dun espacio axeitado para realizar educación física e psicomotricidade. Di que desde o BNG descoñecen as xestións que o Sr. Alcalde realizou para solucionar esta situación, pero que, por desgracia, os resultados foron nulos. Di que a paciencia ten un límite e que evidentemente a comunidade educativa do CEIP se está a mobilizar por unha infraestrutura que tiñan que ter por lei. Manifesta que con esta moción buscan o apoio da corporación a esta reivindicación, e que son conscientes de que esta iniciativa debería ter partido fai xa anos do grupo de goberno, pero que pensan que máis vale tarde ca nunca.-

O Sr. Alcalde di que se tomaron iniciativas e se fixeron xestións para amplia-lo colexio para abaixo. Di que as fixo co director anterior e tamén con este. Manifesta que cando se fixeron as reivindicacións, se fixo un patio cuberto, e que se lle puxo corcho a un patio. Di que o Delegado Provincial lles dixo que quería facer un novo colexio e que lles pediu oito mil metros cadrados en Parque Montouto, que xa llo dixo noutro pleno. Di que se falou con Concentración Parcelaria para que lles desen terreo, que senón habería que comprar máis terreo para que llo desen ó concello toda aquela zona no momento da concentración. Manifesta que como están pendentes deso, non fixeron máis, porque teñen no colexio os patios cubertos, que estivo alí o outro día. Di que por eso se fixo o polideportivo perto, e que se pensaba facer un acceso para que os rapaces non tivesen que saír a fóra, que a curva dalí é perigosa. Manifesta que non teñen problema en aceptar esta moción, e que a ver se se pode conseguilo terreo para un novo colexio.

Neste momento volve a entrar na sala a Sra. Bugallo.-----

O Sr. Hombre maniféstase dacordo coa moción.

O Sr. Parajó tamén di estar dacordo coa moción, e di que é xusto, e que hai que pedilo urxentemente.

O pleno do concello, por unanimidade dos dezaseis asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda aproba-la moción anteriormente transcrita.-----

4.-MOCIÓN DO BNG SOBRE A MELLORA DA RECEPCIÓN DA TELEVISIÓN LOCAL DE TEO NO TERMO MUNICIPAL .- O pleno do concello, por

unanimidade dos dezaseis asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda aproba-la urxencia e incluír na orde do día a moción seguinte, á que dá lectura o Sr. Noriega, e que copiada literalmente, di o que segue:"Considerando:= Que as televisións locais que funcionan mediante concesión municipal, ademais da función lúdica que lles é propia, desenvolven unha labor informativa que ten consideración de servizo público.= Que a Televisión Local de Teo non cubre todo o territorio municipal, que existen amplas zonas escuras en case todas as parroquias do Concello e que, en varios lugares nos que ás veces é posible sintonizala, o sinal deteriórase ou desaparece en determinados momentos.= O Grupo Municipal do B.N.G. PROPÓN a adopción do seguinte acordo:= Que a Alcaldía realice as xestións oportunas para a elaboración dun estudo técnico detallado no que se concrete a cobertura actual da Televisión Local de Teo , e a calidade do sinal, no que se analicen as causas das deficiencias, e no que se propoñan as solucións axeitadas co obxectivo de que nun prazo curto de tempo tódolos veciños e veciñas de Teo teñan acceso -en boas condicións- ás emisións da Televisión Local".-----

O Sr. Noriega di que a Televisión Local é un servizo público, e que hai que garantir que chegue a tódolos veciños, e que máis co interese que agora ten esta televisión ó retransmitirlos plenos desta corporación.-----

O Sr. Alcalde di que se fixeron varios informes para levala a tódolos lados, que se gastaron cartos en microemisores, e que se está na loita de que chegue a tódolos sitios. Manifesta que agora se está co repetidor dos Tilos, que se colleu para paga-lo mantemento, e que se está con isto en tódalas parroquias e en tódolos lugares. Di que esta moción está en bó lugar para saber onde e como, pero que xa se fixeron xestións por parte da empresa que leva a televisión local para que se vexa en todo en Teo. Di que non van apoiar esta moción, que cando teñen información de que non se ve, a empresa vai facer medicións para poñer repetidores ou o que sexa. Manifesta que houbo problemas no repetidor de Pontevea, e que a Consellería de Cultura pensa en poñer outro repetidor en Montouto, sen gasto algún para o concello. Di que moitos dos concelleiros presentes saben das xestións que se fixeron e das que se están facendo.---

O Sr. Hombre maniféstase de acordo coa moción, e di que este tema xa non é de agora.--- Manifesta que non é só TeleTeo a que non se ve, senón que tampouco se ven outras televisións nacionais, que xa se dixo reiteradamente.-----

O Sr. Parajó manifesta que xa dixo noutras ocasións que había problemas coas cadeas privadas e coa segunda cadea, e que hai quen puxo repetidores de vinte metros de alto para ve-la televisión. Di que propón unha transaccional para amplia-lo estudio ás outras televisións.

A Sra. Bugallo di que xa o pensaran, e maniféstase dacordo.-----

O Sr. Alcalde reitera que xa se está facendo.-----

O Sr. Filloy di que se falara coa Sra. que leva TeleTeo e que se lle pedira un estudio para saber as zonas ás que non chegaba a televisión. Pregunta se ese informe está feito. O Sr. Alcalde dille que xa na anterior lexislatura se puxeron reemisores, en Vilar de Calo, por exemplo, e noutros lugares , e que o que si admitiría e que se dixese en que zonas non se ve e tratar de correxilo. O Sr. Filloy di que pregunta se ese informe está feito porque sería un paso adiante. O Sr. Alcalde di que se o tivesen pedido en tempo e forma lle tivera dito á Sra. Peleteiro que trouxera tódolos informes. Di que, de tódolos xeitos, o grupo de goberno non vai apoiar-la moción, porque eso xa se está facendo.

O Sr. Noriega di que o grupo de goberno fai xestións para resolve-lo problema, pero que en cambio non apoia un acordo plenario para reforzar esas xestións. Manifesta que feito non está, que se estará facendo, como todo, e que o que están pedindo é un acordo plenario para que a televisión local se vexa en todo o concello. Manifesta que se se tivesen feito as xestións, xa se vería en todo o concello, e que non teñen problema en engadir á moción o das outras televisións.-

O Sr. Alcalde di que non lle parece normal levar adiante esta moción porque o está levando adiante o grupo de goberno.---

O Sr. Parajó di que facendo esta transaccional está dacordo coa moción, e que o que si pediría e que se lle aumentara o presuposto á empresa que leva a televisión local, porque co que ten pouco poden facer.

O pleno do concello, por dez votos a favor (dos Sres. Noriega Sánchez, Parajó Liñares, Tallón Mesías, Hombre Eiras, Fandiño Pazos, Neira Picallo, Filloy Villar e Fernández Fernández, e das Sras. Bugallo Rodríguez e Amieiro Rodríguez) e seis en contra (dos Sres. Blanco

Martínez, Castroagudín Valladares, Cajaraville Campos, Ouro Calvelo, Mata Iglesias e Aller Suárez), acorda aproba-la moción cos cambios propostos, e cos que se transcribe a continuación:”Que a Alcaldía realice as xestións oportunas para a elaboración dun estudio técnico detallado no que se concrete a cobertura actual da Televisión Local de Teo e do resto das canles, e a calidade do sinal, no que se analicen as causas das deficiencias, e no que se propoñan as solucións axeitadas co obxectivo de que nun prazo curto de tempo tódolos veciños e veciñas de Teo teñan acceso -en boas condicións- ás emisións destas televisións”.-----

5.-MOCIÓN DO BNG SOBRE A PETICIÓN DE CARRÍS DE INCORPORACIÓN

A C-541 NOS CRUCES DE SAN SADURNIÑO E OS TILOS .- O pleno do concello, por unanimidade dos dezaseis membros asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda aproba-la urxencia e incluír na orde do día a seguinte moción, á que dá lectura a Sra. Bugallo Rodríguez, e que copiada literalmente, di o que segue:”O crecemento urbanístico desordeado que se produciu nos últimos anos á beira da C-541 e a falla de previsión do Grupo de Goberno no que se refire ás infraestructuras viarias e de servizo, está a provocar unha situación de colapso -especialmente nas horas puntas- nas zonas de maior densidade de poboación. Esta situación é xa tan grave e xeralmente apreciada que, nos últimos días, asistimos ó estudio de propostas para paliar estas deficiencias a longo prazo coa apertura de viais alternativos.= Sen embargo, independentemente das solucións que no futuro deban proxectarse para solucionar-la conxestión da C-541 nas zonas urbanas de Cacheiras, Montouto, San Sadurniño e Os Tilos, faise necesario adoptar medidas que, de inmediato, axilien o tráfico e garantan a seguridade de automobilistas e peóns.=Porén, o Grupo Municipal do BNG PROPÓN a adopción do seguinte acordo:=Que se solicite da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, das autoridades de Tráfico ou das autoridades competentes, con carácter de URXENCIA e mentras non se adopten medidas de carácter definitivo, a sinalización horizontal de carrís de incorporación nos cruces da C-541 cos accesos a San Sadurniño e á urbanización dos Tilos.”

A Sra. Bugallo di que esta é unha moción razoable, e que tamén é necesaria. Manifesta que o Sr. Alcalde lle vai dicir que se están facendo os trámites, pero que o que se intenta é que todo o pleno o solicite. Manifesta que todos coñecen a problemática nesta zona, que é moi necesario, e que debe plantexarse con carácter de urxencia.-----

O Sr. Alcalde di que non hai moitos días estivo co Delegado Provincial e que se quedou en facer un proxecto desta estrada con catro carrís. Di que o BNG está pedindo carrís de incorporación en San Sadurniño e nos Tilos, e que se está facendo o proxecto para os catro carrís. Manifesta que a Consellería está facendo o proxecto para arriba e que pediu se o concello facía un anteprojecto e os accesos a Parque Montouto e Os Tilos. Di que se encargou, e que se preten- de facer onda a empresa de rodas un paso baixo para que se acceda ás urbanizacións e un paso elevado de acceso á estrada e tódolos outros sitios, e outro xunto á gasoleira, e unha rotonda ou unha ponte nos Tilos. Di que se está á espera de que entreguen o anteprojecto para levarlo ó Delegado Provincial, para que eles fagan o que poidan, que neso se está. Dille que non

ten inconvinte en apoiar esta moción, pero que acaba de informar das xestións que hai feitas, e que de tódolos xeitos o BNG leva adiante todo co apoio dos catro concelleiros do PP. O Sr. Filloy pide a palabra por alusións e dille ó Sr. Alcalde que esto estaba no seu programa electoral. O Sr. Alcalde respóndelle que aínda lle quedan dous anos. O Sr. Filloy di que eles apoian o que é xusto, e que tamén pediu que se quitaran os carteis dos Tilos, e que non se fixo nada.---

O Sr. Parajó di que pouco hai que engadir ó xa dito, e que espera que se fagan as xestións.-----

O pleno do concello, por unanimidade dos dezaseis asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda aproba-la moción transcrita anteriormente.-----

6.- MOCIÓN PRESENTADA POR D. MANUEL FILLOY VILLAR, D. JOSE MANUEL NEIRA PICALLO, D. MARIO FANDIÑO PAZOS E D. RAMÓN FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, RELATIVA A REALIZACIÓN DUNHA INSPECCIÓN-INFORME RELATIVA A UNHA OBRA EN CACHEIRAS .-

O pleno do concello, por unanimidade dos dezaseis asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda aproba-la urxencia e incluír na orde do día a seguinte moción, presentada polos concelleiros D. Manuel Filloy Villar, D. José Manuel Neira Picallo, D. Mario Fandiño Pazos e D. Ramón Fernández Fernández, á que dá lectura o Sr. Filloy, e que copiada literalmente, di o que segue:" Solicitud dun informe emitido polo arquitecto técnico municipal de inspección e comprobación dunha edificación(Expte. 160/2000- Jeso).=EXPOSICIÓN-DEFENSA DE MOTIVOS= Na obra situada na estrada Santiago- A Estrada, o promotor da cal é D. Jesús Souto Carlin(Jeso), con número de Expediente municipal 160/00 e con licencia de data 16-04-1999, recibimos queixas de varios veciños sobre o posible incumplimento coa legalidade urbanística vixente.= Asimesmo, e co fin de evitar prexuízos no futuro tanto para a empresa constructora, futuros compradores e a esta Corporación Municipal, e ó mesmo tempo para tranquilidade de todos, pois por esto non supón en principio prexuzgar nada, facémo-la seguinte PROPOSTA= Solicítase unha inspección-informe da obra referida realizado e emitido polo técnico municipal, dacordo co artigo 3, e apartado a) do Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenrolo e aplicación da Lei do Solo de Galicia, o cal textualmente di "A actividade administrativa acerca da legalidade urbanística comprenderá as seguintes funcións:=a) Inspecciona-las obras, edificacións e usos do solo para comproba-lo cumprimento da legalidade urbanística. En dito informe solicitamos que figuren as seguintes comprobacións:=1.- Que a obra que se está realizando se corresponde co estipulado na licencia concedida.=2.- Verificar que se respeta a distancia da estrada C-541, dacordo cos planos de alineacións aprobados coas normas urbanísticas de Teo, así como coa Lei de Estradas de Galicia.=3.- Comprobar que a distancia da edificación ó regato e a protección do cauce, sexa a prevista na Lei de Augas de Galicia e se corresponda coa autorización do ente Augas de Galicia da Xunta.= 4.- Constatar que as diferentes alturas en todo o perímetro da obra non se excedan das aprobadas nas normas municipais.=5.- Face-las comprobacións necesarias para verificar que a superficie construída e a construída computable é a que corresponde ó terreo Urta do que dispón a parcela.=6.- Debido a que a parcela na que se levanta a construción é froito dunha agrupación de varias fincas, e suxeita a mesma a diferentes calificacións urbanísticas, solicítase que se fagan as medicións necesarias en proxección horizontal, e se especifique a superficie total da finca e a superficie comprendida en zona Urta.= Este informe será realizado no prazo de vinte días desde a aprobación en acordo plenario, sendo responsable do cumprimento de dito acordo o Sr. Alcalde como xefe de persoal do concello."-----

O Sr. Alcalde di que non sabe se dará tempo a face-lo informe no prazo que piden, e o Sr. Filloy respóndelle que se pode facer en dous días. O Sr. Alcalde di que votará a favor se se lle quitan á moción o dos vinte días, e que como vai comprometerse el a entregalo en vinte días, que

se lle sacan eso, a apoiará. O Sr. Neira preguntalle se se compromete entón a facelo canto antes, e o Sr. Filloy manifesta que se é por unanimidade, entón está dacordo con face-lo cambio.-

A Sra. Bugallo di que o BNG deu entrada no rexistro a unha petición desa inspección, e que se alegra de que cambiaran de opinión. Manifesta que o BNG presentou denuncia do tema ante a Consellería.-----

O Sr. Fandiño di que lles sorprende que o Sr. Alcalde cambiara de opinión, cando no último ano se negara.--

O Sr. Alcalde di que cada obra leva un final de obra e unha licenza de primeira ocupación, e que hai que vixia-las obras. Di que os concelleiros do BNG efectivamente foron á Consellería. A Sra. Bugallo di que foron porque o grupo de goberno non lles contestou.--

O Sr. Parajó manifesta que fai un mes lle dixo a outro concelleiro que había que vixiar esa obra, polo que di que está dacordo coa moción.-----

O pleno do concello, por unanimidade dos dezaseis asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda aprobar por unanimidade esta moción, unha vez introducidos os cambios propostos, polo que queda redactada da seguinte maneira:”Solicítase unha inspección-informe da obra referida realizado e emitido polo técnico municipal, dacordo co artigo 3, e apartado a) do Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenrolo e aplicación da Lei do Solo de Galicia, o cal textualmente di "A actividade administrativa acerca da legalidade urbanística comprenderá as seguintes funcións:=a) Inspecciona-las obras, edificacións e usos do solo para comproba-lo cumprimento da legalidade urbanística. En dito informe solicitamos que figuren as seguintes comprobacións:=1.- Que a obra que se está realizando se corresponde co estipulado na licenza concedida.=2.- Verificar que se respeta a distancia da estrada C-541, dacordo cos planos de alineacións aprobados coas normas urbanísticas de Teo, así como coa Lei de Estradas de Galicia.=3.- Comprobar que a distancia da edificación ó regato e a protección do cauce, sexa a prevista na Lei de Augas de Galicia e se corresponda coa autorización do ente Augas de Galicia da Xunta.= 4.- Constatar que as diferentes alturas en todo o perímetro da obra non se excedan das aprobadas nas normas municipais.=5.- Face-las comprobacións necesarias para verificar que a superficie construída e a construída computable é a que corresponde ó terreo Urta do que dispón a parcela.=6.- Debido a que a parcela na que se levanta a construción é froito dunha agrupación de varias fincas, e suxeita a mesma a diferentes calificacións urbanísticas, solicítase que se fagan as medicións necesarias en proxección horizontal, e se especifique a superficie total da finca e a superficie comprendida en zona Urta.= Este informe será realizado no prazo máis razoable de tempo posible”.----

7.- ROGOS E PREGUNTAS .- Toma en primeiro lugar a palabra o Sr. Hombre , e:-----

1) Manifesta que no último pleno se acordou formar dúas comisións, unha das subvencións e outra de seguimento do PXOU, e pregunta por que a día de hoxe non se convocaron ditas comisións. O Sr. Alcalde pregunta ó Sr. Secretario se os grupos deron os nomes dos membros, e este responde que os únicos que o presentaron a tempo foron os do PSdeG- PSOE. O Sr. Noriega di que se o problema é ese, que entón non pasa nada.-----

2) Pregunta se se solicitaron os presupostos para o asfaltado das pistas de Carballal e Folgueiras, e o Sr. Alcalde di que os proxectos xa se están ultimando, e que se está pendente de dotación presupostaria. O Sr. Hombre di que este é un acordo plenario e que se acordara a incorporación ó presuposto. Di que temo-lo presuposto prorrogado, e que hai unha partida para obras. O Sr. Alcalde di que se están facendo os proxectos , e que hai cousas máis urxentes, pero que se fará.----

3) Di que veu que a raíz da pregunta que fixo no anterior pleno sobre a situación do ADL, se lle fixo algo de caso, pois di que alguén retirou o plástico que entorpecía o paso. Di que a ver se agora se lle ocorre a alguén cambiar de sitio ó traballador, e que así se resolve o problema por completo. O Sr. Alcalde di que se están facendo obras, e que polo tanto hai incomodidades.-----

4) Di que supón que o local do roupeiro municipal e biblioteca se mandarían limpar. O Sr. Alcalde di que cre que si.-----

5) Di que nestes días pasados houbo varias reunións de veciños con respecto ás novas estradas, e di que circulaba o rumor de que o tramo que vai desde a C- 541 ata Procelas non se contemplaba no acordo tomado no último pleno extraordinario, e mesmo que o seu trazado en vez de acabar en Procelas remataba en Penelas, creando preocupación a estes veciños. Pídelle ó Sr. Alcalde que matice que eso non é certo. O Sr. Alcalde dille que hai un acordo de tódolos grupos, e que el non vai dicir por onde vai pasar, que el non é técnico. O Sr. Hombre di que simplemente lle pide que ratifique que é por toda a transversal. O Sr. Alcalde di que está claro no acordo plenario.-----

6) Pregunta cando se presentarán os novos presupostos, e o Sr. Alcalde dille que moi pronto, e que tódolos grupos terán notificación.

7) Pregunta canto se leva gastado do novo presuposto, e o Sr. Alcalde dille que neste momento non ten datos. O Sr. Hombre di que espere que quede algo para poder gastar.---

8) Pregunta en que parte do concello se van gastar os sete millóns de pesetas xa concedidos, e se hai algunha planificación de como se distribuirá o persoal mentras se fan as obras. O Sr. Alcalde di que hai un proxecto xeral que cre que vai a setenta e oito millóns para arranxar a casa consistorial. Di que os técnicos terán que dividir en tramos a obra, aínda que o concello está saneado. O Sr. Neira di que hai un préstamo, e o Sr. Alcalde dille que é do anterior goberno. O Sr. Secretario di que se deben trescentas ou catrocentas mil pesetas. O Sr. Alcalde di que os intereses son do Banco de Crédito Local, e que non son nada. Di que só se deben as obras que se están facendo e ós provedores que traen cousas cada día. Pregunta quen lle transmite ós técnicos as prioridades para un maior servizo. O Sr. Alcalde dille que, como dicía Cervantes no *Quijote*: "Maestro, ladran os cans. Tranquilo, Sancho, sinal de que cabalgamos". Di que agora non hai cartos para todo, que se están facendo as obras a tramos, e que un se vai adxudicar agora.-----

9) Pregúntalle cando pensa convocar a comisión polo tema dos Autobuses de Calo. O Sr. Alcalde pregunta se está convocada, e o Sr. Secretario di que non, e o Sr. Alcalde pídelle que tome toma.----

10) Pregunta cando se vai convocar a Comisión de Servizos Sociais, se se vai esperar á xubilación de alguén para facelo. O Sr. Alcalde di que el non sabe o motivo polo que se parou. O Sr. Secretario di que se pediu información da Consellería, que se reiterou a petición, e que el se nega a estar tódolos días niso.-----

11) Pregunta cando se poderá contar co Centro Cultural. O Sr. Alcalde dille que moi pronto, que están os presupostos dos ascensores e da calefacción, e que se está pendente de adxudicar. Di que falta o mobiliario dabaixo e mirar arriba se falta algo.-

12) Manifesta que xa se teñen os informes solicitados pola Comisión do Gas Galicia, e que se pode continuar. O Sr. Secretario di que pediu eses informes, e que chegou o avogado onte ás 12:30 co informe. Di que ten a palabra do asesor xurídico da Deputación de que o luns a mediodía traía o seu informe. Di que a súa única culpa é non ter convocado a Comisión cando tivo o primeiro informe, pero que onte houbo Comisión de Goberno.-----

13) Manifesta que días atrás saíu na prensa unha noticia que recollía que un ciclo de informática se concedera a Negreira, despois dunha dura loita con Teo, e pregúntalle ó Sr. Alcalde que sabe disto. O Sr. Alcalde respóndelle que el sabe que se fixeron xestións para conseguilo-

ciclos que se puidese, e que o outro día llo reiterou ó Conselleiro, que o Sr. Hombre o sabe porque estaba presente.---

Toma a continuación a palabra o Sr. Noriega, e:-

1) Pregunta como está o tema dos Autobuses de Calo, e o Sr. Alcalde respóndelle que acaba de dar resposta a eso, e que no que se quedara fora en chamar ó responsable dos autobuses, e que o Sr. Secretario xa dixera que non se chamou. O Sr. Noriega pregúntalle a que agarda, que non entende que leve meses para negociar esto, e tampouco que diga que se fará cando teña un momento. O Sr. Alcalde responde que o Sr. Noriega sabe que tivo unha xuntanza cos veciños a nave da empresa de autobuses, na que tamén estiveron os responsables. Di que cando o Sr. Secretario chame, que se reunirán, e que o Sr. Parajó sabe do tema, porque tamén fixo xestións.-----

2) Pregunta se existe unha catalogación dos bens mobles e inmobles do concello. O Sr. Alcalde respóndelle que non sabe se está feita, que é obrigatoria, e que se non está feita, estará por facerse. O Sr. Secretario di que o único inventario que hai o fixo el ó pouco de vir. Di que pediu presuposto a unha empresa que se dedica a esto, que lle comentou ó Sr. Alcalde para metelo no presuposto, e que ese lle deu a autorización.--

3) Di que ten entendido que o rexistro de entrada debería estar informatizado. O Sr. Secretario di que é obrigatorio. O Sr. Noriega pregunta cal é entón o motivo para que se siga facendo como antes se facía. O Sr. Neira di que é por capacidade e mérito. O Sr. Noriega dille ó Sr. Alcalde que tome medidas para facelo, e o Sr. Secretario dille que se fará cando haxa persoal para levalo.-----

4) Pregunta se se mandou a convocatoria de subvencións ás asociacións do concello. O Sr. Secretario responde que se mandou copia do regulamento, copia do Boletín e tamén da instancia.-----

5) Pregunta se se comunicou á Consellería o tema dos ciclos formativos, e respóndeselle que si, e que se mandan as cousas normalmente unha vez se aproba a acta da sesión.-----

6) Pregunta por que non asiste ultimamente ós plenos a Sra. Angélica Blanco, e o Sr. Alcalde dille que non o sabe. O Sr. Noriega pregunta se disculpou a súa asistencia, e o Sr. Secretario respóndelle que si, que chamou pola tarde, e que no anterior pleno estaba en Barcelona. O Sr. Noriega di que o pregunta porque se pode variar o senso de votación coa súa non asistencia. O Sr. Alcalde di que calquera concelleiro pode faltar, con tal de que excuse a súa asistencia.-----

Toma de seguido a palabra a Sra. Bugallo, e:-----

1) Di que comeza co rogo de que se encarguen unhas pegatinas para poñer xunto ós contentores, para que dunha vez por todas a xente saiba cando se recollen os voluminosos. O Sr. Alcalde di que se toma nota da suxerencia, pero que de tódolos xeitos xa se sacou un bando. A Sra. Bugallo dille que é por unha cuestión práctica.-----

2) Pide que se tomen medidas cos contentores de vidro, que non se recollen e dan un aspecto lamentable. O Sr. Secretario di que os Sres. da empresa se queixan de que os contentores están valeiros, e que se botan as botellas fóra. O Sr. Alcalde di que hai que notificar á empresa, a ver se eso é certo. A Sra. Bugallo di que xa trouxeron fotografías a un pleno, e que de tódolos xeitos, tardan moito en recollelos.-----

3) Di que hai una escaseza de contentores en todo o concello, e unha escasa periodicidade de recollida, e que eso é insano. O Sr. Alcalde di que se toma nota do tema.-----

4) Pregunta cando chegarán os orzamentos, e o Sr. Alcalde respóndelle que chegarán.-----

5) Di que quere manifestar un último rogo, que o sinal que se colocou de "Prohibido el paso, excepto personal del ayuntamiento", que se poña en galego. O Sr. Alcalde di que se toma nota.--

Toma de seguido a palabra a Sra. Amieiro, e: ---

1) Di que ten unha pregunta ligada ós orzamentos, sobre o mantemento do polideportivo dos Tilos. Dille ó Sr. Alcalde que xa sabe que hai unhas máquinas para a limpeza, pero que pode pasar e velo. O Sr. Alcalde di que hai uns señores que o fan o mellor posible, e que este tema irá contemplado no presuposto. A Sra. Amieiro di que hoxe mesmo estaba todo cheo de cáscaras de pipas e que nos vestiarios había un cheiro insoportable, e que esto se debatiu pero non se cumpriu. O Sr. Alcalde di que se toma nota.

2) Manifesta que o Sr. Filloy falara dos carteis dos Tilos, e di que o cartel que indica "Os Tilos", está tirado. O Sr. Alcalde responde que xa se deu orde de arraxalo.-----

3) Manifesta que hai problemas coas reixas do parque, que están levantadas. O Sr. Alcalde di que xa se deu orde de ir alí. Di que nos sumidoiros de auga se colocou unha simple pedra, e que pode caer un neno. O Sr. Alcalde di que eso é cousa de Aquagest, e a Sra. Amieiro di que eso hai que poñelo fixo.-

4) Manifesta que no parque faltan moitas tablas, e o Sr. Alcalde dille que está de acordo en que eso é un perigo, que pode haber unha punta, e que lle agradece que avise, que se solucionará con urxencia.-----

5) Di que xa se eliminaron moitos cables de farolas, pero que na parada do bus xunto ó hotel hai un cable sobre a rúa, que se fixo a obra e que lle botaron areón, que a choiva o levou, e que quedou o cable ó aire. O Sr. Secretario di que pensaba que o enterraran, e o Sr. Alcalde di que hai que botarlle cemento ou aglomerado.-----

6) Di que se fixo o bacheo da rúa Ameneiro, e que o paso de cebra quedou eliminado ó asfaltar di que hai que pintalo. O Sr. Alcalde pide que se tome nota.-----

Toma de seguido a palabra o Sr. Parajó, e:-----

1) Di que no anterior pleno ordinario se falou sobre a liña de alta tensión de Lampai, e pregunta se lle poden explicar como está o tema. O Sr. Alcalde cédelle a palabra ó Sr. Castroagudín, que di que a liña vai desde Santiago a Brión, pasa por Teo e vai cara Padrón e logo á Estrada. Di que se fai así para unir todo, e para que se detecten as averías e se solucionen máis pronto. Di que na semana que ven virá Fenosa e o enxeñeiro para ver de varia-lo trazado na Silva e Veitureira, porque os veciños están descontentos.-----

2) Pregunta como está o tema da delimitación co concello de Padrón. O Sr. Alcalde di que falou co Sr. Alcalde de Padrón, e di que van ter unha reunión para facelo de xeito amistoso. Di que se se fixera doutro xeito, que tardaría moitísimo.----

3) Di que fai un mes e pico se adjudicou o PXOU, e que a día de hoxe está sen firmar o contrato. O Sr. Secretario di que falta que o banco lles de o aval.

4) Pregunta como está o tema das depuradoras. O Sr. Alcalde di que a de Calo está bastante avanzada, pero que as obras levan tempo, e que a aquí está pendente de que lle dean luz verde. Manifesta que se contemplaron desde os Verxeles a Pontevea, coa depuradora e a canalización.--

5) Pregunta como está o tema do asfaltado da chamada rúa da Casalonga, que leva case dous anos así. O Sr. Alcalde dille que está adjudicada, pero que o tempo non axudou nada, e di que se estiveron poñendo as tuberías da auga e do alcantarillado, e que se botaron moitos camiós de zavorra.-----

Toma de seguido a palabra o Sr. Tallón, e:-----

1) Manifesta que preguntou varias veces polas estradas da Deputación e pregunta por que para Teo non hai cartos para arraxalas. O Sr. Alcalde di que onte estivo co Presidente, e que quedou en que o chamara o luns para que veña para a semana ve-las estradas.----

2) Di que as ventanas da casa do centro médico de Pontevea están sen acabar e que costaron dous millóns de pesetas. O Sr. Alcalde di que se está esperando a que veñan os obreros,

e que se puxo a calefacción e que están as ventanas postas con polispan na casa onde vivía a mestra. Di que cando veñan os obreros, se poñerá o cemento.----

3) Pregunta se se fixo a area recreativa prevista en Eo dos Menecos, e o Sr. Alcalde respóndelle que cando veñan os obreiros se retomará, que xa está pendente o concelleiro dalí.-----

4) Pregunta polas sentencias que condenaron ó concello sobre unhas obras, e que pasou cun galpón en Teo que había que tirar, se se vai facer algo. O Sr. Alcalde di que o dono comprometeuse a tiralo, e que agora non ten datos sobre se xa o fixo.----

5) Pregunta como está o tema das vivendas dos Tilos, e o Sr. Alcalde dille que non ten datos aquí, pero que llos darán abaixo. O Sr. Tallón pregunta tamén polas vivendas da Póboa, e o Sr. Alcalde respóndelle que o Sr. Secretario o informará de como está o tema.----

6) Manifesta que noutro pleno lle preguntou por que levan a repara-lo coche municipal fóra do concello, e que se non hai empresas aquí. O Sr. Alcalde di que hai cousas determinadas que hai que facer noutros sitios. O Sr. Tallón dille que non ten nada en contra das empresas de fóra. O Sr. Alcalde dille que hai moitas cousas que se fan no concello, pero que hai cousas puntuais e non puntuais que se fan alí, que ese señor sempre se portou moi ben.--

7) Manifesta que quere felicitar ó Sr. Alcalde por usar a Cervantes, pero que lle parece que en vez de por boca de Cervantes, semella que fala por boca de Rocinante. O Sr. Alcalde respóndelle que lle da vergoña e pena cando o Sr. Tallón di este tipo de cousas, e que este que o pleno non é cousa de risa, e manifesta que lle dá pena que o Sr. Tallón sexa da súa familia. O Sr. Tallón dille que ó mellor o apenado é el.-----

Toma de seguido a palabra o Sr. Fandiño, e:-----

1) Pregúntalle ó Sr. Alcalde se ten programado que o aparelador municipal cumpla funcións propias de despacho fóra das dependencias municipais, e que lle pregunta esto porque na acta da sesión celebrada pola Comisión de Goberno do 21 de marzo de 2.001, no punto sete da orde do día aparece a compra dun equipo informático para as oficinas municipais, por un importe de duascenas trinta e oito mil setecentas pesetas máis IVE, e outro ordenador portátil para o departamento de urbanismo por un importe de trescentas noventa e catro mil pesetas máis IVE. Di que na sesión do dous de abril do mesmo órgano aparece no punto dous da orde do día a compra doutro equipo informático por un importe de cento sesenta e nove mil catrocentas pesetas. Di que está ben comprar ordenadores se se usan. O Sr. Alcalde di que se compraron porque facían falla, para levar mellor o traballo. O Sr. Fandiño pregúntalle que misión se prevé que cumpla este ordenador portátil, posto que o equipo en sí é para ser usado con mobilidade, xa que é fácil de transportar e é para ser usado en diferentes lugares de traballo e fóra dunhas dependencias estables. O Sr. Alcalde di que o ordenador será para ir a algunha obra, ou para mirar planos, ou traballar noutras dependencias do concello. O Sr. Fandiño di que oxalá sexa para eso, pero que ó mellor este ordenador, que di que é bastante normal, non ten capacidade para soporta-los programas que usan nese departamento, e que pode servir, por exemplo, para que o traballo que se lle vai encargarse do dictame de Cacheiras se faga o máis axiña posible.-----

2) Pregunta se existe un inventario de tódolos equipos informáticos de propiedade municipal. O Sr. Secretario respóndelle que non. Pregunta se desta casa saiu algún equipo informático para algún tipo de organización, que se donara, regalara ou se dera en precario ou en usufructo. O Sr. Secretario di que o que pode asegurar é que saíron para as casas comerciais en pago de parte doutros. O Sr. Fandiño di que entón eso estará reflexado na Compra-Venta, porque abonarían algunha cantidade, e o Sr. Secretario respóndelle que si descontaron, como pasou coa vella fotocopiadora que había no local da policía. O Sr. Fandiño reitéralle se entón non se regalou ningún, e o Sr. Secretario dille que non o sabe, pero que o que si sabe é que

puido levalo algunha casa comercial en parte de pago doutro e que hai unha chea deles na nave municipal. O Sr. Fandiño di que a el lle chegou ós oídos que se donara un ordenador a unha entidade cultural. Di que ó mellor habería que comprar menos ordenadores, e contratar máis obreiros.-----

3) Di que se vai referir agora ás irregularidades que desde xullo de 2.000 veñen denunciando veciños de Solláns e Vilar de Calo, cometidas pola empresa "Maderas Amazonas". Di que fai pouco se presentou no concello un escrito que denunciaba a contaminación acústica desta empresa, e manifesta que lle consta que algunhas actuacións fóra de horas de traballo están causando problemas anímicos e psicolóxicos, que o sabe de primeira man, e que ó mellor habería que pedir un estudio de contaminación acústica. O Sr. Alcalde preguntalle ó Sr. Secretario se se mandara á Consellería. A Sra. Bugallo di que se aprobara en pleno unha moción. O Sr. Secretario di que cre que se mandara o recurso de reposición, e que el mesmo dixo que debía pedírselle á Xunta, porque o concello non tiña medios para facelo.--

O Sr. Fandiño di que o problema está ahí, e que hai que buscar unha solución. Di que no pleno ordinario do 25 de agosto de 2.000 preguntou pola situación do asfaltado dunha parcela de concentración agraria, considerada como solo de protección agrícola nas normas subsidiarias, e que se iba destinar a un uso industrial por parte da mencionada empresa. Di que a resposta que recibiu foi que o expediente estaba seguindo o procedemento legalmente establecido. Di que en plenos posteriores preguntou polo mesmo tema, obtendo do Sr. Alcalde evasivas por resposta. O Sr. Alcalde dille que se mandou. O Sr. Fandiño dille que lle recorda unha vez máis que as competencias en materia de legalidade urbanística corresponden ó concello e que as exerce a figura do Alcalde, tal e como está previsto na Lei do Solo de Galicia e no seu Regulamento. Pregunta se foi instruído expediente de reposición da legalidade de conformidade co artigo 175 punto 3 da Lei do Solo de Galicia e dacordo ó artigo 54 punto 1 do Regulamento de Disciplina Urbanística, e que se tal e como recoñeceu o Sr. Alcalde, era unha obra ilegalizable, se este aplicou as medidas previstas no artigo 54, punto 3, apartado a) da Lei do Solo de Galicia, e as tamén previstas no artigo 54 punto 1, apartado a) do Regulamento de Disciplina Urbanística sobre demolición e reposición dos bens afectados, e a impedir definitivamente os usos ós que se deron lugar. Di que se mostraron fotografías de cal era o uso para o que se pensara a obra. O Sr. Alcalde di que non sabe como está o tema. O Sr. Fandiño manifesta que vista a deixadez, desidia e inoperancia coa que o Sr. Alcalde exerce as súas funcións, que lle recordan que o artigo 181 da Lei do Solo de Galicia, no seu apartado 3, di textualmente, "En ningún caso poderá a administración deixar de adoptar as medidas tendentes a restaurar o orden urbanístico vulnerado ou a repoñer os bens afectados ó estado anterior á produción da situación ilegal". Di que tendo transcurrido case nove meses, tempo no que se forma a máquina máis perfecta que existe, que é o corpo humano, e que nese tempo o concello non é capaz de corrixir unha deficiencia que está causando danos importantes a algúns veciños de Solláns. O Sr. Alcalde di que pensa que se mandou á Consellería, e pide que se tome nota.-

Toma a continuación a palabra o Sr. Neira, e:---

1) Manifesta que a pesar de ser publicado no Boletín oficial da provincia nº 283 de data 12 de decembro de 2.000, a Ordenanza reguladora do outorgamento da licenzia de primeira utilización ou ocupación de edificios, presentada polo Sr. Alcalde e aprobada cos votos dos catro concelleiros críticos, que a data de hoxe, 26 de abril de 2.001, non se lle comunicou ás empresas suministradoras de enerxía eléctrica, gas, auga e telefonía, que non poden suministrar estes servizos ós edificios de nova planta que carezan da licenzia de primeira ocupación. Di que é preciso recordarlle ó Sr. Alcalde que o artigo 11 de dita ordenanza fai referencia a que "constitúe unha infracción urbanística a primeira ocupación de edificios sen a preceptiva licenzia de primeira ocupación". Di que igualmente no artigo 17 do Regulamento de Disciplina Urbanística, no seu

punto 5, fai referencia á obrigatoriedade de ter esta licencia para suministrar ditos servicios. Di tamén que no artigo 9 da ordenanza presentada polo Sr. Alcalde di, no seu apartado 1, que se "prohibe ós titulares do edificio a súa ocupación, sen ter obtido a licencia de primeira utilización ou ocupación", e que tanto o Sr. Alcalde como tódolos concelleiros saben que se están ocupando edificios sen licencia de primeira ocupación, e pregúntase que poden pensar dun Alcalde que incumple as normas que el mesmo presenta. O Sr. Alcalde di que non sabe que se se fixo con esas normas, e que se hai un regulamento ou ordenanza que se aprobou en pleno, que é o Sr. Secretario o que ten que da-las ordes e a Srta. de urbanismo, e que eses señores terán que cumprilo. O Sr. Neira di que o Sr. Alcalde está vendo como se incumple, e este pregúntalle que como que o está vendo, que el non está alí. O Sr. Neira pregúntalle se non pasa por alí para ir a Santiago, e se non ve os edificios cheos de xente. O Sr. Alcalde dille que non está alí tódolos días, e que o Sr. Neira o saberá, que está sempre controlando. O Sr. Neira di que o Sr. Alcalde non ve as cousas que non quere. O Sr. Alcalde di que o Sr. Neira o ve todo. O Sr. Neira manifesta que o Sr. Alcalde lle di ós veciños, cando murmuran no pleno, que esta é unha cousa seria, e pregúntalle se acaso é serio non cumprilo seus propios acordos plenarios. O Sr. Alcalde respóndelle que non diga cousas, e que eles teñen uns sitios ós que acudir para que se cumplan. Pregunta por que non se lle comunicou por escrito ós promotores dos edificios, tal e como se acordara en pleno, que están obrigados a solicita-la licencia de primeira ocupación. O Sr. Alcalde pregúntalle ó Sr. Secretario se eso vai na licencia. Este respóndelle que se mandou facer. O Sr. Neira dille ó Sr. Alcalde que foi elixido co apoio de moitos dos que están aquí presentes, e que se fora hoxe non o iba ser. Dille que o Sr. Alcalde sabe que a maioría dos que están aquí non o queren, e que debería irse. O Sr. Alcalde di que debería darlle vergoña que un tráfuga fale deso. O Sr. Neira dille que por agora están no mesmo partido, e o Sr. Alcalde dille que espere a ver por canto tempo. O Sr. Neira di que o Sr. Alcalde é un incumplidor de leis, e este respóndelle que vaian ó fiscal outra vez. O Sr. Neira dille que o fan responsable dos edificios que se ocupen sen licencia, así como das consecuencias que deso se deriven, por non facer cumprilo as leis do Solo, o seu regulamento, e a ordenanza municipal.-----

2) Di que na Comisión de Goberno do día 21 de marzo pasado se tomou, entre outros, o acordo de solicitar unha subvención de once millóns doce mil novecentas setenta e seis pesetas para a contratación de oito monitores deportivos durante un periodo de seis meses. Di que tendo como experiencia os últimos dous anos, e vendo que nos mesmos se contrataron practicamente as mesmas persoas, pregunta cando pensa da-las mesmas oportunidades a tódolos xoves de Teo, e contratar a ditos monitores mediante unha comisión de selección. O Sr. Alcalde di que o Sr. Neira o sabe, porque estivo cando se contratou a máis de catro, e que agora está resentido de non estar na Comisión de Goberno. Dille que el sabe, e pídelo ó Sr. Secretario que o corrixa se vai mal, que se piden á oficina de colocación, que se fai unha oferta, e que mandan xente, e que son as persoas que están alí anotadas as que poden acceder a ese posto de traballo. Dille que eles fixeron unha denuncia diante da Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude, porque unha señora que estaba abaixo iba atenderlle á xente. O Sr. Neira pregúntalle se ignora que para traballar na administración é necesario realizar unhas probas de selección onde o mérito, a capacidade e a igualdade de oportunidades se den para tódolos candidatos. O Sr. Alcalde di que eso mellor o sabe o Sr. Neira, que está na administración, e que é moi listo. O Sr. Neira pregúntalle se pensa seguir dedicando ós monitores deportivos a tarefas distintas á función para a que foron contratados, e o Sr. Alcalde di que os monitores deportivos están onde teñen que estar. O Sr. Neira pregúntalle se vai seguir tendo secretaria particular contratada como monitor deportivo, e o Sr. Alcalde dille que non o sabe.-

Toma finalmente a palabra o Sr. Filloy, e:-----

1) Manifesta que xa ten o plano do estudio topográfico do vial 541 que vai entre o límite de Santiago e Pontevea, e que lle foi entregado onte tras varias horas de espera . Di que pola data impresa en dito plano, este está no concello, segundo a data que ten, desde o 16 de xaneiro do 2.000. O Sr. Alcalde di que se fixo para ve-las aliñacións, e ver como tiñamos as zonas urbanas. O Sr. Filloy di que esto non é presentable, e que se pagou por el un millón seiscentas mil pesetas, e que aquí non figura nada. O Sr. Alcalde di que antes de face-los planos sacarían esto, pero que hai un estudio completo. O Sr. Filloy pregunta por que entón o ocultan, que esto llo deu o técnico. O Sr. Alcalde dille que lle darían unha parte, que el onte non estivo, que foi a Deputación. Dille que lle pida ó técnico o informe completo. O Sr. Filloy di que veu o martes ás nove da mañán, e que tivo que volver ás dúas a buscalo. Dille ó Sr. Alcalde que el tamén leu ó "Príncipe dos Inxenios", e que este tamén dicía que coñece-la enfermidade é coñece-lo principio da curación, e que se o Sr. Alcalde non está nunca enterado de nada, que entón non pode arranxa-lo concello.----

Non habendo máis asuntos de que tratar rematou a sesión sendo as vintedúas horas e corenta e cinco minutos, estendéndose a presente acta, que asina o Sr. Alcalde comigo, o Secretario acctal. que certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO ACCTAL.,

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DÍA 18 DE MAIO DE 2001.-----

SEÑORES ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Armando U. Blanco Martínez.

Concelleiros:

D. Antonio Castroagudín Valladares

D. Manuel R. Cajaraville Campos

D. Manuel Mata Iglesias

D. Juan B. Aller Suárez

D. Manuel A. Filloy Villar

D. Ramón Fernández Fernández

D. F. Manuel Parajó Liñares

D. Manuel Tallón Mesías

D^a M^a Angélica Blanco Fernández

D. Martiño Noriega Sánchez

D^a Ánxela Bugallo Rodríguez

D^a M^a Soedade Amieiro Rodríguez

D. Miguel A. Hombre Eiras

Secretario:

D. Jesús Naveira Vázquez

Na casa do concello de Teo, a dezaoto de maio de dous mil un.-----

Sendo as dez horas, e baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Armando U. Blanco Martínez, reuniuse en primeira convocatoria o pleno do concello, con asistencia de trece dos seus membros no primeiro acordo e catorce no segundos, sendo o número legal de dezasete, a fin de levar a cabo a sesión extraordinaria urxente convocada para este día.-----

Escusaron a súa asistencia os concelleiros Sres. Ouro Calvelo, Neira Picallo e Fandiño Pazos.-----

Asiste o Secretario acctal. da Corporación, D. Jesús Naveira Vázquez.---

Pola presidencia declárase sesión pública, pasándose coñecemento e resolución dos asuntos incluídos na seguinte ---

ORDE DO DÍA:

1.- DECLARACIÓN DE URXENCIA.- O Sr. Alcalde manifesta que o pleno debe vota-la urxencia do asunto para o que se convocou esta

sesión.-----

O Sr. Noriega Sánchez manifesta que o grupo municipal do BNG non vai apoiar esta declaración de urxencia. Di que asistimos outra vez a un cúmulo de circunstancias que permiten afirmar que este pleno está convocado de mala fe, pois a pesares de coñece-lo prazo de presentación de alegacións, que era de nove días, os concelleiros foron convocados de maneira extraordinaria e urxente cun día festivo polo medio, e que o concello de Teo é especialista en límites de prazos. Manifesta que se lles permitiu acceder ó expediente da Consellería con tan só vintecatro

horas para estudialo, e que non se lles informou con anterioridade das alegacións que se ían debater e ante as cales se lles está pedindo que se posicionen. Opina que o feito de ter que posi-

cionarse ante algo que descoñecen é o "teatro do absurdo". Manifesta que o único contacto que tiveron cos membros da corporación nestes nove días foi unha reunión extraoficial doutros membros que non son representantes deste concello, na que lles solicitaron que asinasen non sabe que carta para non sabe que personaxe; di que por todo isto pensa que se está intentando elimina-la posibilidade de intervención do pleno neste proceso, e que o seu grupo votará en contra do que considera unha falta de respecto a parte desta corporación. O Sr. Alcalde respóndelle que o seu grupo pode presentar alegacións, que estas son do grupo de goberno, pero que cada grupo pode presenta-las súas.

O Sr. Parajó Liñares fai constar que todo o que vai dicir hoxe será a nivel persoal, e manifesta que en principio, e dada a gran transcendencia e a repercusión que este tema ten en Teo, vai votar a favor.-

Toma a palabra o Sr. Filloy Villar e manifesta que, lamentablemente, ten que coincidir co Sr. Noriega nalgunhas cousas, xa que este é un tema serio e importante e que se xoga co que vai pasar coa política urbanística do concello nos próximos anos; opina que era de boa fe que se lles dese ós concelleiros o outro día copia das alegacións, e manifesta que se vai abster na votación da declaración de urxencia.-----

O Sr. Alcalde manifesta que se trata dun Decreto que quere paraliza-las obras na zona URTA; informa de que se fixeron uns informes xurídicos e de que se foi á Consellería busca-lo expediente, polo cal se tardou bastante tempo. Di que se lle pediu á Xunta unha ampliación do prazo de alegacións, e que non contestaron (dá lectura á citada solicitude, nº 669 de rexistro de saída, de data 14-05-2001).-----

O pleno do concello, por nove votos a favor (dos Sres. Blanco Martínez, Castroagudín Valladares, Cajaraville Campos, Mata Iglesias, Aller Suárez, Fernández Fernández, Parajó Liñares e Hombre Eiras e da Sra. Blanco Fernández), dous en contra (do Sr. Noriega Sánchez e da Sra. Amieiro Rodríguez) e dúas abstencións (dos Sres. Filloy Villar e Tallón Mesías), sendo o número legal o de dezasete e de asistentes o de trece, acorda declarar de urxencia o asunto seguinte.-----

Neste momento entra na sala a concelleira D^a Ánxela Bugallo Rodríguez.

2.- ALEGACIONES Ó DECRETO DE SUSPENSIÓN DA VIXENCIA DAS NN. SS.-

O Sr. Alcalde dá lectura ás alegacións redactadas polo grupo de goberno contra o decreto de suspensión das NN.SS. de Teo, que a continuación se transcriben:-----

'PROPOSTA DE ALEGACIONES Ó PROXECTO DE DECRETO DE SUSPENSIÓN DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO. = Examinado o proxecto de Decreto de suspensión das Normas subsidiarias de planeamento deste concello, realízanse as seguintes alegacións:=**1.- En canto á motivación:**= O procedemento previsto no artigo 52 da Lei 1/97 do Solo de Galicia é unha medida de carácter excepcional que ten por obxecto, como sinalou reiteradamente a xurisprudencia do Tribunal Supremo, impedir que se consumen actos de edificación e uso do Solo que pugnen coas previsións do novo planeamento.= No presente caso, esta medida excepcional diríxese, como claramente se sinala no preámbulo do proxecto de Decreto, non a preserva-lo futuro planeamento de Teo, senón os accesos á cidade de Santiago por considerar que están sobrecargados de tráfico, tanto a estrada estatal N-550 como a autonómica

C-541.= É dicir, preténdese solucionar un problema de infraestructuras viais, competencia da Xunta de Galicia, a custa dos veciños do concello de Teo, utilizando un instrumento que a Lei do Solo contempla para un fin distinto.= A maior abundamento, o proxecto de decreto non fundamenta debidamente o acordo, pois carece dos mínimos estudos técnicos e utiliza uns datos de densidade de tráfico claramente imprecisos, etc., que impiden determinar se as Normas actualmente vixentes son as causantes dos problemas de tráfico na rede arterial de Santiago, polo que a decisión se motiva na soa apreciación subxectiva do proponente.= Como expoñeremos seguidamente, o preámbulo do proxecto de decreto incorre en numerosas imprecisións, que desvirtúan ó noso entender a drástica medida de suspensión que se propón.= **1.1.- A densidade do tráfico:**= a) Respecto á estrada autonómica C-541, é notorio que a gran intensidade de tráfico non se produce no municipio de Teo, senón precisamente a partires da urbanización "Os Tilos", no límite do concello de Santiago.= Os datos correspondentes a 24.133 vehículos no ano 2000 e 21.596 en 1999 están medidos á altura da autopista A-9, fóra do ámbito territorial de Teo, englobando núcleos de poboación do concello de Santiago.= No p.k. 1,6, correspondente á citada urbanización, figuran 14.346 vehículos no ano 2000, non aparecendo o dato do ano 1999..= No ano 2000 entran 5.490 automóviles en Pontevea, e 5.227 en 1999, o que supón un aumento de só 263 vehículos/día.= É por todo isto polo que se estima inexacto o cómputo de vehículos, á vista do informe que respecto á estrada C-541 obra no expediente, máxime tendo en conta que o parque de vehículos de Teo é de só 7.200 unidades.= b) En canto á estrada estatal N-550, zona do Milladoiro, dentro do concello de Teo só existen dúas edificacións de certa entidade, por outra parte antigas e anteriores ás Normas actuais.= Esta problemática de saturación das vías interurbanas non é exclusiva da cidade de Santiago, senón común á maioría dos accesos ás cidades de Galicia, sendo máis acusada nas vías autonómicas, debido a que as franxas de protección legalmente establecidas son menores cás das estradas estatais.= **1.2.- A clasificación do solo:**= Resulta sorprendente que se manifeste que as zonas URTA non reúnen as condicións do solo urbano, cando precisamente se recollen nas Normas con tal carácter e transcorreron cinco anos desde a súa aprobación, mediando informe favorable, preceptivo e vinculante do órgano competente da Administración autonómica.= Pero é que ademais a práctica totalidade das zonas URTA contan cos servizos de acceso rodado, abastecemento de auga, evacuación de augas e subministro de enerxía eléctrica, que son os esixidos no artigo 64.1 da Lei do Solo para ser clasificadas como solo urbano.= **1.3.- Normas urbanísticas de planeamento vixentes:**= No citado preámbulo se califica ás Normas subsidiarias de planeamento de Teo de confusas, ambiguas e contradictorias. Con independencia do acertado ou desacertado deste xuízo, debemos sinalar que son moitos os concellos da Comunidade autónoma nos que rexen idénticas Normas, sinalando a título de exemplo Sada, Padrón, Malpica, Cerceda, etc., polo que é máis inexplicable que recibiran o informe favorable da Consellería correspondente, ou que non se adopte a mesma medida de suspensión.= **1.4.- Os estudos de detalle:**= Compartímo-la afirmación que se realiza respecto a que os estudos de detalle no ámbito de actuación das URTA contribuíron a alteralas aliñacións e rasantes, pero non podemos aceptar-la conclusión á que se chega no preámbulo, senón que polo contrario afirmamos que basta un estudio superficial dos mesmos para determinar que gracias a estes instrumentos de planeamento se conseguiu alonxarlas aliñacións da estrada C-541.= **1.5.- A edificabilidade é compatible coa Lei do Solo:**= En canto á edificabilidade de 1 m²/m², prevista nas Normas subsidiarias de Teo, está incorporado o uso comercial e compatibles da planta baixa das edificacións, de forma que a edificabilidade global do solo URTA pode non superarlas previsións da Lei 1/1997, de 8.250 m² edificables por hectárea.= **2.- A carencia de infraestructuras viarias non é responsabilidade do concello:**= Faise gravitala suspensión na falta de previsión das Normas subsidiarias de planeamento aprobadas pola corporación municipal, pero omítese que previamente recaeu informe preceptivo e vinculante da Administración

autonómica, e que é precisamente nese momento cando a Consellería competente tanto en materia de estradas como de urbanismo debeu contemplar as distancias de edificación respecto ás estradas, máxime tendo en conta a súa especialización nesta materia fronte á insuficiencia de medios tanto materiais como humanos da administración municipal.= De telo contemplado no seu momento, evitariámonos o enfrontarnos á medida excepcional de suspensión do planeamento, xa que en ningún caso se alteraron as aliñacións e rasantes en prexuízo da estrada por licencia ou aprobación de estudos de detalle.= Coincide esta

suspensión coa exposición pública do proxecto de estrada autonómica, aprobado o 14 de marzo pasado e publicado no DOG do 16 seguinte, que causou unha forte oposición veciñal por non aportar nada ás comunicacións viarias do concello e impoñer cargas ós seus habitantes en favor da desconxestión doutros accesos á cidade de Santiago.= **3.- A suspensión é innecesaria para a consecución do obxectivo proposto** := Coñece a Consellería que o concello, consciente de que as actuais Normas están desfasadas por canto non prevían o forte crecemento de poboación experimentado polo municipio, solicitou en diversas ocasións unha subvención para a elaboración dun plan xeral de ordenación urbana e que, ó ser obtida recentemente, se contratou por unanimidade de toda a corporación a redacción do novo planeamento, e mesmo se creou unha comisión de seguimento que conta coa participación de tódolos grupos políticos.= A lexislación urbanística, artigo 34 da Lei do Solo de Galicia, contempla a suspensión polo concello das licencias de parcelación, edificación e demolición para áreas ou usos determinados, a fin de estudar a súa formación ou reforma.= Tamén podería obterse o mesmo resultado coa modificación puntual das Ordenanzas URTA en orde á solución do problema.= Existen por tanto procedementos ordinarios e respectuosos coas competencias municipais que permiten obter o resultado que se pretende co Decreto.= Dentro deste canle non existe ningún inconveniente por parte da corporación en chegar ós necesarios acordos coa Consellería para a obtención do resultado buscado do Decreto.= Esta vía de colaboración e boa fe que debe presidir as relacións entre as administracións públicas nin tan sequera foi intentada pola Consellería, toda vez que nunca lle foi exposta á administración municipal, quen se viu literalmente sorprendida pola recepción do proxecto de Decreto, coa concesión dun prazo de dez días para formular alegacións.= A Administración autonómica obviou o artigo 4 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que establece os principios de relacións entre as administracións públicas, sendo o primeiro deles o de respectar o exercicio lexítimo das competencias propias de cada unha delas, e polo contrario, nun asunto de tanta transcendencia como a medida que se pretende adoptar, concédesele á corporación o trámite de audiencia no antedito prazo de dez días do artigo 84 da mencionada Lei, esquecendo que, en tan escaso tempo, nin pode ser estudado polos grupos municipais nin menos convocar e levar a cabo a sesión do pleno que conforme a vontade do concello.= **4.- Responsabilidade patrimonial derivada da aplicación do Decreto** := Da suspensión de tramitación de normas de desenvolvemento urbanístico e licencias, derivase unha responsabilidade patrimonial da Administración que adopta a medida, isto é da autonómica, máxime cando, como indicamos, o concello entende que existen outras vías para a consecución do fin perseguido no proxecto de Decreto, que non afectarían dun modo tan grave ó desenvolvemento socioeconómico dos veciños de Teo.= **CONCLUSIÓN**:= Polos razoamentos expostos, a corporación municipal de Teo propónlle á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda:= **PRIMEIRO** : Que deixe sen efecto o proxecto de Decreto de suspensión das Normas subsidiarias de planeamento

de Teo.= **SEGUNDO**: De acordarse a antedita medida, esta corporación municipal procedería de modo inmediato e urxente a modifica-las aliñacións nas zonas URTA de común acordo coa Consellería, mediante notificación puntual ou ben coa aprobación de estudos de detalle."-----

Manifesta que tamén teñen unha carta para o Presidente da Xunta e outra para o Conselleiro, para que a asinen tódolos concelleiros que o desexen, e que copiada literalmente, di: " Os asinantes da presente, concelleiros de Teo, membros dos Grupos Municipais, ante as gravísimas consecuencias socio-económicas que no concello vai produci-lo anunciado Decreto de suspensión das Normas Subsidiarias Municipais de Palneamento, dirixímonos a V.E. en solicitude de que se reconsidere o dito proxecto da C.P.T.O.P.V., toda vez que a fin perseguida, que as distancias de aliñación de edificacións na zona URTA se aumente respecto das estradas, pode conquerirse con outros procedementos non traumáticos previstos na lexislación urbanística.= Tentaremos consensuar coa Consellería as distancias de edificación dentro das zonas URTA e negocia-la ordenanza provisional.= A suspensión por mor do citado proxecto da Consellería, supón o cerceamento da actividade constructiva, principal motor económico deste concello, polo menos, nun período de dous anos, coa conseguinte secuela de paro e falta de inversión en tódolos sectores.= Actualmente, téndose presentado en tempo e forma e de acordo coa normativa vixente, atópanse pendentes de concesión de licencia de obras, edificios cun total aproximado de 550 vivendas, superando os custos, según proxecto, os máis de tres mil cincocentos millóns de pesetas, o que pon de evidencia a gravísima crise á que se aboca ó concello, incluídos veciños que traballan na construción, veciños con terreos comprometidos, promotores, empresas suministradoras, etc.= O principio de colaboración entre as Administracións Públicas, esixe que fronte a esta medida a adoptar unilateralmente pola Administración Autonómica, se parta da iniciativa compartida, de xeito que se acaden as mesmas fins, sen castigar innecesariamente ós veciños de Teo no seu léxítimo dereito ó desenvolvemento económico e social.= Solicitamos pola presente unha entrevista con V.E. de tódolos asinantes se o cre conveniente."-----

O Sr. Alcalde di que esta carta quedaría aberta tamén ós concelleiros que non están hoxe no pleno, por se a queren asinar.-----

O Sr. Hombre toma a palabra e di que esta medida da Consellería non lle parece axeitada. Manifesta que o tema arranca no ano 1.999 con preguntas do BNG no Parlamento Galego, e que desde o ano 1.996 moito debeu cambia-lo persoal da Consellería, xa que daquela deron o visto bo. Manifesta que din que as normas son confusas, pero en ningún momento que sexan ilegais. Di que el non pode presentar alegacións por si só, pero que lle parecen correctas estas que acaba de le-lo Sr. Alcalde, xa que tocan puntos que el quería tratar.----

O Sr. Noriega toma a palabra e di que foi unha falta de respecto por parte do grupo de goberno non lles teren facilitado unha copia das alegacións. Manifesta que as Normas subsidiarias de Teo son dunha pésima calidade, e que por riba se incumplen. Di que esta afirmación, defendida polo grupo municipal do BNG durante estes dous anos, recibiu críticas de membros desta corporación e doutros sectores sociais, que di que os acusaban de querer destruír, non construír. Manifesta que o tempo dá e quita a razón, e que por desgracia no tema do urbanismo, o grupo municipal do BNG estaba no certo. Di que o COAG elaborou o pasado ano un informe que asumiu como propio e que foi pagado con cartos do grupo municipal do BNG, onde se facía unha crítica ás normas subsidiarias. Manifesta que, por enriba, a Consellería foi máis aló posto que coincide en moitas cuestións co informe do COAG e que incluso afirma que non é que as normas sexan de por si malas, senón que ademais se incumplen, suspendendo a vixencia das mesmas. Manifesta que, no proxecto de Decreto, a Consellería lle dá a razón ó BNG na denuncia sobre as distancias que as construcións debían gardar respecto á C-541, e que no proxecto se califica esta estrada como de rede primaria básica e que consecuentemente se sinala unha distancia aínda superior á solicitada polo BNG, 12 metros fronte a 9,5 m. Di que tamén lles dá a razón nas súas

denuncias sistemáticas sobre a ilegalidade da construción en forma de mansarda, e que o proxecto sinala que a ordenanza permite a construción de sotos, semisotos e de plantas de baixo cuberta sen computar edificabilidade nin altura en determinadas condicións. Di que como consecuencia desta regulación da ordenanza URTA resulta que se superan os límites legais de edificabilidade e densidade máxima permitidas en áreas non consolidadas. Continúa dicindo que tamén lles dan a razón na oposición que mantiveron ante os estudos de detalle con argumentos e constancia reiterada sinalado que esta problemática se agrava máis aínda como consecuencia da aprobación de numerosos estudos de detalle e que implica a alteración de aliñacións e rasantes, determinantes na medición das alturas. Pide que cada quen faga a súa autocrítica, e manifesta que no informe relativo ó axuste e ó planeamento aplicable de edificación, en execución nas marxes

da C-541, nunha mostraxe de catro obras que foron obxecto de estudos de detalle neste concello, din que atoparon incumprimentos de alturas tanto de cornixa como de semisoto e incumprimento de distancias ó eixe da estrada, entre outras cousas, e isto foi en catro obras collidas ó azar. Tamén lle sorprende á Consellería, no informe, situacións creadas por estudos de detalle, como por exemplo a dun promotor que pasa de poder edificar 1.710 m², segundo as condicións fixadas pola ordenanza URTA, a 5.700 m² segundo as fixadas polo estudio de detalle. Manifesta que ó BNG non lle alegra que pase isto, e que sempre dixeron que, co urbanismo que se estaba a facer, se hipotecaba o futuro do concello... pero aquí sempre se lles dicía que non pasaba nada. Pregúntalle ó Sr. Alcalde que alegacións se van presentar ante cousas tan contundentes, porque se son as que se leron no escrito anterior, que non conte cos votos do BNG. Pregúntalle a que agarda para asumir a súa responsabilidade, e se non se decata de que acaba de quedar absolutamente desacreditado, como o demostra que o seu propio partido lle censure a política urbanística que leva a cabo; pregúntalle tamén se non se decata de que na situación creada van pagar xustos por peccadores, gracias á avaricia dalgúns e á ineptitude do grupo de goberno. Dille que as súas decisións, como xa se lle advertiu moitas veces, implican consecuencias, e pídelle que as asuma dunha vez.---

O Sr. Alcalde manifesta que quere facer algunhas puntualizacións, e que xa sabía que o BNG non ía apoiar estas alegacións; que non esperaba menos. O informe di que non se poden facer estudos de detalle, que non están debuxados os queieiros e que non se poden facer terrazas nos baixo-cubertas, pero as Normas din que si a todo isto; di que todos, incluído el, están de acordo en que as Normas son malas, e por iso se vai facer-lo novo plan xeral. Manifesta que hai un informe do COAG; o Sr. Noriega di que ese informe non foi asumido polo propio Colexio de Arquitectos, e o Sr. Alcalde respóndelle que de alí veu, e que se non se chegasen a facer estudos de detalle non habería no concello edificios botados para atrás e as estradas ampliadas; que se non se levasen adiante os estudos de detalle os edificios estarían pegados á estrada. Manifesta que o grupo de goberno está moi contento de que se fixeran estudos de detalle.-

O Sr. Parajó Liñares manifesta que habería que dicirlle á persoa que fixo o informe da Xunta que mirase máis polo concello de Teo, posto que analiza a construción en URTA e expón uns motivos cos que non está de acordo; que xa dixo noutras ocasións que os estudos de detalle levaban demasiada edificabilidade, pero que se lles dixo que estaban ben e o seu grupo os asumíu. Opina que a Xunta non pode chegar aquí e, como en Cuba, facer un decreto-lei e tirar todo o que se fai; que estas medidas repercuten de xeito moi forte en promotores, obreiros, veciños,

etc. Cre que debería chegarse a un entendemento e solucionar todo este problema, e que a súa postura é favorable a estas alegacións.-

O Sr. Filloy Villar manifesta que está asustado, que se está facendo aquí unha valoración da capacidade da CPTOPV para sabe-lo que é legal ou non; opina que a corporación está bastante menos informada que a Consellería, que tivo que adoptar esta decisión, supón que con dor. O 3 de marzo de 2000 veu persoal da CPTOPV para facer unha inspección de obras, e o 10 de xullo emitíu un informe ó que el tivo acceso o venres; di que lle preguntou ó Sr. Secretario onde estaba ese informe, e que este lle respondeu que nunca o vira, que lle preguntou tamén ó Sr. Ouro e que este tampouco o vira; en cambio, falou cos Sres. Parajó e Hombre, e estes dixéronlle que si o coñecían. Manifesta que este informe deberían de telo todos, dada a gravidade do asunto; que desde xullo se podería ter feito algo, de ter coñecemento do informe, e dille ó Alcalde que estas alegacións non van servir para nada, e que non debería ter por amigo a quen fixo o informe; o Sr. Alcalde respóndelle que cando veu a notificación se solicitou un informe do COAG e outro dos arquitectos dos promotores, e que cre que algún aínda falta.-----

O Sr. Filloy opina que ese informe do COAG pon o que lle parece, que cando cita o art. 30 da Lei do Solo sobre os estudos de detalle di: "Art. 30.- Estudios de detalle.= 1.- Os estudos de detalle poderán formularse cando fose preciso completar ou, no seu caso, adaptar determinacións establecidas nos plans xerais, para o solo urbano, e nos plans parciais.= 2.- O seu contido terá por finalidade establecer ou reaxustar, segundo os casos:= a) O sinalamento de aliñacións ou rasantes.= b) A ordenación dos volumes de acordo coas especificacións do planeamento", pero que omite o resto do artigo, que di: "3.- Os estudos de detalle manterán as determinacións do planeamento, sen altera-lo aproveitamento que corresponde ós terreos comprendidos no estudio.= En ningún caso poderán ocasionar prexuízo nin altera-las condicións da ordenación dos predios colindantes.= 4.- Os estudos de detalle comprenderán os documentos xustificativos do seu contido e co grao de precisión axeitado ás súas funcións.". Di que deberían de transcribir todo o artigo, pois do contrario dá unha falsa sensación de euforia cun informe-trampa. O Sr. Alcalde preguntalle se lles chama tramposos ós sres.do COAG, e o Sr. Filloy repítelle que deberían transcribir todo o artigo.-----

A Sra. Blanco Fernández manifesta que, como veciña, non pode estar de acordo con este Decreto, que non hai fundamentos para tomar unha medida tan drástica, e como concelleira cre que é unha medida cautelar e transitoria, pero que se omite dicir que vai pasar despois deses nove meses. Manifesta que o novo plan xeral debería estar feito en menos dun ano, que as alegacións deben presentarse e que debería ir tamén o tema dos nove meses. Di que o concello debe seguir funcionando, e que esta medida non pode paralizalo. Opina que quedan lagunas que, aínda que non sexa hoxe, deben quedar solventadas.-----

O Sr. Alcalde respóndelle que lle preguntou verbalmente ós responsables se o plan xeral se podía facer nun ano e dixéronlle que vían que sería imposible; sobre o tema dos proxectos xa presentados, di que se mencionan na carta que leu anteriormente, e que tamén se pode achega-la carta ó escrito de alegacións. A Sra. Blanco dille que é unha carta, non unha alegación, e o Sr. Alcalde respóndelle que poden incluílo nas alegacións.

O Sr. Hombre Eiras pregunta se o que se trouxo ó pleno é o expediente completo, e o Sr. Secretario respóndelle que si, que é o que lle deron na Xunta. O Sr. Hombre di que neste expediente faltan os informes das obras 2, 3 e 5, e que cre que isto é unha persecución política contra o grupo de goberno de Teo, o cal pagan tódolos veciños, que cre que non se detecta ilegalidade clara, e pregúntase por que non se revisan outros concellos; manifesta que é chocante que non aparezan esas obras inspeccionadas no expediente. O Sr. Alcalde respóndelle que, referente ás obras que se inspeccionaron, cre que algunhas aínda se estaban construíndo, e que os promotores e constructores debían ter que rasantealas e presentalas.-

O Sr. Noriega Sánchez manifesta que en varias sesións do pleno se lle preguntou ó Alcalde se tiña notificación da Consellería, que este sempre o negou e que agora resulta que a tiña desde xullo do ano pasado; pregunta por que uns concelleiros teñen acceso á información e outros non. O Sr. Alcalde respóndelle que o rexistro de entrada de documentos está abaixo e que está aberto para todos. O Sr. Noriega manifesta que o Sr. Alcalde non pode ir dicindo que a culpa a ten o BNG, o COAG, a Consellería ou outros membros desta corporación: cre que a culpa é daquel que dun xeito reiterado, consciente ou inconscientemente, promove coas súas decisións unha situación irregular e prexudicial para a maioría, e non de quen a denuncia ou a censura. Di que os cobardes son aqueles que, ademais de non asumir os seus actos, buscan culpables para os seus xuíces, e di que quere que conste en acta que fai ó Alcalde responsable político e moral de calquera incidente desagradable que poida acontecerlle a calquera membro da corporación, xa que lles están chegando certas informacións preocupantes; pídlle ó Alcalde que asuma as súas accións e que lembre que o que fai ou o que di como responsable deste concello ten consecuencias. O Sr. Alcalde pídlle que non o insulte, que ten demostrado que non é cobarde e que en todo caso o serán os señores do BNG, que van sempre á prensa; o Sr. Noriega di que o BNG quere garantir que seguirá traballando nos vindeiros anos para posibilitar que o concello medre con

racionalidade e xerando riqueza para todos, e solicita que a acta deste pleno sexa remitida á Xunta acompañando ás alegacións.-----

A Sra. Bugallo manifesta que todo o que está sucedendo é consecuencia lóxica do que leva ocorrido aquí; que houbo un expediente sancionador da Consellería contra o SAU-4, así que o Sr. Alcalde non pode dicir que non hai nada; di que o Sr. Alcalde ocultou o que dixo a Consellería e que os concelleiros non teñen que preguntar abaixo, que teñen que facelo no pleno; o Sr. Alcalde repítelle que teñen o rexistro de documentos abaixo e que está aberto a todo o mundo. A Sra. Bugallo di que o equipo de goberno ten a responsabilidade de traer estas cousas ó pleno e de explicalas, e que non se poden trae-las alegacións o derradeiro día do prazo, e o Sr. Alcalde respóndelle que o BNG, como grupo, podería ter feito alegacións. A Sra. Bugallo dille que como ían facer alegacións, se lles deron antonte o expediente, e o Sr. Alcalde respóndelle que, como dixo antes, se pedira ampliación do prazo de alegacións, que foi denegada. A Sra. Bugallo pídlle que non volva a dicir que as NN.SS. son malas, xa que o concello pagou un anuncio publicitario nun xornal alabando o boas que eran; o Sr. Alcalde respóndelle que nese anuncio simplemente se informaba do que eran. A Sra. Bugallo pídlle que faga un paseo por Cacheiras, que a obra de JESO, por exemplo, é un estudio de detalle e que non garda as distancias mínimas; o Sr. Alcalde respóndelle que non sabe de que obra fala, e que a Sra. Bugallo parece o vixiante de obras. A Sra. Bugallo di que non hai un caso só, que hai un cento, e que o expediente di que se incumpren a Lei de Estradas de Galicia e a Lei do Solo, e que as alegacións que se pretende aprobar din unha serie de cousas que se contraveñen coa legalidade. Di que se ó Sr. Alcalde lle importase algo este tema debería de ter feito algo, e que nin o fixo nin o trouxo ó pleno; e, respondéndolle á Sra. Blanco Fernández, di que o expediente si di o que vai pasar despois dos nove meses: que hai que redactar unhas Normas transitorias, e que o BNG vai solicitar que as faga a mesma empresa á que se lle contratou a confección do plan xeral.

O Sr. Tallón Mesías manifesta que el non está en contra nin a favor das alegacións, xa que, unha vez máis, non ten documentación. Di que deste desaguisado ten moita parte de culpa o equipo de goberno, que sempre dixo que aquí se estaba representando unha comedia que acabaría en traxedia e que aquí está; cre que as cousas que empezan mal, mal acaban. Manifesta que o

Sr. Alcalde dixo que os estudos de detalle permiten melloras; pregunta se esas melloras son, por exemplo, que un estudio de detalle permita 4.000 m² máis de edificabilidade, que a 20.000 pts/m² supoñen 80 millóns de pesetas que non sabe a quen beneficia; o Sr. Alcalde respóndelle que en ningún lado di que ese estudio de detalle sexa ilegal, e que o informe di que non se poden facer estudos de detalle mentres que as NN.SS. de Teo din en dous lugares que si se poden facer; manifesta que ó promotor que nese momento pediu o estudio de detalle se lle concedeu porque estaba nas Normas. O Sr. Tallón di que entón foi beneficioso para todos, e que non se pode programa-lo crecemento dun concello baseándose en estudos de detalle; o Sr. Alcalde respóndelle que, se non, os edificios estarían pegados á estrada, e que así, ademais de estar máis alonxados desta, o concello conta con zonas verdes para espaxamento, e que hai outros concellos que teñen aliñacións á beira das estradas. O Sr. Tallón dille que as comparacións son odiosas e que o concello de Teo ten que face-las cousas ben.----

O Sr. Parajó Liñares manifesta que na C-541 hai un aumento importante de tráfico que provoca a saturación dos accesos a Santiago, e que na N-550 sucede outro tanto, pero que alí non está permitida a mesma normativa, polo que nunca se poderá face-lo mesmo. Di que nesta estrada hai dous edificios que son anteriores ás NN.SS. vixentes, e que, agás estes, só hai outros dous bloques, polo que nunca se lle poderá bota-la culpa da masificación de tráfico que sofre a N-550, da que é responsable a edificación no Milladoiro, concello de Ames; que con isto xa se bota abaixo unha parte do informe da Xunta. Manifesta que, curiosamente, a Xunta fai o Decreto de suspensión das NN.SS. ós poucos días de que o concello se posicionase con respecto ó proxecto de construción dos dous corredores alternativos; di que como concelleiro sempre estará cos veciños de Teo, e manifesta que vai apoiar estas alegacións.-----

O Sr. Filloy Villar manifesta que, con moito pesar, non vai apoiar estas alegacións, xa que estaría disposto a votar a favor dunhas alegacións consensuadas e dunha corrección da forma de actuar; cre que isto non pasaría se estivese definido o que hai que facer, e que se remite á Lei de Estradas. Manifesta que hai moita xente afectada (constructores, promotores, xente que compra vivendas...) e que aí están os chalés da Póboa; o Sr. Alcalde respóndelle que nese tema só anuláron o acto administrativo. O Sr. Filloy cre que as cousas hai que facelas ben para que saian regular e que, se o equipo de goberno quere presentar unhas alegacións, que as faga consensuadas; o Sr. Alcalde responde que o Sr. Filloy é do grupo de goberno, e este di que o Sr. Alcalde se encarga de poñelo a un lado; que non se atrevería a dicir que a Consellería está actuando para "cazar" ó Alcalde, senón, por contra, que estarán con dor de ter que tomar estas medidas.

O Sr. Alcalde pregúntalle á Sra. Blanco Fernández se quere engadirlle ás alegacións un parágrafo relativo ó que dixo na súa intervención, e esta respóndelle que así, neste momento, non pinta nada, pero que habería que miralo.-----

O pleno do concello, por oito votos a favor (dos Sres. Blanco Martínez, Castroagudín Valladares, Cajaraville Campos, Mata Iglesias, Aller Suárez, Fernández Fernández, Parajó Liñares e Hombre Eiras), tres en contra (do Sr. Noriega Sánchez e das Sras. Bugallo Rodríguez e Amieiro Rodríguez) e tres abstencións (dos Sres. Filloy Villar e Tallón Mesías e da Sra. Blanco Fernández), sendo o número legal o de dezasete e de asistentes o de catorce, acorda aproba-lo escrito de alegacións ó decreto de suspensión das Normas Subsidiarias do planeamento de Teo, tal como figura no expediente e foi transcrito no presente acordo.

Non habendo máis asuntos de que tratar rematou a sesión sendo as once horas e dez minutos, estendéndose a presente acta, que asina o Sr. Alcalde comigo, o Secretario acctal. que certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO ACCTAL.,

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DÍA 24 DE MAIO DE 2001.-----

SEÑORES ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Armando U. Blanco Martínez.

Concelleiros:

D. Antonio Castroagudín Valladares

D. Manuel R. Cajaraville Campos

D. Urbano Ouro Calvelo

D. Manuel Mata Iglesias

D. Juan B. Aller Suárez

D. José Manuel Neira Picallo

D. Mario Fandiño Pazos

D. Manuel A. Filloy Villar

D. Ramón Fernández Fernández

D. F. Manuel Parajó Liñares

D^a M^a Angélica Blanco Fernández

D. Martiño Noriega Sánchez

D^a M^a Soedade Amieiro Rodríguez

D. Miguel A. Hombre Eiras

Secretario:

D. Jesús Naveira Vázquez.

Na casa do concello de Teo, a vintecatro de maio de maio de dous mil un.--

Sendo as nove horas, e baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Armando U. Blanco Martínez, reuniuse en primeira convocatoria o pleno do concello, con asistencia de quince dos dezasete membros que o compoñen e que se citan na marxe, a fin de levar a cabo a sesión extraordinaria urxente convocada para este día.----

Escusaron a súa asistencia os concelleiros D. Manuel Tallón Mesías e D^a Ánxela Bugallo Rodríguez.-----

Asiste o Secretario acctal. da Corporación, D. Jesús Naveira Vázquez.-----

Pola presidencia declárase sesión pública, pasándose a coñecemento e resolución dos asuntos incluídos na seguinte -----

ORDE DO DÍA:

1.-DECLARACIÓN DE URXENCIA.- O pleno do concello, por unanimidade dos quince asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda declara-la

urxencia desa sesión.--

2.- ALEGACIÓNS Ó CORREDOR PARALELO Á C- 541.- O Sr. Alcalde dá conta das alegacións ás que se chegou entre tódolos grupos, e que copiadas literalmente, din o que segue: "1.- Solicitar da consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, un novo estudio sobre o corredor paralelo á C-541 que evite a desfeita dos núcleos históricos de poboación do concello e que reduza o enorme impacto humano do actual proxecto. Este novo estudio debe ser elaborado a partir de datos actualizados e, inevitablemente, realizarse tomando en conta a opinión dos veciños e veciñas afectados.=Adxúntase estudio redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, Don José Angel González Parga, posto polo Concello ó dispor dos veciños, no que se fai un resumo de tódalas alegacións formuladas polos afectados do trazado actual.

2.- Solicitar da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e vivenda a eliminación do proxecto de corredor transversal á C-541 entre Galanas e Cacheiras, xa que este vial non responde en absoluto ás necesidades dos habitantes de Teo (que nunca o demandaron) pero supón un enorme custo social e humano, tal e como manifestan e reivindicán os veciños e veciñas, e que as vías necesarias para o desenvolvemento da rede viaria do concello se contemplan no futuro PXOU".-

O Sr. Alcalde di que o grupo de goberno apoia estas alegacións, ás que se chegou por consenso con tódolos grupos.--

O Sr. Hombre manifesta que está de acordo co texto presentado das alegacións.--

O Sr. Noriega manifesta que o BNG vai apoiar estas alegacións porque as cren xustas, e porque non difiren das propostas de resolución que se acordaran en pleno. Di tamén que quere felicitar á Plataforma Veciñal pola súa boa actuación e prégalle ó Sr. Alcalde que os manteña informados de calquera notificación que se reciba sobre este tema.-----

O Sr. Parajó maniféstase tamén de acordo coas alegacións, e di que sempre estarán ó lado dos veciños.---

O pleno do concello, por unanimidade dos quince asistentes, acorda dar traslado destas alegacións ó corredor paralelo á C-541 á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.-----

Non habendo máis asuntos de que tratar rematou a sesión sendo as nove horas e dez minutos, estendéndose a presente acta, que asina o Sr. Alcalde comigo, o Secretario Acctal. que certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO ACCTAL.,

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DÍA 31 DE MAIO DE 2001.--

SEÑORES ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Armando U. Blanco Martínez.

Concelleiros:

D. Antonio Castroagudín Valladares

D. Manuel R. Cajaraville Campos

D. Urbano Ouro Calvelo

D. Manuel Mata Iglesias

D. Juan B. Aller Suárez

D. José Manuel Neira Picallo

D. Mario Fandiño Pazos

D. Manuel A. Filloy Villar

D. Ramón Fernández Fernández

D. F. Manuel Parajó Liñares

D. Manuel Tallón Mesías

D^a M^a Angélica Blanco Fernández

D. Martiño Noriega Sánchez

D^a Ánxela Bugallo Rodríguez

D^a M^a Soedade Amieiro Rodríguez

D. Miguel A. Hombre Eiras

Secretario:

D. Jesús Naveira Vázquez.

Na casa do concello de Teo, a trinta e un de maio de dous mil un.-----

Sendo as vinte horas, e baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Armando U. Blanco Martínez, reuniuse en primeira convocatoria o pleno do concello, con asistencia dos dezasete membros que o compoñen e que se citan na marxe, a fin de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.---

Asiste o Secretario acctal. da Corporación, D. Jesús Naveira Vázquez.---

Pola presidencia declárase sesión pública, e antes de entrar na orde do día, o Sr. Alcalde dá conta da destitución do concelleiro Sr. Mata Iglesias como tenente-alcalde e membro da Comisión de Goberno, pasando a ocupa-lo seu lugar o concelleiro Sr. Fernández Fernández.-----

De seguido pásase a coñecemento e resolución dos asuntos incluídos na seguinte -----

ORDE DO DÍA:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- O Sr. Presidente inquire se algún dos Sres. edís presentes desexa formular observacións ós borradores das

actas das sesións que tiveron lugar os días 26 de abril, 18 de maio e 24 de maio pasados, e que foron distribuídos coa convocatoria da actual.---

O Sr. Secretario di que na acta do día 18-05-01, se omitiu que escusaran a súa asistencia os concelleiros Sres. Ouro Calvelo, Neira Picallo e Fandiño Pazos.-----

O Sr. Hombre di que na acta da sesión do 26-04-01, na décima pregunta da súa intervención, na contestación que lle dá o Sr. Secretario, di “o Sr. Secretario di que se pediu”, e que debería dicir “o Sr. Secretario di que se pediu información da Consellería”.--

O Sr. Parajó di que na acta do 24-05-01, ó final di “o pleno do concello, por unanimidade dos quince asistentes, acorda aproba-las alegacións ó corredor paralelo á C-541, transcritas anteriormente”, e manifesta que a corporación o que acordou foi dar traslado á Consellería pertinente, polo que debería dicir, “o pleno do concello, por unanimidade dos quince asistentes, e, acorda dar traslado destas alegacións ó corredor paralelo á C-541 á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.”-

O pleno do concello, por unanimidade dos dezasete asistentes, acorda aproba-los borradores das actas das sesións do 26-04-01, 18-05-01 e 24-05-01, unha vez realizadas as correccións propostas, e que se rexistren no libro correspondente.-----

2.- MOCIÓN SOBRE O GAS NOS TILOS.- O Sr. Alcalde dá lectura á moción sobre o Gas nos Tilos á que chegou a comisión constituída a este fin, e que copiada literalmente, di o que segue: "Vistos os informes xurídicos emitidos polo Servicio de Asistencia a municipios da Excm. Deputación Provincial, o do Letrado D. Javier Álvarez Santullano e o do Asesor Xurídico Municipal, coincidindo os tres en que lle corresponde á Consellería de Industria e Comercio, como órgano concedente do suministro de gas, o esixir a GAS GALICIA SDG SA o cumprimento das obrigas derivadas do contrato concesional, propónse ó Pleno do concello poñer en coñecemento da citada consellería o problema plantexado, denunciando o posible incumprimento por parte da empresa da obriga de suministrar gas en condicións de igualdade á totalidade dos edificios e vivendas da Urbanización Os Tilos, das que os propietarios así o soliciten, requirindo tamén da Dirección Xeral de Industria copia do proxecto de autorización e dos termos nos que se deu a concesión do servizo de gas en todo o concello, co fin de correxir e estar mellor informados cando se soliciten outras licencias similares.”----

O Sr. Filloy manifesta que pediu unha documentación o día 30 para que se trouxese ó pleno, porque lles faltaba na comisión--

O Sr. Hombre maniféstase de acordo coa moción, xa que o tema foi debatido suficientemente.-----

O Sr. Noriega di que a moción foi consensuada, e que a comisión realizou un bo traballo. Di que é certo que houbo uns papeis que non aparecían, e que eso dificultou o traballo da comisión, ó igual que a misteriosa figura do asesor xurídico, que a enlenteceu. Di que quedou probado que tódolos grupos son capaces de sentarse e de traballar xuntos, e de consensuar algo con transparencia. -----

O Sr. Parajó pide que conste en acta que tódalas súas intervencións e valoracións as realizará en nome propio. Manifesta que estivo na comisión, e que non ten problema en apoia-la moción, pero que lle rogaría ó Sr. Filloy que diga que papeis faltaban.----

O Sr. Filloy di que en escrito presentado o 17-09-99, no expositivo segundo, di “que se acompaña por duplicado o citado proxecto suscrito polo enxeñeiro industrial, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia. As instalacións descritas en forma global, irán concretándose en licencias de obras específicas que se solicitarán no tempo e en función da expansión comercial”. Di que eses planos visados polo Colexio de Enxeñeiros Industriais, non aparecen no concello. O Sr. Alcalde respóndelle que no concello non hai pantasma, e que non os tiña o secretario cando llos solicitaron, pero que estaban nos servizos técnicos municipais. O Sr. Filloy dille que se pediron en varios momentos. O Sr. Secretario di que foron á comisión resumidos e tamén foi un informe do aparelador municipal, e di que el nunca vira o proxecto completo, que sempre supuxeron que o tiña a persoa que tramita as licencias, e que cando ela

dixo que non o tiña, se lle preguntou de rebote ó técnico, e que estaban na oficina técnica. O Sr. Filloy manifesta que a Comisión traballou de xeito ordenado, e que vai apoiar a moción, pero que de tódolos xeitos, quere pedir que se volvan a reunir para ver estes papeis.--

O pleno do concello, por unanimidade dos dezasete asistentes, acorda aproba-la moción que se transcribiu anteriormente.-----

O Sr. Alcalde pregunta se hai mocións de urxencia, e o Sr. Noriega di que si, e que tamén hai unha conxunta.-----

O Sr. Neira di que tamén ten unha, pero o Sr. Alcalde di que non a pode presentar porque non está consensuada polo seu grupo e non foi presentada polo portavoz. O Sr. Neira pregúntalle ó Sr. Secretario, e este di que eso é o que se di na Lei de Bases de Réxime Local e no Regulamento aprobado en pleno. O Sr. Neira di que se informará.-----

3.- MOCIÓN DE URXENCIA SOBRE AS ALEGACIÓNS Ó CORREDOR PARALELO Á C-541 APROBADAS POLA CORPORACIÓN O 24 DE MAIO DE 2001.-

O pleno do concello, por unanimidade, acorda aproba-la urxencia, e incluír na orde do día a seguinte moción, á que dá lectura o Sr. Noriega, e que copiada literalmente, di o que segue:” Considerando: =1.- Que na sesión extraordinaria urxente do día 24 de maio se aprobaron, por unanimidade de tódalas forzas da Corporación, as alegacións presentadas polo concello ó corredor paralelo á C-541.=2.- Que coas alegacións se adxunta un estudio redactado por un técnico posto polo concello a disposición dos veciños no que se fai un resumo de tódalas alegacións formuladas polos afectados polo trazado actual.=3.- Que con data 30 de maio, veciños do entorno de Procelas presentaron diversas queixas porque consideran que o concello asume como propio o estudio redactado polo técnico a petición dos veciños afectados, propónse a adopción do seguinte acordo por parte do pleno do concello:1.- Que o grupo de goberno envíe unha comunicación á Consellería de Política territorial onde especifique:=a) Que a Corporación non fixo propio nin o trazado orixinal nin o novo trazado proposto como alternativa, senón que solicitou un novo estudio sobre o corredor paralelo elaborado a partir de datos actualizados e tendo en conta a opinión dos veciños afectados.=b) Que o concello pretendeu, ó adxuntar coas alegacións o estudio redactado polo técnico a petición dos afectados, canaliza-las preocupacións dunha parte dos veciños do concello que se ven gravemente perxudicados polo trazado proposto pola Consellería.=2.- Que co obxecto de non provocar discriminacións entre os distintos grupos de posibles afectados, o concello se compromete a oferta-las mesmas condicións de audiencia, asesoramento e axuda a todos eles.”-----

O pleno do concello, por unanimidade, acorda aproba-la moción arriba transcrita.-

- MOCION DO BNG SOBRE O DECRETO DE SUSPENSION DA VIXENCIA DAS NORMA SUBSIDIARIAS DO CONCELLO.- O Sr. Noriega dá conta da moción sobre "a supresión da vixencia das normas subsidiarias do concello", á que dá lectura, e na que solicita información da Alcaldía sobre as cuestións relacionadas co decreto de suspensión das Normas Subsidiarias de planeamento de Teo, así como unha exposición das posicións dos grupos políticos e unha presentación e votación de propostas de resolución.-----

Sometida a votación a urxencia desta moción, acádanse sete votos a favor (dos Sres. Noriega Sánchez, Tallón Mesías, Neira Picallo, Filloy Villar e das Sras. Bugallo Rodríguez, Amieiro Rodríguez e Blanco Fernández), nove en contra (dos Sres. Blanco Fernández, Castroagudín Valladares, Cajaraville Campos, Ouro Calvelo, Fernández Fernández, Mata Iglesias, Aller Suárez, Parajó Liñares e Hombre Eiras) e unha abstención (do Sr. Fandiño Pazos), polo que non se acepta a urxencia e non se inclúe na orde de día.

- MOCION DO BNG SOBRE O DECRETO DE SUSPENSION DA VIXENCIA DAS NORMA SUBSIDIARIAS DO CONCELLO.- O Sr. Noriega dá conta da moción sobre "a supresión da vixencia das normas subsidiarias do concello", á que dá lectura, e na que solicita que

se someta a votación da corporación a solicitude de demisión do Sr. Alcalde, pola súa responsabilidade política na recente supresión das Normas Subsidiarias de planeamento de Teo.--

Sometida a votación a urxencia desta moción, acádanse sete votos a favor (dos Sres. Noriega Sánchez, Tallón Mesías, Fandiño Pazos, Neira Picallo e Filloy Villar e das Sras. Bugallo Rodríguez e Amieiro Rodríguez), nove en contra (dos Sres. Blanco Fernández, Castroagudín Valladares, Cajaraville Campos, Ouro Calvelo, Fernández Fernández, Mata Iglesias, Aller Suárez, Parajó Liñares e Hombre Eiras) e unha abstención (da Sra. Blanco Fernández), polo que non se acepta a urxencia e non se inclúe na orde de día.-

A Sra. Blanco Fernández pide explicación de voto e di que se vai abster porque se se quere pedi-la demisión do Sr. Alcalde, se debe pedir cunha moción de censura e un candidato alternativo, e non cunha moción de urxencia, e que senón que se convoque unha comisión para trata-lo tema tan importante e polémico do decreto, pero que en ningún caso se pode facer por vía de urxencia nun pleno.-

O Sr. Neira solicita explicación de voto, e manifesta que é unha vergoña que representantes municipais, que son representantes do pobo, non apoiem esixir explicacións ó Sr. Alcalde no tema máis grave que se ten dado nestes dous anos, como é a paralización das Normas Subsidiarias de planeamento de Teo.----

O Sr. Filloy tamén pide explicación de voto e manifesta que vai votar que si polo prestixio social ó que o Sr. Alcalde chegou, e polo dano que está causando.-----

- MOCION DO BNG SOBRE CUESTIONS TECNICAS RELACIONADAS CO DECRETO DE SUSPENSION DA NORMATIVA URBANISTICA.-A Sra. Bugallo dá conta da moción sobre "as cuestións técnicas relacionadas co decreto de suspensión da normativa urbanística", á que dá lectura, e na que solicita que non se volvan contrata-los servicios de ningún dos asesores urbanísticos externos que xa teñen realizado informes ou emitido dictámenes a petición do grupo de goberno ou da corporación, que o arquitecto técnico municipal elabore un informe sobre a súa actuación e a do propio concello en relación ás actuacións urbanísticas que determinaron a apertura do expediente da consellería, e que se avalíe a necesidade de persoal e se fagan contratacións para a área de urbanismo. Di que a urxencia ven dada porque esta é unha situación seria, que hai graves problemas derivados da suspensión das Normas Subsidiarias de planeamento do concello en varios departamentos, e di que se debe tomar unha decisión como concello serio que necesita dotarse de persoal, e que sería unha irresponsabilidade máis de tódolos que se sentan nesta corporación o non ve-los múltiples problemas, non só políticos, senón tamén técnicos, que existen.--

Sometida a votación a urxencia desta moción, acádanse seis votos a favor (dos Sres. Noriega Sánchez, Neira Picallo, Filloy Villar e Tallón Mesías e das Sras. Bugallo Rodríguez e Amieiro Rodríguez), nove en contra (dos Sres. Blanco Martínez, Castroagudín Valladares, Cajaraville Campos, Ouro Calvelo, Fernández Fernández, Aller Suárez, Mata Iglesias, Parajó Liñares e Hombre Eiras) e dúas abstencións (do Sr. Fandiño Pazos e da Sra. Blanco Fernández), polo que non se acepta a urxencia e non se inclúe na orde do día.

A Sra. Bugallo Rodríguez solicita explicación de voto e manifesta que vota afirmativamente porque é concelleira de Teo, e porque di que lle parece que tomarse con tan pouca seriedade unha situación desta gravidade demostra unha irresponsabilidade inaudita nunha corporación. Di que o panorama político xa está raiando o absurdo e que a veciñanza de Teo non o merece, e que son eles os que sufren as consecuencias destes actos, que son non só dos que os executan, senón tamén dos que cos seus votos apoian o que está acontecendo. Di que se trata de pecha-la boca ás persoas que intentan poñer un pouco de racionalidade no funcionamento desta corporación.---

O Sr. Noriega tamén solicita explicación de voto e di que vota afirmativamente porque non entende que haxa xente que co seu voto negativo ampare esta vergoña colectiva, e porque considera que o concello é unha institución seria. Di que non debería preocupar que se debatira un tema tan serio, e manifesta que está farto de travestismos políticos de xente que un día di unha cousa e outro día outra. Manifesta que cre que os votos dalgúns son moi baratos.-

A Sra. Blanco Fernández pide explicación de voto e di que este é un tema moi importante, e manifesta que non é ético que se presente nunha moción de urxencia, que non dá case tempo a entende-lo que se pide nin a estudialo. Di que non lle parece ético que se presente así, podendo facelo con cinco días de antelación, para que todo o mundo teña dereito a ve-lo que se di nesa moción e a poder estudia-la. Di que este concello ten comisións e que alí se pode estudar este tema. Manifesta que o concello debe defenderse deste decreto, que podería ser anticonstitucional, debido a un conflito de competencias que se está dando aquí. Di que a autonomía dos entes locais se defende no artigo 137 da Constitución, dando a posibilidade de acudir ó Tribunal Constitucional.

O Sr. Fandiño solicita explicación de voto e manifesta que se une en parte ó que dixo a Sra. Blanco Fernández. Di que este tema ten o suficiente calibre e trascendencia, e que se deron os suficientes travestismos políticos, como xa indicou alguén, como para que se solicite un pleno monográfico para que cada un dos dezasete concelleiros poida dici-lo que pensa, abstraéndose por completo de personalismos e partidismos, e que cada un poida dicir por que está aquí e que é o que quere facer, e que o resto é tirar pedras contra un tellado de zinc, esperando a que resonen noutro sitio e que outros saquen outro tipo de conclusións.-----

O Sr. Neira di que o seu voto é positivo porque a situación actual da paralización das Normas Subsidiarias é debida á interpretación que delas fixeron o Sr. Alcalde e o aparelador municipal.----- O Sr. Filloy di que o seu voto é afirmativo porque considera que se está tratando de botar terra enriba deste tema, e que quere mostra-lo seu desgusto cunha situación absurda á que nos levou a maneira de conduci-lo concello.

4.- ROGOS E PREGUNTAS .-

Toma a palabra en primeiro lugar o Sr. Hombre, e:-----

1) Pregunta se xa se nomearon os representantes dos diferentes partidos para as comisións de subvencións e de seguimento do Plan Xeral. O Sr. Alcalde di que falta un partido, e di que haberá que requerilo outra vez para convocalas canto antes.-----

2) Manifesta que se está facendo unha pista forestal en Penelas, por onde está a fonte e que existe a inqedanza entre os veciños de que non se vai acabar por problemas técnicos. O Sr. Alcalde dille que estiveron no concello algúns veciños, que se chamou ó enxeñeiro e que non estaba. Di que se chamou ó Delegado Provincial, que os pasou co Director Xeral e que quedaron en mira-lo tema e falarllo ó enxeñeiro. Manifesta que os veciños incluso faloron de facerlle un quebro á fonte, sen perde-la auga, e levala incluso entubada. Di que se hai máis gasto, será problema deles, que fixeron así o proxecto. O Sr. Hombre di que cando concentración o pediu, aparecía nos planos a pista por alí, e que se á empresa lle resulta moi caro, deberían tela plantexado por outro lado, pero que agora non o poden deixar así. O Sr. Alcalde dille que se non toman unha decisión sobre o tema pronto, que se volverá a insistir onde faga falla.-----

Toma a continuación a palabra o Sr. Noriega, e:-

1) Di que quere expresa-lo rogo, por terceira vez en dous anos, de que o Sr. Alcalde dimita. Manifesta que quería que se posicionase o pleno, e que a pregunta que se fan os veciños e tamén o BNG é que que ten que pasar no concello para que os máximos responsables do mesmo asuman as consecuencias dos seus actos ou das súas decisións. Pregunta que tipo de maremoto ten que asulagarnos para que alguén de aquí se de por aludido. Dille ó Sr. Alcalde que durante dous anos lle deron a escoller un feixe de situacións para que asumise as súas responsabilidades.

Di que houbo escándalos persoais, sentencias xudiciais adversas, abuso de poder, incumprimentos de acordos plenarios, presupostos sen aprobar desde 1999, e que nunca escoitaron do Sr. Alcalde nin sequera unha autocrítica. Manifesta que no tema do urbanismo, a decisión da consellería que hoxe xustifica este debate, é motivo máis que suficiente para que alguén de explicacións e asuma as súas decisións. Di que, cando fai dous anos realizaron as primeiras denuncias por incumprimento das Normas Subsidiarias en varias edificacións de Cacheiras, o Sr. Alcalde, xunto con outras persoas, os acusou de querer frea-lo crecemento do concello, de estar mal asesorados, de ser uns francotiradores políticos e de buscar protagonismo. Di que cando o BNG espuxo un modelo urbanístico solicitando que as edificacións non estiveran enriba da estrada, que tiveran espazos verdes e que estiveran dotadas de servizos, o Sr. Alcalde, xunto con outras persoas, dixo que o que buscaban era que non se construíra nada. Manifesta que cando o BNG presentou un informe do COAG, pagado con cartos do grupo municipal, onde se criticaban duramente as normas do concello, o Sr. Alcalde pagou nun xornal, con cartos de tódolos veciños, unha páxina onde se defendían as excelencias das normas que acaban de ser suspendidas. O Sr. Alcalde di que nese anuncio simplemente se explicaban as normas. O Sr. Noriega manifesta que cando en repetidas ocasións se preguntou en pleno, que se poden revisa-las actas, se existía algunha notificación da Consellería de Política Teritorial como consecuencia das denuncias presentadas polo BNG en materia urbanística, o Sr. Alcalde negou por activa e por pasiva que tal cousa acontecera, e que máis tarde souberon que existiran comunicacións desde o ano pasado, e que o Sr. Alcalde encargara pola súa conta e risco informes pagados con cartos públicos. Manifesta que cando se abre o expediente pola consellería no que se suspenden as Normas, expediente no que di que se lle da a razón ó grupo municipal do BNG en moitas cuestións, que xa espuxeron no pleno anterior, o Sr. Alcalde, co apoio de certos membros da corporación, envía unhas alegacións infumables, que di que máis que axudar, perxudicaron os intereses do concello, como se veu días despois. Di que cando se opuxeron estes dous anos ós trece estudos de detalle que viñeron ó pleno, con razóns técnicas e de beneficio para o concello máis que suficientes, o Sr. Alcalde votou afirmativamente nas trece ocasións, e que en dez delas foi co apoio unhas veces duns e outras veces doutros, lo que di que tamén algúns deberían facer unha autocrítica. Di que estes estudos de detalle, que tanto critica a consellería, foron aprobados. Dille ó Sr. Alcalde que, como pode ver, o historial que ten é o suficientemente importante como para que o asuma e de contas, pero que o Sr. Alcalde nunca foi dos que dan a cara ante os problemas. Di que fai dous anos, a culpa de todo, como non, a tiña o BNG. Manifesta que ó pouco tempo, ademais do BNG, tamén o colexio de arquitectos, que di que seguramente estaba cheo de xente do BNG, e que fai unhas semanas, ademais do BNG e do COAG, a culpa era tamén de Política Territorial e do conselleiro, e que agarda que non por ser afín ó BNG. Di que agora supoñen que a culpa a terá o BNG, o COAG, a Consellería e o Presidente, que di que tan sorrinte aparecía co Sr. Alcalde nos carteis electorais fai dous anos, e que agora acaba de firma-lo decreto de suspensión das Normas. Dille ó Sr. Alcalde que esta actitude súa de buscar tantos culpables e inimigos para algo do que el é o máximo responsable, di que resulta preocupante e un síntoma de cobardía. O Sr. Alcalde respóndelle que el nunca foi cobarde, e que o demostrou moitas veces. O Sr. Noriega di que o Sr. Alcalde non asume os seus actos nin as súas decisións e pon no centro de tódalas iras daqueles que se están xogando moitos cartos ás persoas que tan só fixeron o que o Sr. Alcalde tiña que facer, que di que é loitar e demandar un urbanismo que non hipoteque o futuro do concello. Dille que esa actitude súa de considerarse vítima dunha conspiración xudeo-masónica, lles lembra a un persoaxe dunha caricatura de Castelao, que lle dicía a un veciño: "A mi me maltratan, me injurian, me calumnian, y todo por ser cacique".

O Sr. Alcalde toma a palabra e dille ó Sr. Noriega que ó mellor o que lle fastidia das fotos que mencionou foi non aparecer nelas. Di que é certo que nos últimos anos se produciu no termo municipal de Teo un importante crecemento urbano, un crecemento que como historicamente ocorreu en Galicia está apoiado sobre as vías de comunicación, antes vías en moi mal estado e agora estradas, C-541 y N-550. Manifesta que a clasificación da maioría do solo que está a ámbolos dous lados da estrada C-541 está clasificado como Solo Urbano Residencial e Terciario de Edificación Aberta (URTA). Esta clasificación foi aprobada con informe favorable da Consellería (8 de xullo de 1996), coa aprobación definitiva das actuais Normas Subsidiarias de Ordenación Urbana o día 19 de agosto de 1996. Di que non entende como no decreto 115/2001 a propia Consellería pode chegar a dudar da procedencia da clasificación de solo urbano (URTA) baseándose na carencia de servizos urbanísticos sinalados no artigo 64-1 da Lei 1/1997 dos que no momento da aprobación carecían por completo e hoxe están desenrolando en boa parte do territorio. A principal responsabilidade de que esa franxa de terreo teña esa clasificación é de achacar polo tanto á Consellería e nunca ó concello, que non ten máis que aplicar aquilo que está legalmente aprobado. Di que é o propio decreto da Xunta de Galicia, no seu parágrafo octavo, cando fala das condicións do solo URTA nas Normas Subsidiarias de Teo, a que afirma " A ordenanza URTA fixa unha edificabilidade máxima sobre parcela neta de 1m²/m² ,unha altura máxima de tres plantas - planta baixa e dúas altas- no fronte das estradas N-501 C-541, CP-8202 e CP-0205; permite a construción de sotos, de semisotos, e de plantas baixo cuberta sen computar edificabilidade nin altura en determinadas condicións; faculta ós estudos de detalle para incrementa-la edificabilidade máxima prevista na ordenanza, para fixar outras condicións edificatorias que implican a intensificación do volume edificable. Como consecuencia desta regulación da ordenanza URTA resulta que se superan os límites legais de edificabilidade e densidade máximas permitidas en áreas non consolidadas". Cabe suliña-lo feito de que sexa o propio decreto o que afirma e recoñece, en contra de opinións anteriores, que son as propias Normas as que contemplan e amparan a posibilidade dos estudos de detalle dentro da zona URTA, estudos de detalle que nunca poderán pasar da edificabilidade de 1m²/m² da superficie neta da parcela susceptible de ser edificada. A superficie máxima edificada que recolla a L.S.G. no seu artigo 11, para solos urbanos non consolidados, de 0,825 m²/m² debe referirse a aquelas zonas que precisen dun proceso de execución integral, e fará referencia en todo caso ó uso de vivenda. Non pode a partir de dito aproveitamento chegarse á conclusión de que os estudos de detalle realizados en Teo son legais segundo a Lei do Solo de Galicia, pois habería que comproba-la edificabilidade e densidade de cada un individualmente, comprobando se o uso dos baixos é comercial, co que practicamente seguro cumprían, máis aínda cando a edificabilidade de baixocuberta non computa en ningún caso. O problema que se quere solucionar é un problema supramunicipal, un problema derivado do inesperado crecemento do concello de Teo, que fixo que as infraestructuras estatais e autonómicas así como as súas previsións quedaran totalmente desbordadas, como ben di o decreto, se toman medidas para "evitar que continue a expansión urbanística derivada da aplicación do planeamento vixente e aumente a gravidade dos problemas creados nas infraestructuras estatais e autonómicas que fagan inviable calquera solución razoable futura". Di que é, pois, esta a única razón real ó decreto de suspensión, unha falta de previsión tanto nas infraestructuras como nas propias normas a un tan elevado crecemento urbano, aspecto que xa era sabido, polo que se encargou a redacción do Plan Xeral de Ordenación Urbana para intentar solucionar-lo problema no que o concello ten competencias. É de reseñar, pois que en ningún momento pode achacarse ó concello a motivación do decreto, e se a unhas Normas Subsidiarias deficientes e confusas, (como xa se advertiu nos dous informes realizados polo Colexio de arquitectos) que o concello non podía facer outra cosa que aplicar, no hai que olvidar que as licencias de obras son actos normados, e a unha deficiente previsión das infraestructuras e servizos xerais de comunicación. Dille ó Sr. Noriega que o de pedi-la dimisión xa o teñen por norma, como o de plantexarlle unha moción de censura ó Presidente da Xunta, e que se mandaron un decreto, el non é responsable. Manifesta que non ten por que dimitir, xa que o elixiron os veciños e ten a conciencia tranquila. O Sr. Noriega di que, polo que parece, a culpa

é do BNG, da Consellería e do Presidente, e que menos mal que aínda nos queda a Constitución e a Virxe de Monserrat. Manifesta que, no Parlamento de Galicia, a moción que se presentou foi constructiva.---

2) Manifesta que nun acordo plenario se aprobou o regulamento de axudas e subvencións a entidades sen ánimo de lucro, no que se dicía que “a comisión de goberno de Teo, na súa próxima reunión acorde formalmente a convocatoria de axudas e subvencións para o ano 2001, remitíndoo no prazo dunha semana ó BOP”, e tamén se “solicitaba do Sr. Alcalde que co obxecto de paliar de inmediato a precaria situación dalgunhas das asociacións con maior actividade do concello, debido á falla de pago do 2000, lle conceda con carácter extraordinario, e con cargo ós tres millóns de libre disposición ós que se refire o artigo 6.2.1 do regulamento, unha subvención que lles permita iguala-las axudas recibidas en 1999.”. No debate, debido a que isto non era vinculante, di que o Sr. Alcalde dixo que faría con eses cartos o que vira convinte. Manifesta que o que era vinculante era a convocatoria de subvencións para o ano 2.001. Di que lles chegou a convocatoria e que levaron unha sorpresa ó ver que era para pagar os atrasos do ano 2000, cando o acordo plenario era para o 2001, e di que non se informou desto ás asociacións, e que nen sequera se convocou á comisión. O Sr. Secretario di que se sacou a convocatoria do ano 2000 porque había asociacións que non cobraron, e que logo se sacarán as do 2001. O Sr. Noriega pregunta por que non se informou desto ás asociacións, e o Sr. Secretario di que a tódalas asociacións que chamaron se lles informou.-----

3) Pregúntalle ó Sr. Alcalde cantos cartos dos de libre disposición gastou, e este respóndelle que non dispón de datos neste momento. O Sr. Noriega pregunta se os cartos de libre disposición non deben aparecer nas actas da comisión de goberno, e o Sr. Secretario respóndelle que son decreto da Alcaldía, e que aparecen recollidos no libro correspondente a estes.----

4) Pide que se convoque a comisión das subvencións pronto, xa que di que co regulamento se causou xa bastante lío. O Sr. Alcalde di que falta un grupo por nomear representantes, e que tan pronto o faga, se convocará.----

5) Pregunta cal é a situación actual do tema da praza de Secretario do concello. O Sr. Alcalde dille que está pedida. O Sr. Secretario di que está pedida desde setembro e que saíu na convocatoria. Di que, que el saiba, só o pediu unha rapaza de preferencia número 28. O Sr. Noriega di que pediran un sustituto temporal. O Sr. Alcalde respóndelle que xa dixo noutras ocasións que a Dirección Xeral de Administración Local iba enviar unha señora ou señorita que logo non veu.--

6) Expresa o rogo de que se constituía o consello escolar municipal para o novo curso, e di que os concelleiros do BNG se presentan voluntarios para esta labor. O Sr. Secretario di que non contestaron cos censos.

7) Pregúntalle ó Sr. Alcalde cando traerá a pleno os orzamentos, e este respóndelle que están a punto.--

8) Di que oeu comentar unha vez a unha persoa desta corporación, xunto ó Sr. Secretario, que se estaba valorando constituí-la tema da mesa de contratación, e que esa foi a única nova que tivo, que agora lle chegaron noticias de que xa se constituíu e quere información sobre o tema. O Sr. Secretario di que se chamou ós sindicatos CIG, CCOO, UXT e CSIF, e que somentes viñeron CCOO e CSIF. O Sr. Noriega pregunta se hai copias dos oficios, e o Sr. Secretario dille que si, e que estivo nela o Sr. Cajaraville. O Sr. Noriega pregunta se non ten que haber na mesa representación da oposición municipal, e respóndelle que na de negociación non. O Sr. Noriega pregunta se só estivo presente o Sr. Cajaraville, e contéstanlle que estiveron alí un momento o Sr. Alcalde e o Sr. Hombre, pero sen formar parte en absoluto da mesa.-----

Toma de seguido a palabra a Sra. Bugallo, e:-----

1) Pregunta que noticias hai do informe de impacto ambiental de “Maderas Amazonas”. O Sr. Secretario respóndelle que se remitiu o expediente para que fixesen o expediente sancionador, e que tamén se solicitou unha medición de ruidos e que non houbo aínda noticias. Di que se reiterará a petición.-----

2) Di que a seguinte pregunta é de grande tristura, de tristura de ver como a unha institución como o concello non a toman en serio outras institucións, cando ela mesma non se toma en serio. Pregunta por que en pleno período de alegacións ó decreto de suspensión das NNSS se fai a aprobación inicial dunha SAU no sector 3 da Ramallosa, e por que se aprobou de súpeto. O Sr. Alcalde di que el asina todo o que se manda a tódolos organismos. A Sra. Bugallo dille que isto está desde o 8 de agosto do ano pasado, e que resulta curioso que o Sr. Alcalde o vaia asinar o 21 de maio de 2001. O Sr. Alcalde di que hai no concello uns funcionarios que saberán o que teñen que facer, e que el non lles impón cando teñen que face-las cousas.

Toma neste momento a palabra a Sra. Amieiro Rodríguez, e:-----

1) Manifesta que quere reitera-los rogos do anterior pleno ordinario, no que se lle dixo que se ía actuar con moita urxencia. Di que pasou un mes e pico e que segue todo como estaba. O Sr. Secretario di que están tódolos datos abaixo, e que están todos avisados para realiza-los arranxos que se necesitaban. A Sra. Amieiro pregunta se se lle comentou a Aquagest o das tapas, porque todo segue igual. O Sr. Alcalde di que o polideportivo, por exemplo, se está limpando, e que esta semana se está facendo tódolos días. Explica que fai uns días destrozaron todo, que romperon as portas, que hai un informe da policía local. Di que antes de subir á sala de plenos falou co señor que se ocupa da limpeza e díxolle que o estivo limpando tódolos días. A Sra. Amieiro di que alí pode entrar calquera, e o Sr. Alcalde dille que é porque as portas están forzadas, e rógalle que se ve eso que avise. Manifesta tamén que nos presupostos vai contemplada unha persoa para o mantemento.---

Toma a continuación a palabra a Sra. Blanco Fernández, e:-----

1) Pregunta como van os trámites para a realización do Plan Xeral e se a empresa fixo efectiva a fianza. O Sr. Secretario respóndelle que se firmou o contrato e se fixo efectiva a fianza. Manifesta que a empresa xa realizou os voos para face-los planos aéreos, e que para a semana se terá a primeira reunión con eles. O Alcalde di que tamén está formada a comisión de seguimento.-

Toma agora a palabra o Sr. Tallón Mesías, e:-----

1) Dille ó Sr. Alcalde que espera que teña sentido da responsabilidade, e que debe ter en conta que foi amonestado polo “gobierno amigo”. O Sr. Alcalde responde que ese será o criterio do Sr. Tallón, pero que el non o ve así. O Sr. Tallón dille que foi unha amonestación do seu partido, e que aquí quizáis non estean equilibrados moitos concellos. Di que cando le a prensa ve que van sesenta millóns para Boqueixón, setenta e pico para Vedra, tamén cartos para Lousame, etc, pero que para Teo nada. Di que vendo isto xa non sabe se o goberno é tan amigo como cando o Sr. Alcalde anunciaba por Luou que iba ser vicepresidente da Deputación. O Sr. Alcalde di que el non dixo tal cousa e que o Sr. Tallón sempre se saca da manga algunhas cousas, como cando dixo á prensa que a alcaldía iba ter un asesor, e que puxo o nome dunha persoa por diante. Este respóndelle ó Sr. Alcalde que lea a pregunta que presentou o 4 de maio. O Sr. Alcalde di que ese señor o chamou e lle contou que chamara ó Sr. Tallón, e que parece que xa foi suficiente o que este lle dixo por teléfono ó Sr. Tallón.--

2) Di que pasan por Teo traídas de auga, gas e autopista, e que os veciños non se benefician, e que debe ser que ó Sr. Alcalde non lle fai caso o goberno amigo. Pregunta cando se vai arranxa-lo lavadoiro de Tras do Exo. O Sr. Alcalde respóndelle que os obreiros municipais comezaron as obras o ano pasado, e que o deixaron porque xurdiron outras cousas máis urxentes, pero que cando volvan os obreiros, o retomarán.

3) Pregunta se no mesmo caso se atopa a obra de Eo dos Ferreiros, e respóndeselle que si, que se fará cando veñan os obreiros.----

4) Pregunta como está o tema da pista de Loureiro e Trasellas. O Sr. Alcalde di que mandaron o proxecto e que cre que o concello tiña que paga-lo cincuenta por cento, e que por agora non se quedou en nada por parte da Xunta. Di que se vai reiterar de novo a petición, e que se vai mandar outra vez todo.-----

5) Pregunta cando se vai arregla-lo buraco da pista de Procelas a Santa Lucía. O Sr. Alcalde dille que eso é algo moi caro, que hai un presuposto que cre que vai a vinte e tantos millóns, e que o técnico quedou en mirar outro sistema. Manifesta que se falou co enxeñeiro da concentración para facer unha curva máis aberta, e que se está esperando a xuntanza sobre os cartos do temporal, que xa se fixeron case tódalas obras e que en Procelas se está pendente de ver se en vez de con formigón se pode facer con pedras de porpiaño.

6) Pregunta se vai seguir pechada a Ponte do Xirimbao. O Sr. Alcalde di que parece ser que Medio Ambiente de Pontevedra tiña un proxecto, pero que non tivo máis noticias.----

7) Pregunta como está o tema das auditorías, se houbo algunha comunicación. O Sr. Secretario respóndelle que están pedidos os informes.---

8) Di que as recollidas de voluminosos e de vidro son deficientes. O Sr. Alcalde di que veñen recolle-los voluminosos un día ó mes, e que a xente non agarda a ese día, que deixa as cousas xunto ós contentores, e que por eso botan días sen recoller. A Sra. Bugallo di que o BNG fixera a suxerencia de poñer unhas pegatinas xunto ós contentores co día de recollida, e o Sr. Alcalde di que xa se encargaron. O Sr. Tallón di que a recollida do vidro tamén ten problemas, así como o servizo de xardíns en Montouto, que ten algunhas deficiencias. O Sr. Alcalde pide que se tome nota.--

9) Di que os veciños de Procelas se sinten molestos co novo trazado e pregunta se se lles vai poñer asesoramento. O Sr. Alcalde di que eso xa quedou claro na moción de urxencia que respaldaron tódolos grupos e que se aprobou nesta sesión do pleno.-----

Toma a continuación a palabra o Sr. Neira, e:----

1) Manifesta que no escrito presentado polo xulgado de 1ª Instancia nº 2 de Santiago de Compostela co rexistro de entrada nestas dependencias municipais número 1081, de data 14 de maio de 2001, se lle solicita ó concello que certifique se o edificio e tódolos pisos do mesmo sito na Ramallosa na estrada Santiago - A Estrada fronte ó concello, Portal 1 e 2, teñen cédula de habitabilidade e primeira ocupación, así como na data en que foron emitidas. Di que vista a Lei do Solo no seu artigo 168 e o Regulamento de disciplina urbanística para o desenrolo e aplicación da Lei do Solo de Galicia, que é de obrigado cumprimento, e concretamente o artigo 10º, sobre os actos suxeitos a previa licenzia e sendo enumerado no punto 8 - A primeira utilización ou ocupación dos edificios e instalacións en xeral, é polo que din que preguntan se dispón este edificio da mencionada licenzia de primeira ocupación. O Sr. Alcalde respóndelle que non o sabe. O Sr. Neira pregunta se foi contestado este escrito, e di que se non o foi, que quere recordarlle que mañán é o último día para facelo. Pregunta por que non lle foi esixida dita licenzia por parte do goberno municipal ó promotor do edificio, xa que a Lei do Solo o estipula, e dille ó Sr. Alcalde que é a súa obriga, e que así o prevé a Lei, o non permitir a ocupación de edificios que carezan desta licenzia, e di que polo tanto é tamén súa a responsabilidade de permitir que fora ocupado de forma irregular, máxime tendo en conta que dito edificio se atopa enfrente da casa consistorial, e que á vista está, tanto do Sr. Alcalde como do departamento técnico municipal.-----

2) Pregúntalle ó Sr. Alcalde se sabe que existen edificios con expedientes de paralización de obra en Cacheiras, firmados por el, e se vai permitir que se ocupen estes edificios sen licenzia de primeira ocupación. O Sr. Alcalde pregúntalle a cal se refire, e o Sr. Neira dille que, por

exemplo, o de "Promotores Lago Ríos", e que se xa o foi, despois de advertirse aquí, que outras instancias superiores xa lle pedirán explicacións, e di que serán os únicos responsables desto o Sr. Alcalde e os promotores.-----

3) Manifesta que quere expresar un rogo, no seu nome e tamén no do concelleiro Sr. Filloy Villar. Di que ante o alarmante e crecente deterioro da imaxe pública do municipio de Teo, causada pola ineficacia, inoperancia, abandono, deixación de funcións, e a alarma social, sendo causa principal o comportamento do Sr. Alcalde, estando entre outras as circunstancias que a continuación pasa a enumerar:-----

1ª.- Por non ter aprobados os presupostos municipais desde o inicio da presente legislatura e no exerce-lo debido control sobre as partidas presupostarias.=2ª.- Por carecer dun plan de actuación municipal,(cultural, obras públicas, de xuventude e deportes, medio ambiente, funcionamento administrativo, etc), sendo a improvisación a norma de traballo, cando tiña que se-la excepción.= 3ª.- Por favorece-la desunión entre veciños en lugar de fomentarlal, producindo enfrontamentos e renciñas.= 4ª.- Por encontrarse inmerso o concello en numerosos pleitos debido á súa ineficacia política e ó seu comportamento, sendo incluso acusado de acoso sexual por unha funcionaria.= 5ª.- Polo incumplimento dos acordos plenarios, despreciando deste xeito as propostas maioritarias dos representantes municipais.= 6ª.- Polo desprestixio social e persoal ó que está sometido o Sr. Alcalde debido ós múltiples escándalos de todos coñecidos.= 7ª.- Por permitir e non saber resolver numerosas irregularidades urbanísticas na totalidade do municipio.= 8ª.- Por fomentar unha incontrolada expansión urbanística, apoiada na infraestrutura viaria estatal e autonómica, que non dispón duns servizos urbanísticos completos e axeitados para servir ás edificacións previstas, agravado todo isto, por unha interpretación sesgada dunha norma confusa, ambigua e incoherente coas previsións iniciais.=9ª.- Por non saber lidera-lo grupo municipal, sendo un obstáculo para a cohesión entre os concelleiros e o desenrolo do municipio.=10ª.- Por ser un factor de desprestixio para o Partido Popular que dí representar, cando debería ser un exemplo de coherencia, moderación, tolerancia e eficacia. Manifesta que por todo o anteriormente exposto, e considerando que en múltiples ocasións se lle pediu que rectificara nesta actitude, facendo caso omiso das suxerencias e dando como resultado que o Consello da Xunta de Galicia, a proposta da Consellería de Política Territorial, se vira obrigado a dictar un decreto anulando as Normas Subsidiarias en zona Urta, que foron xeradoras de tanta polémica e descontrol urbanístico, lle solicitan que polo ben do concello de Teo, e para que poida aprobarse un Plan Xeral de Ordenación Urbana, no menor tempo posible, que permita un desenrolo armónico e sostido, e non sendo posible realizarse sendo o Sr. Alcalde un obstáculo, cando debería se-lo motor, é polo que lle solicitan que dimita canto antes. O Sr. Alcalde respóndelle que, nesas irregularidades que di o Sr. Neira que existen, tamén estarían eles, e cita as comisións de goberno nas que estiveron presentes estes concelleiros, e tamén o Sr. Fandiño Pazos, desde xullo de 1996, e nas que se deron licencias de obras nos lugares agora obxecto de polémica. Dille ó Sr. Neira que os concelleiros críticos fan súas as atribucións do Grupo Popular. Manifesta que quere dicirlles que son eles os responsables en grande parte, xa que, coa súa deslealdade permanente ó partido que os levou nas súas listas, impediron a existencia dunha maioría que permitira abordar temas como a aprobación dos orzamentos e incluso a redacción dun plan de actuación municipal, imposible de facer sen a previa aprobación orzamentaria. Di que abonda con repasa-las actas dos plenos para ver claramente que sempre se posicionaron en calquera votación non no interés dos veciños, senón simplemente, en contra da Alcaldía e demais membros do grupo de goberno. Di que non só se limitaron., e que eso é o máis grave, a facer perder votacións ó grupo de goberno, e que se tivesen dignidade xa faría tempo que terían abandonado o grupo popular, senón que di que utilizaron os medios de comunicación para difundir unha terxiversada imaxen no só do Alcalde, senón da situación municipal. O Sr. Parajó toma a palabra e dille ó Sr. Alcalde que os problemas do Partido Popular ten que arranxalos o PP, como tampouco o PSdeG- PSOE non ven arreglalos seus aquí. O Sr. Alcalde dille que simplemente está contestando á intervención do Sr. Neira.

A Sra. Bugallo di que quere manifesta-la súa protesta polo contido da intervención do Sr. Alcalde, e abandoa a sala.-----

O Sr. Alcalde volve a toma-la palabra e dille ós Sres. Neira e Filloy que, en canto ós pleitos que mencionan, debe matizar que son moi poucos os contencioso-administrativos en relación ó número de habitantes e á extensión do concello, e que en canto ós que teñen a súa orixe na figura do Alcalde, manifesta que é certo que existiron varias querelas contra a súa persoa, de momento todas arquivadas. Di que en canto á denuncia da funcionaria, non hai presentado ante o xulgado ningunha denuncia ou querela por parte dela, mentras que si a hai formulada pola súa persoa contra a citada funcionaria. Manifesta que, en canto ás irregularidades urbanísticas que os señores concelleiros críticos tratan de relacionar coa suspensión das NNSS por parte da Xunta, di que debe indicarlles o seguinte:

1º.-Di que se leran, en vez de falar tanto, a motivación que contén o preámbulo do Decreto, en xeito algún se fai referencia a irregularidades urbanísticas, xa que, se a suspensión obedecera a ditas irregularidades, nunca tería sido de aplicación o artigo da Lei do Solo que a Xunta emprega para acorda-la suspensión.= 2º.- Di que as Normas de Teo, redactadas nun momento en que non se prevía o crecemento que se está a experimentar, demostraron ser insuficientes para regula-lo crecemento urbanístico e que por esa razón esta Alcaldía solicitou en reiteradas ocasións unha subvención a C.P.T.O.P.V. para redactar o Plan Xera1, xa felizmente conseguido.=3º.- Di que estima e espera que non existan infraccións urbanísticas graves en Teo respecto ás que non se teña aplicado o regulamento disciplinario correspondente. Di que sí existe un informe dun arquitecto da Xunta onde sinala certas irregularidades, pero que o criterio del non é compartido polos servicios municipais nin polo Colexio de Arquitectos.=4º.- Dilles ós señores concelleiros críticos que, quizais, se non se tivera producido pola súa parte unha intoxicación permanente a través dos medios de comunicación social, se tería podido solucionar, mediante a modificación puntual da ordeanza URTA, o problema da estrada, non sendo absolutamente necesario o Decreto da Xunta. Dilles que os fai responsables políticos ante o pobo de Teo dos innumerables prexuízos que se derivan da suspensión e que afectan directa ou indirectamente á totalidade da poboación deste concello. Di que, para rematar, quere lembrarllles que a situación de deslealtade ó grupo e contraria ós seus compañeiros, non se tería producido se el tivera accedido ás súas pretensións iniciais de deixar nas súas mans as materias de urbanismo e obras coas seguintes retribucións en réxime de dedicación exclusiva. Dilles que coa súa conducta conseguiron levar a unha moi difícil gobernabilidade ó concello, salvada en moitas ocasións gracias á responsable actitude dalgúns concelleiros que puxeron por enriba dos seus intereses os dos veciños de Teo. Dilles que cando foi por eles á casa para levalos na candidatura do Partido Popular, se estivera con dor de barriga, como se diría vulgarmente, que ben estarían hoxe os veciños de Teo. Di que ben estarían se el tivese feito caso a moitos deles cando lle dicían que non os levara con el. O Sr. Neira responde que o Sr. Alcalde fala do Decreto da Xunta o que lle interesa., e di que antes o Sr. Alcalde dixo que os veciños o quixeron a el como Alcalde, e que xa lle correxiu anteriormente unha vez, que a el elixírono os concelleiros, e di que reconece que se equivocaron moitos, pois se fose hoxe non sería Alcalde, e que non se lle esqueza que na candidatura eran vinte . O Sr. Alcalde di que ben lles iría a todos se el tivera escoitado ós que lle dicían que non os levara con el.

O Sr. Fandiño toma a palabra por alusións, e manifesta que o Sr. Alcalde o citou como membro da Comisión de Goberno, e di que todas aquelas accións partiran da confianza de que se seguía un criterio de obxectividade e honestidade e de que os técnicos tiñan obxectividade para

informar destes temas. Di que ante eso votou na disciplina de partido, pero que cando veu que as cousas eran diferentes, dimitiu.-

Toma finalmente a palabra o Sr. Filloy Villar, e:-

1) Manifesta que ten diante unha carta de D. Carlos Almuiña Díaz, presidente do COAG, no que fai seu o informe redactado polo arquitecto D. Ignacio Soto González, pero di que a fai sen o apoio da xunta directiva en xeral. Pregúntalle ó Sr. Alcalde se sabe por que isto é así. Este respóndelle que é un informe que dan, e que el non ten por que sabe-los temas internos do COAG. O Sr. Filloy pregúntalle se sabe quen é D. Ignacio Soto, e o Sr. Alcalde di que non ten por que saber quen é, que é un señor que está botando unha man. O Sr. Filloy pide que conste en acta que ante a súa pregunta, o Sr. Alcalde di que non coñece a este señor. O Sr. Alcalde pídelle que non terxiverse as súas palabras, e que o que dixo foi que non sabe como se chama, que hai un señor abaixo que mandou o COAG, e que ven dous días á semana. O Sr. Filloy di que na acta da última sesión da comisión de goberno que lles entregaron figuraba o pago de 185.600 pesetas a este señor en dous meses consecutivos por estar traballando no concello, e que polo informe que realizou a través do COAG se pagaron cincuenta e oito mil e pico de pesetas. Di que isto lle resulta atípico, anormal e irregular, xa que se lle paga un soldo do concello e cincuenta e oito mil oitocentas pesetas a través do COAG. O Sr. Alcalde respóndelle que non ten por que saber eso.---

2) Di que no pleno ordinario do 26 de abril de 2001, e no apartado 6 da acta de dito pleno, se recolle a aprobación por unanimidade dos concelleiros presentes, unha moción sobre a realización dunha inspección relativa a unha obra en Cacheiras. Di que en dita moción, e no último parágrafo, se acordou que este informe sería realizado no prazo de tempo máis razoable posible, habida conta que o Sr. Alcalde se negou a ordear realizalo nun prazo de vinte días. O Sr. Alcalde dá lectura a un informe asinado polo técnico municipal, que copiado literalmente, di o que segue:” Enrique Eijo Blanco, arquitecto técnico municipal do concello de Teo= Informa =Que en relación á moción presentada por D. Manuel Filloy Villar, D. José Manuel Neira Picallo, D. Mario Fandiño Pazos e D. Ramón Fernández Fernández, relativa á realización dunha inspección-informe dunha obra en Cacheiras, aprobada no pleno do 26 de abril do presente ano, teño que indicarlles que ante a avalancha de presentación de solicitudes de licencias de obras e de información, como resultado primeiramente da proposta de decreto de suspensión parcial do planeamento vixente, e actualmente do xa promulgado decreto, así como a realización do traballo normal do departamento urbanístico con escaso persoal, foi imposible realiza-lo informe solicitado, o cal será entregado proximamente. É o que comunico ós efectos oportunos en Teo, a 28 de maio de 2001”.--

O Sr. Filloy di que agarda que, agora que hai menos traballo, haxa tempo para facer isto.--

3) Manifesta que se podería ler a acta do pleno do 19 de agosto de 1996, onde se aprobaron as NNSS. Di que foron presentadas á Xunta en dúas ocasións, e que as volveron para atrás. O Sr. Alcalde dille que el non as fixo. O Sr. Filloy le parte desta acta, na que o Sr. Alcalde manifestaba que tivera que pelexar para que lle desen o visto e prace na comisión de urbanismo da Xunta, e que a idea do grupo de goberno era aprobalas como estaban para evitar máis retrasos e logo facer modificacións puntuais en consenso coa corporación. O Sr. Alcalde dille que se pediu algunha cousa puntual, como o tema de Cacheiras, e que non o autorizaron. O Sr. Filloy di que naquel mesmo pleno, o Sr. Parajó pediu un vixiante de obras, e que o Sr. Alcalde lle dixo que xa se contratara un. O Sr. Alcalde dille que estivo, pero que rematou o contrato. O Sr. Filloy pregúntalle se tiña os suficientes coñecementos e a titulación necesaria para ser vixiante de obras, e o Sr. Alcalde respóndelle que el non estivo no tribunal.

4) Di que quere manifestar por último que, respecto ó tema da comisión de goberno que o Sr. Alcalde mencionou antes, el se foi porque non quería compartir co Sr. Alcalde a responsabilidade, e que o Sr. Alcalde é moi hábil para implicar ós demais.-----

Non habendo máis asuntos de que tratar rematou a sesión sendo as vinteunha horas e corenta e cinco minutos, estendéndose a presente acta, que asina o Sr. Alcalde comigo, o Secretario acctal. que certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO ACCTAL.,

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DÍA 14 DE XUÑO DE 2001.-----

SEÑORES ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Armando U. Blanco Martínez.

Concelleiros:

D. Antonio Castroagudín Valladares

D. Manuel R. Cajaraville Campos

D. Urbano Ouro Calvelo

D. Ramón Fernández Fernández

D. Juan B. Aller Suárez

D. Manuel Mata Iglesias

D. Manuel A. Filloy Villar

D. F. Manuel Parajó Liñares

D. Manuel Tallón Mesías

D. Martiño Noriega Sánchez

D^a Ánxela Bugallo Rodríguez

D^aM^a Soedade Amieiro Rodríguez

D. Miguel A. Hombre Eiras

Secretario:

D. Jesús Naveira Vázquez.

Na casa do concello de Teo, a catorce de xuño de dous mil un.-----

Sendo as nove horas, e baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Armando U. Blanco Martínez, reuniuse en primeira convocatoria o pleno do concello, con asistencia de catorce dos dezasete membros que o compoñen e que se citan na marxe, a fin de levar a cabo a sesión extraordinaria convocada para este día.-----

Escusaron a súa asistencia os concelleiros D. José Manuel Neira, D. Mario Fandiño Pazos e D^a Angélica Blanco Fernández.-----

Asiste o Secretario Acctal. da Corporación, D. Jesús Naveira Vázquez.----

Pola presidencia declárase sesión pública, e antes de entrar na orde do día, o Sr. Alcalde dá conta do paso do Sr. Parajó Liñares ó grupo mixto, e manifesta que no vindeiro pleno ordinario dará conta da nova constitución das comisións.-

O Sr. Alcalde dá conta de dous escritos do PSdeG-PSOE. O primeiro é de D. Moisés Rey Martínez, Presidente da Comisión Xestora da Agrupación

Socialista de Teo, con número de rexistro 1320 e data 11-06-01, ó que dá lectura, e que copiado literalmente, di o que segue:" Como Presidente da Comisión Xestora, máximo órgano de dirección política da Agrupación Socialista de Teo, en virtude das competencias que me confiren os Estatutos desta organización, infórmolle ós efectos pertinentes que a Comisión Xestora da Agrupación Socialista de Teo se ratifica en tódolos seus extremos nos seguintes escritos dirixidos a vostede:= - Escrito asinado por quen esto suscribe, como Presidente da Comisión Xestora da Agrupación Socialista de Teo, de data 24 de abril de 2001 e co n^o 872 de rexistro de entrada nese concello polo que se lle comunicaba oficialmente a vostede a expulsión definitiva do Partido Socialista do concelleiro D. Manuel Parajó Liñares e o nomeamento como novo portavoz do Grupo Municipal Socialista, do número 2 da lista municipal do PSdeG-PSOE e ata o momento portavoz suplente, D. Manuel Tallón Mesías. = - Escrito asinado polo novo portavoz do Grupo

Municipal Socialista, D. Manuel Tallón Mesías, de data 26 de abril de 2001, co nº 929 de rexistro de entrada nese concello, a través do que se lle poñía no seu coñecemento a nova composición das Comisións Informativas no que atañe ós membros do Grupo Municipal Socialista."----

O Sr. Alcalde dá conta do segundo escrito, con número de rexistro 1345 e data 13-06-01, asinado pola concelleira D^a Angélica Blanco Fernández, ó que dá lectura, e que copiado literalmente, di o que segue:" D^a Angélica Blanco Fernández, concelleira do Grupo Municipal Socialista, con referencia ós escritos presentados pola Comisión Xestora da Agrupación Socialista de Teo, en reiteradas ocasións e cos seguintes números de rexistro no concello: escrito nº 872 (24/04/01), escrito nº 1320 (11/06/01) en nome do Presidente de dita Comisión Xestora, ratificándose nos escritos citados anteriormente e comunicando oficialmente a expulsión definitiva de D. Manuel Parajó Liñares e o nomeamento como novo portavoz de D. Manuel Tallón Mesías, así como no escrito nº 929 no que se comunicaba a nova composición das Comisións Informativas no que concerne ós membros do Grupo Municipal Socialista, EXPÓN= Que conforme ó artigo 24 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, os grupos políticos municipais constitúense mediante escrito dirixido ó Presidente e suscrito por tódolos seus integrantes, no que se designará portavoz e, no seu caso, suplentes, ten que entenderse que para a modificación da súa composición por renuncias, adhesións, expulsións ou outras causas, ten que segui-lo mesmo procedemento que para a súa constitución. Ten que entenderse, por tanto, para o caso que se plantexou dentro do Grupo Municipal Socialista de expulsión e modificación da súa composición, as decisións neste senso deben ser tomadas polo propio Grupo Municipal Socialista e que, por conseguinte, non é a asociación política (partido, coalición ou agrupación de electores) baixo as siglas da cal sairon elixidos, a competente para estas actuacións, senón o propio grupo municipal, pois non cabe olvidar que son os representantes do pobo, neste caso, os concelleiros , e non as formacións políticas ou electores nas filas das cales foron elixidos, os exclusivos titulares do cargo sen que no exercicio do seus dereitos estén sometidos a mandato imperativo algún e, polo tanto, tampouco ás decisións dos partidos políticos que os presentaron. Neste senso, as decisións que poidan adoptar estes en nada deben incidir na organización do concello.= En virtude do exposto, esta concelleira SOLICITA= Que polo concello se advirta ó órgano remitente de ditos escritos da vulneración da legalidade vixente ó respecto e non proceda a efectuar ningunha modificación dentro da nova situación do Grupo Municipal Socialista ata que os seus membros comuniquen por escrito firmado a nova reordenación do Grupo así como a súa Portavocía."-----

O Sr. Alcalde di que traerá un informe xurídico ó próximo pleno para clarear esta situación. O Sr. Tallón pídelle que non poña trabas, que el é o portavoz suplente.-----

De seguido pásase a coñecemento e resolución dos asuntos incluídos na seguinte -

ORDE DO DÍA:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- O Sr. Presidente inquire se algún dos Sres. edís presentes desexa formular observacións ó borrador da acta da sesión que tivo lugar o día 31 de maio de 2.001, que foi distribuída coa convocatoria da actual.---

O pleno do concello, por unanimidade dos catorce asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda aproba-lo borrador da acta do día 31-05-01 tal e como foi redactada, e que se rexistre no libro correspondente.-----

2.- EXPEDIENTES DE ACTIVIDADES MOLESTAS .-----

a) Examinado o expediente promovido por "REPSOL BUTANO S.A." en virtude de instancia nº 313 de data 16-02-01 solicitando licenza municipal para a instalación, apertura e funcionamento dun depósito de G.L.P. de 10.000 litros (aéreo), actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado por Decreto 2414/1961, de 30 de novembro.-----

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite por Decreto da Alcaldía de data 16-02-2001.----

RESULTANDO: Que se cumpriron os trámites de información pública e notificación persoal ós veciños inmediatos e se incorporaron os informes do Xefe Local de Sanidade e dos técnicos congruentes coa natureza da actividade.-----

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garanti-la tranquilidade, salubridade e seguridade cidadás e a súa adecuación ó medio ambiente.-----

CONSIDERANDO: Que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona nas Normas de ordenación complementarias e subsidiarias do planeamento do concello, que non está en contradición co disposto en acordos e ordenanzas municipais sobre a materia, que se respectan as distancias previstas e que non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.---

CONSIDERANDO que na zona, ou nas súas proximidades, non concorren outras actividades análogas xeradoras de efectos aditivos.---

Vistos o Decreto 2414/61, de 30 de novembro, e demais disposicións concordantes de aplicación.----

A Sra. Bugallo pregunta se esta obra non ten aberto un expediente. O Sr. Secretario respóndelle que nestes momentos non o sabe, pero o que si sabe é que hai pedido ó técnico municipal un informe sobre esta obra. A Sra. Bugallo di que lles gustaría que estas cousas se atopasen recollidas, que se trata da colocación dun depósito de gas nun edificio que está en proceso informativo.--

A Corporación municipal, por dez votos a favor(dos Sres. Blanco Martínez, Castroagudín Valladares, Cajaraville Campos, Ouro Calvelo, Fernández Fernández, Aller Suárez, Mata Iglesias, Tallón Mesías, Parajó Liñares e Hombre Eiras), e catro abstencións(dos Sres. Noriega Sánchez e Filloy Villar e das Sras. Bugallo Rodríguez e Amieiro Rodríguez), acorda:-----

1º.- Informar FAVORABLEMENTE a concesión de licencia municipal instada por REPSOL BUTANO S.A. para a instalación dun depósito de G.L.P. DE 10.000 l.(aéreo) para servizo a edificio de vivendas no lugar de Ribeira, parroquia de Cacheiras deste concello, porque no expediente se cumpriron tódalas prescricións legais.-

2º.- Dar traslado do expediente completo á Comisión Provincial de Medio Ambiente, para os efectos previstos no 33 do referido Regulamento.-----

b) Examinado o expediente promovido por "REPSOL BUTANO S.A." en virtude de instancia nº 271 de data 12-02-01 solicitando licencia municipal para a instalación, apertura e funcionamento dun depósito de G.L.P. de 2.450 litros(aéreo), actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado por Decreto 2414/1961, de 30 de novembro.-----

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite por Decreto da Alcaldía de data 12-02-2001.----

RESULTANDO: Que se cumpriron os trámites de información pública e notificación persoal ós veciños inmediatos e se incorporaron os informes do Xefe Local de Sanidade e dos técnicos congruentes coa natureza da actividade.-----

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garanti-la tranquilidade, salubridade e seguridade cidadás e a súa adecuación ó medio ambiente.-----

CONSIDERANDO: Que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona nas Normas de ordenación complementarias e subsidiarias do planeamento do concello, que non está en contradición co disposto en acordos e ordenanzas municipais sobre a materia, que se respectan as distancias previstas e que non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.---

CONSIDERANDO que na zona, ou nas súas proximidades, non concorren outras actividades análogas xeradoras de efectos aditivos.---

Vistos o Decreto 2414/61, de 30 de novembro, e demais disposicións concordantes de aplicación.----

A Corporación municipal, por trece votos a favor(dos Sres. Blanco Martínez, Castroagudín Valladares, Cajaraville Campos, Ouro Calvelo, Fernández Fernández, Aller Suárez, Mata Iglesias, Tallón Mesías, Parajó Liñares e Hombre Eiras, e das Sras. Bugallo Rodríguez e Amieiro Rodríguez), e unha abstención(do Sr. Filloy Villar), acorda:----

1º.- Informar FAVORABLEMENTE a concesión de licencia municipal instada por REPSOL BUTANO S.A. para a instalación dun depósito de G.L.P. DE 2.450 l.(aéreo) para suministro a unha vivenda unifamiliar propiedade de D. Miguel Ángel Oliveira Fernández, no lugar de Fornelos, parroquia de Raris deste concello, porque no expediente se cumpriron tódalas prescricións legais.----

2º.- Dar traslado do expediente completo á Comisión Provincial de Medio Ambiente, para os efectos previstos no 33 do referido Regulamento.-----

c) Examinado o expediente promovido por D^a CATARINA VÁZQUEZ PÉREZ Y OTROS C.B. en virtude de instancia nº 115 de data 22-01-01 solicitando licencia municipal para a instalación, apertura e funcionamento dunha residencia para a terceira idade, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado por Decreto 2414/1961, de 30 de novembro.--

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite por Decreto da Alcaldía de data 22-01-2001.----

RESULTANDO: Que se cumpriron os trámites de información pública e notificación persoal ós veciños inmediatos e se incorporaron os informes do Xefe Local de Sanidade e dos técnicos congruentes coa natureza da actividade.-----

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garanti-la tranquilidade, salubridade e seguridade cidadás e a súa adecuación ó medio ambiente.-----

CONSIDERANDO: Que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona nas Normas de ordenación complementarias e subsidiarias do planeamento do concello, que non está en contradición co disposto en acordos e ordenanzas municipais sobre a materia, que se respectan as distancias previstas e que non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.---

CONSIDERANDO que na zona, ou nas súas proximidades, non concorren outras actividades análogas xeradoras de efectos aditivos.---

Vistos o Decreto 2414/61, de 30 de novembro, e demais disposicións concordantes de aplicación.----

O Sr. Tallón pregunta que acordou a comisión, e o Sr. Secretario respóndelle que houbo catro votos a favor, e que tres concelleiros quedaron en posicionarse en pleno.---

A Sra. Bugallo di que alí o chan está calificado como non urbanizable de uso común, e pregunta se este tipo de solo permite esta clase de construción. O Sr. Secretario manifesta que a construción está en NTG1 , e que o informe do técnico municipal di que non se observaron anomalías no expediente. A Sra. Bugallo di que dadas as recentes circunstancias, o BNG poñerá moitas veces en dúbida a partires de agora os informes do técnico, e referíndose as Normas Subsidiarias de Planeamento de Teo, na ordenanza NU, le o que se copia literalmente : " Nos casos

nidamente xustificables poderán autorizarse industrias que polas súas condicións de dimensión, carácter, molestia, insalubridade e/ou perigosidade resulten incompatibles co medio urbano ou coa súa proximidade, sempre que se cumplan tódalas medidas garantas do respecto ó medio, que reúnan as condicións de utilidade pública". Di que despois virá o famoso expediente de utilidade pública. Manifesta que, ó igual que en anteriores casos, se usará unha trampa e que se volverá de novo ó mesmo tipo de artimañas. Di que quere recordar que para as naves que fixeron concelleiros que están nesta sala se usou este sistema.---

O Sr. Alcalde manifesta que se dará traslado do expediente á Consellería, e a Sra. Bugallo dille que as cousas se derivan, e que así se fan logo. Pregunta se veu denegada algunha utilidade pública, e o Sr. Secretario respóndelle que viñeron dúas. A Sra. Bugallo recórdalle ó Sr. Alcalde que a súa función é que se cumpla a legalidade desde o principio, e pídelle que non presenten a pleno temas esquivos á legalidade.-----

O Sr. Filloy di que non coñece o expediente e que unha vez máis se lle dá á Consellería para que decida por nós. Di que a Consellería suspendeu as Normas Subsidiarias de Planeamento do concello, e que hai que empezar a ser responsables aquí.-----

A Corporación municipal, por dez votos a favor (dos Sres. Blanco Martínez, Castroagudín Valladares, Cajaraville Campos, Ouro Calvelo, Fernández Fernández, Aller Suárez, Mata Iglesias, Tallón Mesías, Parajó Liñares e Hombre Eiras), e catro en contra (dos Sres. Noriega Sánchez e Filloy Villar e das Sras. Bugallo Rodríguez e Amieiro Rodríguez), acorda:-----

1º.- Informar FAVORABLEMENTE a concesión de licencia municipal instada por D^a CATARINA VÁZQUEZ PÉREZ Y OTROS C.B. para a instalación dunha residencia da terceira idade no lugar de Mouromorto, parroquia de Calo deste concello, porque no expediente se cumpriron tódalas prescricións legais.--

2º.- Dar traslado do expediente completo á Comisión Provincial de Medio Ambiente, para os efectos previstos no 33 do referido Regulamento.-----

d) Examinado o expediente promovido por "MONTESIAGO S.L." en virtude de instancia nº 1.801 de data 22-09-00 solicitando licencia municipal para a instalación, apertura e funcionamento dunha residencia da terceira idade, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado por Decreto 2414/1961, de 30 de novembro.-

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite por Decreto da Alcaldía de data 22-09-00.-----

RESULTANDO: Que se cumpriron os trámites de información pública e notificación persoal ós veciños inmediatos e se incorporaron os informes do Xefe Local de Sanidade e dos técnicos congruentes coa natureza da actividade.-----

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garanti-la tranquilidade, salubridade e seguridade cidadás e a súa adecuación ó medio ambiente.-----

CONSIDERANDO: Que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona nas Normas de ordenación complementarias e subsidiarias do planeamento do concello, que non está en contradicción co disposto en acordos e ordenanzas municipais sobre a materia, que se respectan as distancias previstas e que non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.---

CONSIDERANDO que na zona, ou nas súas proximidades, non concorren outras actividades análogas xeradoras de efectos aditivos.---

Vistos o Decreto 2414/61, de 30 de novembro, e demais disposicións concordantes de aplicación.----

O Sr. Tallón Mesías di que tampouco estivo nesta comisión e quere saber que se acordou nela. O Sr. Secretario respóndelle que quedaron en posicionarse no pleno. O Sr. Tallón pregúntalle se ese edificio non é o que ven no informe da Consellería, e este respóndelle que non o sabe.-----

A Sra. Bugallo di que quere pedir un pouco de responsabilidade, que no expediente de estudio de detalle se fala de vivendas, e di que en solo URTA están paralizadas. Manifesta que se quere facer un cambio de uso, e que non saben se se pode facer. Di que hai que ser serios e que se debe preguntar primeiro se se pode facer, e logo tomar unha decisión, que se está actuando sobre unha zona que está cunha paralización da Consellería. Pregunta quen vai da-la licencia, e o Sr. Secretario di que primeiro se da a licencia provisional de apertura de establecemento e logo a licencia de obras, pero que neste momento do único do que se está falando é de expedientes de actividades molestas. A Sra. Bugallo di que hai que face-las cousas ben desde o principio

O Sr. Filloy manifesta que unha residencia da terceira idade ten unhas necesidades constructivas diferentes ás das vivendas, e que haberá que facer reformas.-----

A Corporación municipal, por nove votos a favor (dos Sres. Blanco Martínez, Castroagudín Valladares, Cajaraville Campos, Ouro Calvelo, Fernández Fernández, Aller Suárez, Mata Iglesias, Parajó Liñares e Hombre Eiras), e cinco en contra(dos Sres. Noriega Sánchez, Filloy Villar e Tallón Mesías e das Sras. Bugallo Rodríguez e Amieiro Rodríguez), acorda:-----

1º.- Informar FAVORABLEMENTE a concesión de licencia municipal instada por "MONTESIAGO S.L." para a instalación dunha residencia da terceira idade no lugar de Cacheiras, parroquia de Cacheiras deste concello, porque no expediente se cumpriron tódalas prescricións legais.----

2º.- Dar traslado do expediente completo á Comisión Provincial de Medio Ambiente, para os efectos previstos no 33 do referido Regulamento.-----

e) Examinado o expediente promovido por "PROMOCIONES CATICOBAS, S.L." en virtude de instancia nº 829 de data 15-05-00 solicitando licencia municipal para a instalación, apertura e funcionamento dun depósito de G.L.P. de 4.880 litros(aéreo), actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado por Decreto 2414/1961, de 30 de novembro.-----

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite por Decreto da Alcaldía de data 15-05-00.-----

RESULTANDO: Que se cumpriron os trámites de información pública e notificación persoal ós veciños inmediatos e se incorporaron os informes do Xefe Local de Sanidade e dos técnicos congruentes coa natureza da actividade.-----

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garanti-la tranquilidade, salubridade e seguridade cidadás e a súa adecuación ó medio ambiente.-----

CONSIDERANDO: Que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona nas Normas de ordenación complementarias e subsidiarias do planeamento do concello, que non está en contradición co disposto en acordos e ordenanzas municipais sobre a materia, que se respectan as distancias previstas e que non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.---

CONSIDERANDO que na zona, ou nas súas proximidades, non concorren outras actividades análogas xeradoras de efectos aditivos.---

Vistos o Decreto 2414/61, de 30 de novembro, e demais disposicións concordantes de aplicación.----

O Sr. Secretario di que se presentou unha alegación por parte do Sr. Valdés pero fóra de prazo, pero que ten que ser unida ó expediente e enviada á Consellería.--

O Sr. Parajó di que xa preguntou na Comisión se esas alegacións poderían repercutir no expediente que se tramitaba aquí. O Sr. Secretario respóndelle que por parte do concello non, porque foron presentadas fóra de prazo, pero que se deben remitir á Consellería para que eles as teñan en conta.-----

A Sra. Bugallo di que hai que comprobar se o que di nesa alegación é real ou non, e se hai regulamentación sobre a colocación de gas perto de gasoleiras ou non.

A Corporación municipal, por nove votos a favor (dos Sres. Blanco Martínez, Castroagudín Valladares, Cajaraville Campos, Ouro Calvelo, Fernández Fernández, Aller Suárez, Mata Iglesias, Parajó Liñares e Hombre Eiras), un en contra (do Sr. Filloy Villar) e catro abstencións (dos Sres. Noriega Sánchez e Tallón Mesías e das Sras. Bugallo Rodríguez e Amieiro Rodríguez), acorda:---

1º.- Informar FAVORABLEMENTE a concesión de licenza municipal instada por "PROMOCIONES CATICOBAS, S.L." para a instalación dun depósito de G.L.P. de 4.880 litros(aéreo) no lugar de Cacheiras, parroquia de Cacheiras deste concello, porque no expediente se cumpriron tódalas prescricións legais.-----

2º.- Dar traslado do expediente completo á Comisión Provincial de Medio Ambiente, para os efectos previstos no 33 do referido Regulamento.-----

3.-MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS.- O pleno do concello, por unanimidade dos catorce asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda aproba-la moción sobre a Mancomunidade de Municipios á que dá lectura o Sr. Secretario, e que copiada literalmente, di o que segue: " Moción que formula o Alcalde-Presidente relativa ó proxecto de constitución da Mancomunidade de municipios da Comarca de Santiago e da necesidade de inicia-los trámites procedimentais para a súa formalización, segundo o disposto nos artigos 131 e seguintes da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, proponse ó pleno a adopción do seguinte acordo:-----

1º .- Aproba-la iniciativa para a constitución da mancomunidade de municipios da comarca de Santiago, adheríndose á mesma como municipio asociado.--

2º.- Designar, como representante do concello para que forme parte da comisión xestora ó Sr. Alcalde, D. Armando Blanco Martínez, e suplente ó 1º Tenente de Alcalde , D. Antonio Castroagudín Valladares.-----

3º.- Facultar ó Sr. Alcalde, e no seu caso, ó 1º Tenente de Alcalde, para continua-los demais trámites."-----

O Sr. Parajó manifestase dacordo co tema e di que a ver se se consegue algo.-----

O Sr. Noriega di que o BNG tamén está de acordo, e que, aínda que a súa confianza no Sr. Alcalde está baixo mínimos, o tema da mancomunidade ben merece que o apoien.----

4.- CONTA XERAL 99.- O Sr. Alcalde manifesta que, segundo consta na convocatoria, debe procederse ó exame e aprobación, de se-lo caso, da Conta Xeral do presuposto ordinario deste concello, correspondente ó exercicio económico de 1999. Para estes efectos están sobre a mesa tódolos xustificantes e documentos esixidos polas disposicións legais vixentes.-----

Dada lectura ós resultados da Conta que se somete a debate e ó informe da Comisión Especial de Contas, o Sr. Secretario fai constar que se cumpriron os trámites de exposición pública, informes regulamentarios e demais requisitos esixidos pola Lei.

O Sr. Presidente invita ós Sres. concelleiros a que formulen as obxeccións ou reparos que estimen convenientes e que soliciten, se o consideran preciso, os documentos que crean necesarios dos que contén a Conta presentada.--

O Sr. Secretario di que o expediente estivo en exposición pública e non se presentaron alegacións. Manifesta que o tema foi levado a Comisión, e que o PP e o Grupo Mixto estiveron dacordo, o PSdeG-PSOE non presentou alegacións e o BNG, a través da súa concelleira D^a Soedade Amieiro, presentou as que se transcriben a continuación, para que consten no informe da comisión:" D^a Soedade Amieiro Rodríguez, membro da Comisión Especial de Contas polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Teo, comunícalle as alegacións feitas na sesión celebrada pola antedita Comisión o día 11-06-01 ás 20:15h., para a súa constancia no informe a elaborar por esta en relación coa Conta Xeral de 1.999 antes da presentación ó Pleno do Concello: 1º.- Hai un incumprimento de case un ano na presentación da Conta Xeral de 1.999, sen explicacións.= 2º.- Esta liquidación provén duns orzamentos que foron aprobados polo Pleno do Concello en data 3-11-99, é dicir cun ano de retraso e cando o exercicio estaba practicamente decidido en canto a ingresos e gastos, co cal a previsión que se fixo nestes orzamentos en canto a gastos foi dirixida a xustificar-los mesmos(O.R.N. 882.189.655) que cos orzamentos prorrogados do ano 1998 superarían o previsto en 42.189.655.= 3º.- En canto á liquidación de ingresos é destacable a diferenza, ou máis ben desfase, entre o previsto e o recadado, sobre todo nos capítulos 1, 2, 4 e 7 non se comprende agás que se sospeite que non foron elaborados polo Concello, senón por alguén alleo que non tiña nin idea (aínda que era case final do exercicio), ou un bon efecto de maquillaxe. Porque, como se ia prever recadar menos impostos directos ou indirectos que no ano 1998, se houbo un incremento no importe dos mesmos, ou menos aportacións do estado e da Comunidade Autónoma.=4º.- En data 27-7-99 foron vendidas catro fincas en San Sadurniño por 94.771.027 pesetas e compradas sete fincas por 39.849.750 pesetas. A venda figuraba prevista no ano 1.998, co cal non se entende que nos orzamentos de 1999, cando xa se venderan superando a previsión do 98, se estableza unha diferente de 100.001.000 pesetas e como recadación a diferenza da venda e a compra 54.921.277. A compra das sete fincas non se preveu no orzamento.=5º.- Hai unha falta de transparencia en canto ó acceso á información de datos e da legalidade ou a calada por resposta nesta Conta Xeral de 1999, igual que pasou coa do ano anterior 1998, porque aínda que se preveu no Capítulo I a contratación dun Secretario e dun Interventor, fíxose "economía" e a día de hoxe séguese a facer."

O Sr. Noriega manifesta que, como tantas outras veces, se ven a aprobar unha conta que tería que estar aprobada fai un ano. Di que esta liquidación provén duns orzamentos que se aprobaron a finais do ano 99, que o que se tratou foi de xustificar gastos, e que observaron que eses presupostos presentan operacións de maquillaxe evidentes. Di que non se entende que se pretendan recadar menos impostos que no ano anterior, cando se sabía que ían entrar máis. Di que estas cousas as espuxo a Sra. Amieiro no seu informe, e que este pleno decidiu facer unha auditoría a estas contas poque había falla de confianza nelas, e manifesta que non entende por que o Sr. Alcalde quere torpedear estas auditorías. Pregúntalle ó Sr. Alcalde se é verdade que esta corporación aprobou por maioría a realización dunha auditoría. O Sr. Alcalde respóndelle que neste momento non o sabe. O Sr. Noriega repítelle a pregunta ó Sr. Secretario e este di que si, e que a auditoría comprendía ó ano 1999. O Sr. Noriega dille ó Sr. Alcalde que se a maioría da corporación tiña dúbidas, non entende por que trae a Conta Xeral de 1999 ó pleno. Di que o BNG non vai apoiar isto por causa de sentido común.

O Sr. Tallón manifesta que o tema das auditorías foi presentado a iniciativa do PSdeG-PSOE, e di que sempre se deron excusas. Manifesta que houbo un retraso na presentación das Contas e dos Orzamentos, e que vai votar que non.-

A Sra. Amieiro Rodríguez manifesta que se quere aprobar a Conta do 99, e que se houbo máis ingresos dos previstos supón que eses ingresos eran normais, sobre todo no capítulo 7. Di que no capítulo 1 estaba a Escola Obradoiro. Di que cando se aprobaron os créditos, que eran de algo máis de cento corenta e catro millóns, xa se levaba máis gastado, e que se necesitaban uns orzamentos que maquillasen todo isto. Manifesta que a venda de fincas que se levou a efecto en

xullo de 1999 superaba en catro millón a previsión de 1998. Di que se mercaron sete fincas que non se prevían nin no 98 nin no 99, xa que se fixo a fin de ano. Manifesta que se fixo unha previsión de 100.001.000 pesetas, e que os cartos de San Sadurniño se pasaron a operacións non presupostadas. Di que os ingresos destas fincas non figuran nos estadillos, e que se sacan por unha diferenza, pola diferenza entre a compra e a venda. Pregunta por que non se preveu esto nos orzamentos, xa que sete fincas non se mercan dun día para outro. O Sr. Alcalde dille que non ten datos agora, que estas compras se fan para ben dos veciños, e que aínda haberá que comprar máis. A Sra. Amieiro di que tamén está o tema da contratación dun Secretario -Interventor, que non se fixo. Di que tamén debería haber un técnico que explicase estas cuestións, porque para atopar estas fincas houbo que ir mirar ó ordenador, xa que non aparece en ningunha planilla.-----

Debatido suficientemente o asunto procedeuse á votación, resultando, por nove votos a favor (dos Sres. Blanco Martínez, Cajaraville Campos, Castroagudín Valladares, Ouro Calvelo, Fernández Fernández, Aller Suárez, Mata Iglesias, Parajó Liñares e Hombre Eiras) e cinco en contra (dos Sres. Noriega Sánchez, Tallón Mesías e Filloy Villar, e das Sras. Amieiro Rodríguez e Bugallo Rodríguez), sendo o número legal o de dezasete e de asistentes o de catorce, aprobada a antedita Conta Xeral, o resume da cal é o seguinte:----

Existencia en 31-12-98.....	47.803.240 pts.
Ingresos líquidos realizados no exercicio.....	1.028.977.244 pts.
Obrigas satisfeitas durante o mesmo.....	899.190.154 pts.
DIFERENCIA OU EXISTENCIA EN CAIXA	177.590.330 pts.
Cantidades pendentes de ingreso.....	25.858.527 pts.
Cantidades pendentes de pago.....	88.910.874 pts.

No mesmo acto, e tamén polos mesmos nove votos a favor e cinco votos en contra, o pleno acorda facultar ó Sr. Alcalde-Presidente do concello para continua-los demais trámites do expediente.----

5.- PROGRAMA EQUAL.- O pleno do concello, por unanimidade dos catorce asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda aproba-la seguinte moción sobre o "Programa EQUAL", á que dá lectura o Sr. Secretario, e que copiada literalmente, di o que segue:" Con data 22 de marzo pasado (B.O.E. 17-04-01), o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais ven de convoca-las axudas do Fondo Social Europeo correspondentes á iniciativa comunitaria EQUAL en España. A devandita iniciativa enmárcase dentro da Estratexia Europea polo Emprego do Tratado de Amsterdam, así como dentro da estratexia integrada a escala comunitaria de loita contra a discriminación e a exclusión social, establecéndose un prazo de presentación de solicitudes de dous meses a partir da data de publicación da convocatoria.= Nesta perspectiva, os Concellos da Comarca de Compostela, veñen desenvolvendo desde fai tempo un traballo conxunto de cara a solicita-las axudas da referida iniciativa comunitaria, tratando de abordar de xeito coordinado a problemática que, nos distintos concellos, se establece, derivada da discriminación e a desigualdade sufridos polas persoas que tratan de acceder ó mercado de traballo e por aqueles que xa forman parte del.= Resultado deste proceso de colaboración e cooperación entre os Concellos da Comarca, é a elaboración dun proxecto, do cal os seus obxectivos, eixes de actuación, características técnicas e organizativas e orzamento, achéganse á presente moción, polo que, o Alcalde subscribe, diante do pleno do concello esta moción en base a adopta-los seguintes acordos:

1º.- Aprobala participación do concello de Teo, xunto cos outros concellos da Comarca de Compostela, no Programa Nacional de Iniciativa Comunitaria EQUAL, segundo a convocatoria do BOE do 17-04-2001 de acordo co proxecto nomeado "Compostela Social", que se acompaña, e un orzamento total de 500 millóns de pesetas(3 millóns de euros), adquirindo compromiso de participación na cofinanciación do mesmo na cantidade de 7.250.000 pesetas para un periodo de 30 meses, no caso da súa aprobación pola Unidade Administrativa do Fondo Social Europeo.-----

2º.- Aprobala constitución , mediante a subscripción do correspondente Convenio, da Agrupación de Desenvolvemento Compostela Social, composto polas entidades participantes no Proxecto para a xestión e execución do mesmo.

3º.- Delegar no concello de Santiago de Compostela a porta en marcha e tramitación da solicitude de proxecto, así como a súa xestión económico-financiera, actuando como interlocutor diante da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo, de acordo cos requerimentos da mesma.-----

4º.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente deste concello para que no seu nome e representación proceda ó asinamento de cantos documentos sexan necesarios para a execución destes acordos".-----

O Sr. Hombre di que este é un tema interesante, que xa o dixo na comisión. Di que se reitera no dito na comisión, e cre que debería aprobarse este tema por unanimidade.-----

O Sr. Tallón di que ve ben o tema polo seu interese social.-----

O Sr. Noriega di que van apoiar este tema porque redunda no beneficio de todos. Di que esta solicitude nace polo traballo duro de moita xente, incluídos traballadores deste concello, e que outra cousa será o que se faga despois cos cartos.---

Non habendo máis asuntos de que tratar rematou a sesión sendo as once horas e dez minutos, estendéndose a presente acta, que asina o Sr. Alcalde comigo, o Secretario acctal. que certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO ACCTAL.,

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DÍA 28 DE XUÑO DE 2001.-----

SEÑORES ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Armando U. Blanco Martínez.

Concelleiros:

D. Antonio Castroagudín Valladares

D. Manuel R. Cajaraville Campos

D. Urbano Ouro Calvelo

D. Manuel Mata Iglesias

D. Juan B. Aller Suárez

D. José Manuel Neira Picallo

D. Manuel A. Filloy Villar

D. Ramón Fernández Fernández

D^a Ánxela Bugallo Rodríguez

D^a M^a Soedade Amieiro Rodríguez

D^a M^a Angélica Blanco Fernández

D. Miguel A. Hombre Eiras

D. F. Manuel Parajó Liñares

Secretario:

D. Jesús Naveira Vázquez.

Na casa do concello de Teo, a vinteito de xuño de dous mil un.--

Sendo as vinte horas, e baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Armando U. Blanco Martínez, reuniuse en primeira convocatoria o pleno do concello, con asistencia de catorce dos dezasete membros que o compoñen e que se citan na marxe, a fin de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.-----

Escusaron a súa asistencia os concelleiros D. Mario Fandiño Pazos, D. Martiño Noriega Sánchez e D. Manuel Tallón Mesías.-----

Asiste o Secretario acctal. da Corporación, D. Jesús Naveira Vázquez.-----

Pola presidencia declárase sesión pública, e antes de entrar na orde do día, o Sr. Alcalde dá conta das paralizacións ordeadas desde o último pleno ordinario, que foron as seguintes:-----

- O 14/06/01, paralización do cerre e instalación de portal de D. Enrique Carretero Refojo en Ameneiro-Calo, por carecer de licencia.--

- O 19/06/01, paralización de canalización de gas a "Gas Galicia S.A.", por carecer de licencia.-----

O Sr. Alcalde dá conta da nova composición das Comisións Informativas, e pide ó PSdeG-PSOE e ó BNG que designen titulares e suplentes, quedando as comisións como seguen:-

COMISIÓN	TITULARES	SUPLENTES
Urbanismo e Obras	D. Antonio Castroagudín Valladares D. Ramón Fernández Fernández D. Urbano Ouro Calvelo D. Juan Bautista Aller Suárez D. Manuel Tallón Mesías D ^a . Ánxela Bugallo Rodríguez D. F. Manuel Parajó Liñares	D. Manuel Cajaraville Campos D ^a Angélica Blanco Fernández D ^a M ^a Soedade Amieiro Rodríguez D. Miguel A. Hombre Eiras
Servicios	D. Ramón Fernández Fernández D. Manuel Cajaraville Campos D. Urbano Ouro Calvelo D. Juan Bautista Aller Suárez D. Miguel A. Hombre Eiras	D. Antonio Castroagudín Valladares D. F. Manuel Parajó Liñares

<p>Xuventude e deportes</p>	<p>D. Urbano Ouro Calvelo D. Manuel Cajaraville Campos D. Juan B. Aller Suárez D. Antonio Castroagudín Valladares D. Manuel Tallón Mesías D. Martiño Noriega Sánchez D. Miguel A. Hombre Eiras</p>	<p>D. Ramón Fernández Fernández D^a Angélica Blanco Fernández D^a Ánxela Bugallo Rodríguez D. F. Manuel Parajó Liñares</p>
<p>Asuntos Sociais e Sanidade</p>	<p>D. Juan B. Aller Suárez D. Urbano Ouro Calvelo D. Antonio Castroagudín Valladares D. Manuel Cajaraville Campos D. Manuel Tallón Mesías D^a M^a Soedade Amieiro Rodríguez D. Miguel A. Hombre Eiras</p>	<p>D. Ramón Fernández Fernández D^a Angélica Blanco Fernández D. Martiño Noriega Sánchez D. F. Manuel Parajó Liñares</p>
<p>Agricultura</p>	<p>D. Antonio Castroagudín Valladares D. Juan B. Aller Suárez D. Manuel Cajaraville Campos D. Urbano Ouro Calvelo D^a M^a Angélica Blanco Fernández D^a Ánxela Bugallo Rodríguez D. F. Manuel Parajó Liñares</p>	<p>D. Ramón Fernández Fernández D. Manuel Tallón Mesías D. Martiño Noriega Sánchez D. Miguel A. Hombre Eiras</p>
<p>Réxime Interno e Persoal</p>	<p>D. Manuel Cajaraville Campos D. Antonio Castroagudín Valladares D. Urbano Ouro Calvelo D. Juan B. Aller Suárez D^a M^a Angélica Blanco Fernández D. Martiño Noriega Sánchez D. F. Manuel Parajó Liñares</p>	<p>D. Ramón Fernández Fernández D. Manuel Tallón Mesías D^a M^a Soedade Amieiro Rodríguez D. Miguel A. Hombre Eiras</p>
<p>Facenda</p>	<p>D. Manuel Cajaraville Campos D. Antonio Castroagudín Valladares D. Juan B. Aller Suárez D. Urbano Ouro Calvelo D^a M^a Angélica Blanco Fernández D^a Ánxela Bugallo Rodríguez D. Miguel Angel Hombre Eiras</p>	<p>D. Ramón Fernández Fernández D. Manuel Tallón Mesías D. Martiño Noriega Sánchez D. F. Manuel Parajó Liñares</p>

Especial de Contas	D. Juan B. Aller Suárez D. Antonio Castroagudín Valladares D. Manuel Cajaraville Campos D. Urbano Ouro Calvelo D. Manuel Tallón Mesías D ^a M ^a Soedade Amieiro Rodríguez D. F. Manuel Parajó Liñares	D. Ramón Fernández Fernández D ^a Angélica Blanco Fernández D ^a Ánxela Bugallo Rodríguez D. Miguel A. Hombre Eiras
---------------------------	---	--

O Sr. Alcalde dá conta dun escrito presentado polo arquitecto técnico municipal, e que copiado literalmente, di o que segue: "Enrique Eijo Blanco, arquitecto técnico do Concello de Teo, comparece e respetuosamente solicita se dé lectura no próximo pleno do seguinte escrito:----

1º.-Desde a aprobación definitiva das normas subsidiarias municipais no ano 1996, veuse producindo un aumento progresivo e desproporcionado de solicitudes de licenzas para construción de vivendas, tendo especial incidencia a tendencia ó cambio de vivenda unifamiliar por vivenda colectiva.= O incremento indicado provocou paralelamente unha desproporcionada información urbanística e conseguinte aumento das tarefas propias do técnico municipal .Para dar unha idea basta sinalar un aumento aproximado de licenzas de vivenda concedidas dende o ano 1996 ó ano 2.000 de máis do 800%.-----

2º.- Ante a situación xerada con motivo do exposto, o técnico que suscribe carece de tempo material e de persoal necesario que lle permita despacha-lo traballo diario dentro dos prazos legalmente establecidos, circunstancia que foi posta en coñecemento da corporación en múltiples ocasións, sen que ata a data se adoptasen medidas para solventa-lo problema.=Unha vez máis, comunícase que para poder cumpra-las tarefas ordinarias do técnico que suscribe, cando menos sería necesario un incremento adecuado de persoal tanto para reforzo do técnico municipal como para a creación necesaria, urxente e imprescindible dun departamento de control de obras e disciplina urbanística, incluíndo a dotación de persoal para a plaza de vixiante de obras, actualmente vacante.--

3º.- Ante as numerosas e reiteradas manifestacións vertidas por varios membros desta corporación de Teo, tanto nas sesións colexiadas como a nivel de prensa, todas elas carentes do máis mínimo rigor técnico, que están producindo un desprestixio público do funcionario que suscribe, véxome na obriga de puntualiza-lo seguinte:=a) Tódolos informes técnicos firmados polo que aquí suscribe, arquitecto técnico do Concello de Teo, foron elaborados co debido rigor técnico, sen existir ata o momento ningunha controversia técnica xustificada, e unicamente se producen as citadas manifestacións políticas vertidas de forma malintencionada.=b) O artigo 141.1 TRRL(R.D.L 781/86 de 18 de abril) establece que as Corporacións Locais dispensarán ós seus funcionarios a protección que require o exercicio dos seus cargos, e lles otorgarán os tratamentos e consideracións sociais debidos ó seu rango e á dignidade da función pública.=Ó mesmo tempo, o artigo 63 da Lei de funcionarios do Estado, de 7 de febreiro do 1994(na redacción dada pola Lei 3/98, de 3 de marzo), considerado como básico do réximen estatutario dos funcionarios públicos, sinala " Asimesmo, os funcionarios terán o dereito ó respecto da súa intimidade e a consideración debida á súa dignidade..."= E o vixente Código Penal tipifica o delito de inxuria nos artigos 208 e seguintes, considerando inxuria á acción ou expresión que lesiona a dignidade doutra persoa, menoscabando a súa fama ou atentando contra a súa propia estimación, determinando as penas e facendo responsables solidarios á persoa física ou xurídica propietaria do medio informativo a través da cal se propagara a inxuria.=Por todo isto, interesase dos membros corporativos que veñen facendo manifestacións falsas en contra deste

funcionario, que se absteñan no sucesivo de propaga-las mesmas, en tanto non se acrediten fehacemente os feitos que pretendan imputarlle. Caso contrario, este funcionario verase na obriga de exercer-la defensa dos seus dereitos e intereses tanto a nivel administrativo como, no seu caso, ante as instancias xudiciais."--

A Sra. Bugallo pide a palabra por alusións e manifesta que lamenta ver que se fale dos mesmos grupos que presentaron fai ano e medio a única proposta de contratación dun arquitecto superior, para que o técnico tivera a posibilidade de realizar todas esas tarefas que di agora que se ve imposibilitado a facer con todo o traballo que hai no seu departamento. Di que estes grupos que el agora tanto denigra no seu documento son os que defenderon o aumento de persoal nese departamento, e que o grupo de goberno votou en contra. Manifesta que quere deixar patente a súa indignación, xa que tódolos feitos acaecidos poñen en tela de xuízo a forma de funcionar do arquitecto técnico municipal, non só por parte de membros desta corporación, senón tamén do propio expediente da consellería, á que di que supón que o técnico municipal acusará de inxurias a partir d'agora. Manifesta que todo o que ten que dici-lo técnico municipal ante todo o que está pasando é que o deixen de inxuriar e de entrar na súa intimidade, cousa que di que en ningún momento se fixo, xa que tódalas acusacións que se están facendo son de carácter profesional, e que di que ata agora non vimos que presentara nada para defenderse deso, e que só di que se deixe de inxuriar. Manifesta que quere mostra-la súa indignación, porque o BNG foi o único grupo que pediu a contratación de máis persoal para ese departamento, e porque di que o técnico debería demostrar que esas acusacións non son certas, e non debería redactar este tipo de papeis. Pídelle ó Sr. Alcalde que lle diga ó técnico que a profesionalidade tamén require a responsabilidade coas cousas que se fan.---

De seguido pásase a coñecemento e resolución dos asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- O Sr. Presidente inquire se algún dos Sres. edís presentes desexa formular observacións ó borrador da acta da sesión que tivo lugar o día 14 de xuño pasado, e que foi distribuído coa convocatoria da actual.---

O pleno do concello, por unanimidade dos catorce asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acuerda aproba-lo borrador tal e como foi redactado, e que se rexistre no libro correspondente.-----

O Sr. Alcalde pregunta se hai algunha moción de urxencia, e a Sra. Bugallo di que o grupo municipal do BNG ten tres. O Sr. Ouro di que o grupo de goberno tamén ten unha.

- MOCIÓN PRESENTADA CONXUNTAMENTE POLOS MEMBROS DA COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DA CANALIZACIÓN DO GAS DOS TILOS ABAIXO ASINANTES (Sres. Noriega Sánchez, Filloy Villar, Neira Picallo, Tallón Mesías) E A PORTAVOZ-SUPLENTE DO BNG (Sra. Bugallo Rodríguez), RECLAMANDO O CUMPRIMENTO DOS ACORDOS POR ELA ADOPTADOS SEN NINGÚN VOTO EN CONTRA.- A Sra. Bugallo dá conta da moción na que se reclama o cumprimento dos acordos adoptados pola comisión de seguimento da canalización do gas dos Tilos, á que dá lectura. Manifesta que a urxencia ven xustificada porque di que este punto xa debería estar incluído na orde do día porque xa aparece nos acordos da comisión que se iba recoller para abri-lo debate. Di que foi aprobado sen ningún voto en contra e que non entende por que non se incluíu.----

Sometida a votación a urxencia desta moción, acádanse cinco votos a favor (dos Sres. Neira Picallo e Filloy Villar e das Sras. Bugallo Rodríguez, Amieiro Rodríguez e Blanco Fernández) e nove en contra (dos Sres. Blanco Martínez, Castroagudín Valladares, Cajaraville Campos, Ouro Calvelo, Fernández Fernández, Aller Suárez, Mata Iglesias, Parajó Liñares e Hombre Eiras), polo que non se acepta a urxencia e non se inclúe na orde do día.

O Sr. Parajó solicita explicación de voto e di que vota que non porque a comisión non seguiu as directrices que lle marcara o pleno, que eran que antes de saca-las cousas á luz pública, ás hai que traelas ó pleno.-----

A Sra. Bugallo pide explicación de voto e di que a comisión de seguemento está anonadada posto que o que non houbo ningún voto en contra alí, e que agora no pleno esas mesmas persoas están votando en contra da inclusión deste punto na orde do día. Di que saben que o transfugismo é algo bastante habitual, pero que resulta chocante que se chegue a votar algo nunha comisión e logo se veña ó pleno e se vote en contra.-----

O Sr. Filloy tamén solicita explicación de voto e manifesta que as cousas se trouxeron ó pleno ata que o Sr. Parajó, o Sr. Hombre e o Sr. Alcalde se reuniron con “Gas Galicia”, e dille ó Sr. Alcalde é el é o responsable de que se chegara a esta situación despois de moito tempo, e di que lle extraña que haxa quen poida votar que non.-----

- MOCIÓN DO BNG SOBRE A IMPLANTACIÓN DA E.S.P.O. NO CONCELLO DE TEO NO CURSO 2001-2002.- A Sra. Bugallo dá conta da moción do BNG sobre a implantación da E.S.P.O. no concello de Teo, á que dá lectura. Di que a urxencia ven dada porque o pasado ano na comarca de Santiago uns mil seiscientos estudantes, moitos de Teo, quedaron sen praza nos ciclos formativos, e di que este ano será igual. Manifesta que a decisión tomada pola Consellería non pode ser máis inxusta, e dille ó Sr. Alcalde que se agora vota en contra terá que expoñer despois as súas responsabilidades ante a veciñanza.-----

O Sr. Alcalde di que esta moción lles parece ben nalgúns aspectos e noutros non, pero que se debería traer por outra vía para estudiala, e non por urxencia, como soen trae-las cousas os Sres. do BNG.

Sometida a votación a urxencia desta moción, acádanse cinco votos a favor (dos Sres. Neira Picallo e Filloy Villar e das Sras. Bugallo Rodríguez, Amieiro Rodríguez e Blanco Fernández) e nove en contra (dos Sres. Blanco Martínez, Castroagudín Valladares, Cajaraville Campos, Ouro Calvelo, Fernández Fernández, Aller Suárez, Mata Iglesias, Parajó Liñares e Hombre Eiras), polo que non se acepta a urxencia e non se inclúe na orde do día.-----

O Sr. Parajó solicita explicación de voto e di que este é un tema interesante, e que non se debería traer por urxencia, senón que habería que tratalo doutro xeito. Manifesta que lle consta que se están facendo xestións ante a Consellería, aínda que di que non sabe se darán resultado ou non.--

O Sr. Hombre tamén solicita explicación de voto e manifesta que reiteradamente se está traendo aquí a solicitude dos ciclos formativos cando xa practicamente está definido o que se quere solicitar para Cacheiras. Di que se trae aquí, como se fose cuestión municipal, pero que quere que quede claro que é cousa da Consellería, e que haberá que negociar co Instituto que reformas hai que facer, xa que o Instituto agora non ten aulas nin medios para os ciclos formativos, nin sequera para o de Informática. Di que o tema require un debate máis amplo e outro tipo de tramitación.

A Sra. Blanco tamén solicita explicación de voto e di que a educación é un pilar básico e que a ensinanza é obrigatoria. Di que aquí xa se falou de facer un estudio e que se a Consellería non concedeu os ciclos formativos non sabe se foi porque realmente se solicitou o que debería ser. Di que, de tódolos xeitos, está de acordo coa urxencia do tema.-----

A Sra. Bugallo pide explicación de voto e manifesta que que hai que traer estas cousas por urxencia porque o grupo de goberno non constituiu o consello escolar municipal, que é a onde habería que levar estes puntos, e que é responsabilidade do grupo de goberno, xa que di que se se cumprisen os acordos non se traería por urxencia.-----

- **MOCIÓN DO BNG SOBRE A CONVOCATORIA URXENTE DA COMISIÓN ENCARGADA DE AVALIA-LAS SOLICITUDES DE SUBVENCIÓN E AXUDAS MUNICIPAIS.**- A Sra. Bugallo dá conta da moción do BNG sobre a convocatoria urxente da comisión encargada de avalia-las solicitudes de subvención e axudas municipais, á que dá lectura. O Sr. Alcalde di que por agora non hai presupostos, que se traerán moi pronto, que se está estudando a documentación que presentaron as asociacións, e que se convocará a comisión en moi breve prazo, polo que lle parece un oportunismo traer esto agora. A Sra. Bugallo dille que os orzamentos do 2001 non teñen nada que ver cunha convocatoria de subvencións para o ano 2000. O Sr. Alcalde reitera que se vai facer tan pronto como se aproben os presupostos.--

Sometida a votación a urxencia desta moción, acádanse cinco votos a favor(dos Sres. Neira Picallo e Filloy Villar e das Sras. Bugallo Rodríguez, Amieiro Rodríguez e Blanco Fernández) e nove en contra (dos Sres. Blanco Martínez, Castroagudín Valladares, Cajaraville Campos, Ouro Calvelo, Fernández Fernández, Aller Suárez, Mata Iglesias, Parajó Liñares e Hombre Eiras), polo que non se acepta a urxencia e non se inclúe na orde do día.-----

A Sra. Bugallo solicita explicación de voto e manifesta que espera que tódolos que están aquí poidan xustifica-los seus votos ante as asociacións que teñen pedidos créditos persoais mentres o Sr. Alcalde dá os tres millóns de pesetas de libre disposición a quen lle parece.---

2.- MOCIÓN DO PP SOBRE O GAS NOS TILOS .- O Sr. Alcalde dá conta dun fax chegado ó concello desde as oficinas da empresa " Gas Galicia" no que se mostran conformes a solicita-la correspondente licencia para comeza-la canalización do gas na parte baixa da Urbani- zación Os Tilos. O Sr. Filloy pregunta se este documento está rexistrado, e o Sr. Alcalde dille que chegou por fax. O Sr. Neira manifesta que se lle debeu dar entrada. O Sr. Alcalde manifesta que solucionado felizmente o problema de suministro de gas natural ás vivendas unifamiliares da "Urbanización Os Tilos", obxectivo conseguido gracias á unidade de criterio mantida no tratamento do tema por parte de tódolos grupos municipais e o apoio dos veciños, do que di que deben congratularse, procede examina-las conclusións extraídas pola Comisión de Seguimento. Di que como cuestión previa temos que manifestar que non procede someter o Pleno Municipal conxuntamente as conclusións da citada comisión, por canto a mesma ten natureza de grupo de traballo e non de Comisión Informativa especial ó non terse constituido formalmente polo Pleno, requisito indispensable para que conforme ó artigo 124.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, poida presentar un dictame ou informe ó órgano plenario. Manifesta que por esto debe ser cada grupo municipal participante o que presente as súas conclusións e someta a votación do pleno as súas propostas.

O pleno do concello, por dez votos a favor (dos Sres. Blanco Martínez, Castroagudín Valladares, Cajaraville Campos, Ouro Calvelo, Fernández Fernández, Aller Suárez, Mata Iglesias, Parajó Liñares e Hombre Eiras e da Sra. Blanco Fernández) e catro en contra(dos Sres. Neira Picallo e Filloy Villar e das Sras. Bugallo Rodríguez e Amieiro Rodríguez)acorda aproba-la urxencia e incluír na orde do día a moción do grupo municipal do PP, á que dá lectura o Sr. Ouro Calvelo, e que copiada literalmente, di o que segue: "Toda vez que o problema da ampliación da rede de suministro de gas á zona de vivendas unifamiliares da "Urbanización Os Tilos" se resolveu satisfactoriamente, e non cabe máis que felicitamos por esto, centrarémonos exclusivamente no contido dos puntos 2º e 3º do resumo do documento de traballo da Comisión de Seguimento da Canalización do Gas dos Tilos 1ª Fase, do que lamentablemente unha vez máis os compoñentes deste pleno tivemos coñecemento previo a través da prensa, ó non gardar ningún dos seus membros o debido respecto a este órgano municipal.=a) No punto segundo esíxense responsabilidades ó Técnico Municipal por ter emitido informe favorable as licencias municipais presentadas por GAS GALICIA.=Este Grupo Municipal non comparte en absoluto dita proposta polas seguintes consideracións:=1ª.- A licencia municipal de obras para a canalización de gas concédese respecto as obras de apertura das zanxas correspondentes á instalación, impondo por outra parte a perfecta reposición das zonas das vías públicas afectadas, pero sen que exista

pronunciamento respecto as condicións técnicas da propia construción gasística.=No propio informe do técnico municipal sinalase expresamente que contará coas autorizacións que fosen procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable".=As condicións técnicas propias das conduccións de gas regúlanse na Orde de 30 de novembro de 1999, da Consellería de Industria e Comercio, que desenrola o Decreto 2913/73 de 26 de outubro.=Na citada Orde, atribúese á Dirección Xeral de Industria ou as Delegacións Provinciais, a autorización administrativa para a implantación de novas redes e ampliacións, en función das previsións que debe soportar a rede, e incluso se prevé, no seu artigo cuarto, unha autorización conxunta anual de varios proxectos, que teñen que estar suscritos por técnico competente(Enxeñeiro Industrial) e visados polo correspondente Colexio Oficial.=Tamén a Orde contempla o procedemento para a posta en funcionamento das instalacións aprobadas, sempre baixo a supervisión do director de obra.=Á vista de dita normativa non se pode por menos que concluir que as condicións técnicas da rede non son propias da competencia municipal, e que ó limitárense por tanto os informes do Técnico Municipal ós aspectos urbanísticos da obra, a súa actuación foi irreprochable e axustada a dereito.=b) Entrando no terceiro dos puntos, referente á depuración de responsabilidades políticas, resulta á vista do anteriormente exposto, que a licenza de obras foi correctamente concedida, polo que non hai lugar á esixencia das mesmas.=Mentras que o noso grupo se alegra profundamente pola solución do problema pola vía do diálogo e o convencemento, estamos seguros de que a outros non lles producirá tal satisfacción. Lamentámolo moito polos veciños de Teo.=Por todo o exposto, esta Alcaldía somete a aprobación do pleno as seguintes propostas:-----

1. Que cada grupo municipal presente as súas conclusións e someta a votación do pleno as súas propostas.-----

2. Que se proceda a suprimi-lo citado grupo de traballo, por canto concluiu a súa misión, e por outra parte, habida conta da súa innecesariedade xa que todos tivemos coñecemento do contido das súas xuntanzas a través da prensa, faltándoselle ó respecto que merece este órgano plenario municipal."---

O Sr. Alcalde manifesta que lle parece que unha comisión non pode sacar á luz o seu traballo na prensa, e que esto nunca pasara con outros grupos de traballo.-----

A Sra. Blanco solicita explicación de voto e di que este tema se está "sacando de madre", que esto leva uns trámites que haberá que solucionar, pero que o que se está facendo agora non ten xeito.-----

O Sr. Filloy solicita explicación de voto e di que se non fose por esta comisión , o Sr. Alcalde seguiría mantendo que a primeira fase é a dos edificios , e di que hoxe está demostrando, gracias ó traballo da comisión, que a primeira fase son tamén os chalets. O Sr. Alcalde respóndelle que sempre dixo que os Tilos era un.-----

O Sr. Hombre toma a palabra e manifesta que aínda que non foron constituídos como tal Comisión Informativa, e habendo unha correlación de forzas diferentes, os acordos deben ser refrendados polo pleno, que o pleno se ten que enterar, e que se Gas Galicia ten disposición de face-las obras, aínda que el aínda non o cre moito, non ten nada máis que dicir.--

A Sra. Blanco Fernández manifesta que se a empresa non cumpre haberá que sancionala, e que se cumpren tódolos trámites haberá que darlle a licencia, e non darlle máis voltas.--

A Sra. Bugallo Rodríguez manifesta que comprende perfectamente a intervención do Sr. Hombre sobre as correlacións de forzas porque di que aquí as correlacións de forzas son moi variables,e di que xa estamos vendo como un membro desta corporación, elixido polo PSdeG-PSOE pode cambiar esa correlación de forzas moito, polo que entende que o Sr. Hombre poida estar moi preocupado pola correlación de forzas. Di que supón que esa mesma correlación será a que salve ó Sr. Hombre, e a que explicará tódalas súas actuacións a partir de

agora. Di que os concelleiros do BNG son os únicos que non cambiaron a correlación de forzas, e que non poden preocuparse da correlación de forzas do Sr. Hombre, do que di que non sabe de onde viña nin onde acabará. Manifesta que a comisión de seguimento foi creada desde esta corporación, e que o Sr. Alcalde fixo unha petición de boa fé, que eso está nas actas, e que agora decide afundi-la comisión e nen sequera teñen o dereito a presentar aquí as conclusións. Di que ela foi testigo da xuntanza que mantivo o Sr. Alcalde con persoas da empresa "Gas Galicia". Di que logo da gravidade dos descubrimentos sobre os incumplimentos da empresa e da irresponsabilidade gravísima do arquitecto técnico municipal, e do grupo de goberno, todo o que hai aquí é un fax, e que se debería ter polo menos unha petición de licencia, na que aparecese tamén a solución das deficiencias técnicas, axustándose ó proxecto aprobado. Pídelle ó Sr. Alcalde que deixe de vender que se agora "Gas Galicia" vai face-la canalización da parte baixa dos Tilos, se debe ás súas boas negociacións. Di que resulta curioso que esto pase agora, cando na comisión se descubron graves irregularidades, como a obrigaón de face-la parte de abaixo, o tritubo, os diámetros, etc. Di que todo esto lle custa menos á empresa, xa que se pasou dun presuposto inicial de oitenta millóns a outro agora de vinte e pico millóns. O Sr. Alcalde di que o concello lles deu licencia para unha zanja, e que o resto llo explicará a Consellería. A Sra. Bugallo dille que a solución, se algún día chega, non provirá do grupo de goberno, que tivo moitos meses para arranxalo. Dille que seguen mantendo a responsabilidade, e que a empresa debe face-las obras segundo as condicións técnicas que aparecen no proxecto, que se non o fan o grupo de goberno tamén será responsable e di que se alegra que para o Sr. Alcalde un fax teña o mesmo valor que o papel timbrado, pero que para a corporación fai falla máis ca eso.-----

O Sr. Filloy toma a palabra e di que o 15-02-2000, con rexistro de entrada nº 299 se solicitou a licencia por parte de "Gas Galicia", e que non se axusta para nada ó proxecto presentado e aprobado en setembro de 1998. Di que para conceder unha licencia é preceptivo ter un proxecto, e que non hai máis que mira-lo proxecto e ver que a licencia que solicitaron non se axutaba ó proxecto. Manifesta que aí era onde procedía nega-la licencia e pedir que fose a licencia concedida dacordo ó proxecto aprobado. O Sr. Alcalde di que ese é o criterio do Sr. Filloy, e este respóndelle que non é que sexa o seu criterio, que é así., e mostra uns papeis cos deseños dos tubos. O Sr. Alcalde dille que sempre anda xogando con papeliños, que xa o veu antes, e que eso non está ben á súa idade. A Sra. Bugallo protesta pola resposta dada polo Sr. Alcalde, e este amonesta por vez primeira á Sra. Bugallo.-----

O Sr. Filloy mostra unha imaxe do tubo que se puxo na entrada da Urbanización Os Tilos, e di que xa sabe que o Sr. Alcalde despreza o seu traballo, pero que seguirá traballando para conseguir máis cousas.

O Sr. Parajó toma a palabra no segundo turno de intervencións, e manifesta que non lle ten medo nin á Sra. Bugallo, nin ó BNG nin ós concelleiros críticos, e dille á Sra. Bugallo que non lle permite que diga o que dixo, nin a el nin ó Sr. Hombre, que ela sempre cre estar na posesión da verdade, e que nunca admite o que din ou propoñen os demais, que o seu é o único que vale. Di que cando a Sra. Bugallo naceu, el xa case estaba no concello, e que a Sra. Bugallo non sabe comportarse como concelleira, que se quere el lle dá clases pola tarde. Manifesta que no último pleno, a Sra. Bugallo votou en contra dunha residencia en Mouromorto, e preguntalle se se informou. Pídelle que se deixe de teatro, e que o que quere é sair na Televisión de Teo como actora. A Sra. Bugallo dille que en todo caso será como actriz, e o Sr. Parajó respóndelle que dá igual, como actora, actriz ou monigote. A Sra. Bugallo pide orde ó Sr. Alcalde, e o Sr. Parajó di que a el lle acaba de chamar tráfuga.-

O Sr. Hombre toma a palabra e manifesta que ninguén dixo que quen ten que concede-la autorización para que circule o gas é a Consellería. Di que preguntou en Santiago que tipo de tubería se necesitaba, e reitera que as cuestións técnicas ten que avalialas a Consellería. Manifesta que a compañía de gas terá que cumpri-la normativa, e que se non o fai así, a empresa terá que solicitar un novo permiso ó concello para solucionar esto, pero que en todo caso a última palabra a ten a Consellería. Manifesta que á Sra. Bugallo lle gustaría que se chegase ó final da lexislatura con este tipo de espectáculos dentro do pleno. Di que el é partidario sempre da negociación para

sacar adiante proxectos e cousas e que non lle ofende o máis mínimo que a Sra. Bugallo lle chame tráfuga, se o que el pretende é traballar para o concello e saca-las cousas adiante. Dille á Sra. Bugallo que siga facendo á súa política, e que cando haxa eleccións, os votantes xa saberán a quen votar.----

A Sra. Blanco di que aquí todo se leva a pleno e a comisións, e que o tema do gas xira en torno á comisión, que non é vinculante. Di que todos teñen unha opinión, pero que así non se resolve o problema, que hai outras vías, e que aquí o que se fai é polemizar e se entra en cuestións persoais. Di que se leva máis dun ano con este tema, e que hai que deixar de saca-las cousas de quicio porque así non se resolven, e que o que se trata é de xestionar e de solucionar-las cousas das formas establecidas.

A Sra. Bugallo di que o tema do gas se pensaba solucionar cando se sentaron tódolos grupos a falar, e dille ó Sr. Alcalde que xa ve as consecuencias, que agora se traen ó pleno as conclusións dun grupo, que non teñen nada que ver coas conclusións desa comisión que se creou a boa fé. Dille ó Sr. Parajó que se aínda ela estaba nacendo cando el estaba xa no concello, se alegra deso, xa que se levar tanto tempo no concello significa leva-la traxectoria política do Sr. Parajó nos últimos tempos, se alegra de levar así a súa. Dille que ela apoiou mocións do Sr. Parajó, do PSdeG-PSOE, no que el foi elixido, e que teñen pouco que ver coas decisións que el toma agora. Di que se a alguén non lle gusta determinado calificativo, que ese é o que existe. Dille ó Sr. Parajó que pode demostrar esa boa educación da que fala para esconder o triste que debe ser para unha persoa que foi portavoz da oposición o feito de que agora vota con outro grupo.

O Sr. Alcalde di, por alusións, que se eses señores votan co equipo de goberno, será porque son coherentes cos veciños de Teo, e que os señores do BNG e os críticos case acaban con Teo e os seus veciños, e que eso é o que queren. Di que se estes señores se aveñen, que benvidos sexan, xa que bastante dano se fixo en ano e medio.---

A Sra. Bugallo manifesta que o BNG non é grupo de goberno, e dille ó Sr. Alcalde que o seu partido sempre fixo pactos anti-transfugismo, e que aquí agora pasa eso, polo que di que se demostra que eses acordos para o Sr. Alcalde son papel mollado. Dille ó Sr. Parajó que se lea os expedientes, e que ese expediente de Mouromorto ten 527 m² de edificabilidade de zona non urbanizable de uso común, e di como se atreven a facer unha transferencia de edificabilidade entre dúas zonas de diferente calificación urbanística. Di que, independentemente deso, cando un NU se usa para un uso empresarial, independentemente de que se edifique sobre ela ou non, sempre require un expediente de utilidade pública. Di que ela se asesora con arquitectos superiores, e reitéralle ó Sr. Parajó que se lea os expedientes.----

O Sr. Parajó pide a palabra por alusións e dille á Sra. Bugallo que antes se falou de cando a Sra. Bugallo nacera, e di que hai moitas veces que algunhas persoas cando nacen, xa nacen mortas, e que ese é o caso da Sra. Bugallo. Dille que os arquitectos ós que vai a Sra. Bugallo deben ser desen que dan clases "de oito a oito". Di que hai un informe do técnico en relación con esto, ó que dá lectura, e que copiado literalmente, di o que segue: "Sr. Alcalde, en relación as manifestacións vertidas pola Concelleira Sra. Bugallo Rodríguez no Pleno celebrado ó 14 de xuño do 2001, no punto 2.- Expediente de Actividades Molestas, promovido por Dona Catarina Vázquez e outros C.B de data 22/01/01 solicitando licenza para instalación, apertura e funcionamento dunha residencia para a 3ª idade, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas do Decreto 2414/1961 de 30 de novembro, o técnico municipal que suscribe maniféstalle, para dar conta no próximo pleno o seguinte:=1.- Que o proxecto técnico presentado para dar trámite ó expediente, afecta a propiedades que están calificadas por dúas ordenanzas distintas, unha zona paralela a pista pública que está calificada polas normas subsidiarias vixentes como "Solo non urbanizable de

Núcleo Rural (NT-G1)" e o resto da propiedade como "Solo non urbanizable(NU)".= 2.- A edificación proxectada está situada íntegramente dentro da zona de Núcleo Rural (NT-G1).= 3.- As normas subsidiarias aplicadas recollen no apartado de usos permitidos dentro da ordenanza de núcleo rural, os usos Sanitario-Asistencial de 1ª, 2ª e 3ª categoría.= 4.- Que no documento de usos e tramitación das normas subsidiarias de Teo, recolle para a 2ª categoría as "residencias da 3ª idade.".=5.- Non me explico a razón pola que a Sra Bugallo cre que se vai recurrir a un trámite de excepción, que non é necesario neste tipo de solo, xa que só é preciso para solos non urbanizables (NU), e non dentro da delimitación dos núcleos rurais. Por mais aínda o que se está a tramitar é o expediente para a calificación da actividade por parte de Medio Ambiente (Decreto 2414/1961), obligatorio antes da concesión da licenza de obras, a non ser que o descoñecemento do procedemento e trámite administrativo a seguir en cada tipo de solo, a leven a facer tales manifestacións.=6.- Só me queda ratificarme no informe emitido **ós efectos de tramitación da actividade solicitada**, segundo o Decreto 2414/1961, lamentando profundamente as dúbidas que suscitou o informe emitido sen que en ningún momento se me dera a oportunidade de aclarar."---

O Sr. Filloy pide que conste en acta que se está cambiando a orde do día.-----

A Sra. Bugallo di que o Sr. Parajó acaba de ler un informe que é incorrecto. Di que no expediente se di que a edificabilidade ocupada é de 1180 m2 en NT e 527 m2 en NU, acompañado dunha frase que di "a xustificación da suma anterior desas dúas edificabilidades..." Di que a estas alturas non lles veñan con informes deste técnico para que non revisen os expedientes. Manifesta que en NT hai 2950 m2, cunha edificabilidade dun 0,4%, o cal dá unha edificabilidade de 1180 m2, e 5274 m2 cunha edificabilidade dun 0,1%, o cal dá unha edificabilidade en NU de 527 m2. Di que a mesma memoria reconece que se utiliza a edificabilidade das dúas parcelas, e que se fai unha transferencia de edificabilidade de NU a NT. O Sr. Alcalde di que lle parece mal que se poña ó técnico en tela de xuízo, xa que di que é un gran profesional. A Sra. Bugallo di que o problema non é o técnico municipal, senón que o técnico fai o que o grupo de goberno quere que faga. O Sr. Alcalde dille á Sra. Bugallo que recorde que todo o que está decindo consta en acta.-----

Sometida a votación a moción do grupo municipal do PP sobre o gas nos Tilos, acádanse nove votos a favor(dos Sres. Blanco Martínez, Castroagudín Valladares, Cajaraville Campos, Ouro Calvelo, Fernández Fernández, Aller Suárez, Mata Iglesias, Parajó Liñares e Hombre Eiras), e cinco en contra(dos Sres. Neira Picallo, Filloy Villar, e das Sras. Bugallo Rodríguez, Amieiro Rodríguez e Blanco Fernández), polo que resulta aprobada.-----

3.- ROGOS E PREGUNTAS .- Toma en primeiro lugar a palabra o Sr. Parajó e:-----

1) Di que hai uns pinos nos Tilos que se iban a cortar. O Sr. Alcalde dille que non son nosos, e pídelle ó Sr. Secretario que escriba á Consellería de Obras públicas para averiguar de quen é a finca.

2) Manifesta que para a recollida de herba nos Tilos non hai un día fixo. O Sr. Secretario di que a herba non se pode recoller, porque en Sogama non a collen, pero que a estaban levando igual e botándoa nunha leira dun veciño que lles dera permiso, pero agora están buscando outro lugar para botala.-----

3) Di que son necesarios un contentor de vidro e outro de papel para Os Tilos, e o Sr. Alcalde pide que se tome nota.

Toma a continuación a palabra o Sr. Hombre, e:-----

1) Di que se xa se fixo anteriormente a petición de retirada das sinais dos Tilos que dificultan a visibilidade, e que aínda non está feito. O Sr. Alcalde di que se ían facer uns paneis que aínda non están feitos, e pide que se tome nota.-----

Toma agora a palabra a Sra. Bugallo, e :-----

1) Manifesta que recibiron actas da comisión de goberno con case dous meses de retraso, e o Sr. Secretario respóndelle que hai moito traballo. A Sra. Bugallo dille que se fixe no que di no punto 1 das actas da comisión, que é o punto de " Actas da sesión anterior". O Sr. Secretario dille

que ela sabe que eso é un formulismo, e a Sra. Bugallo respóndelle que ó ser por escrito se está incurrido en falsidade en documento público. Manifesta que, de tódolos xeitos, ten as súas dúbidas, xa que nesas datas se recollen moitas licencias en zona URTA, e que eso lles suscita dúbidas sobre o por que se entregaron as actas con tanto retraso.-----

2) Dille ó Sr. Alcalde que na acta da comisión de goberno do 18 de outubro de 2.000 se aprobou un presuposto para equipamento de un millón oitocentas trinta e cinco mil pesetas (IVE non incluído) para o IX Campionato de Bandas de Gaitas-1ª Fase, e que o Sr. Alcalde dixo nun pleno que se ía pedir unha subvención ó Conselleiro. Este respóndelle que se pediu, pero que non a concederon. A Sra. Bugallo di que se pasou dos tres millóns de pesetas en gastos, e que isto resulta increíble dada a situación das asociacións de Teo.

3) Pregúntase se o concello organiza a “Festa da Carne ó Caldeiro de Teo”, e a “Exhaltación da Cacheira de porco”. O Sr. Alcalde dille que non, que simplemente se solicita unha subvención á Deputación, e que se lles dá ó chegar. Pregúntalle se o concello organiza os bailes rexionais de Reis, e respóndeselle que non.-----

4) Pregúntalle ó Sr. Alcalde canto leva gastado en subvencións. O Sr. Alcalde dille que non ten datos agora, e a Sra. Bugallo di que se gastaron 3.424.634 pesetas. Dille que el sabe da situación dalgunhas asociacións, que lle está dando a uns e a outros non, e que xa gastou sobradamente os tres millóns.--

5) Di que se falou en reiteradas ocasións que o técnico municipal non pode facer inspeccións de obra e que non sabe se as fai. pregunta para que quere entón un ordenador portátil de catrocentas mil pesetas, se non sae das dependencias municipais. o Sr. Alcalde di que se lles dá o mellor que se pode ós traballadores do concello para que fagan o seu traballo.-----

6) Manifesta que na zona da “Veiga da Brea” hai un socabón enorme e que tamén hai que solucionar-lo problema da saída das augas en Vilar de Calo. O Sr. Alcalde di que en Vilar de Calo teñen que solucionar-los veciños, que se trata dunha traída de augas veciñal, e que en canto á “Veiga da Brea”, que viñeron uns señores solicitar unha licenza, que se iniciaron as reparacións e que alí deron un trozo de terreo para a curva, xa que hai moitos accidentes. Di que os señores abriron e que non saben onde están as gomas, pero que xa se deu orde a “Martínez Montes” para que vaian mirar como facer sen rompe-las gomas.-----

7) Manifesta que hai accidentes por non limpa-la maleza, e que hai zonas que son un risco. O Sr. Alcalde di que se está limpando pero que agora o encargado de facelo se casou e tardará uns días en volver.-----

Toma a continuación a palabra a Sra. Amieiro, e:-----

1) Di que leva facendo por tres meses o mesmo rogo, como que hai columpios rotos, que a area agora son croios, e que é moi perigoso. O Sr. Alcalde di que deso xa se tomou nota e se lle dixo a “Aquagest”. di que se chamou ó señor dos parques, e que quizais veña mañán. A Sra. Amieiro di que tamén é necesario que se pinten tódolos pasos de peóns, e que ghai unha baranda na rúa Loureiro, que serve de atallo a moitas persoas, que está medio caída. Respóndeselle que xa foron tomar medidas para poñer unha nova. A Sra. amieiro di que o problema da reixa da entrada na Urbanización non se solucionou, xa que está rota outra vez. Di que o problema está no sostén na reixa, e que hai que ver en profundidade o problema para solucionar-lo dunha vez. O Sr. Alcalde pide que se tome nota.

Di que nunha comisión de setembro do ano 2000 se falaba dunha fonte de dous millóns de pesetas para Os Tilos, e pregunta en que quedou isto. O Sr. Alcalde respóndelle que non se tiveron máis noticias do tema, e que hai que retomalo. Di que mandaron un prezo e un folleto,

pero que non se tiveron máis noticias. Di que a intención e a ilusión do grupo de goberno é facela, e que se vai retoma-lo tema.-----

A continuación toma a palabra o Sr. Neira, e:--

1) Dille ó Sr. Alcalde que el é o que modera e dirixe o debate no pleno, e que debería ser imparcial, que cando un concelleiro insulta a outro debería esixirlle que pedise desculpas. Di que o Sr. Alcalde non os considera do seu grupo municipal, pero que este xa non ten credibilidade persoal nin política. Manifesta que o Sr. Alcalde dixo fai varios meses que os concelleiros críticos ían estar fóra do PP, pero que a el lle parece cada día máis que o Sr. Alcalde é un político caído en desgracia, que se parece a un señor chamado Fujimori, e pregúntalle se o coñece. O Sr. Alcalde responde que o debe coñecer o Sr. Neira, xa que en vez de traballar na Consellería, viaxa por América e Europa. Manifesta que se estivo ata agora calado ese non dixo nada referente a eles foi porque estaban negociando con eles un posible arranxo, sempre e por enriba de todo mediando e servindo de interlocutores os responsables do Partido Popular, e que se estivo calado foi por unha disciplina e un respecto ó PP ó cal se debe, cousa que di que os concelleiros críticos non fixeron, e que ó contrario, o que fixeron foi desprestixialo. Manifesta que quere deixar constancia de que xa fai tempo que rematou calquera negociación con estes señores, porque son uns tráfugas e uns resentidos, e que reina neles o odio e a maldade cara a súa persoa e que cre que tamén cara todo o mundo. Di que flaco favor lle fixeron estes concelleiros ós veciños de Teo e ó Partido Popular, xa que co apoio que lles deron os veciños cunha maioría absoluta, os concelleiros críticos, reitera que tráfugas, votaron a favor e apoiaron tódalas iniciativas do BNG e do PSdeG-PSOE, mesmo aplaudíndoas. Pídelles que teñan vergoña, e que o deles é trepar, deixando ós compañeiros e ós veciños na estacada, e que todo o demais non lles importa. Pídelles que deixen de meterse cos veciños e con todo o mundo. Di que o deles é arrimarse ó sol que máis quenta, pero que esta vez o seu egoísmo saliulles mal. Manifesta que respecto a eso que critican tódolos días, que son tan responsables como din que son os que forman parte do grupo de goberno e da comisión de goberno. Di que, agora ben, todo eso de meterse con el e que todo o que se move, con insultos e desprestixios, son pataletas dunhas persoas totalmente acabadas, resentidas e carroñeiras que usan toda clase de patrañas como armas das pouquiñas que lles quedan. Dilles que están nesta situación porque quixeron, porque tódolos demais lles perderon a confianza, e que son uns cadáveres políticos.---

Toma finalmente a palabra o Sr. Filloy, e:-----

1) Pregúntalle ó Sr. Alcalde se recorda o nome da persoa que en representación de “Gas Galicia” participou nas negociacións para a canalización conxunta de gas, teléfonos e fibra óptica. O Sr. Alcalde dille que era o Sr. Gabriel Collado. Pregúntalle ó Sr. Alcalde se sabía que esa mesma persoa que se reunía con eles en busca dunha solución conxunta, para canaliza-lo gas, os teléfonos e a fibra óptica é a mesma persoa que firma o proxecto presentado no concello de Teo o día 29 de setembro de 1998 con rexistro de entrada nº 2120. O Sr. Alcalde respóndelle que el non mira quen firma os proxectos. O Sr. Filloy pregúntalle se considera que o autor dun proxecto debe coñecelo, e se agora está convencido que a 1ª fase da instalación do gas no concello de Teo comprende toda a Urbanización dos Tilos. O Sr. Alcalde respóndelle que el sempre dixo que OsTilos era un só, pero que unha empresa pode facer unha obra en fases como queira. O Sr. Filloy pregúntalle se sabería dicirlle por que “Gas Galicia” eliminou o tritubo previsto no proxecto, previamente aprobado tanto por Industria como polo Concello. O Sr. Alcalde respóndelle que non o sabe. O Sr. Filloy pregúntalle se sabe por que “Gas Galicia” cambiou os diámetros das tuberías que instalou nos Tilos. O Sr. Alcalde respóndelle que eso é cousa da Consellería de Industria, que o concello lles deu licencia para a zanxa, non para a tubería, que eso é cousa da Consellería. O Sr. Filloy di que el fixo a súa labor, e pregúntalle ó Sr. Alcalde se considera que o concello como institución se debe valer dun fax para dicir que o problema está resolto. O Sr. Alcalde dille que a el lle vale. O Sr. Filloy pregúntalle que medidas propón o Sr.

Alcalde para correxir todo esto, os diámetros, os tubos, etc. O Sr. Alcalde respóndelle que xa lle dixo que eso era cousa da Consellería. O Sr. Filloy pregunta se o Sr. Alcalde considera que a licenza municipal para a instalación do gas nos Tilos foi correctamente concedida, e este respóndelle que xa se leu unha moción sobre eso. O Sr. Filloy pregunta se ó Sr. Alcalde lle parece que foi correcta a moción que presentou o Partido Popular no pleno do día 25 de xaneiro do 2001, poñendo o problema do gas en coñecemento da Consellería de Industria, cando di que a responsabilidade de facer cumprir co proxecto é tan só municipal. Respóndeselle que foi para ben dos veciños. Pregúntalle se non era mellor revisalo expediente antes de meter a outros e se coñecía o proxecto de “Gas Galicia” durante o período de negociación con dita empresa. O Sr. Alcalde respóndelle que el non é técnico. O Sr. Filloy pregúntalle se lle pediu algún informe ós técnicos municipais cando se mantiñan as negociacións con “Gas Galicia”, que o orientara con respecto ó proxecto. O Sr. Alcalde respóndelle que el confía nos técnicos municipais. O Sr. Filloy di que o Sr. Alcalde estivo nas negociacións, e que tiña que saber que forza tiña para negociar e o que podía pedir. Dille ó Sr. Alcalde se pode dicirlle por que foi necesario pedir co escrito de data 30 de maio do 2001 cal foi o documento que serviu de base para emitir os informes técnicos necesarios e preceptivos para conceder a licenza para que por fin aparecera o proxecto. O Sr. Alcalde respóndelle que igual o tiña el na casa. O Sr. Filloy di que se provocaron incomodidades ós veciños, e o Sr. Alcalde di que eso llo provocaron os concelleiros críticos. O Sr. Filloy di que os membros da comisión do gas foron os que levantaron a lebre, e se ó Sr. Alcalde todo isto lle parece normal.

2) Di que na acta da Comisión de Goberno do 3 de maio de 2001 aparece a petición dunha subvención de cincuenta millóns á deputación para a herba artificial do campo de fútbol de Calo, e pregúntalle ó Sr. Alcalde se esta será a necesidade máis grande do concello. O Sr. Alcalde respóndelle que os veciños de Calo son iguais que os outros, e que esa subvención que se pide cre que está destinada para ese fin, e que se é así non os dan para outras cousas, que é posible que sexa unha subvención para eso. O Sr. Parajó dille ó Sr. Filloy que isto ía no programa electoral do PP, e que lle extraña que el non se enterara.

3) Di que nun pleno anterior se aprobara unha moción para a realización por parte do técnico municipal dunha inspección nunha obra en Cacheiras. O Sr. Alcalde di que eso xa está feito, que está abaixo.-

A continuación dase resposta ás preguntas formuladas por escrito polos concelleiros D. José Manuel Neira e D. Manuel Filloy, que son as seguintes:----

1) Pregunta con rexistro de entrada 1451, sobre unha certificación solicitada polo xulgado sobre a licenza de primeira ocupación dun edificio na Ramallosa. Respóndeselle que con data 29-05-01 se lle manda a resposta ó xulgado, cunha certificación do Secretario Acctal. na que se di que con data 08-06-92 a comisión de Goberno acorda conceder licenza a D. Ramón M adrián Rodríguez para construción dun edificio de vivendas en Ramallosa-Lucí, e que na data da construción rexían as NNSS vixentes desde o ano 1977, nas que non se esixía licenza de primeira ocupación. O Sr. Neira pregúntalle ó Sr. Alcalde se cre que esa resposta é correcta, e pregunta se desde que entrou en vigor a Lei do Solo e a de Disciplina Urbanística non hai que cumprilas. Dinlle que foi ocupada antes da entrada en vigor destas, e que pode pedir copia do que se leu abaixo.-

2) pregunta con rexistro de entrada nº 1450 sobre unhas facturas de “Otero Vázquez arquitectos S.C.”. Respóndeselle que fixeron catro informes, valoracións e reportaxes para catro obras de infravivenda, catro proxectos de infravivenda e que prestaron asistencia técnica durante as vacacións do técnico municipal.-----

3) Pregunta con rexistro de entrada nº 1448 sobre unha obra denunciada e paralizada en Carballal-Calo. Respóndeselle que o 04-03-98 D. José Mª Pérez Fraga presenta un escrito de

denuncia contra “Carpilar” por obras de construción de nova nave en Carballal-Calo, que o mesmo día se notifica a orde de paralización por carecer de licencia e non respectar retranqueos. O 24-03-98 o mesmo denunciante presenta novo escrito de denuncia. O 27-03-98 reitérase a paralización por construír sen licencia, e recíbea D. Antonio López Hidalgo o 02-04-98. D. Antonio López Hidalgo o 19-05-98 solicita licencia para anexo a nave industrial para aparcamento. concédeselle pola Comisión de Goberno do 09-07-98. O 24-10-98 hai un novo escrito de denuncia por non respecta-las obras a separación a lindeiros. O 30-11-98 notificase a paralización, iniciándose o expediente de reposición da legalidade, recibida polo interesado o 01-12-98. Ó día de hoxe estase cun expediente de reposición da legalidade e cun expediente sancionador, en prazo por nonter trancurridos catro anos. O Sr. Neira di que ese prazo é para denunciar unha obra que estea ilegal, pero que un expediente se soluciona en seis meses. O Sr. Alcalde dille que esto está así, e o Sr. Neira respóndelle que esto é inoperancia política. O Sr. Alcalde di que esa a ten toda o Sr. Neira.-----

Non habendo máis asuntos de que tratar rematou a sesión sendo as vinteunha horas e corenta e cinco minutos, estendéndose a presente acta, que asina o Sr. Alcalde comigo, o Secretario acctal. que certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO ACCTAL.,

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE
TIVO LUGAR O DÍA 13 DE XULLO DE 2001.-----**

SEÑORES ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Armando U. Blanco Martínez.

Concelleiros:

D. Antonio Castroagudín Valladares

D. Manuel R. Cajaraville Campos

D. Urbano Ouro Calvelo

D. Ramón Fernández Fernández

D. Juan B. Aller Suárez

D. Manuel Mata Iglesias

D. Mario Fandiño Pazos

D. Manuel A. Filloy Villar

D. Martiño Noriega Sánchez

D^a Ánxela Bugallo Rodríguez

D^a M^a Soedade Amieiro Rodríguez

D. Manuel Tallón Mesías

D^a M^a Angélica Blanco Fernández

D. Miguel A. Hombre Eiras

D. F. Manuel Parajó Liñares

Secretario:

D. Jesús Naveira Vázquez.

Na casa do concello de Teo, a trece de xullo de dous mil un.-

Sendo as dez horas, e baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Armando U. Blanco Martínez, reuniuse en primeira convocatoria o pleno do concello, con asistencia de quince dos seus membros nos catro primeiros puntos e dezaseis nos seguintes, sendo o número legal o de dezasete, a fin de levar a cabo a sesión extraordinaria convocada para este día.

Escusou a súa asistencia o concelleiro D. José Manuel Neira Picallo.-----

Asiste o Secretario acctal. da Corporación, D. Jesús Naveira Vázquez.-----

Pola presidencia declárase sesión pública, pasándose a coñecemento e resolución dos asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- O Sr. Presidente inquire se algúns dos Sres. edís presentes desexa formular observacións ó borrador da acta da

sesión que tivo lugar o día 28 de xuño pasado, e que foi distribuído coa convocatoria da actual.-----

A Sra. Bugallo manifesta que na páxina 10, antes da votación ó punto 2 e durante a súa intervención, falta engadir a frase "A Sra. Bugallo di que se fai unha transferencia de edificabilidade de NU a NT", e que no apartado 3 de "Rogos e Preguntas", na pregunta primeira da súa intervención, onde di " a Sra. Bugallo respóndelle que é un formulismo, pero que é por escrito, e que se pode incurrir en falsidade en documento público", debería dicir " a Sra. Bugallo respóndelle que ó ser por escrito se está incurrindo en falsidade en documento público".

O pleno do concello, por unanimidade dos quince asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda aproba-lo borrador da acta da sesión do 28 de xuño pasado, unha vez realizadas as correccións propostas, e que se rexistre no libro correspondente.---

2.- REGULACIÓN ANTENAS DE TELEFONÍA.- O Sr. Parajó dá lectura á moción sobre a regulación das antena de telefonía móbil, que copiada literalmente, di o que segue:"F. Manuel Parajó Liñares, concelleiro do Grupo Mixto do Concello de Teo, presenta ó Pleno a seguinte moción:="PROPOSTA DE REGULAMENTACION MUNICIPAL DAS INFRAESTRUCTURAS DE RADIOCOMUNICACION DE TELEFONÍA MÓVIL PARA A PROTECCIÓN DAS PERSOAS E DO MEDIO AMBIENTE.=EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.=O obxectivo desta proposición é a regulamentación das infraestructuras de radiocomunicación, e especialmente, das infraestructuras de telefonía móbil coa finalidade de

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE
TIVO LUGAR O DÍA 31 DE AGOSTO DE 2001.--**

SEÑORES ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Armando U. Blanco Martínez.

Concelleiros:

D. Antonio Castroagudín Valladares

D. Manuel R. Cajaraville Campos

D. Urbano Ouro Calvelo

D. Manuel Mata Iglesias

D. Juan B. Aller Suárez

D. Mario Fandiño Pazos

D. Manuel A. Filloy Villar

D. Ramón Fernández Fernández

D. Martiño Noriega Sánchez

D^a Ánxela Bugallo Rodríguez

D^a M^a Soedade Amieiro Rodríguez

D. Manuel Tallón Mesías

D^a M^a Angélica Blanco Fernández

D. Miguel A. Hombre Eiras

D. F. Manuel Parajó Liñares

Secretario:

D. Jesús Naveira Vázquez.

Na casa do concello de Teo, a trinta e un de agosto de dous mil un.----

Sendo as dez horas, e baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Armando U. Blanco Martínez, reuniuse en primeira convocatoria o pleno do concello, con asistencia de quince dos seus membros no primeiro acordo, dezaseis no segundo e once a partir do terceiro, sendo o número legal o de dezasete, e de asistentes o de dezaseis, e que se citan na marxe, a fin de levar a cabo a sesión extraordinaria convocada para este día.-----

Escusou a súa asistencia o concelleiro Sr. Neira Picallo.-----

Asiste o Secretario acctal. da Corporación, D. Jesús Naveira Vázquez.-----

O Sr. Alcalde da conta da dedicación exclusiva do concelleiro Sr. Mata Iglesias.

Pola presidencia declárase sesión pública, pasándose a coñecemento e resolución dos asuntos incluídos na seguinte -----

ORDE DO DÍA:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- O Sr. Presidente inquire se algún dos Sres. Edís presentes desexa formular observacións ó borrador da acta da sesión que tivo lugar o día 13 de xullo pasado, e que foi distribuído coa convocatoria da actual.-

O pleno do concello, por unanimidade dos quince asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda aproba-lo borrador do día 13-07-01 tal e como foi redactado, e que se rexistre no libro correspondente.-----

Neste momento entra na sala a concelleira D^a Angélica Blanco Fernández.-----

O Sr. Alcalde pregunta se hai algunha moción de urxencia, e o Sr. Noriega di que o grupo municipal do BNG ten dúas e o Sr. Portavoz do PP di que o grupo de goberno ten cinco.--

- MOCIÓN DO BNG SOBRE REGULAMENTO DO REXISTRO MUNICIPAL DE UNIONS NON MATRIMONIAIS DO CONCELLO DE TEO.- O Sr. Noriega dá lectura á moción sobre “Regulamento do rexistro municipal de unións non matrimoniais no concello de Teo” e manifesta que a vontade do grupo municipal do BNG era que esta iniciativa que se presenta por vía de urxencia figurara na orde do día, previo debate na comisión informativa, xa que se presentou en tempo e forma. Di que non existen argumentos para denega-la súa inclusión, xa que non hai unha orde do día cargada, e que o van presentar por vía de urxencia

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DO
CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DÍA 12 DE SETEMBRO DE 2001.-----**

SEÑORES ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Armando U. Blanco Martínez.

Concelleiros:

D. Antonio Castroagudín Valladares

D. Manuel R. Cajaraville Campos

D. Urbano Ouro Calvelo

D. Manuel Mata Iglesias

D. Juan B. Aller Suárez

D. José Manuel Neira Picallo

D. Mario Fandiño Pazos

D. Manuel A. Filloy Villar

D. Ramón Fernández Fernández

D. Martiño Noriega Sánchez

D^a Ánxela Bugallo Rodríguez

D^a M^a Soedade Amieiro Rodríguez

D. Miguel A. Hombre Eiras

D. F. Manuel Parajó Liñares

Secretario:

D. Jesús Naveira Vázquez.

Na casa do concello de Teo, a doce de setembro de dous mil un.--

Sendo as nove horas, e baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Armando U. Blanco Martínez, reuniuse en primeira convocatoria o pleno do concello, con asistencia de quince dos dezasete membros que o compoñen e que se citan na marxe, a fin de levar a cabo a sesión extraordinaria urxente convocada para este día.---

Escusaron asistencia os concelleiros D. Manuel Tallón Mesías e D^a Angélica Blanco Fernández.

Asiste o Secretario acctal. da Corporación, D. Jesús Naveira Vázquez.- Pola presidencia declárase sesión pública, pasándose a coñecemento e resolución dos asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

1.- DECLARACIÓN DE URXENCIA.- O pleno do concello, por unanimidade dos quince asistentes, sendo o número legal o de dezasete,

acorda declara-la urxencia desta sesión.-

2.- CONSTITUCIÓN DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO SAR-ULLA.-

O Sr. Alcalde manifesta que se constitúe esta asociación para pedir subvencións a programas da Unión Europea, como o Leader ou o Proder, e que somos catro concellos os que a integramos: Ames, Brión, Santiago de Compostela e Teo.----

O pleno do concello, por unanimidade dos quince asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda o compromiso do concello de Teo para formar parte da Asociación de Desenvolvemento "Sar-Ulla".--

3.- APROBACIÓN DOS ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN "SAR-ULLA".- O

Sr. Alcalde manifesta que primeiro se foi face-la constitución da asociación, que o Sr. Precedo Ledo quedou en manda-los estatutos, e que pode haber algunha cousa que non encaixe no que se vai pedir, polo que se vai incluír unha coletíña, que será a de facultar ó Alcalde para realiza-las modificacións dos estatutos, e logo informar ó Pleno. Manifesta que nos demais concellos se está facendo así.----

O Sr. Parajó di que leu os estatutos e que os veu bastante ben, polo que vai apoiar este punto.-

O Sr. Noriega manifesta que o grupo municipal do BNG está de acordo neste punto, pero di que se vai abster porque non tiñan información previa a ningún cambio, e que creron que o

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DÍA 24 DE SETEMBRO DE 2001.----

SEÑORES ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Armando U. Blanco Martínez.

Concelleiros:

D. Antonio Castroagudín Valladares

D. Manuel R. Cajaraville Campos

D. Urbano Ouro Calvelo

D. Manuel Mata Iglesias

D. Juan B. Aller Suárez

D. Manuel A. Filloy Villar

D. Ramón Fernández Fernández

D. Martiño Noriega Sánchez

D^a M^a Soedade Amieiro Rodríguez

D^a M^a Angélica Blanco Fernández

D. Miguel A. Hombre Eiras

D. F. Manuel Parajó Liñares

Secretario:

D. Jesús Naveira Vázquez.

Na casa do concello de Teo, a vinte e catro de setembro de dous mil un.---

Sendo as dez horas, e baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Armando U. Blanco Martínez, reuniuse en primeira convocatoria o pleno do concello, con asistencia trece dos dezasete membros que o compoñen e que se citan na marxe, a fin de levar a cabo a sesión extraordinaria convocada para este día. Escusaron a asistencia os concelleiros D. José Manuel Neira Picallo, D. Mario Fandiño Pazos, D. Manuel Tallón Mesías e D^a Anxela Bugallo Rodríguez.

Asiste o Secretario acctal. da Corporación, D. Jesús Naveira Vázquez.--

Pola presidencia declárase sesión pública, pasándose a coñecemento e resolución dos asuntos incluídos na seguinte ---

ORDE DO DÍA:

1.1.-SORTEO MEMBROS MESAS ELECCIÓNS Ó PARLAMENTO DE GALICIA

2.001.-

Seguidamente procédese á elección, mediante sorteo, dos electores que formarán as dezanove mesas electorais deste concello, co seguinte resultado:---

DISTRITO 1 °, SECCIÓN 1ª, MESA A:

PRESIDENTE: D^a Blanca M^a Castaño Silva.----

1º SUPLENTE DE PRESIDENTE: D^a Mónica Conde Pájaro.----

2º SUPLENTE DE PRESIDENTE: D^a María Mercedes Casal Otero.-----

1º VOCAL: D. José Luis Iglesias Sexto .-----

1º SUPLENTE DE 1º VOCAL: D^a Raquel Bascoy Soneira.-----

2º SUPLENTE DE 1º VOCAL: D^a Eva Gómez Cacho.-

2º VOCAL: D. Julio Diaz Buyo.-----

1º SUPLENTE DE 2º VOCAL: D. Manuel Santiago Blanco Varela.-----

2º SUPLENTE DE 2º VOCAL: D. José Ramón Jorge Otero.-----

DISTRITO 1 °, SECCIÓN 1ª, MESA B:

PRESIDENTE: D. Francisco Javier Midón Martínez.----

1º SUPLENTE DE PRESIDENTE: D^a Carmen Seijas Rodríguez.-----

2º SUPLENTE DE PRESIDENTE: D. Antonio Bernardo Quintana Bouzas.-----

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DÍA 28 DE SETEMBRO DE 2001.

SEÑORES ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Armando U. Blanco Martínez.

Concelleiros:

D. Antonio Castroagudín Valladares

D. Manuel R. Cajaraville Campos

D. Urbano Ouro Calvelo

D. Ramón Fernández Fernández

D. Juan B. Aller Suárez

D. Manuel Mata Iglesias

D. José Manuel Neira Picallo

D. Mario Fandiño Pazos

D. Manuel A. Filloy Villar

D. Martiño Noriega Sánchez

D^a Ánxela Bugallo Rodríguez

D^a M^a Soedade Amieiro Rodríguez

D. Miguel A. Hombre Eiras

D. F. Manuel Parajó Liñares

Secretario:

D. Jesús Naveira Vázquez.

Na casa do concello de Teo, a vinte e catro de setembro de dous mil un.---

Sendo as nove horas, e baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Armando U. Blanco Martínez, reuniuse en primeira convocatoria o pleno do concello, con asistencia de quince dos dezasete membros que o compoñen e que se citan na marxe, a fin de levar a cabo a sesión extraordinaria convocada para este día.-----

Escusaron a asistencia os concelleiros D. Manuel Tallón Mesías e D^a Angélica Blanco Fernández.

Asiste o Secretario acctal. da Corporación, D. Jesús Naveira Vázquez.-

Pola presidencia declárase sesión pública, pasándose a coñecemento e resolución dos asuntos incluídos na seguinte -----

ORDE DO DÍA:

1.-ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES .- O Sr. Presidente inquire se algúns dos Sres. Edís presentes desexa formular observacións ós borradores das actas das sesións que tiveron lugar os días 31-08-01 e 12-09-01, e que foron distribuídos coa convocatoria da actual.---

O Sr. Secretario manifesta que no borrador da acta da sesión do 31-08-01, se omitiu por erro que o Sr. Neira Picallo escusou a súa asistencia a esa sesión e que o Sr. Alcalde deu conta da dedicación exclusiva do concelleiro Sr. Mata Iglesias.---

O pleno do concello, por unanimidade dos quince asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda aproba-lo borrador da sesión do 12-09-01 tal e como foi redactado, e o da sesión do 31-08-01, unha vez efectuadas as correccións propostas, e que se rexistren no libro correspondente.-----

2.- MODIFICACIÓN DOS PREZOS DA GARDERÍA.- O Sr. Alcalde dá conta da proposta da Alcaldía sobre a modificación de prezos e horario da gardería municipal dos Tilos.----

O Sr. Secretario manifesta que os grupos municipais, na Comisión Informativa, acordaron posicionarse no pleno.-

A Sra. Amieiro Rodríguez di que o tema quedou sobre a mesa para concretar cousas, e pregunta que é o que se trae ó pleno. Respóndelle que se trae a modificación de horarios e de prezos. A Sra. Amieiro reitera que eso quedara sobre a mesa, e o Sr. Castroagudín aclara que o que se dixo foi que o tema quedaría sobre a mesa no pleno se non se aclaraban as cousas.-

O Sr. Secretario manifesta que o horario pasa a ser de oito da mañán a oito da tarde, e que as cotas que eran de 13.000 máis IPC, pasarán a ser de 25.500 pesetas, das cales, a metade, (6.250 pesetas), serán aboadas con cargo ós fondos municipais, e a outra metade (6.250 pesetas), con

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE
TIVO LUGAR O DÍA 18 DE OUTUBRO DE 2001.**

SEÑORES ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Armando U. Blanco Martínez.

Concelleiros:

D. Antonio Castroagudín Valladares

D. Manuel R. Cajarville Campos

D. Urbano Ouro Calvelo

D. Manuel Mata Iglesias

D. Juan B. Aller Suárez

D. José Manuel Neira Picallo

D. Mario Fandiño Pazos

D. Manuel A. Filloy Villar

D. Ramón Fernández Fernández

D. Martiño Noriega Sánchez

D^a M^a Soedade Amieiro Rodríguez

D. Manuel Tallón Mesías

D^a M^a Angélica Blanco Fernández

D. Miguel A. Hombre Eiras

D. F. Manuel Parajó Liñares

Secretario:

D. Jesús Naveira Vázquez.

Na casa do concello de Teo, a dezoito de outubro de dous mil un.

Sendo as nove horas, e baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Armando U. Blanco Martínez, reuniuse en primeira convocatoria o pleno do concello, con asistencia de dezaseis dos dezasete membros que o compoñen e que se citan na marxe, a fin de levar a cabo a sesión extraordinaria convocada para este día.--

Escusou a asistencia a concelleira D^a Anxela Bugallo Rodríguez.-----

Asiste o Secretario acctal. da Corporación, D. Jesús Naveira Vázquez.

Pola presidencia declárase sesión pública, pasándose a coñecemento e resolución dos asuntos incluídos na seguinte ---

ORDE DO DÍA:

1.- ACTAS DA SESION ANTERIOR.- O Sr. Presidente inquire se algún dos Sres. Edís presentes desexa formular observacións ós borradores das actas das sesións que tiveron lugar os días 24-09-01 e 28-09-01, e que foron

distribuídos coa convocatoria da actual.-----

O Sr. Noriega manifesta que no borrador da sesión do 28 de setembro, no punto segundo, onde di “Di que este ano, o Grupo de Goberno modifica horarios e que supón que tamén os descontos en base á renda per cápita, que eran inferiores ós da Consellería, para poder optar á subvención, e que pode pasa-lo mesmo que o ano pasado, e quedar excluídos da subvención por causa desto”, se omitiu que “O Sr. Noriega pregunta ó Sr. Secretario se tamén se modifican os descontos en base á renda per cápita, e este responde que estaba sen establecer e que se levará a pleno”.-----

O Sr. Noriega manifesta que tamén nese mesmo punto, onde di “ O Sr. Noriega di que cando se debatiu o tema, se pediu que se contratara desde o concello, e non cunha cooperativa, e que é unha casualidade que os dous socios que se foran sexan os que tiñan vinculacións con outras garderías”, debería dicir “O Sr. Noriega di que cando se debatiu o tema, se pediu que se contratara desde o concello, e non cunha cooperativa, e que é unha casualidade que os dous socios que se foran sexan os que non tiñan vinculacións con outras garderías”.--

O pleno do concello, por unanimidade dos dezaseis asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda aproba-lo borrador da acta da sesión do 24-09-01 tal e como foi redactado, e o da sesión do 28-09-01, unha vez efectuadas as correccións propostas, e que se rexistren no libro correspondente.-

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DÍA 26 DE OUTUBRO DE 2001.-- -----

SEÑORES ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Armando U. Blanco Martínez.

Concelleiros:

D. Antonio Castroagudín Valladares

D. Manuel R. Cajaraville Campos

D. Urbano Ouro Calvelo

D. Manuel Mata Iglesias

D. Juan B. Aller Suárez

D. José Manuel Neira Picallo

D. Mario Fandiño Pazos

D. Manuel A. Filloy Villar

D. Ramón Fernández Fernández

D. Martiño Noriega Sánchez

D^a M^a Soedade Amieiro Rodríguez

D. Manuel Tallón Mesías

D^a M^a Angélica Blanco Fernández

D. Miguel A. Hombre Eiras

D. F. Manuel Parajó Liñares

Secretario:

D. Jesús Naveira Vázquez.

Na casa do concello de Teo, a vinteseis de outubro de dous mil un.---

Sendo as dez horas, e baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Armando U. Blanco Martínez, reuniuse en primeira convocatoria o pleno do concello, con asistencia de quince dos seus membros no punto primeiro e dezaseis no segundo, sendo o número legal o de dezasete membros que o compoñen e que se citan na marxe, a fin de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.----

Escusou a asistencia a concelleira D^a Anxela Bugallo Rodríguez.----- Asiste o Secretario acctal. da Corporación, D. Jesús Naveira Vázquez.-----

Pola presidencia declárase sesión pública, e antes de entrar na orde do día , o Sr. Alcalde dá conta das paralizacións ordeadas desde o último pleno ordinario, que foron as seguintes:----

- O 19-10-01, paralización da construción dun edificio en Ameneiro, a D^a Manuela Danza Rivadulla, por carecer de licencia.

- O 19-10-01, paralización da construción da ampliación dunha nave en Carballal a Carpilar

S.L., por carecer de licencia.--

De seguido pásase a coñecemento e resolución dos asuntos incluídos na seguinte -----

ORDE DO DÍA:

1.- ACTA DA SESION ANTERIOR.-O Sr. Presidente inquire se algún dos Sres. Edís presentes desexa formular observacións ó borrador da acta da sesión que tivo lugar o día 18 de outubro pasado, que foi distribuído coa convocatoria da actual.

O pleno do concello, por unanimidade dos quince asistentes, sendo o número legal o de dezasete, acorda aproba-lo borrador tal como foi redactado, e que se rexistre no libro correspondente.-----

Neste momento entra na sala a concelleira D^a Angélica Blanco Fernández.-----

O Sr. Alcalde pregunta se hai algunha moción de urxencia, e o Sr. Noriega di que o grupo municipal do BNG ten unha, pero que antes quere expresarlle unha queixa ó Sr. Secretario. Di que nunha sesión anterior, cando presentou a moción sobre as parellas de feito, quedou recollido en acta que esta se incluíría na orde do día do seguinte pleno ordinario, e que eso non se fixo, polo que pide que conste en acta a súa solicitude para que se traia ó vindeiro pleno ordinario.-----

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DÍA 21 DE NOVEMBRO DE 2001.-----

SEÑORES ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Armando U. Blanco Martínez.

Concelleiros:

D. Antonio Castroagudín Valladares

D. Manuel R. Cajaraville Campos

D. Urbano Ouro Calvelo

D. Manuel Mata Iglesias

D. Juan B. Aller Suárez

D. Ramón Fernández Fernández

D. Martiño Noriega Sánchez

D^a Ánxela Bugallo Rodríguez

D. Manuel Tallón Mesías

D^a M^a Angélica Blanco Fernández

D. Miguel A. Hombre Eiras

D. F. Manuel Parajó Liñares

D. José Manuel Neira Picallo

D. Mario Fandiño Pazos

D. Manuel A. Filloy Villar

Secretario:

D. Jesús Naveira Vázquez.

Na casa do concello de Teo, a vinteún de novembro de dous mil un.

Sendo as dez horas, e baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Armando U. Blanco Martínez, reuniuse en primeira convocatoria o pleno do concello, con asistencia quince dos seus membros nos acordos 4.a), 4.c), 7.a), 8 e 9, e de dezaseis nos restantes, sendo o número legal o de dezasete, a fin de levar a cabo a sesión extraordinaria convocada para este día.-----

Escusou a súa asistencia a concelleira D^a Soedade Amieiro Rodríguez.-----

Asiste o Secretario acctal. da Corporación, D. Jesús Naveira Vázquez.---

Pola presidencia declárase sesión pública, e antes de entrar na orde do día o Sr. Alcalde dá conta do paso ó grupo mixto dos Sres. Neira Picallo, Filloy Villar e Fandiño Pazos.---

O Sr. Parajó Liñares pregunta onde se van sentar agora estes tres concelleiros, o que suscita un debate, xa que o Sr. Alcalde di que deben sentarse ó final da ala que queda á súa esquerda e o Sr. Neira propón que queden onde están; o Sr. Secretario di que os membros de cada grupo deben sentarse xuntos, a fin de facilita-los recontos de

votos, e o Sr. Neira manifesta que neste asunto se debe escoitar ós portavoces de tódolos grupos, conforme di a Lei; así o aceptan todos, saíndo da sala o Sr. Alcalde xunto cos Sres. Ouro Calvelo, Noriega Sánchez, Tallón Mesías, Parajó Liñares, Hombre Eiras, Fandiño Pazos, Filloy Villar e

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO
LUGAR O DÍA 30 DE NOVEMBRO DE 2001.-----**

SEÑORES ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Armando U. Blanco Martínez.

Concelleiros:

D. Antonio Castroagudín Valladares

D. Manuel R. Cajaraville Campos

D. Urbano Ouro Calvelo

D. Manuel Mata Iglesias

D. Juan B. Aller Suárez

D. Ramón Fernández Fernández

D. Martiño Noriega Sánchez

D^a Ánxela Bugallo Rodríguez

D^a Soedade Amieiro Rodríguez

D. Manuel Tallón Mesías

D. Miguel A. Hombre Eiras

D. F. Manuel Parajó Liñares

D. José Manuel Neira Picallo

D. Mario Fandiño Pazos

D. Manuel A. Filloy Villar

Secretario:

D. Jesús Naveira Vázquez.

Na casa do concello de Teo, a trinta de novembro de dous mil un.

Sendo as nove horas, e baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Armando U. Blanco Martínez, reuniuse en primeira convocatoria o pleno do concello, con asistencia de quince dos seus membros, sendo o número legal o de dezasete, a fin de levar a cabo a sesión extraordinaria convocada para este día.-----
Escusaron a súa asistencia os concelleiros D. José Manuel Neira Picallo e D^a Angélica Blanco Fernández. -----

Asiste o Secretario acctal. da Corporación, D. Jesús Naveira Vázquez.

Pola presidencia declárase sesión pública, pasándose a coñecemento e resolución dos asuntos incluídos na seguinte -----

ORDE DO DÍA:

1.- ACTA DA SESION ANTERIOR.- O Sr. Presidente inquire se os Sres. Edís presentes desexa formular observacións ó borrador da acta da sesión anterior, que foi distribuído coa convocatoria da actual.

O Sr. Filloy Villar manifesta que no punto oitavo, apartado 5, durante a intervención do Sr. Neira, onde di "... pero que a CPTOPV llo fai cambiar porque non se poden admitir máis de 172.000 m²", debe dicir "... pero que a CPTOPV llo fai cambiar porque non se poden admitir máis de 127.000 m²".

O Sr. Noriega manifesta que no punto segundo, e dentro da súa primeira intervención, onde di "... Segue dicindo que dez millóns en dous anos, lle parece moito para se-lo incremento do IPC...", debe dicir "...segue dicindo que o 10% en dous anos, lle parece moito para se-lo incremento do IPC...". Di que no punto terceiro, e dentro da súa intervención, onde di "...O Sr. Noriega manifesta que fai un tempo presentou unha moción sobre o transporte...", debería dicir "O Sr. Noriega manifesta que fai un tempo se aprobou unha moción sobre o transporte, onde se impulsaba a creación dunha comisión de transporte...". Manifesta que no punto quinto, que se refire ós prezos da gardería municipal, non se transcribiu a moción presentada polo grupo de goberno, e que resultou aprobada. Esta moción, copiada literalmente, di o que segue:" O grupo de goberno do concello de Teo presenta MOCION sobre modificación de taxas do servizo de gardería infantil, coa seguinte proposta:

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DÍA 28 DE DECEMBRO DE 2001.-----

SEÑORES ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Armando U. Blanco Martínez.

Concelleiros:

D. Antonio Castroagudín Valladares

D. Manuel R. Cajaraville Campos

D. Manuel Mata Iglesias

D. Juan B. Aller Suárez

D. Ramón Fernández Fernández

D. Martiño Noriega Sánchez

D^a Ánxela Bugallo Rodríguez

D^a Soedade Amieiro Rodríguez

D. Manuel Tallón Mesías

D^a M^a Angélica Blanco Fernández

D. Miguel A. Hombre Eiras

D. F. Manuel Parajó Liñares

D. José Manuel Neira Picallo

D. Mario Fandiño Pazos

D. Manuel A. Filloy Villar

Secretario:

D. Jesús Naveira Vázquez.

Na casa do concello de Teo, a vinteito de decembro de dous mil un.

Sendo as dez horas, e baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Armando U. Blanco Martínez, reuniuse en primeira convocatoria o pleno do concello, con asistencia de dezaseis dos seus membros ata o punto terceiro e quince a partir do punto cuarto, sendo o número legal o de dezasete, a fin de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.--

Escusou a súa asistencia o concelleiro D. Urbano Ouro Calvelo.-----

Asiste o Secretario acctal. da Corporación, D. Jesús Naveira Vázquez.-----

Pola presidencia declárase sesión pública, e antes de entrar na orde do día o Sr. Alcalde dá conta de tres escritos. O primeiro escrito, presentado polo concelleiro D. Miguel Hombre, con data 28-11-01 e número 2463, copiado literalmente, di o que segue:” Miguel Hombre Eiras, portavoz do Grupo Mixto do Concello de Teo, artigo 41-1-b do Regulamento Orgánico, pola

presente a vostede e demais corporación EXPÓN = Que en cumprimento do disposto no citado Regulamento Orgánico vixente, artigo 14.5, pola presente ten a ben comunicarlle a proposta de composición das comisións informativas a partir desta data.---

COMISION	TITULARES	SUPLENTES
URBANISMO E OBRAS	F. Manuel Parajó Liñares Mario Fandiño Pazos	Miguel A. Hombre Eiras José M. Neira Picallo
SERVICIOS	Miguel A. Hombre Eiras Manuel Filloy Villar	F. Manuel Parajó Liñares Mario Fandiño Pazos
XUVENTUDE E DEPORTES	Miguel A. Hombre Eiras José M. Neira Picallo	F. Manuel Parajó Liñares Manuel Filloy Villar
ASUNTOS SOCIAIS	Miguel A. Hombre Eiras Mario Fandiño Pazos	Manuel Filloy Villar José M. Neira Picallo
AGRICULTURA	José M. Neira Picallo Manuel Filloy Villar	Miguel A. Hombre Eiras Mario Fandiño Pazos
REXIME INTERNO E PERSOAL	F. Manuel Parajó Liñares José Manuel Neira Picallo	Miguel A. Hombre Eiras Manuel Filloy Villar
FACENDA	Miguel Hombre Eiras Mario Fandiño Pazos	F. Manuel Parajó Liñares José M. Neira Picallo
ESPECIAL DE CONTAS	F. Manuel Parajó Liñares Manuel Filloy Villar	Miguel A. Hombre Eiras Mario Fandiño Pazos